Todas as vicisitudes que sufriron os comezos, o proxecto e a execución da liña férrea Betanzos-Ferrol están ben estudadas e documentadas⁵. Pero para pór en situación os lectores farase un breve resumo recollendo os datos máis senlleiros dos escritos indicados a pé de páxina, con algunhas achegas propias, para posteriormente tratar máis polo miúdo a ponte de ferro de Pontedeume. Se ben as cinco pontes da traza (Betanzos, Lambre, Bañobre, Pontedeume e Neda) correron parellas administrativamente, iranse mencionando unicamente as notas referidas expresamente á de Pontedeume, póndoas en contexto coa situación das outras cando sexa necesario por algunha razón.

Máis adiante detallaranse por separado a execución e os procesos construtivos de cada unha das estruturas da ponte: estribos, piares, treitos metálicos, etc. En cada unha delas inclúense as medicións, prezos e orzamentos parciais e totais, co fin de que o lector poida comparar cuantitativamente o valor de cada unha delas en relación ás outras e poda valorar como as incidencias que se tiveron que salvar contribuíron a aumentar o orzamento e en que medida.



Figura 3: Fotografía de comezos do século XX co ferrocarril sobre a ponte de ferro

ACHEGA HISTÓRICA DA LIÑA FERROVIARIA

En 1864, D. Juan Flórez propón un trazado para desenvolver unha liña férrea entre Betanzos e Ferrol en virtude da autorización que se concedeu pola Real orde de 5 de xullo de 1864 e trasládalo ao Goberno para a súa aprobación en 1865. Unha serie de circunstancias que provocaron graves retrasos, entre as que se atopaban algunhas propostas do Ministerio da Guerra no tocante á entrada do ferrocarril en Ferrol, fan que non sexa até o 16 de marzo de 1869 cando o Goberno aproba o proxecto da liña. Pese a que a Lei do 2 de xullo de 1870 autoriza a licitación da liña (“...Art.11: (...) De Ferrol ao punto máis

5. ARIAS MARTÍNEZ, A. *op. cit.* pp. 85 a 100; BAAMONDE ROCA, A.; CRUZ NAVAJAS, M.: *Puente de ferrocarril sobre la ría de Betanzos (A Coruña)*, “Arte y Estética en la Ingeniería”, 1999; DEL RÍO REY, Manuel S.: *El ferrocarril Betanzos-Ferrol: Historia*, “Revista de Neda”, Nº 12, 2010, pp. 88 a 108.

inmediato da liña integral, cando se teña rematado a da Coruña a Lugo)⁶, non será até 7 anos despois cando se porá en marcha a primeira das poxas da concesión da mesma, que incluía tanto a construción como a explotación da liña. A poxa faríase o día 18 de xuño de 1877⁷. Neste número da *Gaceta de Madrid* indicase: a lonxitude do trazado (50 quilómetros, 908 metros e 47 centímetros), o prego de condicións particulares que han regular a concesión, as tarifas e o material que se podería importar do estranxeiro. O Estado subvencionaría a construción con 60.000 pesetas por quilómetro, o que supuña un total de 3.054.508 pesetas.

O prego de condicións particulares presenta 31 puntos. Os máis relevantes poderían ser os seguintes: en tres anos deberán de ter concluída a construción, na metade do prazo de execución deberan de haber obras executadas por valor da metade do orzamento, a explanación será para unha única vía, indicación do material móbil mínimo que deba ter toda a liña (6 locomotoras para viaxeiros e outras tantas para mercadorías, 72 vagóns para diferentes clases, etc), establecemento e conservación dun telégrafo para servizo público á parte do propio da liña, gratuidade do servizo de correos en cada viaxe, a concesión sería por 99 anos, etc. Tamén se indica que a estación de Ferrol deberá de ter en conta un empalme para unir a liña co Arsenal e co Estaleiro. Existen unha serie de elementos que se enumeran que poderían ser importados sen o pago de aranceis, en virtude da Lei xeral de ferrocarrís.

Tendo en conta os puntos do prego e as condicionantes do trazado (onde se incluían cinco pontes e catro túneles), non houbo ningunha empresa que se presentara á almoeda, así que en 1880 o Goberno muda de poxa a concurso ou outorgamento directo da adxudicación⁸. Existen algúns trocos nas condicións anteriores, pero tampouco tiveron éxito entre os empresarios que, de novo, non se presentaron á oferta.



Figura 4: Detalle dun plano de 1880 onde se pode observar con trazo puntuado a liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol⁹

6. Gaceta de Madrid. Nº 88. 7 de xullo de 1870.

7. Gaceta de Madrid. Nº 78. 19 de marzo de 1877.

8. Gaceta de Madrid. Nº 143. 22 de maio de 1880.

9. VALVERDE ÁLVAREZ, E.; "Atlas geográfico descriptivo de la Península Ibérica, Islas Baleares, Canarias y Posesiones españolas de Ultramar. Provincia de La Coruña", 1880.

Tres anos despois, coa Lei especial do 27 de xullo de 1883, o Estado dispónse a financiar certas unidades como a expropiación, a explanación e as obras de fábrica, tal e como queda reflectido no artigo 7 da devandita lei¹⁰. Saliéntase que nesta lei se indicaba que o Goberno procedería a facer os estudos pertinentes para un ferrocarril que partindo de Ferrol pasase por Santa Marta, Viveiro, Ribadeo e rematase en Oviedo. Novamente, o proxecto non parece atractivo polo que o Consello de Ministros do 26 de xuño 1886 decide outorgar a concesión mediante concurso. Así e todo, logo de varios concursos, incluíndo máis variacións nalgúns dos puntos citados anteriormente, quedan desertos outra vez. En novembro de 1895 publícase un decreto que amosa as primeiras operacións que levará a cabo o Goberno no tocante ao ferrocarril e que consistirían nas verificacións das ex-propiacións e a execución da explanación e das obras de fábrica¹¹.



No ano 1889, créase unha Comisión Mixta con representantes do Ministerio de Fomento e do Ministerio da Guerra, que se encarga do estudo das modificacións que parece axeitado introducir no trazado proposto por D. Juan Flórez en 1864. Principalmente trátase de modificacións en cabeza e cola da liña, concretamente da entrada da liña en Betanzos e en Ferrol. O estudo baseábase no feito por D. Juan Flórez en 1864 e as modificacións propostas en 1883 polo señor coronel comandante de enxeñeiros D. Francisco Roldán (ver liña raiada no plano ao carón). A proposta deste na cabeceira da liña foi moi criticada, pois co ánimo de “... *satisfacer mellor as condicións defensivas da posición, para mellorar o tráfico e para facer máis económica a construción*”, propoñía un enlace dende Cecebre a Miño por Ouces e Porco, illando e deixando Betanzos sen comu-

10. Gaceta de Madrid. N° 212. 31 de xullo de 1883.

11. Gaceta de Madrid. N° 334. 30 de novembro de 1895.

nicación por vía férrea¹². Esta solución non foi aceptada posibelmente polos máis que probábeis impedimentos que poría Betanzos e a zona sur de As Mariñas, e porque vista a localización do paso sobre a ría, non se acharían os aforros económicos tan obvios, por mor das esixencias do trazado en horizontal (polos radios de curvatura mínimos) e en vertical (pendentes máximas) que impón unha liña ferroviaria.

Finalmente, con data 26 de xuño de 1896¹³, 19 anos despois do primeiro intento e cun orzamento de 4.922.674,72 pesetas, preséntase a derradeira poxa. Nesta redúcese a lonxitude anteriormente indicada un 15%, a 43 quilómetros, 47 metros e 42 centímetros. As operacións a executar serían as obras de explanación e as obras de fábrica (túneles e pontes). O prazo de execución mantense en 3 anos e o resumo orzamentario (en pesetas) da obra sinalaba o seguinte:

Explanacións	1.757.398,74
Muros e obras de fábrica	829.276,58
Pontes	952.509,57
Túnel	348.500,00
Obras accesorias	392.901,84
TOTAL	4.280.586,73

Táboa 1: Resumo orzamentario da obra en 1896

A este total sumaríase un 15% de imprevistos e outros conceptos, dando como resultado os case 5 millóns de pesetas do orzamento. No citado documento indícase, de xeito expreso, a clase, procedencia e distancia media dos materiais a empregar. Deste xeito, o granito destinado a obras de fábrica debora de ser dos montes da Graña, a cachotaría e as lousas de diferentes concellos de arredor da obra, o seixo para o firme de Fene, Limodre, Neda..., o recebo e a area granítica sería de preto da liña, as madeiras de piñeiro e castiñeiro das fragas próximas. O ferro e o aceiro debora ser das fábricas que se atopan a unha distancia media duns 6 quilómetros.

O adxudicatario foi José Lorca Torrijos, que se presentaba co seu sogro Francisco Tortosa e o seu irmán Pedro que estimou a obra en 15.343.359 pesetas. Outras 18 empresas poxaran con prezos superiores.

A liña divídese en dous treitos, o primeiro entre Betanzos e Pontedeume e o seguinte dende Pontedeume a Ferrol. A primeira sección ten de director de obra ao en-

12. 2ª Acta da Comisión mixta de estudio de las modificaciones que parece conveniente introducir en el trazado propuesto por Don Juan Flórez en 1864, para desarrollar la vía férrea del Ferrol a Betanzos (1889). AXA.

13. Gaceta de Madrid. Nº 179. 27 de xuño de 1896.

xeneiro D. Alfredo Álvarez Cascos, que tería de axudante a D. Eduardo Valdés e sobrestante a D. Jesús Blanco. D. Fernando Martínez Azúa, D. Francisco Rosas e D. Jesús Rodríguez ocuparíanse da seguinte sección¹⁴.

Logo destas vicisitudes comezan as obras da liña férrea. Así e todo, os problemas non remataran, pois por mor de que o contratista solicitaba un aumento no prezo dos materiais das pontes debido á alza do dito material no mercado (instancia presentada o 6 de novembro de 1900), a execución destas estruturas estivo paralizada. A causa disto, e para evitar futuras reclamacións polo mesmo motivo, o 23 de marzo de 1901 acórdase que se segreguen as pontes do contrato inicial. Deste xeito, o día 6 de nadal de 1902 a *Dirección General de Obras Públicas* anuncia unha poxa á parte ao respecto da execución das cinco pontes metálicas (tamén se incluía o desvío da ría en Betanzos) para o día 31 de xaneiro de 1903. No anuncio indícase que o adxudicatario debiera de comezar cos traballos logo de cento vinte días de lle ser comunicada a súa obtención e telos listos para a operación de probas no termo de dous anos, dende o comezo das obras¹⁵. Existía un período de garantía dun ano e o orzamento era de 2.057.108,33 pesetas, debéndose por un depósito de 102.855,42 pesetas para poder tomar parte da poxa. É rechamante observar que non ten que ver este novo orzamento co que se presentara no 1896 (952.509,57 pesetas), se ben daquela a obra era completa e había outros puntos no prego de condicións particulares.

Redáctanse os novos proxectos das pontes e son aprobados os de Betanzos, Pontedeume e Neda o 14 de maio de 1902, e o 29 de novembro os de Lambre e Bañobre.

O 22 de marzo de 1903 a *Sociedad de Material de Ferrocarriles y Construcciones de Barcelona* acada a adxudicación por 1.974.824,00 pesetas, unha rebaixa de apenas un 0,04% ao respecto do orzamentado na poxa.

Posteriormente, mediante a Lei de 7 de agosto de 1904, o Goberno sanciona que no intre de recibir as obras de explanación e fábricas da liña, procederase a convocar unha poxa para a concesión da liña, mantendo as condicións da Lei do 27 de xullo de 1883. Así e todo, dous anos despois, a Real orde do 20 de febreiro de 1906 volve a mencionar a autorización ao Goberno para que adxudique mediante poxa pública a concesión no mes de maio¹⁶. Como a poxa queda deserta, vólvese convocar outra almoeda en novembro do mesmo ano¹⁷. Novamente non se presenta ninguén. Vista a situación, publícase a autorización do Consello de Ministros ao Ministro de Fomento para que presente un proxecto

14. Revista Ilustrada de Banca, Ferrocarriles, Industria y Seguros. 10 de outubro de 1896.

15. Gaceta de los Caminos de Hierro. 1 de xaneiro de 1903. N° 2432.

16. Gaceta de Madrid. N° 57. 26 de febreiro de 1906.

17. Gaceta de Madrid. N° 219. 7 de agosto de 1906.

de lei para o remate do ferrocarril. O dito proxecto de lei autorizaba ao Goberno para executar as operacións necesarias para concluír as obras con fondos do Estado¹⁸.

Unha vez rematados os traballos efectuados por José Lorca, nos seguintes anos (dende 1907 até 1912), procédense a facer varias poxas para diferentes materiais: para-fusos, travesas, tirafondos, balastros, desvíos, edificios, etc. Aínda en xullo de 1910 atopábanse sen redactar os proxectos de manobra de cambios, pasos a nivel, telégrafos, augadas e outros detalles, por mor de que non había un enxeñeiro encargado en exclusiva para o efecto¹⁹.

Todas estas eventualidades foron moi criticadas na prensa da época, culpabilizando da demora a un exceso nos trámites administrativos e mesmo á pouca implicación dos cidadáns das bisbarras, potencialmente beneficiadas polo establecemento da liña ferroviaria²⁰. Todo isto parece mudar cando as institucións, cidadáns e agrupacións dos concellos afectados se unen para facer forza e demandar a apertura do servizo ao público no ano 1913, co gallo da botadura do acoirazado *Afonso XIII*. Cómpre salientar que un ano antes, o 3 de febreiro de 1912, a liña xa fora empregada por primeira vez. Os reis Afonso XIII e Vitoria Uxía, con outras autoridades, utilizárona para asistir á botadura do acoirazado *España* en Ferrol, e dende aquela a liña era usada por autoridades e militares, pero non polo público, o que tampouco axudou a que se entendese por que a liña se atopaba sen servizo.

Finalmente procédese a facer a poxa para a adxudicación da concesión do servizo. Esta tería lugar o 26 de abril de 1913, con intención de que se abrixa a tempo para a anteriormente comentada botadura. Tendo en conta que a publicación faise o 3 de abril, con 23 días de antelación e que contiña unha serie de requisitos a cumprir no seu prego de condicións particulares, as empresas non se presentaron (agás unha, pero a súa oferta foi desbotada por non ser axeitada), posibelemente por falta de tempo²¹. Así e todo, o 5 de maio de 1913, 44 anos despois de ter aprobado o proxecto da liña, a infanta Sabela de Borbón inaugúraa. Esta contaba con algunhas eivas de importancia, como a falta de telégrafo (lémbrese que no prego de condicións particulares do ano 1877 estipulaba nun dos puntos que a execución debería incluír unha liña telegráfica propia e outra pública), de campás e reloxos, de básculas, etc²². A súa explotación correría a cargo da *Compañía del*

18. Gaceta de Madrid. N° 317. 13 de novembro de 1907.

19. Gaceta de los Caminos de Hierro. 8 de novembro de 1910. N° 2809.

20. Gaceta de los Caminos de Hierro. 24 de nadal de 1915. N° 3055.

21. Gaceta de los Caminos de Hierro. 8 de abril de 1913. N° 2925.

22. Revista de Obras Públicas, Tomo I, N° 2122, 1964.

Norte, xa que o Goberno, agardando que a concesión xa quedase deserta, asinara un convenio con ela o 29 de abril de 1913. O primeiro ferrocarril que transitou daquela constaba de dúas locomotoras e deza-oito vagóns e pasou por Pontedeume ás 6:35 da mañá²³.

Medio século despois das primeiras xestións de D. Juan Flórez, o ferrocarril entre Betanzos e Ferrol estaba en marcha.



Figura 5: Paso do ferrocarril por Pontedeume a comezos do século XX

A PONTE DE FERRO NO PROXECTO DA LIÑA

A localización actual da ponte de Pontedeume apenas mudou dende a presentación dos estudos iniciais da liña. O Areal de Cabanas era unha zona moi apetecibel para poder crear un terraplén e empregar unha única estrutura para salvar a canle natural do Eume na zona de Sopazos. Así pois, a posición e a orientación eran claras, non así a solución. Veranse a continuación as poucas emendas que se tiveron en conta.

Na *Revista de Obras Públicas* do ano no que se adxudica a liña, 1896, existe unha listaxe minuciosa das unidades de obra. Nesa listaxe existe un capítulo de Pontes onde se describe o seguinte:

*“Unha de 50 metros de luz para o río Mandeo, en 77.361,31 pesetas.- Unha de 25 metros de luz para o río Lambre, en 127.616,95.- Un grupo de tramos sobre a ría de Bañobre, en 172.443,38.- Unha ponte de 160 metros de luz sobre a ría de Eume, en 280.185,71.- Unha ponte e grupo de tramos sobre a ría de Ferrol, en 294.902,22 pesetas”*²⁴.

O orzamento adicado ás cinco pontes era dun 19,35% sobre o total do proxecto (952.509,57 pesetas dun total de 4.922.674,72 pesetas), desenvolvido do seguinte xeito:

23. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, 4ª Edición, p. 325, 1995.

24. *Revista de Obras Públicas*, Nº 2, 1896.

Ponte	Lonxitude	Orzamento
Río Mandeo	50 m	77.361,31
Río Lambre	25 m	127.616,95
Río Bañobre	-	172.443,38
Río Eume	160 m	280.185,71
Ría de Ferrol	-	294.902,22

Táboa 2: Listaxe e orzamentos previstos para as pontes da liña

Anteriormente non se detectou ningunha mención expresa da lonxitude da ponte sobre o Eume como neste prego de 1896, e unicamente citábase como *paso sobre o río Eume*.

O Decreto do 29 de novembro de 1895 (ver *Achega Histórica da Liña Ferroviaria*), que implicaba o inicio dos traballos previos para a implantación da liña, dá lugar a un documento denominado *Replanteo del ferrocarril de Betanzos a Ferrol*, asinado o 1 de xuño de 1896. Os enxeñeiros encargados do replaneamento do proxecto, D. Carlos Angulo e D. Fernando Martínez Azúa, presentan os resultados do mesmo, describindo moi polo miúdo as características do terreo e as solucións propostas para mellorar o trazado ou no tocante ás obras de fábrica, así como as súas impresións baseadas e fundamentadas para optar por unha ou outra opción. A acta do 18 xuño de 1896 da *Junta Consultiva de Caminos, Canales y Puertos* acorda na súa sexta e derradeira conclusión que “...se manifeste aos Enxeñeiros D. Carlos Angulo e D. Fernando Martínez Azúa, o agrado co que se ten visto a proba de celo e intelixencia de que deron mostra co seu completo e detallado estudo”²⁵. No tocante á ponte sobre o Eume comentan o seguinte (inclúese o texto dos parágrafos completos transcrito para poder comprender o contexto e os baseamentos no que se desenvolven as solucións formuladas):

“Ao examinar o proxecto chamou a nosa atención o xeito como se salvará este accidente (o Paso do río Eume), polo gran volume de terraplén que se proxecta para o cal non poden ser suficientes os produtos dos desmontes inmediatos, e porque tratándose de cortar unha liña de auga duns 1.500 metros de lonxitude, proponse unha ponte de 110 metros divididas en tres treitos seguido de muros de sostemento en todo o recto do leito. Consideramos moi perigoso alterar tan profundamente o libre xogo da marea e ao propio tempo custosísima a construción de tan extensa liña de muros, e ao chegar á localidade e recoñecer detidamente que a solución

25. Estudios y Contrata de las obras de explanación y fábrica del ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Dirección General de Obras Públicas. Negociado de Ferrocarriles. Ministerio de Fomento. 1864-1900. AXA.

adoptada é inadmisibel por todos conceptos, ben porque dende logo se estudiou con pouco tino, ben porque dende a data no que se aprobou o proxecto variaron por completo as condicións da ría”.

Neste caso estanse referindo a todo o treito dende Sopazos á zona baixa de San Martiño de Porto. Como se pode ver nos seguintes planos²⁶ o Areal de Cabanas abrangúa unha extensión realmente importante. O plano da dereita é sumamente exacto en canto aos límites da costa, como se pode comprobar superpondo unha fotografía aérea da zona. Obsérvase como en 1750 márcase unha especie de península no Areal que se correspondería co eixe da liña, que son os aproximadamente 1500 m que se mencionan no parágrafo anterior. Non obstante, non todo se correspondía cun areal ermo, pois en fotografías de comezos do século XX, xa coa ponte rematada, pódese observar a existencia de vexetación baixa, e mesmo na figura 6 da esquerda vese que o autor do plano toma o Areal como terra firme e non como zona asolagábel (en cor verde escura).




Figura 6: Planos da localización da ponte no século XVIII. 1750 e 1789

O proxecto que comentan situaba unha ponte de tres vans de 110 metros de lonxitude e posteriormente un terraplén dende a zona do Areal das Bacas^{27,28,29} até A Madalena. O terraplén tería que estar protexido dos embates do mar mediante uns muros laterais que acompañarían á liña até San Martiño de Porto.

26. Plano da esquerda: Detalle do *Plano de las tres rías del Ferrol, Betanzos y de la Coruña situadas en la Costa del Norte de España en el Reino de Galicia*, 1750. BNE. Plano da dereita: Detalle do *Plano de las Rías de Puente de Eume y Betanzos*, 1788. BNE.

27. SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la Villa de Puente de Heume*. Año de 1798, 1984.

28. Antigamente o Areal empregábase para soterrar gando morto, polo que o nome puidera ser Areal das Vacas, mais no dicionario da RAG na entrada 3 de “vaca” descríbese como un barco de pesca de arrastre.

29. Tamén na enseada de Ares atópase un topónimo costeiro con este nome. Ver: PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BLANCO, A.: *A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros terzos do século XX*, “Cátedra” N°11, pp. 12, 2004.

“Como de todos os xeitos haberá de construírse neste sitio unha obra de moita importancia, cremos que conviña unir aos documentos deste replanteamento un plano detallado e acotado para que dende logo puidera apreciarse este paso, e aínda cando non nos sobrava o tempo para dar por concluída a nosa comisión polo prazo de que dispoñíamos levántase co taquímetro o referido plano, de xeito que todas as curvas de nivel até a altura de 60 metros sobre o nivel do mar, que no mesmo figuran son exacta representación do terreo”.

Para poder alicerzar a súa proposta, introducen unha detallada descrición da ponte de pedra co fin de soste os seus argumentos perante a Superioridade á quen ía dirixido o escrito. Comezan describindo a antiga ponte e continúan coas últimas actuacións sobre ela.

“A ponte da estrada, construída polo conde de Andrade cando era señor daquelas pobras, tiña alixeirados todos os muros de sostemento, constituíndo unha serie de arcadas de 800 metros de lonxitude que perturbaba moi pouco o primitivo réxime da ría e resistiron perfectamente até hai algúns anos.

A acción do tempo foi descompoñendo aquelas fábricas nas súas macizas, sen que se notara o menor dos síntomas de alteración na resistencia das súas fundacións, fixo preciso acudir á reparación das bóvedas e cun mal entendido propósito de economía macizáronse os arcos da súa marxe dereita, deixando reducido o desaugue da obra a once claros que en conxunto tiñan 120 metros de luz, combinando o descenso da marea coas cheas dos ríos que desaugan na parte superior desta obra, producíronse socavamentos nos piares dos arcos, producíndose a súa ruína, a pesar da súa recente construción; acudiuse entón a reconstruílos e aumentar outros catro ocos, sendo polo tanto a luz actual de 160 metros e non obstante xa se tería arruinada a obra se non se defenderan as súas fundacións con coeira, que non obstante chama a atención como se conserva, a vixilancia que se exerce para que os pescadores non se acheguen a elas e podan desenvolverse os moluscos que tanto contribúen ao recheo de ocos e fortificación desta clase de obras, non chegou a consolidarse e haberá de pasar moito tempo antes de que isto se consiga porque en cada marea se produce unha verdadeira fervenza que socava o fondo. Non presenciamos durante os días que estivemos en Pontedeume a crecida dos ríos combinada co descenso da marea, porque as correntes fluviais traían entón pouca auga; pero os naturais do país aseguráronnos que cando isto acontece, as augas reúnense no ángulo que forma a ponte coa marxe dereita, producíndose unha violenta corrente paralela ao muro de augas arriba, que corta o libre curso da que flúe

pola canle da esquerda e en consecuencia elévase o nivel das augas até preto do das claves dos arcos e prodúcese unha importante fervenza no paso destas que compromete a estabilidade da obra. Consecuencia deste estreitamento do desaugue, foi o que quede inutilizado para a navegación toda a parte alta da ría, pois dificilmente pode pasar unha lancha por baixo da ponte, durante a baixamar porque a coeira queda ao descuberto e non hai calado bastante; no fluxo e refluxo porque a corrente é tan violenta que non hai xeito de vencela e durante a chea porque non se dispón de suficiente espazo debaixo dos arcos da ponte; así é que unicamente con mar chea salvan este obstáculo algúns botes conducidos a remo, e o tráfico marítimo veu concentrarse nas ramplas e peiraos que ten Pontedeume augas abaixo da ponte en condicións bastante favorábeis, pois a eles pódense atracar as embarcacións menores calquera que sexa o estado das mareas”.

A descrición da ponte de pedra concorda co coñecido da época, tanto na lonxitude como no desenvolvemento das correntes co gallo do cegamento dos arcos da beira dereita³⁰. Como curiosidade no tocante a isto: un dos autores dun dos proxectos de reparación da ponte de pedra, cunha proposta de treito metálico sobre o río³¹, era D. Alfredo Álvarez Cascos, o mesmo enxeñeiro encargado da sección primeira da liña.

“Como o plano de referencia á vista compréndese que non podíamos intentar o cruce da ría, auga arriba da ponte da estrada, pois para isto teríamos que ter derruído gran parte do pobo e realizar custosas obras de terra para salvar as dúas barrancadas que presenta a aba, motivándose así un aumento considerábel no orzamento, tanto no capítulo de expropiacións como no de explanación e obras de fábrica; e en definitiva viríamos a caer na extensión marisma que o plano indica; onde se producen as remansas motivadas pola ponte da estrada, e polo tanto, onde só son máis terribes as perturbacións no réxime da ría, especialmente se ocorre algún accidente nesta obra.

Así, pois, mantivémonos como o fai o proxecto na zona de augas abaixo, e aproveitando o estreitamento da canle que se indica no plano, salvamos esta corrente sen cortar sensibelmente a súa anchura, de xeito que a nosa obra non influirá no réxime que agora teñen as correntes de marea. Para tal obxecto, cremos que non convén establecer piares intermedios na canle, os cales seguramente serían socavados, ademais de que a súa cimen-

30. CORREA ARIAS, F. J.: *A ponte do Ume II*, “Cátedra. Revista de Estudos Eumeses”, N° 7, 2000.

31. *Ibid.*

tación habería de resultar moi difícil e custosa porque a capa de auga ten catro metros de sonda e o fondo é de area lavada e polo tanto moi permeábel; o macizo do piar ten tamén algunha importancia porque forzosamente terá que ser alto para permitir o paso das embarcacións que van aos peiraos de Pontedeume e sobre todo, dado as correntes que se producen na canle, calquera obstáculo que nel se coloque imposibilita que as embarcacións poidan vencela, dando bordadas co empilo da vela; cremos que os intereses da mariña en Pontedeume onde conta con peiraos dalgunha importancia non poden posporse á idea de economía no custo desta obra, as cales no noso sentir son moi dubidosas pola dificultades de fundación que haberán de atoparse ao facer piares intermedios e por isto propomos o emprego dun treito metálico de 100 metros de luz, que salve toda a canle a altura suficiente para o paso das embarcacións que frecuentan aquela ría, e a continuación del onde queda en seco o terreo durante a baixamar os treitos necesarios para conservar o desaugue, sen que se altere o réxime das correntes”³².

Polo tanto tense a segunda versión sobre a ponte sobre o Eume. A primeira era unha ponte de 3 vans cunha lonxitude total de 110 metros, como se viu no proxecto de 1896. No replanteamento, baseándose na experiencia que se ten na ponte de pedra no tocante á violencia das augas na zona, os enxeñeiros prefiren optar por unha ponte dun só van de 100 metros. Se ben naquel intre unha obra destas características non era unha tarefa imposíbel, non semellaba a mellor solución *a priori*. Como se verá a continuación, se se coñecesen daquela os problemas que terían nos piares, se cadra esta opción sería a máis axeitada, ou polo menos a menos penosa en termos de execución, pois no tocante ao económico podería ser parello ou máis caro. En todo caso, a obra non sería tan rechamante esteticamente como o é na actualidade, pois con seguridade optaríase por un perfil recto da mesma en celosía e sección transversal en caixón (do estilo da ponte internacional de Tui, por exemplo) no canto do perfil parabólico.

Na terceira parte da Memoria Descritiva vólvese facer mención á ponte:

“Para o paso da ría do Eume é preciso respectar a navegación até as ramplas e embarcadoiros situados xunto á ponte da estrada augas arriba do que proxectamos; é tamén necesario non pór obstáculos na canle para evitar que con elas choquen as embarcacións que se atopan en difíciles circunstancias para poder salvar a violenta corrente que hai nela; e tamén convén evitar en tal sitio a colocación de piares que doadamente serían

32. Memoria descriptiva. Replanteo del ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Obras Públicas. División de Ferrocarriles del Noroeste. pp. 58-66, 1896. AXA.

socavados, dada a natureza do fondo (areas soltas) e que pola velocidade das augas e gran sonda que hai naquela parte, resultarían de difícil cimentación. Por todos estes motivos colocamos sobre a canle un treito de 100 metros de luz, situando o estribo esquerdo sobre a escarpa que presenta aquela aba, co cal resulta insignificante a fábrica que ha de executarse nela e o piar seguinte queda colocado no areal que se descobre en todas as mareas, onde polo escaso espesor da lámina de auga, non forma esta case velocidade e polo tanto, non é probábel que acontezan socavamentos. Non cremos que este treito sexa bastante para garantir por completo o libre xogo da marea, abonda examinar o plano de detalle relativo a esta ría para comprender que o punto no que a atravesamos presenta un estreitamento pola sección que exerceu a ponte da estrada e que estreitalo máis aínda é aumentar os inconvenientes do executado antes; así é que a continuación do noso treito proxectamos un grupo de seis treitos de 10 metros de luz; pero como son pouco probábeis as socavamentos nesta parte e ademais a area preséntase limpa, sen mesturas de lama ningunha, e polo tanto proporcionando excelente terreo de fundación, empregaremos apoios de fábrica no canto das palizadas que se propoñen para o Bañobre”.

Á vista deste parágrafo, pódese ver que os enxeñeiros propuñan un único treito de 100 metros sobre a zona da canle de desaugue da ría e posteriormente unha serie de 6 de 10 metros cada un na zona do areal de Cabanas sostido por piares de fábrica. Incluso chegan a propor que entre o tramo de 100 metros e o seguinte se sitúe un piar, debido a que teñen dúbidas sobre o “libre xogo de marea”. Isto tamén contrasta co que se comentou relativo á figura 6. Así e todo, esta opción sería rapidamente desbotada, e mesmo non tida en conta, pois un ano despois, á vista de varias actas da *Junta Consultiva de Caminos, Canales y Puertos* con datas 12 de abril de 1897 e 19 de abril de 1898 xa se fala dun gran terraplén na primeira delas e unha cubicación de 40.000 metros cúbicos no Areal de Cabanas na segunda³³. Pero esta solución non é a que existe na actualidade, senón que aquel trazado era moito máis pechado e moito máis axustado ao perfil costeiro do areal.

“Os estribos resultan de escasa importancia, o da marxe esquerda ciméntase sobre rocha e o da dereita en area incompresibel, empregando nel como nos demais apoios un recinto de estacados e un pano de formigón no seu interior.

Cremos inútil insistir máis ao respecto da conveniencia de salvar a canle cun só treito, temos dito as razóns que para iso temos e fixado a anchura desta en 100 metros; se un maior estudo permite reducila ou dividila en

33. Estudios y Contrata de las obras de explanación y fábrica del ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Dirección General de Obras Públicas. Negociado de Ferrocarriles. Ministerio de Fomento. 1864-1900. AXA.

*varios treitos ou aconsella variar o número das que se propón na marxe dereita para respectar o desaigue da marea, seguramente o proporá con tempo oportuno o enxeñeiro encargado da construción; cremos que en xeito algún debe alterarse o réxime das correntes na canle que tratamos de salvar e que non convén por dentro dela absolutamente ningún apoio, tanto polo risco que correría de ser socavado como polo que estorbaría á navegación, por isto propomos a obra no xeito que se indica nos planos, pero aínda cando no seu día se modificase, seguramente as variacións non influirán de xeito sensíbel no orzamento, nin motivarían a execución de obras non previstas neste proxecto, de xeito que nin baixo o punto de vista do custo da obra, nin o das súas condicións e xeito de realizala, pode haber inconveniente no que sexa aceptada pola Superioridade, pois se se acorda dividila en varios treitos, o valor das fundacións e apoios compensará a economía no metal dos entramados e o aumento ou diminución dalgúns treitos curtos na marxe dereita non afecta sensíbelmente ao orzamento*³⁴.

Os prezos auxiliares existentes na Memoria descritiva para a ponte de Pontedeume son os que se indican a continuación, separado en escavación e elementos estruturais como diferentes tipos de cachotaría e perpiaño, materiais metálicos, madeira e elementos de sustentamento e acceso aos lugares de execución (estas últimas estruturas pódense ver claramente nas fotografías 11 e 17 e unha completa na figura 29).

	Unidades	Prezo	Total
Excavación	587,70	0,90	528,93
Cachotaría hidráulica	213,70	7,50	1.602,75
Cachotaría ordinaria	985,00	11,00	10.835,00
Cachotaría careada	339,90	14,50	4.928,55
Formigón hidráulico	377,40	24,00	9.057,60
Perpiaño recto	167,70	86,00	14.422,20
Perpiaño apatronado	8,40	97,00	814,80
Fundición	60,00	350,00	21,00
Ferro forxado	19.681,12	500,00	9.840,56
Aceiro	333.370,66	560,00	186.687,57
Chumbo	50,00	1.250,00	52,50
Madeira	187,26	87,50	16.385,25
Cimbra e estada	1,00	25.000,00	25.000,00
		TOTAL	280.185,71

Táboa 3: Prezos auxiliares para a ponte de Pontedeume no proxecto de 1896

34. Memoria descritiva. Replanteo del ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Obras Públicas. División de Ferrocarriles del Noroeste. pp. 203-208, 1896. AXA.

No cadro do documento de descrición das obras do 26 de xuño de 1896 existen algúns erros de redondeo e nalgúns unidades, que se manteñen neste escrito (por exemplo o orzamento total de chumbo non se corresponde cos datos, ademais nos casos da fundición, ferro e aceiro preséntanse prezos por tonelada e as unidades atópanse en quilogramos).

Como curiosidade e á parte do cerne deste escrito, cómpre destacar que na devandita Memoria descritiva existe a copia escrita dun documento do Concello de Pontedeume, datado en 7 de febreiro de 1896, onde se pide a modificación da localización da estación de Pontedeume, que nun primeiro intre se localizaba no concello de Cabanas. A dita petición sería lida en sesión do día 19 de abril de 1898 pola *Junta Consultiva de Caminos, Canales y Puertos*, onde se pode ver tamén como os concellos da outra beira da ría: Cabanas, Monfero, As Pontes, Ares e A Capela solicitan, con data 17 de xullo de 1897, que a estación de Pontedeume se manteña na situación orixinal, isto é, no Areal de Cabanas, pois sería máis beneficioso para eles. O Concello de Pontedeume invoca as enchentes do Eume para xustificar que se unha chea estragaba a ponte da estrada, como era corrente á vista das obras da ponte de pedra, a vila quedaría incomunicada dobremente. Finalmente a estación situaríase no Concello de Pontedeume por cuestións vencelladas a técnicas de trazado e por economía. Segundo o proxecto, as estacións deberían de estar nunha zona sen pendente e en rectas de 200 metros de lonxitude, isto era unha condición que apenas se cumpría no Areal, pois precisábase facer unha curva pronunciada na zona final cun aumento de pendente para poder moldearse á aba de San Martiño.

O tema das pendentes do trazado era vital nas actas dos expedientes atinentes aos proxectos da liña da *Junta Consultiva*. Na zona do Areal de Cabanas estudáronse varias opcións co fin de acadar San Martiño de Porto na mellor das situacións. O compromiso era ter no estribo de Cabanas unha cota non demasiado alta que implicara un terraplén cun volume de terra non asumíbel e non demasiado baixo para que presentase problemas á navegación, ou un desmonte ou trincheira na zona entre a estación e Sopazos, que como é coñecido é unha parte moi rochosa. No tocante á pendente da ponte, tamén se discute sobre o axeitado de ter a ponte de xeito horizontal, tal e como estimaba inicialmente o enxeñeiro, no canto de construíla cun desnivel axeitado. Finalmente a ponte do ferrocarril de Pontedeume construírías con ese 2% de pendente, baixando cara a Cabanas. Como se verá máis adiante, esta pendente daría algún problema detectado na liquidación da ponte que se arranxará sen maiores demoras.

O 15 de xaneiro de 1897 preséntase o replanteamento definitivo da segunda sección, dende Pontedeume até Ferrol, feito por D. Fernando Martínez Azúa. Este non afectou á ponte, pero si en pouca medida ao terraplén posterior de Cabanas. Entre outras cousas, o replanteamento de Martínez Azúa reduce a distancia entre Pontedeume e Ferrol en 86,50

metros, pero implicaría un movemento de terras maior: reducíase a parte de desmonte total da obra en 4.837,96 metros cúbicos pero aumentábanse os terrapléns en 25.318,57 metros cúbicos.

O 23 de marzo de 1901 o Goberno acorda segregar do contrato adxudicado en 1896 a totalidade das pontes³⁵. A poxa do mesmo tería lugar o 31 de xaneiro de 1903 o que produciu un retraso no inicio das obras das pontes. Mentres tanto, outras xestións estábanse tendo en conta no tocante ao treito da segunda sección.

O 26 de xullo de 1901 proponse un novo troco no trazado da liña. Os cambios son moi significativos, pois afectan a practicamente todo o treito entre Cabanas e Ferrol. No caso do proxecto anterior, a liña axeitábase á costa até Limodre, mediante unha serie de aliñacións curvas e rectas. A modificación muda esta concepción para acomodar a liña ao terreo, co fin de aproveitar a aba tan pronunciada que se forma en San Martiño de Porto, tal e como vimos anteriormente. O motivo era evitar facer unha gran explanación pola beira da praia e moi exposto aos embates do mar, e aproveitar un treito a media ladeira por San Martiño, coa conseguente economía de material. Unha das preocupacións que había era que un terraplén tan preto do mar debería de ter unha protección importante sobre todo na cara oeste, a orientada ao mar. Outro tema que non se enmarca dentro deste escrito pero que é interesante, é que cambia o lugar de bifurcación da liña dende Barracido (Caamouco, Ares) no proxecto orixinal, a San Xoán de Piñeiro (Mugardos). Esta bifurcación dividíase posteriormente en dúas pólas: unha a Mugardos (e ao seu peirao militar do Baño) e outro a Ares (e punta Miranda); que se ramificaban na zona de Rilo, no concello de Mugardos (lugar que se mantiña nesta modificación de 1901). Á vista da solución escollida, pode ser que neses intres xa se sabía que estas dúas pólas non se farían nun futuro próximo.

No tocante ao Areal de Cabanas acéptase a dita modificación, pois a finais de 1902, data da aprobación dos proxectos das pontes, segundo se di, o terraplén do Areal estaba practicamente rematado (e até Fene, os terreos expropiados sen pagar, malia estar traballando neles facendo as explanacións)³⁶. Á vista da fotografía 29 esta afirmación queda en dúbida, se ben podería ser que se refira á infraestrutura do terraplén.

En 1903 o segundo orzamento reformado das obras de explanación e fábrica indica que na veiga de Cabanas se saneara o terreo baixo o terraplén mediante unha escavación de 0,50 metros de profundidade, o que supuxo 47,17 metros cúbicos de terras, e

35. Ver páxina 9.

36. Memoria do Presupuesto reformado de las obras de explanación y fábrica. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas, 1903. AXA.

tamén os terreos próximos adicados ao cultivo, que segundo se comenta eran xunqueiras. O orzamento destas obras foi de 472,46 pesetas³⁷.

Volvendo á ponte de ferro, con bastante seguridade o autor do proxecto das pontes foi D. Felipe Gutiérrez Gómez, pois aparece como autor do proxecto da liña en 1901. Aínda que era habitual que as empresas adxudicatarias deste tipo de obras subministraran os seus propios proxectos³⁸. Así e todo, é interesante coñecer a bagaxe do enxeñeiro projectista da liña e encargado da construción das pontes metálicas. Gutiérrez Gómez era enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos dende 1886 e comezou a súa andaina laboral en Canarias, Xaén, Lleida e Burgos. Posteriormente entra a formar parte da empresa do ferrocarril de Bilbo a Santander, onde deu mostras dunha gran capacidade no deseño de liñas férreas en terreos complicados. Este sería o seu comezo no mundo do ferrocarril, onde seguiría ascendendo até a súa morte en xullo de 1928 sendo inspector xeral do Corpo de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. O seu papel nesta liña Betanzos a Ferrol e na de Linares a A Carolina fixo medrar a súa sona, e en 1924 formou parte do *Consejo Superior Ferroviario*³⁹.

A adxudicación definitiva das obras das cinco pontes foi o 22 de marzo de 1903 á *Sociedad de Material de Ferrocarriles y Construcciones de Barcelona*, comezándose a executar as ditas obras o 14 de agosto dese mesmo ano. As obras incluídas na adxudicación incluían as pontes de Betanzos, Lambre, Bañobre, Pontedeume e Neda e o desvío da ría de Betanzos.

Os encargados de controlar e vixiar a correcta execución nos obradoiros do aceiro foron: D. Ricardo Ibarra (nomeado o 28 de xullo de 1903), D. Juan Fatjó (nomeado o 30 de setembro de 1903) e finalmente D. Fernando Ramírez Dampierre (o 4 de maio de 1905). De xeito periódico enviaban á dirección de obra os resultados de ensaios e pesadas de materiais, como se verá máis adiante.

Volvéronse a calcular os tramos metálicos de todas as pontes para axeitalos á nova *Instrucción para redactar los proyectos de puentes metálicos*⁴⁰ do 25 de maio de 1902 e en función do tipo de ferro que subministraba a adxudicataria, o que fixo que se mudaran algunhas sección dalgúns perfís metálicos, pero sen apenas variar o peso indicado na adxudicación. Nesta instrución tamén se esixía a instalación de contracarrís a carón dos carrís na zona interior.

37. Memoria do 2º Presupuesto reformado de las obras de explanación y fábrica. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas, 1906. AXA.

38. NÁRDIZ ORTIZ, C.: *op cit.* pp. 453-454.

39. Revista de Obras Públicas, Nº 76, Tomo I (2495), 1928.

40. Gaceta de Madrid, Nº 156. 5 de Junio de 1902.

O 4 de xullo de 1903, reúnen-se en Betanzos D. Felipe Gutiérrez, enxeñeiro da 1ª División Técnica y Administrativa de Ferrocarriles, encargado da execución das pontes metálicas e D. Marcelino Fábregas, enxeñeiro industrial representante da contratista daquelas para poder levantar acta sobre o replanteamento das pontes da liña (Betanzos, Lambre, Bañobre, Eume e Neda). Da ponte de Pontedeume comentan o seguinte:

“Feito o replanteamento dos piares e estribos desta ponte, e a nivelación da súa localización, non resultaron variacións sensíbeis con relación ao proxecto, na altura dos apoios, nin tampouco será preciso variar os sistemas de fundacións xa propostos.

Pola importancia das sondaxes non se repetiron estas, como se fixo en Lambre e Bañobre, e farase cando ao fincar os caixóns de fundación dos piares e estribos, se estea próximo á cota que marca o proxecto, para deste xeito ter non soamente a certeza da profundidade de cimentos con algunha anticipación, senón tamén a cota exacta de enrase destas fábricas, de onde arrincarás o corpo dos piares e estribo dereito, do resultado destas sondaxes definitivas, darase conta detallada á Superioridade, caso de que as diferenzas sexan de importancia”⁴¹.

Este parágrafo é moi interesante xa que informa que existe unha gran confianza nas sondaxes iniciais e que non se farán as mesmas até unha vez iniciados os traballos. Verase posteriormente que isto producirá un grave problema no desenvolvemento das obras. Por outra banda, no plano que se xunta á esta acta aparece escrito que foi aprobado pola Real orde do 26 de outubro de 1903.

As obras na ponte de Betanzos comezan o 14 de agosto de 1903. As de Pontedeume tardarían máis dun ano en comezar, segundo se comenta na prensa da época. En setembro de 1904 infórmase de que as cimentacións da ponte de Bañobre estaban rematadas e as de Lambre e Betanzos se atopaban en curso, mentres que as obras de Pontedeume e Neda non tiñan comezado⁴². Este dato xornalístico crea unha dúbida ao




Figura 7: Fotografía de época da ponte rematada con persoas atravesándoa e cos contracarrís en 1º plano

41. Acta de replanteo. Puentes metálicos, 1903. AXA.

42. Xornal El Noroeste. 8 de agosto de 1904. Nº 3479.

respecto da veracidade da información no tocante á ponte de Bañobre, pois como se comenta na acta, as sondaxes posteriores na zona da cimentación presentan problemas en case todas as pontes, ao non se atopar o firme á profundidade agardada. Por iso é preciso facer uns trocos que afectan a todas as pontes agás á de Betanzos. Deste xeito, o 29 de decembro de 1906, o enxeñeiro xefe, D. Felipe Gutiérrez, presenta un *‘Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Pontedeume y Neda’*. Así pois existe unha aparente contradición entre os datos da prensa de 1904 e os datos do enxeñeiro, se ben os datos do xornal puideran referirse ás cimentacións do estribo esquerdo.

No proxecto explicase que por mor dos inconvenientes que afectaron foi preciso *“...adoptar disposicións especiais para a finca do caixón por medio de ar comprimido e noutro variar o sistema de fundación”*.

Odito informe explicaba polo miúdo as condicións atopadas no fondo e no terreo. Para o estribo dereito aconsellaba facer a fundación mediante un caixón e ar comprimido. Para o piar 1º, recomendábase facer un terraplén para soste o caixón e posteriormente proceder a facer a escavación tamén mediante ar comprimido. Posteriormente, o informe engadía unha detallada información sobre o prezo do metro cúbico de terraplén, pois debido a estes inconvenientes, resultaba un orzamento adicional para a ponte de 43.612,30 pesetas, das cales 38.452,30 correspondían á cimentación do piar primeiro. Os restantes eran do importe de 40 metros lineares dunha ponte de servizo para acceder ás escarpas que non se incluía no proxecto orixinal. Un informe semellante fíxose para o resto das pontes que se incluían no informe resultando uns aumentos no orzamento das obras de 164.460,67 pesetas, distribuídas do seguinte xeito:

Ponte	Aumento do orzamento
Lambre	14.615,28
Bañobre	5.444,03
Pontedeume	43.612,30
Neda	100.789,06
TOTAL	164.460,67

Táboa 4: Aumento do orzamento debido á revisión de 1906

Estes cartos proviñan das operacións que se reflicten na táboa 5, onde se contraponen ás que existían no proxecto orixinal. Así a ponte de Pontedeume representaba un 26,5% do aumento de todas as pontes. Obsérvase que todos os traballos aumentan de medición e a execución do terraplén involucra o maior aumento orzamentario (terraplén máis a coeira):

		Proxecto orixinal			Proxecto reformado		
		Unidade	Prezo	Total	Unidade	Prezo	Total
M³ ar comprimido	Escavación até 5 m	153,30	36,00	5.518,80	234,44	36,00	8.439,84
	Escavación aluguer	153,30	5,00	766,50	421,99	5,00	2.109,95
	Formigón hidráulico	66,88	53,00	3.544,64	122,56	53,00	6.495,68
	Ladrillo	23,11	62,00	1.432,82	-	-	-
	Cachotaría hidráulica	157,13	17,50	2.749,78	233,13	17,50	4.079,78
TN	Formigón hidráulico	17,95	24,00	430,80	17,70	24,00	424,80
	Aceiro	20,86	600,00	12.516,00	27,79	600,00	16.678,80
UD	Estada	1,00	1.966,00	1.966,00	1,00	1.966,00	1.966,00
M³	Terraplén	-	-	-	2.950,70	2,65	7.819,36
M³	Coeira	-	-	-	1.145,00	9,66	11.060,70
M³	Escavación 5-10 m	-	-	-	185,55	41,00	7.607,55
M³	Madeira	-	-	-	2,79	80,00	223,20
ML	Ponte piares	40,00	1.966,00	5.160,00	80,00	129,00	10.320,00
UD	Estada piar estribo	1,00	2.000,00	2.000,00	1,00	2.000,00	8.439,84
			TOTAL	35.685,34		TOTAL	79.297,64

Táboa 5: Comparanza entre o orzamento do proxecto orixinal e do reformado

Así pois o orzamento adicional foi das anteditas 43.612,30 pesetas. Como se comentou anteriormente, mantéñense os totais finais que existen no proxecto, aínda que conteñan erros.

Finaliza o informe do enxeñeiro xefe indicando que o prezo apenas representa unha minúscula porcentaxe dentro do proxecto, e que é facilmente asumíbel pois “ ... *O que realmente importa é que as fundacións sexan sólidas e seguras...*”.

No prego adicional de condicións facultativas no seu artigo 5º do capítulo 3 (Da execución das obras) indicase, para a ponte de Pontedeume, o xeito de execución do terraplén e a súa defensa:

“ (...)

a) O terraplén executarase por camadas dun metro (1 m) de altura, lanzando as terras dende as barcas no que se transporta.

b) Antes de botar as terras, executarase a defensa de coeira, seguindo o perímetro que corresponda cada camada, botando tamén a pedra dende as barcas no que se transporta.

c) Para a descarga das barcas tanto de terra como de pedra fixaranse os puntos referíndose a dous traveseiros de madeira paralelos entre si e ao eixe lonxitudinal do piar, nos cales marcaranse como abscisas as sucesivas coroacións das camadas transversalmente ao piar e por medio de arames normais á dirección dos traveseiros e nos cales marcaranse como ordenadas as coroacións lonxitudinalmente ao piar das mesmas camadas”.

Con data do 15 de outubro de 1906, a execución da ponte de Pontedeume atópase do seguinte xeito: rematado o piar 2º e os estribos dereito da ponte e o do paso inferior; en execución o estribo esquerdo e piar 1ª e montándose o tramo 3º. Neste intre, as pontes de Betanzos, Lambre e Bañobre estaban completamente rematadas. Debido aos problemas nas cimentacións en Pontedeume e Neda, estas atopábanse lixeiramente retrasadas en función do agardado.

Cómpre indicar que a mención ao paso inferior corresponde á zona do estribo dereito, na parte de Cabanas, onde existe un paso entre un denominado falso piar e o devandito estribo. Se ben anteriormente non se comentaba nada deste feito, a partir desta data comeza a incluírse na denominación como Paso inferior do Areal. O feito de que se construíse unha plataforma en terraplén tan elevada cortando o paso dende o estribo até San Martiño fixera preciso que se creara este paso co obxecto de deixar un camiño de acceso bordeando a mesma. É rechamante que mesmo aparece como un capítulo á parte dentro dos orzamentos da ponte metálica como poden ser os treitos metálicos, os piares ou os

estribos. A parte metálica por riba do paso tamén aparece reflectida dentro do capítulo correspondente como parte individual.

Non existen datos claros sobre as datas de inicio e remate das obras da ponte de Pontedeume, pero si se sabe que comezaron entre 1904 e 1905 e rematarían no 1907, cando menos catro prórrogas sucesivas de varios meses. Lémbrese que o prazo que indicaba o prego de contratación era de dous anos e cómpre destacar que se dá por cumprido, pois moitos dos retrasos tiveron que ver co feito de que se tentaban agrupar expedientes relativos a todas as pontes da liña nun único documento nun intento van de recortar as tarefas administrativas. Deste xeito por exemplo, a ponte de Betanzos tardou 4 anos en rematarse, principalmente polos motivos anteriormente citados (se ben as obras desta ponte incluían o desvío da ría, que por si mesmo apañou bastantes alegacións).

A CONSTRUCCIÓN DA PONTE DE FERRO

Este apartado dividirase en 4 partes: estribos, piares, parte metálica e obras accesorias; comentando os aspectos construtivos máis significativos de cada unha das mesmas. Ao final de cada apartado inclúese o cadro de prezos obtido do documento de 1914 co gallo da liquidación das obras⁴³. O dito resumo contén as unidades de obra de cada parte, o prezo por cada unha delas e o orzamento parcial e total.

A construción da ponte de ferro estivo marcada dende o comezo polos problemas das sondaxes iniciais. O proxecto que revisaba os datos das cimentacións, de 1906, denominado '*Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Pontedeume y Neda*', fai un bo resumo do que se atoparon os enxeñeiros unha vez que se fixeron as novas sondaxes. No tocante á ponte de Pontedeume dise o seguinte:

“Fundacións do estribo dereito e piar segundo:

As sondaxes que serviron de base ao estudo das fundacións desta ponte acusaban a rocha a 18m28 de profundidade preto do estribo dereito, elevándose aquela en dirección ao estribo esquerdo até o punto de atoparse neste ao descuberto.

Non se practicaron novas sondaxes ao comezar as obras do estribo dereito e piar 2º téndose chegado no primeiro á finca de 20m20 e o segundo a 15m44 é dicir a profundidades superiores ás proxectadas que son 18m90 para o estribo e 15 para o piar, sendo polo tanto pequeno o aumento de obra.

43. Puentes metálicos. Datos para la liquidación. Documento 1. Memoria. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas, 1914. AXA.

Advertiremos que no transcurso da finca non se atopou a rocha. Ao chegar os caixóns ás profundidades anteditas dentro da area limpa e moi comprimida observouse que a sonda acusaba en 5 metros máis de espesor a continuación do banco de area, non vacilando en fundar sobre esta por ser terreo incompresíbel e atoparse ao abeiro das socavamentos”.

Logo disto os enxeñeiros non se fian das sondaxes, pois deciden volver a facelas nas estruturas restantes, antes de proceder a facer as obras.

“Fundación do 1º piar:

Despois de cimentados estes apoios fixéronse as sondaxes previas para fundar o piar 1º que figura no plano e que dan completa idea do relevo do fondo. Este componse dunha capa de area de 1m17 de espesor no eixo do piar apoiándose sobre a rocha que presenta considerábel inclinación cara ao eixo da ría, atopándose dentro da fundación con desnivel máximo de 3m40.

No proxecto apóiase o caixón sobre a rocha lixeiramente inclinada, ten aquel de finca 3m90 e a capa de area no eixo non baixa de 2m70. É posíbel que as correntes teñan arrastrado a area despois da época na que se fixeron as sondaxes, pero do que non cabe dúbida é que estas non se practicaron na localización do piar, revelándose agora a gran inclinación da rocha e a delgada capa de area que a recobre. Nestas condicións e cunha carga de auga que na marea media non baixa de 7 metros non hai posibilidade de realizar a finca seguindo exactamente o procedemento empregado nos demais apoios, sen exporse á desviacións considerábeis do caixón”.

O problema atopado implica novos movementos á hora de facer a fundación do piar 1º. No escrito menciónanse diferentes ideas e o seu posterior desenvolvemento. O parágrafo é interesante porque a medida que se van expondo as posibilidades, vaise xustificando a súa valía ou non.

“A primeira idea que se pensou foi variar o sistema de fundación que en esencia redúcese a dragar a capa de area, practicar con mergulladores a escavación en rocha, deixándoa graduada, con planos horizontais, macizar esta escavación con sacos de formigón para formar ampla base sobre a que se apoiará un caixón metálico sen fondo que se reencherá de formigón hidráulico até o nivel da baixa mar equinoccial. Bosquexamos esta solución en oficio dirixido á Superioridade nº 5922 do 3 de agosto de 1905, pedindo autorización para redactar o proxecto e fixar contraditoriamente algúns prezos que non figuran no contrato vixente. A Ilustrísima Dirección

Xeral de Obras Públicas en 2 de setembro do dito ano aceptou a nosa proposta e o enxeñeiro encargado dedicouse ao seu estudo chegando a formular un anteproxecto que non rematou ante as dificultades que ofrecía a execución desta obra e que se detallan na Memoria.

Diffíciles e de incerto custo son as operacións de dragado da area e a escavación da rocha por medio de mergulladores. Non está exenta de dificultades a colocación e arranxo dos sacos de formigón, pero o traballo delicado consiste no descenso do caixón sen fondo que debe armarse sobre unha estada boiante. É indispensábel fixar este dun xeito invariábel sen crear obstáculos á navegación e ao arriar o caixón o menor detalle inadvertido ou imprevisto pode desviar aquel da súa verdadeira posición, impondo rectificacións difíciles ou imposíbeis de realizar.

Ante este cúmulo de dificultades volveu o Enxeñeiro ao estudo da cimentación por medio de ar comprimido"⁴⁴.

Como se pode ver, os problemas na ponte do ferrocarril de Pontedeume comezaron ao inicio das obras propiamente ditas, ao facer unhas sondaxes de control para verificar se se correspondían coas efectuadas no replanteamento definitivo. O que se pide é facer as cimentacións mediante ar comprimido, unha técnica construtiva que se adoitaba empregar en terreos frouxos e moi permeábeis para evitar o sifonamento. O dito fenómeno acontece cando as forzas producidas pola infiltración de auga nun recinto (de dirección vertical e cara arriba), igualan ás tensións efectivas que hai entre os grans do solo no que se produce a infiltración. Nese intre desaparecen as forzas que manteñen unidos os grans e estes móvense ao chou dentro do fluído que se infiltra. O efecto sería algo semellante ás areas movedizas ou a ebulición das areas. O xeito de evitalo é empregar un sistema que incorpore unha presión vertical cara abaixo, de xeito que contrarreste os efectos da filtración. Este sistema é o ar comprimido.

“Tres dificultades principais presentábanse neste sistema. A primeira estriba na necesidade de que o caixón descenda co emprego de ar comprimido e esta remédiase fincando o caixón nun terraplén que se estableza na localización do piar. A segunda dificultade de verdadeira importancia consiste en evitar as desviacións do caixón que poden acontecer cando unha parte do seu perímetro se apoia sobre a rocha e o resto en terra de terraplén. Este inconveniente vénceo o Enxeñeiro dispoñendo zapatas metálicas unidas ás cartelas do interior do caixón que se apoian sobre taboleiros móbiles, os cales quitaranse para escavar a rocha deixándoos na parte do caixón que asente sobre o terraplén, reducindo así a presión por centímetro cadrado.

44. Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Puente deume y Neda. Informe del Ingeniero Jefe. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas, 1906. AXA.

Contribuíndo ao fin indicado é necesario ademais que ao engadir tubos á cheminea nos descenso sucesivos do caixón se conserve dentro deste a presión da finca porque reducíndose á atmosférica como acontece nos casos correntes a auga penetra con violencia no caixón arrastrando as terras coa grave continxencia de desnivelar aquel cando se apoia na rocha e no terraplén. O enxeñeiro elude este inconveniente colocando unha válvula que se pecha de dentro a fóra na cheminea e que impide o descenso da presión no caixón ao engadir os tubos que esixe a finca.

Por último, a terceira dificultade relativa á falta de amplitude dentro da cámara de traballo para facilitar a escavación da rocha, remédiase facilmente aumentando até 2m50 a altura do caixón.

Coas bases expostas, o enxeñeiro estuda detidamente na Memoria as dimensións do terraplén defendido por coieira que enrasa á cota de -3m construíndo por camadas dun metro de altura, adopta para o caixón a lonxitude de 11m30, 4m50 de ancho e a altura de 2m50 permitindo estas dimensións que as bermas do cemento teñan suficiente amplitude para corrixir calquera desviación pequena que aconteza na finca; presenta o cálculo das viguetas do leito do caixón e a presión do entaboado sobre o terreo e despois de xustificar as dimensións que adopta describe o xeito de levar a cabo a finca do caixón e as precaucións que terán que adoptarse para previr desviacións tendo confirmado a práctica as previsións do Enxeñeiro pois na actualidade atópase rematada a cimentación descansando o caixón sobre a rocha á cota de -12m, sen que ocorrera o menor incidente.

Resulta de todo o exposto que ao fin non fixemos uso da autorización outorgada pola Superioridade para variar o sistema de fundación porque en rigor este é o mesmo que o do proxecto. Adoptáronse maiores dimensións para o caixón e disposicións especiais na súa finca pero o sistema de fundación é o do proxecto, é dicir o de caixóns metálicos fincados por medio de ar comprimido e tanto é así que os prezos das unidades de obra son os previstos no orzamento vixente a excepción dunha soa que é a do metro cúbico de terraplén construído na ría que fixou o enxeñeiro contraditoriamente co contratista e ao que dedicaremos algunhas observacións”.

A anterior descrición do sistema de ar comprimido é bastante clarificadora, pero afondarase máis no concepto para poder decatarse das dificultades que implicaba.

O sistema de ar comprimido foi empregado por primeira vez polo enxeñeiro de minas francés Triger en 1841. De todos os xeitos, parece que a idea orixinal foi de Papin (1691), posteriormente foi elaborado por Coulomb en 1779 e patentado por Cochrane en

1830. Triger deseñou un caixón para afundir uns piares en esterco mollado para construír unha ponte no Loira. Nesa obra o enxeñeiro describiu os síntomas da enfermidade descompresiva logo de que dous traballadores experimentaran fortes dores logo de 7 horas de traballos sometidos a altas presións dentro do caixón. De feito Triger é un referente continuo en escritos médicos sobre a dita enfermidade. Tamén foi empregado, por exemplo, nas cimentacións da torre Eiffel.

En 1865 para os traballos en ar comprimido recomendábase “... *escoller os obreiros, preferindo os que teñan de 18 a 30 anos, robustos e de bos costumes, dun temperamento mixto; ou polo menos que non sexa moi sanguíneo, e sobre todo que non estean afectados dos pulmóns, nin do corazón ou grandes vasos*”⁴⁵.

O sistema semella sinxelo: fabricase un caixón metálico con dimensións lixeiramente superiores á cimentación a facer e altura suficiente para poder traballar no interior na denominada cámara de traballo. Mediante unha cheminea instalada na zona superior, engádese ar comprimido mediante un compresor de xeito que o nivel de auga baixa até o bordo inferior do caixón. Deste xeito os operarios poden traballar en seco. O caixón atópase rematado na súa zona inferior por un bordo cortante que facilita a finca do mesmo. A cheminea está provista dunha válvula que evita que o ar comprimido que se inxecta escape e unha esclusa que permite aos obreiros entrar. No caso de Pontedeume só existía unha cheminea que cumpriu unha función tripla: achega de ar comprimido, acceso de traballadores e zona de extracción de material.

O xeito de traballar é o seguinte: inxéctase ar comprimido no caixón, que se atopará horizontal sobre o substrato a escavar, cando se acada a presión axeitada o caixón atóparase libre de auga, os operarios entran pola esclusa a unha cámara intermedia, péchase a esclusa e ponse esa cámara á presión do caixón. Ábrese o acceso ao caixón e os operarios acceden ao fondo da ría en seco. A combinación de escavación e ar comprimido facilita a finca do caixón mediante o seu bordo. Debido a que a presión inducida no caixón tende a levantalo, hai que lastralo mediante pesos ou mortos na súa zona superior. Unha vez rematada a




Figura 8: Exemplo de caixón metálico (neste caso con dúas chemineas)

xeira, os operarios tiñan que someterse a un proceso de descompresión. Nesta época estaban xa tipificadas as táboas de descompresión para unha profundidade e tempo de traballo dados⁴⁶. Deste xeito non se tiveron perdas humanas nin problemas médicos, ou cando menos na documentación e prensa consultada non se teñen novas deste tipo en ningunha das pontes da liña que empregaron ar comprimido.

Posteriormente, cando se chegaba á profundidade desexada, comezaba a encherse o caixón de formigón hidráulico, mentres se elevaba até acadar a cota superior e seguir a obra de xeito natural ao ar libre. Noutros casos engadíase unha porción ao caixón de xeito que este se enchía de formigón quedando esa parte como encofrado perdido no fondo.

En Pontedeume empregáronse 3 caixóns: 2 nos piares con dimensións: 11,30 x 4,5 m, con laterais arredondados de 1 metro de radio e cunha altura de 3,00 m (nos planos da liquidación aparece esta altura, mentres que nos escritos dise 2,50 m) e 1 no estribo de-reito con dimensións: 7,83 x 4,03 m, con bordos arredondados dun metro de radio. O caixón estaba formado por unha chapa de varios milímetros de espesor e na zona inferior atopábase reforzada para constituír o anel cortante. O teito da cámara de traballo tamén era de chapa reforzada mediante vigas, ángulos e cartelas, todo isto remachado axeitadamente e calculado de xeito preciso. Adoitábaselle dar unha altura de 1,90 m, suficiente para o desenvolvemento dos traballos, pero en terreos moles aumentábase polo feito de que o peso do caixón, xunto coa presión do ar e dos pesos mortos, facían que o bordo se soterrase máis. As chemineas tiñan un diámetro dun metro e engadíanselle treitos a medida que se ía profundando.




Figura 9: Plantas dos caixóns empregados en estribo (arriba) e piares (abaixo).



Figura 10: Imaxe da época dun caixón coa esclusa na parte superior.

46. RIBERA, J.E.: *Puentes de fábrica y hormigón armado*, Tomo I. Capítulo IX, 1925.

ESTRIBOS

Os estribos da ponte de ferro apenas supuxeron problemas á hora de facerse. Disto xa se decataram os enxeñeiros encargados do replanteamento de 1896:

“Os estribos resultan de escasa importancia, o da marxe esquerda ciméntase sobre rocha e o da dereita en area incompresíbel, empregando nel como nos demais apoios un recinto de estacados e un pano de formigón no seu interior”⁴⁷.

ESTRIBO ESQUERDO

O estribo de Pontedeume, o esquerdo, apenas ten historia dentro do proxecto da ponte:

“... situando o estribo esquerdo sobre a escarpa que presenta aquela aba, co cal resulta insignificante a fábrica que ha de executarse nela”⁴⁸.



Figura 11: Construción do treito metálico lateral esquerdo

Ao fundarse sobre rocha non precisou de máis operacións que unha zapata de planta 8,66 x 4,00 m con 0,50 m de altura cun chanzo frontal de 8,66 x 0,50 m. A partir deste cimento, ergueuse o estribo en forma cadrada con dimensións na sección inferior de 7,66

47. Memoria descriptiva. Replanteo del ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Obras Públicas. División de Ferrocarriles del Noroeste. pp. 56-58, 203-208, 1896. AXA.



48. Íbid. pp. 56-58, 203-208.

x 2,77 m e na superior 6,75 x 2,55 m. A variación é debida a que presenta unha inclinación na cara interior do 2% e nas exteriores laterais do 4%. Posteriormente presenta un capitel labrado e un espaldón de 1,33 m, tamén rematado por un capitel. A altura total do estribo é de 13,17 m dende a cara superior da zapata até a cara superior do último capitel. A ambos lados, dende a parte interior ten dúas aletas graduadas que seguen a liña do terreo. No caso da aleta dereita, ten 14,32 m de lonxitude, con 10 chanzos, o último deles a 7,97 m de altura. O da esquerda ten 19,37 m e 12 chanzos, o último a 10,98 m. As imaxes seguintes amosan o estribo da parte de Pontedeume segundo os planos do proxecto.



Figura 12: Vista ideal do estribo esquerdo

Figura 13: Alzado, planta e perfís do estribo esquerdo



O orzamento deste estribo foi de 17.117,27 pesetas, distribuídos en dous capítulos, estribos e muros de acompañamento. Dentro de cada un dos capítulos hai dous subcapítulos: fundación e corpo. O cadro descomposto é como segue:

Fundacións							449,16	
Escavación en cimentos	33,48	M³	1,00	Pts	33,48	Pts		
Formigón hidráulico	17,32	M³	24,00	Pts	415,68	Pts		
Corpo								
Cachotaría ordinaria hidráulica	178,99	M³	17,50	Pts	3.132,38	Pts		
Cachotaría concertada hydr.	45,24	M³	22,50	Pts	1.017,99	Pts		888,95
Perpiaño recto	3,59	M³	87,00	Pts	311,98	Pts		
Perpiaño apatroado	20,39	M³	97,00	Pts	1.977,44	Pts		
							6.888,95	
Fundacións							539,99	
Escavación en cimentos	539,99	M³	1,00	Pts	539,99	Pts		
Corpo								
Cachotaría en seco	11,41	M³	8,00	Pts	91,30	Pts		
Cachotaría ordinaria común	232,87	M³	11,00	Pts	2.561,60	Pts		
Cachotaría ordinaria hidráulica	261,35	M³	17,50	Pts	4.573,68	Pts		
Cachotaría concertada común	53,79	M³	14,25	Pts	766,48	Pts		9.688,33
Cachotaría concertada hydr.	50,51	M³	19,25	Pts	972,28	Pts		
Perpiaño recto común	4,51	M³	86,00	Pts	387,95	Pts		
Perpiaño recto hidráulico	2,56	M³	87,00	Pts	222,89	Pts		
Recheo terras	180,88	M³	0,62	Pts	112,15	Pts		
							10.228,32	
							17.117,27	

Táboa 6: Orzamento descomposto do estribo esquerdo

ESTRIBO DEREITO

O estribo de Cabanas é un falso estribo que fai as máis de piar e que se atopa creando unha protección ao denominado paso do Areal. Os planos do proxecto non indican ningunha zapata pero obviamente faríase unha con dimensións algo maiores á sección inferior dos planos. Dadas as unidades que se presentan no orzamento ao final deste punto, a dita cimentación fíxose mediante cachotaría ordinaria hidráulica e tería unha profundidade dende o nivel da auga de 19,20 metros. Para chegar a esta profundidade empregouse o sistema de ar comprimido mediante un caixón metálico. A dita cimentación atoparíase apoiada en area limpa e incompresíbel e a salvo de erosións:

“Advertiremos que no transcurso da finca non se atopou a rocha. Ao chegar os caixóns ás profundidades anteditas dentro da area limpa e moi comprimida observouse que a sonda acusaba en 5 metros máis de espesor a continuación do banco de area, non vacilando en fundar sobre esta por ser terreo incompresíbel e atoparse ao abeiro dos socavamentos”⁴⁹.

Xa se comentaron as dimensións do caixón metálico anteriormente (7,83 x 4,03 m cunha altura de 2,51 m). A cheminea por onde se inxectaba o ar comprimido tiña 1,00 m de diámetro. Na seguinte figura amósase unha representación ideal do caixón:




Figura 14: Representación do caixón empregado no estribo

Na zona superior da zapata feita coa axuda do caixón, tense unha cimentación cuxas dimensións son as dun piar cadrado de sección inferior, a un metro baixo o nivel do mar, de 7,43 x 3,72 m e na parte superior amosa dúas seccións: unha a 7,05 m de altura de 6,70 x 2,55 e outra a 9,39 m de altura de 6,70 x 2,25 m, este último cunha abertura cadrada na zona central de 1,34 m de altura e 2,20 m de ancho.

Na zona do terraplén construíuse un simple muro de contención de terras, sen apenas cargas verticais debido á parte metálica, pois o treito é moi pequeno e nin tan sequera ten celosías verticais. Obviamente si que soporta as cargas dinámicas do paso dos ferro-carrís e as cargas producidas polas terras .

49. Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Puente deume y Neda. Informe del Ingeniero Jefe. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas, 1906. AXA.




Figura 15: Vistas ideais do estribo direito, partes frontal e dorsal



Figura 16: Alzado, perfis e planta do estribo direito

Na seguinte imaxe obsér- vase a zona do estribo dereito, así como o muro de contención de terras do terraplén do Areal, que non se aprecian na fotografía. Como se viu anteriormente, se- gundo a Memoria do orzamento reformado de 1903, daquela o terraplén estaba totalmente rema- tado antes de comezar as obras da ponte pero tanto nesta imaxe como na 29, coa ponte xa rematada, vese que o terraplén apenas tiña a infraestrutura feita. O que si se destaca desta fotografía é a extensión do areal, que tamén se observa nas figuras 7, 29 e 44.



Figura 17: Treito dereito rematado

No orzamento preséntanse os capítulos de cimentación e corpo. Neste caso xa se pode observar como a execución mediante ar comprimido é sumamente cara, pois neste caso as cimentacións representan un 92% do orzamento total. No anterior estribo as por- centaxes invertíanse. Outro dato a ter en conta é a porcentaxe que se destinou ao último treito da cimentación, máis de 10 metros, sendo do 23% unicamente a escavación do trei- to máis profundo de toda a cimentación, e do 21,3% de todo o estribo, habería que engadir ademais, a parte proporcional do aluguer dos aparellos.

Estribo dereito	Fundacións cimentación							60.474,87
	Escav. ar comprimido até 5 m	155,26	M³	36,00	Pts.	5.589,36	Pts.	
	Escav. ar comprimido 5-10 m	155,26	M³	41,00	Pts.	6.365,66	Pts.	
	Escav. ar comprimido +10 m	316,73	M³	44,00	Pts.	13.936,12	Pts.	
	Escav. ar comprimido aluguer	627,25	M³	5,00	Pts.	3.136,25	Pts.	
	Formigón hidráulico en ar comp	70,36	M³	53,00	Pts.	3.728,92	Pts.	
	Madeira para soste formigón	0,53	M³	80,00	Pts.	42,24	Pts.	
	Escavación ar libre	29,12	M³	1,00	Pts.	29,12	Pts.	
	Cachotaría ordinaria hidráulica	500,50	M³	17,50	Pts.	8.758,80	Pts.	
	Formigón hidráulico	17,43	M³	24,00	Pts.	418,20	Pts.	
	Aceiro en pranchas	27,51	M³	600,00	Pts.	16.504,20	Pts.	
	Estacadas	1,00	M³	1.966,00	Pts.	1.966,00	Pts.	
	Corpo							
Cachotaría ordinaria hidráulica	115,08	M³	17,50	Pts.	2.013,97	Pts.		
Cachotaría concertada hidráulica	47,39	M³	22,50	Pts.	1.066,32	Pts.		
Perpiaño recto hidráulico	3,39	M³	87,00	Pts.	294,67	Pts.		
Perpiaño apatroado hidráulico	16,42	M³	97,00	Pts.	1.592,55	Pts.		
65.442,38								

Táboa 7: Orzamento descomposto do estribo dereito

En canto ao paso inferior do Areal, os orzamentos tamén veñen diferenciados. Deste xeito pódese intuír que o alzado da parte posterior do estribo de Cabanas se fixo de xeito independente ao mesmo. Pódese ver no desenvolvemento do orzamento, como a cimentación é compartida por ambos estribos: o estribo dereito da ponte e o estribo esquerdo do paso inferior. A maiores pódese ver que a cimentación do estribo dereito do paso, o muro de contención do terraplén, se fixo mediante pilotaxe.

A pilotaxe mediante madeira ten un gran percorrido na enxeñaría civil. As palafitas son o paradigma do emprego de pilotes de madeira. Outros exemplos, durante os séculos XV ao XVIII, puideran ser as grandes pontes de París e Londres. En Holanda o Pazo Real (1648-1665) ou o Concello foron cimentados mediante 13.600 pilotes de madeira, tamén a Catedral de San Isaac de San Petersburgo (1818-1868) mediante 24000 pilotes de piñeiro e no tocante a pontes, a ponte de Brooklyn en Nova York (1870-1883), con madeira de piñeiro amarelo⁵⁰.




Figura 18: Exemplo de cimentación mediante pilotaxe

Os pilotes deben estar completamente mergullados en auga, pois dese xeito non podrecen. As coeiras que se inclúen no orzamentos están dirixidas a protexer e asentar as cabezas dos pilotes que se atopan dentro dunha zapata de formigón⁵¹. É de destacar que nos orzamentos só se tiña en conta o metro cúbico de madeira para pilotaxes, pois de xeito habitual adoptábase contratar a finca e os pilotes e pagar ambos por metro linear⁵².

Na figura 17 pódese ver o alzado do estribo dereito do paso do Areal. Obsérvase como é unha única pantalla de cachotaría e perpiaño, por iso as medicións do orzamento son escasas, agás a cachotaría hidráulica e o formigón hidráulico, que con outras unidades máis deberan de completar a medición total das escavacións. Coa construción do paseo marítimo o gálibo do paso mudou, pasando de ter uns 9,00 metros aos actuais 7,83 metros.

50. PERAZA, J.E.: *Pilotes de madera para cimentaciones*, "Boletín de información técnica". AITIM, 2004.

51. RIBERA, J.E.: *Puentes de fábrica y hormigón armado*, Tomo I, 1925.

52. RIBERA, J.E.: *op. cit.* pp.326-328.



Figura 19: Vista actual do muro e do paso do Areal

Estribo esquerdo	Corpo							1.761,59
	Cachotaría ordinaria hidráulica	26,16	M³	17,50	Pts.	457,87	Pts.	
	Cachotaría concertada hidráulica	17,81	M³	22,50	Pts.	400,75	Pts.	
	Perpiaño desbastado hidráulico	0,65	M³	72,50	Pts.	46,98	Pts.	
	Perpiaño recto hidráulico	9,84	M³	87,00	Pts.	855,99	Pts.	
1.761,59								
Estribo dereito	Fundacións							6.166,74
	Escavación	510,91	M³	1,00	Pts.	510,91	Pts.	
	Formigón hidráulico	126,11	M³	24,00	Pts.	3.026,54	Pts.	
	Madeira para pilotes	30,05	M³	87,50	Pts.	2.629,29	Pts.	
	Corpo							9.292,54
	Cachotaría ordinaria hidráulica	292,99	M³	17,50	Pts.	5.127,33	Pts.	
	Cachotaría concertada hidráulica	57,07	M³	22,50	Pts.	1.283,99	Pts.	
	Perpiaño desbastado hidráulico	0,74	M³	72,50	Pts.	53,72	Pts.	
	Perpiaño recto hidráulico	1,98	M³	87,00	Pts.	172,26	Pts.	
	Perpiaño apatroado hidráulico	23,25	M³	97,00	Pts.	2.255,25	Pts.	
	Estacadas	1,00	M³	400,00	Pts.	400,00	Pts.	
	Defensas							696,36
	Coieira	61,16	M³	9,66	Pts.	590,76	Pts.	
	Revestimento en seco	13,20	M³	8,00	Pts.	105,60	Pts.	
16.155,64								

Táboa 8: Orzamento descomposto do paso inferior do Areal

PIARES

Con diferenza estas foron as estruturas máis problemáticas da obra. Pero non só da ponte de Pontedeume, mais de case todas as da liña, especialmente as de Neda e Bañobre. Todo comeza cun erro nas sondaxes que serviron de base ao estudo, o que implica unha posterior rectificación. En 29 de nadal de 1906, preséntase o *‘Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Pontedeume y Neda’*, que se viu anteriormente.

PIAR 2º

O piar 2º, o da zona de Cabanas, xunto co estribo de alí foron as primeiras estruturas en executarse na ponte. Ademais ambas adoecían do mesmo: as profundidades da sondaxe non presentaban rocha a unha profundidade elevada, polo que se decide cimentar sobre area, pois considérase esta limpa e incompresíbel e polo tanto axeitada para o apoio.

O proceso de finca fíxose de xeito semellante ao estribo, polo que non deu máis problemas que a execución dun caixón máis amplo. A Memoria do proxecto reformado das cimentacións indica:

“Nesta ponte comezouse pola cimentación do estribo dereito e o piar 2º, instalando os obradoiros e depósito de materiais no areal da marxe dereita. Nestes dous apoios non se fixeron novas sondaxes porque a gran profundidade a que se tiña acusado a rocha nas do proxecto, demostraban que se investiría moito tempo e grandes gastos en repetilos. Procedeuse dende logo á finca dos caixóns, e cimentáronse proximamente ás cotas do proxecto, sobre area fina e limpa. Aceptouse esta cimentación, porque as sondaxes que se fixeron dentro dos caixón, acusaron a mesma capa de area na profundidade de 5 metros que acadaron aqueles, sen atoparse rocha e porque as socavamentos non son de temer, pois non se varía nin reduce o leito e desaugue da ría”⁵³.

O piar ten unhas dimensións na súa cimentación de 11,20 x 4,00 metros, mediante un chanzo pásase a unha estrutura cunha zona lateral que se mantén recta de 7,20 m. e



Figura 20: Vista xeral dun dos piares

53. Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Puenteume y Neda. Memoria. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1906. AXA.




Figura 21: Detalle dos perpiaños que forman o tallamar

outra frontal e dorsal cos bordos circulares formando o tallamar de 3,22 m de diámetro na base e logo de 2,90 m. Este troco faise ao longo dunha altura de 4,50 m, no lugar que acada a auga na preamar viva equinoccial. A dita zona ten 7 entalladuras a modo de molde ou patrón dende a base ao remate do tallamar. O bocel (zona do tallamar que rodea o piar de forma arredondada) estaba ben descrito nos planos do proxecto, para o cal se empregaría un perpiaño labrado para tal efecto de 50 cm de altura e 45 cm de anchura na parte superior e 50 cm na inferior.

Logo pásase a unha sección rectangular, con dimensións inferiores 7,20 x 2,90 m encollendo con pendente do 4% na zona frontal e do 2% na lateral até ter outra de 3,60 x 2,85 m. Este piar ten unha altura de 8,88 m dende o bordel, e un total dende a cara superior da cimentación de 13,85 m.

O orzamento ascendeu a 73.509,78 pesetas, das cales un 86% era da cimentación. A construción do caixón para o proceso mediante ar comprimido supuxo case o 25% do orzamento total do piar.

Piar 2	Fundacións cimentación							63.542,13
	Escav. ar comprimido até 5 m	208,86	M³	36,00	Pts.	7.518,96	Pts.	
	Escav. ar comprimido 5-10 m	208,86	M³	41,00	Pts.	8.563,26	Pts.	
	Escav. ar comprimido +10 m	227,24	M³	44,00	Pts.	9.998,56	Pts.	
	Escav. ar comprimido aluguer	644,96	M³	5,00	Pts.	3.224,80	Pts.	
	Formigón hidráulico en ar comp	91,04	M³	53,00	Pts.	4.825,01	Pts.	
	Madeira	0,70	M³	80,00	Pts.	56,08	Pts.	
	Cachotaría ordinaria hidráulica	492,65	M³	17,50	Pts.	8.621,43	Pts.	
	Formigón hidráulico	23,73	M³	24,00	Pts.	569,42	Pts.	
	Aceiro en pranchas	30,33	M³	600,00	Pts.	18.198,60	Pts.	
	Estacadas	1,00	M³	1.966,00	Pts.	1.966,00	Pts.	
Corpo							9.967,65	
Cachotaría ordinaria hidráulica	149,16	M³	17,50	Pts.	2.610,30	Pts.		
Cachotaría concertada hidráulica	70,80	M³	22,50	Pts.	1.592,89	Pts.		
Perpiaño desbastado hidráulico	3,65	M³	72,50	Pts.	264,26	Pts.		
Perpiaño recto hidráulico	5,50	M³	87,00	Pts.	478,41	Pts.		
Perpiaño apatroado hidráulico	51,77	M³	97,00	Pts.	5.021,79	Pts.	73.509,78	

Táboa 7: Orzamento descomposto do estribo dereito

PIAR 1º

Este piar, o da zona de Sopazos, foi con diferenza a estrutura máis problemática que tivo a ponte. Ao longo de todos os escritos consultados, as mencións ao mesmo son continuas e extensas, cunha morea de detalles as máis das veces reiterados. O principal problema co que se atoparon os enxeñeiros foi que o terreo ascendía cara ao estribo de Pontedeume cunha pendente excesiva que dificultaría o asentamento do caixón. Isto xa era coñecido (hoxe en día mesmo existe un perigoso chanzo na praia de Sopazos augas abaixo do piar) e aproveitouse para instalar o varadoiro nesa zona, a pesar de que a rocha afloraba na localización do estribo esquerdo (ver figura 41).

Isto era un problema grave, pois un mal asentamento, unido ao ar comprimido e os pesos mortos do caixón, podería provocar unha inestabilidade ou envorcadura fatal. Xa se viu a comezo deste capítulo que se manexaron diferentes solucións. Finalmente, decidiuse pola creación dun terraplén artificial protexido por coieira, por mor a que a dinámica costeira e a súa situación imprimían naquela zona máis velocidades ás correntes. O terraplén situárase na localización do piar co fin de facer unha plataforma o suficiente-mente sólida para manter o caixón. No proxecto reformado de 1906 dise ao respecto:

“Procedeuse en primeiro lugar a levantar o plano exacto do leito da ría que había de ocupar o terraplén defendido pola coieira e que figura nos debuxos do proxecto. Fixouse o enrase daquel segundo dixemos a -3m adoptando na súa coroación o ancho de 11m18 de lonxitude co fin de proporcionar espazo para a estada deixando o tendido da coieira con noiro do 1.5 por 1.

Elixíuse co enxeñeiro acorde co contratista a procedencia das terras que se conducirían en barcas á localización do piar e aproveitando o mes de xuño e parte do de xullo últimos os máis convenientes para executar esta obra construíuse a camada inferior do terraplén, é dicir aquela cuxa coroación está enrasada a -9m, comezando por botar a coieira da contorna para evitar o arrastre das terras que se botaron despois até o enrase da camada.

O volume da coieira conducida en barcas era o mesmo que tiña na obra pero non acontece o mesmo coas terras que en parte eran arrastradas pola corrente e algunha barca non descargada dentro da contorna sinalado e non era aproveitábel”⁵⁴.

O terraplén executárase con terras escollidas e estaría defendido por unha coieira co fin de evitar arrastres do material pola corrente, e fincar nel o caixón por medio de ar

54. Íbid.

comprimido. O material para facer o terraplén foi o procedente dos depósitos de terra⁵⁵ da explanación que lle sobrara á contrata da liña férrea. No documento anterior dise que o material se atopaba depositado na praia de Suasbarras, transportárase pola ría, cargárase grazas a un espigón de cachotaría recheo de terra de 78 metros de lonxitude, para poder cargar en calquera marea.

Este espigón valorouse en 1.598,60 pesetas. Á parte valorouse o material móbil para o traslado das terras: 4 vagoneiras e 85 metros lineares de vía, aumentando en 1.625,00 pesetas o prezo. Contabilizouse o persoal (8 obreiros durante 3 e 6 días a 2 e 2,50 pesetas/día) e varios sacos de cemento para protexer a coeira das mareas, que resultaron en 107,00 pesetas. O perfil do espigón era en forma de U, coa canle central de 1,00 metro de anchura e 1,50 metros de altura, como se pode ver na seguinte imaxe.



Figura 22: Perfil do espigón

Cómpre deterse neste punto, para poder localizar a dita praia. No Nomenclátor da Xunta de Galicia⁵⁶ existen 8 entradas coa dita denominación. Todas elas atópanse na zona norte de Lugo (Viveiro, Foz, Alfoz e O Vicedo). Por mor da súa localización e da información que dan sobre a súa procedencia (sobros da liña férrea), descártanse por completo. Un dato que se inclúe máis adiante son as descargas diarias que se fan, que varían entre 1 e 6. Isto reducía a posición a un lugar dentro da ría o suficientemente preto da liña férrea como para formar un depósito de terra. Zonas destas características só se atopaban en tres lugares: Cabanas, Vizús e Sopazos, pero en ningún intre se atoparon documentos ou fontes orais que sustentaran algunha destas hipóteses. Co gallo da pescuda de información sobre obras accesorias á ponte (ver máis adiante) atopouse un plano do muro de Sopazos que sostén o terraplén da estación (na zona anterior á popularmente coñecida como “*praia do cura*”), que o denomina como Muro de Suasbarras. Destácase o feito de que esa praia se atopa inzada de pedra miúda e grandes bloques de forma cúbica cuxa orixe non parece natural. A hipótese manexada é que esa zona de Sopazos baixo a estación tiña a denominación, desaparecida no último século, de Suasbarras e que as pedras da praia serían ou puideran ser os refugallo do espigón. Así e todo, non se deu atopado unha fonte nin escrita nin oral (á parte do plano do muro) que dea pé a que esta zona se chama-

55. No orixinal emprégase a palabra “caballero”, que segundo a 9ª entrada do dicionario da RAE é: ‘Depósitos de tierra sobrante colocado al lado y en el alto de un desmonte’.

56. <http://toponimia.xunta.es/>



Figura 23: Zona final de Sopazos, baixo o muro da estación, con gran presenza de pedras



Figura 24: Pedras paralelepípedas de grandes dimensións en Sopazos

ra deste xeito. Si se atopou unha referencia a unha barra⁵⁷ de area que existía nesa zona cando a marea baixaba e que non permitía pasar a certas naves.

Volvendo á ponte de ferro, en canto ao terraplén, decidiuse aboar o metro cúbico por material cargado en barcas no canto de facer a medición final de unidade executada mediante medición e cubicación, a pesar de que podería ser problemático, como comentara o enxeñeiro, por mor da perda de material. Este aspecto tamén se indica na acta de prezos contraditorios para a cimentación do piar 1º (20 de xullo de 1906), polo que seguramente foi motivo de disputa entre a contrata e a dirección de obra. Decidiuse este xeito por medo a que o contratista puidera reclamar posteriormente alegando que as correntes levaran material que fora correctamente depositado.

De novo o proxecto reformado das cimentacións das pontes dá unha información con miudeza sobre as operacións que se levarían a cabo. Na Memoria indícase:

“No piar 1º, ao construír o castelete que fixaba o seu eixe, púidose apreciar que a capa de area enriba da rocha era de pouco espesor, porque

57. Dicionario da RAG: Entrada 7: ‘Banco ou baixo de area na desembocadura dun río, que fai perigosa a navegación’.



Figura 25: Imaxe da ponte rematada co piar 1º en primeiro plano

os pilotes non se fincaban até o punto que se construíu de ferro, e aínda así o choque dos corpos boiantes nunha avenida do ría, arrastrouna.

Non obstante puideron facerse as sondaxes que constan na folla 4ª dos planos acusando a rocha cunha gran inclinación transversal cuberta cunha capa de area de pouco espesor.

Estas circunstancias demostraban a imposibilidade de cimentar nas condicións do proxecto, e dende logo procedeuse a estudar a solución máis axeitada pódoo en coñecemento da Superioridade.

No estribo esquerdo presentouse a rocha ao descuberto, e poderá cimentarse e executarse con arranxo ao proxecto.

Piar 1º:

No proxecto supoñía chegar no caixón á ordenada de -10,50 metros cunha finca de 3,50 metros e as sondaxes no replanteamento acusan no fondo inclinacións até 0,30 e na rocha até 0,40 sendo a ordenada máxima para o cemento -12,10 precisándose escavar en rocha unha altura máxima de 3,40 metros.

A ordenada media do fondo é de -8,95 metros e o espesor da capa de area 1,17 metros.

Se nestas condicións fíncrase o caixón polos procedementos correntes, seguramente sufriría unha gran desviación, porque se apoiaría o seu perímetro sobre a rocha e sobre terra, terreos de desigual resistencia.

Estudáronse primeiramente a solución dun caixón metálico sen fondo, arriado e sostido por medio de estadas flotantes, apoiándose nun macizo de sacos de formigón, despois de escavar a area e dispor na rocha en superficies horizontais e graduadas, operacións que se farían por medio de mergulladores.

Este procedemento precisaría polo tanto das seguintes operacións:

1.- Quitar a lama e area sobre a rocha.

2.- Arranque e extracción da rocha, até formar superficies horizontais.

3.- Colocación de sacos de formigón para formar o macizo no que se han apoiar o caixón sen fondo.

4.- Construción e arriamento do caixón

5.- Recheo do caixón.

Estudemos as diversas operacións:

A escavación da area e lama será difícil porque a corrente deformará os noiros e os arrastres irán cegando a escavación, senón se defende esta, podería empregarse unha defensa de sacos de formigón que fose esvarando sobre os noiros e colocados polos mergulladores que fan a escavación, pero sempre resultará un traballo difícil, custoso e longo, pois non se pode determinar a priori o tempo e xornais que se investirán.

O arranque e extracción da rocha resultará moi custosa, haberá que traballar con barrenas de 12 metros de longo manexadas dende a superficie da auga por homes sobre barcazas, perforada no fondo e guiadas abaixo por mergulladores.

Os sacos de formigón poderán colocarse con relativa facilidade empregando mergulladores.

O caixón habería que construílo sobre unha estada boiante e arriarlle tamén con aparellos apoiados na mesma estada; esta é unha operación moi delicada e exposta se falta algunha amarra, podendo quedar o caixón fóra do seu sitio, e necesitando polo tanto rectificacións difíciles e custosas.

O recheo do caixón poderá facerse con facilidade ben empregando moxegas, ben empregando caixas, pero sempre hai o perigo de lavarse os morteiros coa corrente.

Resulta polo tanto para esta solución, unha serie de operacións difíciles, de custo inseguro e de éxito aventurado, decidíndose por estudar a solución da finca por ar comprimido, nun terraplén, defendido por coeira, dos ataques da corrente, que acada velocidades de 1,50 metros por 1", nas variantes equinocciais, e dispoño o caixón para reducir a presión sobre as terras, cando se apoie nestas e na rocha.

Os inconvenientes desta operación están xa indicados, hai que engadir a dificultade da escavación en rocha, dentro do caixón.

Estudáronse os medios para evitalas, chegando aos seguintes resultados:

Para a escavación en rocha basta dar maior altura á cámara de traballo, e deste xeito os operarios poderán manexar facilmente a maza e o pistoleta, para este traballo basta unha altura de 2,50 m

Esta maior altura permite ademais coser ás cartelas do caixón máis zapatas de ferro, que sosteñen taboleiros horizontais apoiándose sobre as terras, aumentando a superficie de contacto e diminuindo a presión por centímetro cadrado, e polo tanto a tendencia á finca rápida do caixón no terraplén e nas terras conque se chegue á rocha,

Os taboleiros son curtos (de cartela a cartela), están suxeitos con parafusos ás zapatas deste xeito ao chegar á rocha, poden quitarse os que estorben para a escavación desta, deixando que o caixón apoie só por un bordo, mentres que na parte da terra apoia sobre aqueles, evitándose deste xeito desviacións probábeis.

Cando se finca un caixón, hai que engadir tubos de cheminea, levantando o sax e reducindo a presión á atmosférica dentro da cámara; ao facer esta operación a auga penetra con violencia arrastrando terras en gran cantidade dentro da cámara, é dicir que ao reiniciar a finca aparezan máis terras que as que debía haber.

Este fenómeno puidera dar lugar a unha inclinación do caixón, ao chegar á rocha, e pode evitarse, colocando na cheminea unha comporta que peche de abaixo a arriba, deste xeito, na cámara non se reduce a presión, se se pecha ao engadir un tubo de cheminea.

Todas estas precaucións adoptáronse na finca de caixóns en lamaz noutras pontes, de xeito que están sancionados pola práctica, tendo ademais a vantaxe de poderse formar un orzamento moi aproximado do custo das obras que na primeira solución como xa indicamos antes, é moi difícil determinalo a priori.

Todas estas razóns decidíronnos polo segundo sistema, que imos detallar.

As terras para formar o terraplén atópanse próximas ás obras, nos depósitos de terra sobrantes, da explanación da liña, de moi boa calidade, arxilosa e pedregosas, a propósito, para resistir o arrastre das augas e con pouco asentamento na súa consolidación.

Para determinar o volume aproximado do terraplén levantouse con detalle nun plano acoutado do fondo da ría, que se presenta na folia correspondente, determinándose os perfís transversais e a zona que ocupará a súa planta

O caixón proxectouse cunha anchura de 4,50 metros, unha lonxitude de 11,30 metros e unha altura de 2,50 metros; con estas dimensións quedarán bermas nos cimentos de 0,64 e 0,44 metros, suficientes para corrixir calquera desviación pequena do caixón”⁵⁸.

58. Proyecto reformado de las cimentaciones de los puentes de Lambre, Bañobre, Puente de Neda. Memoria. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1906. AXA.

A seguir indícanse os cálculos que se fixeron para proxectar o caixón. Logo faise unha descrición da operación de finca:

“Unha vez construído o terraplén, construírse a estada e armarase o caixón, colocando os taboleiros das zapatas; arriarase este, reenchendo co formigón o espazo entre cartelas e construírse parte do cimento, colocando a cheminea e o sax.

Comezará a finca tendo especial coidado que o caixón se apoie sobre o terraplén, por intermedio das zapatas, para que non baixe rapidamente, e diminuindo lentamente a presión dentro da cámara cando se verifique un descenso; ao colocar os tubos de cheminea, operación na que se invisten de 5 a 6 horas, pecharase a comporta, evitando un descenso rápido do caixón, e remoción das terras sobre que se apoia.

Ao chegar á rocha, apoiarase sobre elas, por intermedio do anel cortante, e nas terras polos taboleiros, podendo quitar os que estorben para arrancar a rocha; a escavación deste farase deixando un folgo de 0,10 metros pola parte exterior co obxecto de diminuír o rozamento, e igualarlle no posíbel á resistencia das terra”.




Figura 26: Representación do caixón empregado no piar

As operacións para botar a terra estaban marcadas por unha serie de pilotes que marcaban a coroación teórica do terraplén. Ademais na marxe esquerda da ría e paralelamente ao eixe lonxitudinal do piar, colocáronse 2 traveseiros de madeira de 40 m de lonxitude separados 10 m entre si, a unha cota dun metro sobre a preamar por medio de pés dereitos de madeira, unidos á rocha da beira por macizos de cachotaría hidráulica. Nos traveseiros marcouse o eixo transversal do piar e as coroacións transversais das diversas

camadas do terraplén e por medio de arames que pasaban polas referencias correspondentes medíase a distancia exacta para a coroaición lonxitudinal da mesma camada amarrando entón a barcaza preparándoa para descargar.

O transporte do material facíase con 4 barcazas con cabida de 6, 7,5, 8 e 9 metros cúbicos de terra. Cada patrón recibía como xornal 10, 12, 14,25 e 14,25 pesetas, respectivamente. O xeito de medir o volume a bordo de cada barcaza foi cargalas cunha cantidade coñecida e marcar cunha liña vermella a liña de flotación. Un empregado da Administración levaba nota das viaxes e cantidades de cada barcaza de xeito diario, ao que o contratista daba a conformidade diariamente.

A coeira botouse dende febreiro até xullo e a terra dende abril a xullo de 1906. Grazas ao detallado documento das cubicacións, sabemos o nome dos patróns que participaron na execución das obras: Antonio Pérez, Ramón Piñeiro, Juan Nodar del Río, Antonio Vázquez, Bernardo Nodar e Miguel Piñeiro, así como os días do mes nos que traballaron e as viaxes e metros cúbicos transportados. As viaxes variaban entre 1 e 3 ao día para a coeira e entre 1 e 6 ao día para o terraplén.

Executáronse unha serie de camadas para poder coller experiencia, empregando 5 días e un total de 315 metros cúbicos (63 metros cúbicos diarios). Estimouse unha perda de material do 35%. Os cálculos que se fixeron tiraban un total de 65 días para a execución do terraplén, incluída a coeira. Tendo en conta as condicións e a localización da ría, fixouse un prazo de 90 días. Como se poderá ver a continuación, o prazo total foi de 5 meses pero posibelmente debido a un mal cálculo das tarefas de carga e descarga que por mor do mal tempo, pois habida conta da cantidade de viaxes que se fixeron mensualmente, poderíase estimar que a primavera e o verán de 1906 foron especialmente suaves.

No seguinte cadro amósanse as viaxes de cada barcaza en cada mes que duraron as obras, así como a cantidade de material que levaron:

Terra				Coeira			
	Viaxes	Tipo barcaza	M³		Viaxes	Tipo barcaza	M³
abril 1906	28	9,00	252,00	febreiro 1906	1	8,00	8,00
	8	5,00	40,00		2	9,00	18,00
	20	8,00	160,00	marzo 1906	10	8,00	80,00
	6	7,50	45,00		10	9,00	90,00
	28	9,00	252,00	abril 1906	5	8,00	40,00
maio 1906	25	5,00	125,00		5	9,00	45,00
	23	8,00	184,00		6	9,00	54,00
	24	7,50	180,00		8	7,50	60,00
	4	7,50	30,00	maio 1906	14	8,00	112,00
	6	7,50	45,00		14	9,00	126,00
xuño 1906	22	9,00	198,00		13	9,00	117,00
	11	5,00	105,00		10	7,50	75,00
	19	8,00	152,00	xuño 1906	11	8,00	88,00
	20	7,50	150,00		11	9,00	99,00
	21	7,50	157,50		10	9,00	90,00
xullo 1906	8	7,50	60,00		7	7,50	52,50
	13	9,00	117,00	xullo 1906	10	7,50	75,00
	7	5,00	35,00		5	8,00	40,00
	12	8,00	96,00		152		1.269,50
	17	7,50	112,50				
	330		2.496,00				

Táboa 10: Movements de terras e coeira mensuais de cada una das barcazas segundo o seu peso

Resumindo o proceso, o plan de traballo sería o seguinte:

1. Creación dun terraplén na localización do piar.
2. Posicionamento do caixón enriba do terraplén.
3. Inxección de ar comprimido no caixón e escavación até cota de rocha.
4. Continuación da escavación mediante nivelacións axeitadas do caixón na zona da terra en relación á zona de rocha.
5. Escavación até cota final.
6. Recheo con material hidráulico e posterior ascenso e execución da cimentación do piar.
7. Execución do fuste do piar fóra da auga.

Segundo se pode ver na acta da *Junta Consultiva* do Ministerio de Fomento do 28 de abril de 1898, o enxeñeiro propón que se constrúan pontes provisionais de lonxitude axeitada para que os obreiros e o material podan acceder dende terra ás estadas que se situarían nos piares. Estas atópanse nos orzamentos de ambos piares, a razón de 1.966,00 pesetas. Nas fotografías das figuras 11 e 17 pódense ver claramente dende os estribos até o piar. A primeira idea que se tivera fora a de empregar gabarras ou chalanas para trasladalos aos devanditos estadas, que estarían construídos na localización dos piares, pero por medo a que o estado da mar impedise facelo decote apróbase construír esas pontes.

Piar 1	Fundacións							70.623,25
	Terraplén	2.596,65	M³	2,65	Pts.	6.881,12	Pts.	
	Coeira	1.269,50	M³	9,66	Pts.	12.263,37	Pts.	
	Cachotaría en seco	233,36	M³	8,00	Pts.	1.866,91	Pts.	
	Escavación ar comprimido até 5m	234,43	M³	36,00	Pts.	8.439,30	Pts.	
	Escavación ar comprimido 5-10m	217,55	M³	41,00	Pts.	8.919,39	Pts.	
	Escavación ar comprimido alug.	451,97	M³	5,00	Pts.	2.259,86	Pts.	
	Formigón hidráulico en ar comp	122,32	M³	53,00	Pts.	6.483,17	Pts.	
	Madeira	0,94	M³	80,00	Pts.	75,28	Pts.	
	Cachotaría ordinaria hidráulica	256,30	M³	17,50	Pts.	4.485,32	Pts.	
	Formigón hidráulico	19,10	M³	24,00	Pts.	458,33	Pts.	
	Aceiro en pranchas	27,54	TN	600,00	Pts.	16.525,20	Pts.	
	Estadas	1,00	UD	1.966,00	Pts.	1.966,00	Pts.	
Corpo								10.654,92
Cachotaría ordinaria hidráulica	171,43	M³	17,50	Pts.	2.999,96	Pts.		
Cachotaría concertada hidráulica	78,27	M³	22,50	Pts.	1.760,99	Pts.		
Perpiaño desbastado hidráulico	3,42	M³	72,50	Pts.	247,95	Pts.		
Perpiaño recto hidráulico	5,17	M³	87,00	Pts.	449,36	Pts.		
Perpiaño apatroado hidráulico	53,57	M³	97,00	Pts.	5.196,68	Pts.	81.278,17	

Táboa 11: Orzamento descomposto do piar 1º

Nos orzamentos descompostos obsérvase como o terraplén (21.011,44 pesetas, case un 26%) e a escavación mediante ar comprimido (19.619,15 pesetas) representaron a metade da execución do piar. Neste caso, como a profundidade era menor que no piar 2º, esa diferenza compensouse co terraplén, polo que apenas hai unha diferenza de 7.768,39 pesetas.

TREITOS METÁLICOS

Contrariamente ao que se puidera agardar, os tramos metálicos da ponte foron os menos problemáticos. De feito non aparece ningunha mención expresa a problema ningún durante a execución dos mesmos. Para poder entendelo, cómpre reparar na contratista da obra e debullar nas súas orixes para poder coñecer o seu currículo e poderase explicar por que a parte metálica da ponte non tivo apenas repercusión na historia da construción da ponte.



Figura 27: Detalle do treito metálico central

Lémbrese que a adxudicación das obras das pontes fixérase o 22 de marzo de 1903, obtendo a contrata a *Sociedad de Material de Ferrocarriles y Construcciones de Barcelona*. Esta sociedade non era novel na industria ferroviaria. Foi unha empresa metalúrxica de construción de material ferroviario que se fundou en 1881 e cuxo inicio foi a unión de tres ferreiras. O resultado foi coñecido como *Can Girona* ou *Forjas de Can Girona*, e estaban situadas en El Poblenou, en Barcelona. O apelativo Girona provén do apelido dos irmáns fundadores (Casimiro e Ignacio Girona i Agraphell), que xestionaban as anteditas ferreiras. Os Girona eran unha familia moi vencellada á industria metalúrxica, pois outro dos irmáns, Jaime, foi un dos fundadores da empresa *Sociedad Altos Hornos y Fábricas de Hierro y Acero de Bilbao*, posteriormente *Altos Hornos de Vizcaya, S.A.* Outro dos irmáns, Manuel, foi presidente da *Compañía del Camino de Hierro del Norte* (liña Barcelona – Granollers), e promotor do ferrocarril entre Zaragoza e Barcelona, en 1852. Isto motivou que *Can Girona* se adicara ao material ferroviario, primeiramente sobre deseños alemás e ingleses e logo con deseños de seu. En 1859 comezan a medrar e a absorber diferentes empresas e obradoiros dedicados á fabricación de vagóns, coches, carros, material fixo, etc... até que en 1881 fundan a sociedade. A dita corporación estaba



Figura 28: Placa da *Sociedad de Material de Ferrocarriles y Construcciones de Barcelona* na ponte de ferro

formada por unha serie de accionistas e varios bancos ademais de varias participacións inglesas e francesas.

En 1947 o presidente da sociedade (Juan Girona i Vilanova, fillo de Ignacio) vén-dea á valenciana *Construcciones Devis, S.A.*, pasando a chamarse *Material y Construcciones, S.A. (MACOSA)*. En 1989 a compañía convértese en *Mediterránea de Industrias del Ferrocarril, S.A. (MEINFESA)*. En 1993 mércaa a multinacional francesa *GEC-Alsthom*. Finalmente, en 2005, forma parte de *Vossloh España*, do grupo *Vossloh*.

Con esta bagaxe e o posterior desenvolvemento da empresa non é difícil saber que a contratista era unha experta na execución e montaxe de pontes metálicas.



Figura 29: Derradeira fase de construción, onde se aprecian as pontes provisionais baixo a ponte. Detalle

A contrata tiña que cumprir unha serie de requisitos no tocante aos materiais metálicos que se se presentaban no prego correspondente. En 1903 faise un resumo que indica o seguinte:

“ ...

Artigo 17 – Pontes metálicas. Ferro fundido.

O ferro fundido será de segunda fusión e de superior calidade e haberá de presentar na súa fractura gran gris, fino e heteroxéneo, sen fendas nin venteaduras na súa textura nin falla de ningunha especie que poda alterar as resistencias ou a boa forma das pezas.

Estas deberán de atoparse ben moldeadas e as superficies de contacto das pezas que tiveran que unirse invariabelmente unhas coas outras, así como as das que deban esvarar unhas sobre outras, cepillaranse ou tornearanse a máquina de xeito que as unións se fagan perfectamente no primeiro caso e que no segundo podan moverse as pezas con facilidade.

A fundición non debera romperse por esmagamento baixo unha carga de sesenta e cinco quilogramos por milímetro cadrado de sección e deberá resistir sen alteración algunhas unha carga de dezaseis quilogramos tamén por milímetro cadrado de sección.

Artigo 18 – Palastro e ferro forzado para pontes

O palastro así como o ferro forzado de diferentes formas que se empregue nas pontes será doce, maleábel en frío e en quente, de gran fino e homoxéneo, perfectamente laminado e de superficie ben limpa non debendo presentar ocos nin sinais de incrustación, na masa de óxidos, escuras nin outros corpos estraños.

Todo o ferro forxado haberá de resistir a un esforzo de fractura por tracción de trinta quilogramos asemade por milímetro cadrado, sen experimentar alteración”.

No tocante aos remaches e porlóns:

“Artigo 19 – Ferro para remaches

Os ferros para remaches deberán ser sometidos ás probas seguintes:

1º.- Para asegurarse da resistencia transversal, os extremos dos ferros dobraranse até formar co resto da peza un ángulo de corenta e cinco graos e volveranse a enderezar en frío, sen que presenten indicios de fractura nin outra clase de alteración.

2º.- Para comprobar a resistencia do remache, farase un experimento unindo dúas pezas en quente e o ferro dos remaches deberá estenderse uniformemente sen que se desprenda ningunha parte do material.

Feito o remachado, as cabezas non deberán desprenderse, calquera que sexa o esforzo e choques que experimenten, arredor dos remaches, as pezas remachadas.

Artigo 20 – Ferro para porlóns

O ferro para os porlóns someteranse á primeira das probas que para os remaches(...).

Despois de fabricados os porlóns elixiranse algúns deles para sometelos a outra proba que consistirá en curvar os porlóns sobre a zafra en frío até rompelo para asegurarse de que o material non é quebradizo e que presenta unha fractura conveniente.

Artigo 21 – Aceiro

O aceiro que se empregue nos treitos metálicos será extradoce de temperado escaso, de gran ben formado, sen conter fósforo, xofre nin outra impureza ningunha que o faga quebradizo, resistirá unha carga de rotura a tracción polo menos de corenta quilogramos por milímetro cadrado, nas varas de 200 mm de lonxitude, o seu alongamento antes da rotura será polo menos de 24 % e o seu límite de elasticidade non será en ningún caso inferior a 26 quilogramos por milímetro cadrado”.

Xa se comentou que no obradoiro da empresa había un técnico da obra encargado de pesar e someter a ensaios os elementos que se enviaban á obra. Algúns dos ensaios aos que se someteu o aceiro para o treito central da ponte foron as seguintes⁵⁹:

Nº	Unidade	Carga de rotura (Kg/mm2)	Alongamento por % ⁶⁰
1	Cabeza vigas principais	44,5	25,0
2		48,4	21,0
3		47,3	24,0
4	Diagonais vigas principais	48,1	21,0
5		44,5	24,5
6	Vigas transversais	42,5	29,0
7		45,4	22,5
8	Traveseiros	42,7	27,5
9		44,7	21,0

Táboa 12: Resultado das probas no obradoiro do material metálico

Á vista do artigo 20 anterior, todas as mostras cumpren o criterio de rotura e case a metade non sobrepasan o 24% de alongamento antes de rotura. Na referencia a un escrito na Memoria, existen diferenzas con respecto a outras probas anteriores que o

59. Puentes metálicos. Datos para la liquidación. Documento 1. Memoria. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1914. AXA.

60. Os ensaios facíanse sobre barras de 200 mm.

Enxeñeiro encargado da inspección xustifica por ter feito as probas mediante carga lenta, estacionándoa lixeiramente ao chegar ao límite de elasticidade, sendo os anteriores probas mediante carga directa elevándoa rapidamente até carga de rotura.

En canto á xeometría da ponte, consta de 3 vans metálicos de 40,32 m, 69,65 m e 40,30 m. As distancias entre os apoios de cada treito son: 39,70 m, 68,89 m e 39,70 m ás que habería que incluír o paso do Areal, con 5,36 m. A separación entre cada van metálico enriba dos piares é de 35 cm. As luces entre piares son de 37,82 m, 67,35 m y 37,82 m. A lonxitude total é de 150,97 m en alíñación completamente recta, cunha pendente do 2%, de tal xeito que a diferenza entre a entrada da ponte en Pontedeume e a saída en Cabanas é de 3,02 m.




Figura 30: Lonxitudes lonxitudinais da ponte

Posúe unha xeometría lonxitudinal parabólica feita mediante vigas inferiores formadas por palastros (dúas no caso do tramo central e unha no caso dos laterais) con celosías en Cruz de San Andrés (no treito central existen 14 ocos onde se instalaron estas celosías e 8 ocos no tocante aos laterais). A forma parabólica faise mediante a disposición de vigas de directriz recta coa orientación axeitada nas zonas superiores, na parte inferior tamén posúe un entretecido de celosías en cruz e ambos alzados están arrostrados mediante vigas trianguladas.

As pontes con tipoloxía de arco en celosía tiveron un gran desenvolvemento a mediados do século XIX e continuaron a ser empregados durante o século XX. O cerne deste tipo de solucións é ter unha serie de elementos que actúan unicamente a tracción ou compresión, evitando esforzos perpendiculares á directriz das seccións. Son un tipo de estruturas lixeiras que aforran moito material e que adoitan ser doadas de construír; polo tanto, son tamén económicas.

Ao longo da historia empregáronse diferentes solucións patentadas, como as celosías tipo Town (1820), tipo Howe (1840), tipo Pratt (1844) ou tipo Whipple (1841). Nun principio empregábanse madeira e ferro ou fundición, mais posteriormente toda a estrutura estaría formada dun único material: o ferro. A celosía tipo Town presenta series de vigas perpendiculares unhas a outras, creando unha serie de celas; a Howe presentaba



Figura 31: Vista de celosías laterais da ponte e riostas superiores (sup) e celosías inferiores (inf)

montantes verticais (sometidos a tracción) e diagonais a compresión e a viga Pratt é unha celosía que inverte as diagonais da anterior. De feito é unha innovación da Howe, pois esta solución é máis eficiente. Ademais vense empregando a cotío para diferentes estruturas en celosía. A celosía tipo Whipple amosa unha variación con respecto ás outras: o cordón superior ten forma de arco e o inferior continúa a ser recto, recollendo os esforzos a tracción dos empuxes do superior. Aínda que un deseño semellante xa o tiña presentado o inglés Robert Stephenson anos antes, a patente presentouna o estadounidense Squire Whipple (posteriormente presentaría outra patente onde o cordón superior era horizontal). A súa nomenclatura inglesa é *bowstring*, o que amosa a súa semellanza cun arco de flechas: a corda recolle os esforzos da parte curva (lémbrese que non é estritamente curva, senón poligonal). Existiron unha gran cantidade de solucións, algunhas moi rechamantes como a viga Bollman ou Haupt.



Figura 32: Vigas tipo: Howe, Pratt, Bowstring e Bollman


As primeiras pontes en celosía de Europa construíronse en Irlanda nos anos 40 do século XIX e na década seguinte xa existían na Europa continental, nomeadamente en Suíza ou Alemaña. De xeito habitual empregábase a celosía tipo Town.

Nos planos seguintes amósanse as seccións dos treitos laterais, á esquerda, e o central, á dereita. En cada unha das seccións amósase á esquerda a sección da zona central (cunha altura de 6,75 m nos treitos laterais e de 8,00 no central) e á esquerda na cabeza do treito (cunha altura de 3,90 m en todos os tramos). Na parte inferior móstrase o apoio dos piares situados a 65 centímetros.

Ten dúas seccións claramente diferenciadas: a dos tramos laterais e a do tramo central. En todo caso a separación entre vigas inferiores lonxitudinais é de 5,20 m. Cada un dos treitos ten unha forma parabólica que se acada mediante vigas de directriz recta con diferentes inclinacións ao longo das unións nas cabezas.

Debido a diferentes actuacións posteriores de procesos de mantemento, na época de construción da ponte non existían as zonas de reforzo remachadas na unión das vigas inclinadas, nin tampouco nas unións das cabezas destas vigas coas transversais, como se pode ver na seguinte imaxe.

Cada vez que se remataba un dos treitos asinábase por parte do contratista e do enxeñeiro unha folla coas pesadas correspondentes a cada un deles coa data correspondente. Deste xeito pódese saber a data aproximada do remate de cada un dos treitos e do



Figuras 33: Seccións dos treitos laterais e central, na parte central e inicial de cada un deles



Figura 34: Treito dereito completamente rematado

prazo de execución dos treitos metálicos. Segundo estas pesadas, a ponte remataríase nun espazo de 14 a 16 meses, dende febreiro de 1906 a maio de 1907. Os materiais principais que se empregaron foron aceiro, fundición e chumbo. O total nos tres treitos máis o paso do Areal foi de:

Aceiro	192.425 Kg
Parafusos e remaches	900 Kg
Fundición	11.885 Kg
Chumbo	839 Kg

Táboa 13: Peso do material metálico

	Paso do Areal	Treito nº 3	Treito nº 1	Treito central
Aceiro	2.083	44.892	45.145	100.305
Parafusos e remaches	25 ⁶¹	170	175	460
Fundición	628	2.920	2.937	5.400
Chumbo	12	230	247	350
Data de sinatura	maio de 1906	xullo de 1906	xaneiro de 1907	maio de 1907

Táboa 14: Pesos asinados en actas de cada treito

No seguinte cadro amósanse as porcentaxes de cada un dos treitos en relación ao material. Pódese ver que os treitos 1 e 3 son moi semellantes, o que é normal, considerando que teñen case as mesmas dimensións.

	Paso do Areal	Treito nº 3	Treito nº 1	Treito central
Aceiro	1,08	23,33	23,46	52,12
Parafusos e remaches	10,55	18,88	19,44	51,11
Fundición	5,28	24,56	24,71	45,43
Chumbo	1,43	27,41	29,43	41,71

Táboa 15: Porcentaxes de peso de cada material no total de cadanseu treito

Á parte fixéronse pesadas de material complementario (porlóns, grampas, trave-seiros, ángulos, ménsulas, planos, suplementos, etc.) a partir de agosto de 1907, de trabal-os posteriores nos treitos metálicos.

O aceiro e a fundición teñen os mesmos compostos, pero a diferenza que existe entre ambos é a porcentaxe de carbono que varía entre o 0,03% e o 1,76% no aceiro e entre 1,76% e 6,67% na fundición. A dita variación conséguese no proceso de fabricación dos mesmos nos altos fornos. A fundición é un material máis duro e resistente á corrosión, máis doado de mecanizar e atura mellor os trocos de temperatura que o aceiro. Por isto empregouse nos aparellos de apoio da ponte, en forma de placas. O chumbo empregouse tamén unicamente como prancha de apoio dos apoios nos piares e estribos. Os ditos apoios eran nunha parte fixos e noutra móbiles, de xeito que puideran moverse lonxitudinalmente e absorber as deformacións debidas ás dilatacións ou contraccións e ás cargas dinámicas que o ferrocarril imprimiría na ponte. Os apoios fixos estaban compostos de 4 elementos: placa superior e inferior de fundición, unha rótula de aceiro e unha prancha de chumbo de apoio. O peso total de cada apoio fixo completo era de 865 quilogramos correspondente a un treito lateral e os do treito central era de 1.560 quilogramos cada un. O

61. Neste caso empregáronse 70 Kg de remaches que sobran da ponte de Betanzos, pero ao estar contabilizados naquela ponte non se inclúen na listaxe da de Pontedeume. No tocante aos tres treitos principais, a folla de pesadas indican no canto de remaches, arandelas.

apoio móbil constaba de 6 elementos: placa superior e inferior de fundición, unha rótula e un xogo de sectores oscilantes de aceiro, unha placa sobre sectores de fundición e unha prancha de chumbo de asentado. O peso de cada un dos apoios móbiles dos treitos laterais era de 1.235 quilogramos e dos centrais 2.360 quilogramos cada un. Obsérvase na figura 35 como o apoio fixo ten unha estrutura triangular que se ancora na coroación do piar directamente, mentres que o apoio móbil se apoia nunha chapa intermedia que permite o desprazamento. Cómpre indicar que para un mesmo treito a un apoio móbil contraponse dous a dous un apoio fixo. Porén no estribo esquerdo existirán dous apoios móbiles correspondentes aos apoios fixos que se observan á esquerda da imaxe. A zona circular (cilíndrica en realidade) é a rótula que permite o xiro da estrutura.

No documento de liquidación da ponte⁶², tense unha listaxe do material total empregado, cos pesos



Figura 35: Apoios fixo (1º e móbil (2º e 3º) no piar 1º e asentado dos mesmos

62. Puentes metálicos. Datos para la liquidación. Medición. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1914. AXA.

de cada un deles. Neste caso o material auxiliar e complementario atópase incluído, polo que a diferenza do cadro anterior é substancial, sobre todo nalgunha das unidades. Ademais, neste caso non se fai distinción entre treitos 1 e 3 e faise a medición sobre un deles e multiplícase por dous. No seguinte cadro vense as medicións finais (en quilogramos os elementos metálicos e a madeira en metros cúbicos) que se incluíron na acta de liquidación da ponte:

	Paso do Areal	Treito nº 1 e 3	Treito central
Aceiro	3.284	150.868	193.415
Fundición	644	5.920	5.500
Chumbo	20	520	360
Madeira	800	12.000	11.000

Táboa 16: Medicións finais de cada material empregado nos treitos metálicos

O total foi de:

	Ponte sobre o Eume
Aceiro	347.567
Fundición	12.064
Chumbo	900
Madeira	23.800

Táboa 17: Medicións finais de cada material empregado no total da ponte

A proporción de cada material (en quilogramos) por metro linear de ponte, en cadanseu treito vén dada pola seguinte táboa:

	Paso do Areal	Treito nº 1 e 3	Treito central
Aceiro	612,69	1.870,42	2.776,96
Fundición	120,15	73,39	78,97
Chumbo	3,73	6,45	5,17
Madeira	149,25	148,77	157,93

Táboa 18: Quilogramos por metro linear de ponte en cada un dos treitos metálicos

Este documento dá información tan detallada que mesmo se contabilizan os remaches da ponte. Nese intre, a ponte contaba con 287.428 cabezas de porlóns divididas en: 74.218 en cada un dos tramos laterais, 1.300 no paso do Areal e 137.692 no treito central. Hai que reparar en que nesa época e para pontes de luz tan ampla empregábanse vigas armadas, de alma chea ou trianguladas. As vigas armadas constan dun palastro vertical (chapa procedente dun proceso de laminación), catro angulares e dúas táboas.

A unión mediante remaches formaba algo semellante a un perfil metálico actual en forma de I. Para obter rixidez, empregábanse montantes cada poucos metros⁶³. O principal palastro da parte central ten unha lonxitude de 69,644 metros, sendo unha chapa de 600x9 (existen dous, un a cada lado). En canto aos treitos laterais constan de dous palastros de 40,280 metros, con medidas 600x11.

Ademais existe unha diferenza apreciable nas celosías do treito central ao respecto das dos laterais, e é que neste as celosías están compostas á súa vez de vigas en celosía, que cómpren máis remaches.




Figura 36:
Vigas formada
por palastros
vertical e horizontal
con dous ángulos
remachados

O emprego de remaches foi común na fabricación de pontes metálicas, mesmo hoxe en día tamén se adoita facer. O xeito de facer o remachado era o seguinte: introducíase o porlón cunha única cabeza polos buratos feitos para o efecto nos palastros e posteriormente a parte sen cabeza deformábase dende a outra parte da unión até darlle a forma axeitada. Neste caso o porlón funciona a cizalladura. Outro xeito sería quentar o porlón de xeito que se dilate, introducilo polo burato e axustalo polo outro lado; unha vez que se arrefríe, tenderá a contraerse e unir mediante compresión as chapas que une.

Posteriormente, en operacións de mantemento e conservación, empregaríanse porcas hexagonais para unir as cartelas de reforzo nas zonas correspondentes.



Figura 37: Vigas verticais onde se poden ver os porlóns do remachado (esq) e zona de remaches⁶⁴ (der)

63. TOUS Y CAZE, N.; *Puentes metálicos*. 1909.

64. A zona remachada pertence á montaxe orixinal da ponte, os outros elementos de suxeición (os parafusos coas porcas hexagonais) son posteriores e froito dunha posterior obra de mantemento e reforzo. Pódense ver as diferenzas existentes sobre todo nas zonas de unión entre a ponte orixinal (figura 34) e a ponte actual.

A seguir amósase o orzamento correspondente, as variacións que poden existir entre os datos anteriores son froito de pesadas complementarias de material.

Treitos metálicos	Aceiro							203.677,80
	Aceiro extradoce en barras	310,93	TN	600,00	Pts	186.557,40	Pts	
	Para pisos	12,56	TN	600,00	Pts	7.534,80	Pts	
	Para ménsulas	0,47	TN	600,00	Pts	280,20	Pts	
	Para prancha estriada	15,51	TN	600,00	Pts	9.305,40	Pts	
	Varios							7.929,51
	Fundición pranchas e varandas	11,26	TN	400,00	Pts	4.502,80	Pts	
	Chumbo para pranchas	0,83	TN	1.250,00	Pts	1.033,75	Pts	
	Madeira para piso	29,91	M	80,00	Pts	2.392,96	Pts	
211.607,31								

Táboa 19: Orzamento descomposto dos tramos metálicos

No apartado de Medios Auxiliares, a unidade denominada “*ponte para chegar a piares*” pódese ver claramente na figura 29.

Medios	Estadas e pontes accesorias							20.640,00
	Ponte para chegar a piares	80,00	ML	129,00	Pts	10.320,00	Pts	
	Estadas execución piares estribos	80,00	ML	129,00	Pts	10.320,00	Pts	
	Auxiliares							
								20.640,00

Táboa 20: Orzamento descomposto dos medios auxiliares

Do mesmo xeito que cos estribos, o paso do Areal incluíase como capítulo á parte no treito metálico:

Treitos metálicos	Aceiro							1.940,40
	Aceiro extradoce en barras	2,11	TN	600,00	Pts	1.264,80	Pts	
	Para porlóns varandas	0,01	TN	600,00	Pts	7,20	Pts	
	Para prancha estriada	1,11	TN	600,00	Pts	668,40	Pts	
	Varios							474,20
	Fundición pranchas e varandas	0,95	TN	400,00	Pts	379,20	Pts	
	Chumbo para pranchas	0,01	TN	1.250,00	Pts	15,00	Pts	
	Madeira para piso	1,00	M	80,00	Pts	80,00	Pts	
2.414,60								

Táboa 21: Orzamento descomposto do treito metálico do paso inferior do Areal

OBRAS ACCESORIAS

Durante as tarefas de desenvolvemento deste traballo acháronse algúns datos que non se enmarcan exactamente dentro do tema da ponte de ferro, pero que poden ser interesantes. A seguir preséntanse varias obras que, se ben non foron feitas pola contrata da ponte e si pola da liña, acompañan a esta ou poden ser interesantes para os veciños da comarca.

O segundo orzamento reformado⁶⁵ de 1906 fai mención a un muro na praia de Sopazos, que pasa por ser o de maior importancia da 2ª sección do trazado. Segundo se explica “... *tentéáronse diversas solucións, buscando a maior economía e por último adoptouse a solución de elevalo até a rasante, na zona na que máis se metía a praia na aba e o resto de pé...*”. Máis adiante indícase que “... *Os espesores do muro deducíronse tomando como espesor medio na metade da súa altura o terzo da mesma, para os perfís que chegan á rasante*”. Para os muros que non cumprían isto empregábase unha fórmula matemática en función da carga aturada e da altura. Este dimensionamento era superior ao esixido pola propia altura de seu, polo que se decidiu mantelos por mor da forte carga exercida polas terras e da altura do terraplén, que non era de moi boa calidade. Así e todo, posteriormente, prodúcese un movemento no muro por culpa do filtrado de augas subterráneas e por un antigo cano de saneamento. Para solucionar isto, creouse unha gabia superior ao terraplén e reforzouse o muro cun contraforte de 2 metros de espesor por 3 de altura, dando unha berma de 0,50 metros aos cimentos, executándoo con material hidráulico para maior seguridade. O cano que se instalou era unha tubaxe cadrada de 0,80 metros de altura e 0,50 metros de anchura. A altura do muro é de 7,00 metros e o cano desauga a 0,80 metros da zapata.

O plano do proxecto denomina ao muro de Sopazos: Muro de Suasbarras, que como se viu no apartado dos piares, nomeadamente do piar 1º, foi importante á hora de executalos. Xúntanse fotografías do muro na actualidade, totalmente comesto pola vexetación e que fixo imposíbel a localización da canalización comentada no parágrafo anterior.

Como curiosidade inclúese tamén o que se di do pontón de Centroña, que actualmente dá acceso á praia, a carón da igrexa parroquial. Indícase que xa estaba rematado nese ano de 1902 e que:

“... dá paso a unha pequena corrente de auga que nace nunha fonte inmediata e a unha encrucillada de camiños, das moitas que existen na locali-

65. Memoria do 2º Presupuesto reformado de las obras de explanación y fábrica. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1906. AXA.



Figura 38: Acceso dende a parte inferior e remate superior do muro de Sopazos, xa na estación

dade, ademais é sitio moi frecuentado por celebrarse na pequena praciña, na que está situada a obra unha das romarías máis concorridas do país⁶⁶. Estas razóns movéronnos a construír cuberto o leito de regato e dar á obra 6 metros de luz, coas aletas en volta para facilitar o acceso dos camiños... ”.



Figura 39: Vista anterior e posterior do pontón de Centroña

O regato vai canalizado por unha tubaxe cadrada soterrada pola beira dereita do pontón en dirección á praia de 1,50 metros de altura e 0,75 metros de ancho, a unha profundidade de 0,50 metros. As dimensións do pontón son: 7,00 metros de altura, cunha parte vertical recta de 4,00 metros e unha anchura de 6,00 metros. Actualmente e debido ao paquete de firme e demais obras posteriores, a altura do pontón é de 6,30 metros. O ancho da rosca de perpiaños é de 45 centímetros. En comparación co pontón de Cabanas, situado no antigo camiño dende A Madalena a San Martiño de Porto, ambos son moi semellantes, pois este último ten 6,50 metros de altura e 3,00 metros de ancho, sendo o ancho da rosca de perpiaños de 50 centímetros. Por mor da construción da estrada e para

66. Case con total seguridade trátase da romaría que se facía cunha cruz dende Ombre a Centroña, na festa da Ascensión. Unha semana despois, na festa do Espírito Santo, devolvíanlleva os veciños de Centroña aos de Ombre noutra romaría.



Figura 40: Vista anterior e posterior do pontón de Cabanas

salvar a gran pendente existente, hoxe en día ten unha altura media de 3,20 metros.

En agosto de 1908 preséntase un documento vencellado ás expropiacións no Concello de Pontedeume. Nel o perito do Estado, D. Saturnino Feal, e o enxeñeiro encargado D. José de Aguinaga, presentan os planos e as valoracións das expropiacións forzosas por causa de utilidade pública. Os planos están datados en 15 de nadal de 1906. En lonxitude de 50 metros dende a costa, na zona de Pontedeume os expropiados son: Narciso Varela (parcela nº 376 na zona do varadoiro) e Ramona Punín (parcela nº 373).



Figura 41: Botadura dun barco no varadoiro

RESUMO ORZAMENTARIO FINAL

Preséntase o resumo final do orzamento en funcións dos datos presentados neste capítulo:

PONTE	ESTRIBO ESQUERDO	17.117,27	3,55 %	82.556,15	17,14 %	95,78%
	ESTRIBO DEREITO	65.438,88	13,59 %			
	PIAR 1	81.278,19	16,88 %	154.787,96	32,14 %	
	PIAR 2	73.509,77	15,26 %			
	MEDIOS AUXILIARES	12.320,00	2,56 %	223.927,31	46,50 %	
TREITOS METÁLICOS	211.607,31	43,94 %				
PASO AREAL	ESTRIBOS	17.220,88	3,58 %	17.917,24	3,72 %	4,22%
	DEFENSAS	696,36	0,14 %			
	TREITOS METÁLICOS	2.414,60	0,50 %	2.414,60	0,50 %	
		481.603,26				

Táboa 22: Orzamento descomposto de cada estrutura

FINAL DO PROXECTO

Finalmente, as pontes foron sometidas a probas de carga. Inicialmente os pregos de condicións establecían que se non se podía facer probas con cargas dinámicas, fosen feitas con cargas estáticas, aínda que a instrución de pontes metálicas non fai referencia a isto, e só nomea as probas dinámicas. Así e todo, o contratista comunicalle ao ministro de Fomento, para tentar unha recepción provisional das obras, que “*...é imposible efectuala (a proba de carga dinámica) por non estar tendida a vía nin existir material móbil nin xeito de levalo*”, expoñendo tamén que a proba coas cargas estáticas “*non é práctica nin conduciría a nada no senso de coñecer a fatiga que experimenta o material*”.



Figura 42: Tendido da vía na zona superior do terraplén do Areal de Cabanas

O que probabelmente pretendía a contrata, á parte de recibir a obra sen ter feitas as probas dinámicas, era evitar realizar as estáticas. As ditas probas eran moi laboriosas e producían gran fastío aos enxeñeiros, pois cumpría calcular unha serie de cargas variabeis en anacos pequenos de cada treito, de xeito que tanto o cálculo, como a execución das probas e a posterior comprobación, facían especialmente traballoso este método. A utilidade era modelar mediante cargas estáticas o paso dunha carga dinámica que serían as habituais durante o servizo da ponte.

A sesión do 3 de abril de 1908 da 2ª Sección del Consejo de Obras Públicas non concorda con isto, esixindo que se sometan a cargas estáticas, pero con data 28 de xullo o mesmo Consello cos mesmos membros que 3 meses antes, acepta dar a recepción provisional ás pontes de Betanzos, Lambre e Bañobre⁶⁷. Un ano máis tarde aínda non se chegara a un acordo no tocante á realización de cargas estáticas ou dinámicas. Finalmente, ao non asegurar os resultados das probas coas cargas estáticas, o contratista agardou un

67. Expediente número 3 del ferrocarril de Betanzos a Ferrol.

tempo prudencial a que o asento da vía se estabilizase e facer as probas como establecía a *Instrucción para redactar proyectos de puentes metálicos* do 25 de maio de 1902. Dita instrución estaba baseada nunha circular francesa do 29 de agosto de 1891, que fora aceptada pola Real orde do 23 de abril de 1893.

As probas demoráronse até o 4 de nadal de 1910 e o 2 de febreiro de 1912 a Superioridade aprobou as actas das probas das pontes de Pontedeume e Neda, devolvendo a das outras pontes para aclarar unha serie de datos.

Na sesión do *Consejo de Obras Públicas* de 4 de agosto de 1913, dáse conta da recepción definitiva das pontes de Pontedeume, Neda, Betanzos e Bañobre. Isto fíxose logo de que o enxeñeiro xefe da *1ª División Técnica e Administrativa de Ferrocarriles*, D. Felipe Gutiérrez, o enxeñeiro encargado D. Manuel García e o representante da contrata, D. Marcelino Fábregas, visitaran todas as pontes entre o 31 de xaneiro e o 1 de febreiro de 1913. Nestas visitas obsérvase que “... *atópanse en bo estado e foron ben conservadas durante o período de garantía*”. Ademais faise fincapé nun problema detectado no estribo da parte de Cabanas da ponte de Pontedeume, que variaba a pendente do derradeiro treito:

“A diferenza observada na recepción provisional, depresión de 0,13 metros no estribo, lado Ferrol da ponte do Eume, que ocasionaba un desnivel no treito foi corrixida, quedando a nivel dos aparellos de apoio”.

A aprobación da acta de recepción definitiva por parte do *Consejo de Obras Públicas* foi o 7 de agosto de 1913 e comunícase o 21 de agosto de 1913 a aprobación das ditas actas da ponte de Pontedeume, xunto coa de Bañobre e Neda⁶⁸.



Figura 43: Ponte rematada dende Pontedeume

68. Puentes metálicos. Datos para la liquidación. Documento 1. Memoria. Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. 1ª División de Ferrocarriles. Obras Públicas. 1914. AXA.

Posteriormente, en 1914, a *1ª División de Ferrocarriles* publica os datos para a liquidación das pontes metálicas do ferrocarril de Betanzos a Ferrol. No mesmo, indican-se as dificultades atopadas e as diferenzas ao respecto do proxecto orixinal. Na Memoria indícase acerca da Ponte do Eume:

“Antecedentes:

Ao facer as sondaxes despois do replanteamento, nas localizacións dos piares e estribo dereito, acusouse rocha no primeiro piar, con pouca carga de area e gran inclinación, non conseguindo acadar no piar 2º e estribo pois só se presentaba unha capa de area fina e uniforme, propia para fundar sempre que se evitasen as socavacións.

Estas circunstancias deron lugar á redacción do reformado en cimentacións que se aprobou pola Superioridade o 6 de maio de 1907 e que xa temos citado nas pontes anteriores.

Na execución foi preciso chegar a maiores profundidades que as proxectadas, dando lugar isto a variacións e aumentos das obras que iremos detallando e xustificando.

Estribo esquerdo:

A cubicación do proxecto fíxose con deficiencias de dimensións no formigón de cimentos, pois calculouse con 0,10 metros de espesor e executáronse 0,50 metros. No corpo do estribo tamén aparecen aumentos en todas as fábricas, debido a erros de cubicación no proxecto feito por elementos no canto de aplicar a fórmula dos troncos de pirámide e deducir despois os elementos das distintas fábricas; ademais tendo profundizado máis no terreo para a cimentación resultou o estribo cunha altura de 11,341 metros no canto de 10,12 metros do proxecto.

Nos muros de acompañamento resulta tamén aumento, debido á maior profundidade de cimentación que esixiu o terreo, compensándose algo o maior volume, pola clase de fábrica empregada no corpo dos muros, que parte delas foi ordinaria, no canto de empregar hidráulica como figura toda no proxecto.

Todos estes aumentos ascenden a 3.475,09 pesetas.”

A altura do estribo esquerdo á que se refire a liquidación é dende a zapata até o primeiro dos capiteis. En realidade, tomando a altura total da estrutura, dende a cara superior da zapata até a parte superior do espaldón sería de 13,17 m.

“Estribo dereito:

Neste estribo chegouse á cimentación até a cota de -20,20 metros no

canto de -18,50 do proxecto, co obxecto de acadar a area limpa e uniforme propia para cimentar; dando como consecuencia un aumento de obra en escavación e cachotaría ordinaria, compensada en parte por diminución noutras partidas.

As pesadas na obra do caixón ascenderon a 27,507 toneladas, con relación ao proxecto.

No alzado do estribo tamén hai aumento pola súa altura de 8,552 metros maior que a do proxecto que era de 8,40 metros e ademais por defecto de clasificación nas fábricas.

En total o aumento no estribo dereito ascende a 914,24 pesetas”.

De novo, existen trocos debido aos erros nas sondaxes iniciais que producen cambios nas fundacións das fábricas finais, neste caso de case 2,00 m no tocante á cimentación e na altura final do estribo. Así e todo o aumento orzamentario apenas é relevante comparado co anterior estribo.



Figura 44: Ponte rematada dende Cabanas

“Piar 1º:

Para a execución do piar 1º foi preciso construír un espigón na praia de Suasbarras para a carga das terras e que non estaba incluído no proxecto reformado; este espigón como pode verse polos planos constitúese por dous muretes de cachotaría en seco recheo de terras.

Durante a construción deste terraplén levouse a nota de barcas, tanto de pedra para a coeira, de defensa, como para as terras do recheo e cuxas relacións acompañanse na Memoria, incluíndo o resumo nas cubricacións; nesta parte da obra, resultou aumento na coeira e diminución nas terras e inclusión de cachotaría en seco que non figuraba no proxecto.

Como se chegou coa finca até unha profundidade de -12,64 metros no canto de -12,00 do proxecto, resulta tamén un pequeno aumento por este concepto, a pesar da pequena economía do 0,256 toneladas no peso do

caixón, ademais a sección do caixón rectificadora deu unha superficie de 49,678 metros cadrados no canto de 46,496 metros cadrados que estaba proxectada.

No corpo do piar en troques resultou unha notábel economía, debida a erros de clasificación de fábricas no proxecto.

En total resulta un aumento de 909,44 pesetas en toda a obra do piar 1º.

“Pía 2ª:

A pesar de terse cimentado este piar á cota de -19,15 metros no canto de a -18,00 metros que marcaba o proxecto resulta economía, debido primeiro á rectificación da superficie do caixón que é de 41,772 metros cadrados en vez de 43,77 que consta no proxecto e segundo a que o caixón pesou 1,749 toneladas menos que as orzamentadas.

O corpo do piar tamén resultou unha economía de 2.567,82 pesetas, se ben a efectiva é de 567,82 pesetas por estar equivocadas en 2.000 pesetas a suma do proxecto primitivo.

A economía total neste piar é de 5.165,32 pesetas”.

“Tramos metálicos:

No proxecto primitivo non se proxectou piso para esta ponte, nin tampouco ménsulas entre os treitos onde se apoiaran as travesas da vía, por ser maior a separación entre as viguetas extremas dos treitos que a separación das travesas.

O piso executouse de pranchas estriadas de aceiro sobre as travesas e nas plataformas de madeira apoiadas sobre traveseros metálicos en canal de (160x65)/75 nos treitos e estribos e sobre ferros en ángulo (7,5x7,5)/5 nos piares; as ménsulas calculáronse como pezas encaixadas resultado das dimensións que constan nos planos.

Revisados os cálculos, fixéronse novas cubicacións incluíndo os pisos e ménsulas, dando as seguintes diferenzas totais co proxecto:

	Proxecto		Revisión		Diferenzas	
Aceiro	344,13	t	344,28	t	0,15	t
Fundición	22,54	t	11,42	t	-11,12	t
Chumbo	0,84	t	0,88	t	0,04	t
Madeira	0,00	m³	23,00	m³	23,00	m³

Táboa 23: Diferenzas entre os pesos dos materiais na revisión e no proxecto

Non obstante as pesadas dan pesos menores como pode verse nas cubicacións, dando lugar en total a unha economía con relación ao proxecto de 4.934,89 pesetas.

Resumindo as variacións parciais nas partes da ponte que o compoñen, resulta unha economía total de 4.801,43 pesetas”.

Nos totais do orzamento deste mesmo documento para a liquidación das pontes metálicas, amosan cantidades diferentes ás aquí indicadas. En todo caso o desenvolvemento das medicións no orzamento resultan fiábeis dabondo para telas en conta. Así e todo as diferenzas entre as diferentes partes do documento (Memoria e Orzamentos – Medicións) son case desprezábais:

	Orzamento	Memoria	Diferenza
Aceiro	347,56	344,28	3,28
Fundición	12,06	11,42	0,64
Chumbo	0,90	0,88	0,02
Madeira	23,80	23,00	0,8

Táboa 24: Diferenzas entre os pesos dos materiais no orzamento e na memoria do proxecto

No tocante ás placas estriadas para o paso pola ponte, existe unha diferenza con respecto ao peso, pois segundo unha nota da División debéra de haber 17.222 kg e a acta de comprobación das mesmas, asinada o 10 de nadal de 1912, indicaba que había 16.623,36 kg divididas do seguinte xeito:

	Unidades	Memoria
Pranchas 2,00 x 1,250	80	9.563,36
Pranchas 2,00 x 0,450	160	6.560,00
Accesorios caixa marca E	2	500,00
		16.623,36

Táboa 25: Material para placas estriadas para paso pola ponte

Paso inferior do Areal:

No estribo esquerdo a maior altura do dereito da ponte que é común con el, leva consigo o aumento da cachotaría ordinaria, ademais no proxecto primitivo cometéronse erros de cubicación no murete garda-balasto e no perpiaño, dando lugar todas estas circunstancias a un aumento de 227,13 pesetas.

No estribo dereito temos aumento nas escavacións, polas maiores dimensións da gabia e os seus noiros de execución e no formigón polo seu

maior espesor, en troques resulta economía na madeira de pilotaxe e na coieira, que non se empregaron na cimentación e si na defensa xeral das obras.

No alzado resulta aumento debido a maiores dimensións da obra que no proxecto e defectos de cubicación.

De todos os xeitos resulta unha economía total de 558,48 pesetas.

No treito metálico, a cubicación despois de revisados os cálculos e incluídos os pisos que faltaban no proxecto, dan pequenas diferenzas que constan nas cubicacións e que dan lugar a un pequeno aumento de 15,60 pesetas.

*En resumo resulta unha economía total de 315,75 pesetas*⁶⁹.

No tocante ao paso do Areal, apenas é significativo a variación orzamentaria con respecto ao proxectado, motivada principalmente por un troco na fábrica do muro de sostemento do terraplén.

Polo tanto, na liquidación final os orzamentos quedarían como segue:

Orzamento primitivo	Orzamento adicional	Orzamento total
443.108,14	43.612,30	486.720.44
Orzamento proxecto	Orzamento execución	Diferenzas
486.720.44	481.603,26	-5.117,18

Táboa 26: Orzamentos iniciais e finais do proxecto

A diferenza total en todas as pontes que se incluían no proxecto foi de -23.113,81 pesetas.



Figura 45: Trazado da liña por Cabanas rematado

69. Ibid.

Para finalizar inclúese o orzamento das primeiras reparacións de importancia na ponte, onde se substituíron algunhas partes e reforzaron outras, así como que se lle deu unha man de cor gris que tería até comezos do século XXI. Estas reparacións fixéronse 40 anos despois da inauguración da liña e supuxeron 953.360,87 pesetas. As obras executadas incluían:

Unidades	Denominación	Prezo	Total
41.144,18	Kg de aceiro en perfís laminados, ángulos, palastros, incluíndo colocación, apeos, preparación e limpeza de oxidacións, saneamento de partes afectadas, soldaduras, etc...	20,36	837.919,46
5.288,20	M2 de pintura ao óleo sobre toda a estrutura metálica, incluíndo rascado e limpeza das partes oxidadas, comprende dúas mans de minio de chumbo e outras dúas mans de pintura metálica ao óleo.	21,83	115.441,41
			953.360,87

Táboa 27: Orzamento dos traballos de conservación realizados en maio de 1953

Nos últimos tempos, ademais dos reforzos comentados nos capítulos anteriores e no cadro anterior, mudou de cor (de gris a azul escura) e foille engadida unha pasarela lateral para permitir o paso dos peóns. Malia o pouco tráfico que presenta, segue sendo unha das imaxes máis senlleiras de Pontedeume. Agardamos que estas páxinas sirvan para dar a coñecer máis polo miúdo os miolos da ponte, da súa construción, dos problemas cos que se enfrontaron os responsables e que sirva de pulo para seguir avanzando no coñecemento da ponte de ferro e profundando na enxeñaría civil presente na bisbarra. Así como tamén para un recoñecemento para os enxeñeiros, obreiros e demais traballadores que levaron a cabo esta estrutura tan complicada hai máis dun século.

ARQUITECTURAS RECICLADAS NA COMARCA DO EUME

Alberta Lorenzo Aspres

Arquitecta. Máster en Rehabilitación Arquitectónica

1. INTRODUCCIÓN

A esencia dunha edificación cambia cando o seu uso varía, pero non se perde, se non que se transforma, por unha adición de memoria, por unha nova etapa no tempo.

Filosoficamente, entendemos a *esencia* de algo como a persistencia do seu ser, no feito de existir, a través do seu paso polo tempo. Esta esencia pódese percibir nas características que fan dun edificio o que é –formal, estilística e/ou espacialmente–. Esta reflíctese na súa estrutura tipolóxica espacial e no seu significado poético, relacionado coa propia idealización do espazo.

A poética arquitectónica está representada no significado que un edificio ten para os seus ocupantes, nas sensacións, emocións, desexos e preguntas que o espazo motiva, e que son inseparables e intrinsecamente reais.

Se falamos da Reutilización –Reciclaxe– como a tradución dunha poética existente, referímonos ás transformacións das relacións entre o uso e o significado co contedor espacial.

Esta transformación non anula as relacións, tan só as modifica. Os edificios manteñen a súa vitalidade a través da memoria dos espazos que nos causan emocións ou sensacións –significado, poética–, e a súa transformación a través da Reutilización servirá para potenciar a poética existente mediante novos significados, novas relacións, novas intencións; todo isto a través dunha nova creatividade.

Trátase de aproveitar –reciclar– o que outorga esa estrutura física e combinala cos efectos que o novo uso ha de aportar.

2. CONSERVAR *VERSUS* REUTILIZAR

Dende sempre, a conservación arquitectónica preséntase para perpetuar a memoria dunha obra, recobrando un estado anterior. É no Renacemento onde se dou énfase á prolongación da vida das obras de arte. Durante esta época asentáronse as bases da arqueoloxía, e durante a Ilustración estendeuse o interese a tódolos vestixios da humanidade apoiados en coñecementos científicos. Tamén se deron as normas que rexerían ata a primeira metade do século XX.

A evolución da Conservación Arquitectónica con relación á Historia pódese dicir que suscitou, dende o século XIX, tres diferentes posicións con respecto á conservación e á restauración dos monumentos.

Por unha banda, a formulación do inglés John Ruskin no seu libro *As sete lámpadas da Arquitectura* (1849), sostiña que debería deixarse ao monumento morrer libremente; non tocar as súas pedras senón espaxar os seus restos, xa que non nos pertencen, pertencen aos seus construtores e ás xeracións futuras. Consideraba que a intervención era un dano maior que a ruína do edificio e a condena do mesmo.

Esta postura, de certa forma extremista, suscita que non se pode intervir de ningún xeito e o seu resultado sería unha herdanza arquitectónica totalmente en ruínas.

Por outra banda, o francés Viollet Le Duc, no seu *Diccionario razoado da Arquitectura Francesa* (1866), defendía que debería devolverse ao edificio o estado que puido ter ou adxudicarlle un que nunca tivo, baseado na visión do arquitecto e na súa interpretación. Para el, restaurar non era conservar, reparar ou refacer o monumento, senón restablecer un estado tan completo como xamais puidese ter.

Segundo esta postura, as intervencións serían unha sorte de proposta *escenográfica* para os diferentes espazos de valor monumental, co que se vería alterada a esencia real da conservación.

Posteriormente, Camilo Boito conseguiu dalgún xeito equilibrar ambas tendencias bases da restauración, a finais do século XIX e principios do XX, marcando un paso importante ao discutir o verdadeiro significado da restauración. Boito fixaba oito puntos básicos, nos que destacaba o valor auténtico do edificio deixando en evidencia a intervención realizada¹.

1. Os puntos defendidos por Boito no seu discurso son os seguintes: 1. Diferenza de estilo entre o novo e o vello; 2. Diferenza de materiais utilizados; 3. Supresión de elementos ornamentais na parte restaurada; 4. Exposición de pezas prescindidas; 5. Incisión en pezas novas que se coloquen; 6. Colocación de epígrafe descritivo; 7. Exposición do proceso de restauración e publicación sobre a obra de restauración; 8. Notoriedade.

Anos máis tarde, no 1933, a *Carta de Atenas* asinábase co convencemento da importancia da conservación do patrimonio artístico e arqueolóxico da humanidade. As súas dez resolucións recollían os *Principios Xerais e das Doutrinas dos Monumentos*, mostrando a tendencia xeral de abandono das restitucións integrais instituíndo un mantemento regular e permanente; e no caso de que fose indispensable a restauración, respectaríase a obra histórica e artística sen proscribir o estilo de ningunha época².

A *Carta Internacional da Restauración*, asinada en Venecia en maio de 1964, reafirmaba a conciencia histórica contemporánea cunha formulación actual, recoñecendo a conveniencia de adaptar o patrimonio construído a novas funcións. Os criterios de Camilo Boito quedaban plasmados nesta Carta, subscrita por trece nacións, a UNESCO e polo Centro Internacional de Estudos para a Conservación e Restauración dos Bens Culturais³.

O *Terceiro Cume Internacional* levouse a cabo en Ecuador, onde se dítaron as chamadas *Normas de Quito* (1967). Esta reunión tratou da conservación e utilización de monumentos e lugares de interese histórico e artístico. Foi entendida como prioridade a urxencia de adoptar medidas dentro dun plan sistemático de revalorización dos bens patrimoniais, en prol do desenvolvemento económico e social, a fin de minguar o acelerado empobrecemento da maioría dos países americanos a raíz do abandono da súa riqueza artística e monumental. Analizouse o patrimonio construído como parte dun espazo urbano, respecto ao turismo, á sociedade, á importancia da educación cívica, ao papel dentro dos plans económicos inmersos nun plan de desenvolvemento integral, aos instrumentos da posta en valor, entre outros importantes aspectos nunca antes avaliados.

A partires deste momento, o edificio está destinado a cumprir unha función social sendo compatible coa propiedade e o interese dos particulares.

Suscitouse entón a necesidade de conciliar as esixencias do progreso coa salvagarda do patrimonio cultural como norma na programación dos plans reguladores locais e nacionais. É máis, a súa valoración e coidado debía ser complemento dunha política de regulación urbanística.

2. Tamén trataba sobre as lexislacións apropiadas ás circunstancias locais, o uso de materiais, as regras de protección e a importancia da contorna.

3. A *Carta de Venecia* consta de sete puntos principais: O primeiro (art. 1, 2) refírese ás definicións de monumento histórico, conservación e restauración. O segundo (art. 3) trata da finalidade de ambas accións. Os puntos terceiro e cuarto (art. do 4 ao 8) definen a conservación dos monumentos e a súa asimilación para a sociedade, os límites e acondicionamentos esixidos, a importancia da contorna e da historia que o monumento testemuña, e todo aquilo que é elemento non arquitectónico. O quinto punto (art. do 9 ao 11) trata da restauración en si, do seu carácter e dos estudos que deben precedela, da importancia dos aportes de distintas épocas, dos elementos novos e do respecto ao monumento. O sexto (art. 14, 15) refírese aos sitios monumentais e trata das escavacións necesarias. E finalmente, o sétimo punto (art. 16) expón a necesidade de publicar o proceso e o resultado dos traballos de restauración.

Á diferenza de cumes anteriores, faise referencia á valoración económica dos monumentos polo interese intrínseco que posúen, así como á importancia das medidas para a súa defensa como parte dos plans de desenvolvemento económico do país.

Un termo recentemente acuñado no ámbito internacional, para ese momento, é o de *posta en valor* e sobre o cal recae a seguinte definición:

Poñer en valor un ben histórico ou artístico equivale a habilitalo das condicións obxectivas e ambientais que, sen desvirtuar a súa natureza, resalten as súas características e permitan o seu óptimo aproveitamento. (...) debe entenderse que se realiza en función dun fin transcendente ...⁴

O cuarto esforzo internacional polo patrimonio concretouse na *Carta Italiana do Restauro* de 1972. Neste documento defendíase a conservación da estabilidade dos elementos en perigo, a importancia do mantemento asiduo e a restitución da función da obra de arte. Tamén se mostraba preocupación polos monumentos moi antigos, nos que se recomendaba evitar a complementación e só se consideraba a solución de anástilose, ademais de...

(...) facer a diferenciación do uso do edificio, sendo aceptada a posibilidade de cambio de uso cara un que non diferise moito do uso orixinal, para evitar alteracións das características básicas.

Fíxose mención tamén a evitar a unidade de estilo se esta non era unha característica da construción orixinal⁵.

Entre o 17 de outubro e o 21 de novembro de 1972 levouse a cabo a décimo sétima *Reunión sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural* na cidade de París. Nesta reunión deixáronse claramente definidos certos criterios conducentes a evitar o deterioro e/ou a desaparición do patrimonio cultural do mundo como consecuencia dunha deficiente protección provocada pola escaseza de recursos económicos, científicos e técnicos dos países que os albergaban.

A *Declaración de Amsterdam* (1975) concretou un momento de cambio no pensamento, unha evolución na forma na que se trataba e falaba de conservación en Europa. A

4. En consecuencia, nas *Normas de Quito* tamén se redactaron os instrumentos para a posta en valor dun monumento: coordinación de iniciativas culturais e económico - turísticas; condicións legais e instrumentos técnicos que posibilitasen as coordinacións anteriormente enunciadas; lexislación eficaz, organización técnica e planificación nacional dentro do marco cultural; e integración dos proxectos culturais e económicos a escala nacional previa a calquera asistencia ou cooperación exterior, que sería en todo caso o seu complemento, sexa de tipo técnico ou financeiro.

5. Os agregados serían os mínimos indispensables, sinxelos e correspondentes ao sistema construtivo para dar continuidade á composición, sendo estes engadidos facilmente identificables. En canto á tecnoloxía a empregar, ratificouse o exposto pola *Carta de Venecia*, que permitía o uso da tecnoloxía moderna a condición de que os métodos tradicionais non fosen os máis adecuados.

noción de patrimonio arquitectónico deixaba de abarcar só os conxuntos construídos como entidade para incluír tamén as pegadas deixadas por diversas xeracións de grupos humanos. A conservación do carácter dos conxuntos históricos resultaba indisoluble dunha política social do hábitat.

Esperábase a partir desta declaración continuar cos esforzos dos Comités Nacionais de Conservación e, ao mesmo tempo, difundir a *Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico*.

Posteriormente, o 12 de decembro de 1977, celebrouse a conferencia na que se redactou a *Carta de Machu Pichu*. Aquí os temas foron tomados cunha óptica diferente pois poñíase de manifesto unha gran preocupación por todo o referente ao crecemento urbano e á súa necesidade de planificación, á vez que coexistía cos centros históricos que se atopaban inmersos nese tecido urbano do que non se podían desligar.

Daquela, os cambios socioeconómicos e o crecemento desmedido dunha poboación con necesidades que cubrir facían urxente a reafirmación do principio de unidade esencial das cidades e as súas rexións circundantes –que existía, por exemplo, como realidade palpable para o tempo en que foi subscrita a *Carta de Atenas*–.

A *Carta de Burra* (Australia, 1978) estaba baseada na *Carta de Venecia* de 1964 e nas resolucións da *Quinta Asemblea Xeral do Consello Internacional de Monumentos e Sitios* (Moscova, 1978)⁶. Ademais de formularse como unha guía para a conservación e xestión de sitios do patrimonio cultural, explicaba tamén os principios de conservación máis desenvolvidos no Proceso de Conservación e a Práctica da Conservación.

Relativamente recente é a *Carta de Cracovia*, asinada no ano 2000. Seguiu o espírito da *Carta de Venecia*, só que impulsada pola nova unificación de Europa, pola diversidade cultural e pola pluralidade de valores asociados a este feito. Tendo en conta o proceso de evolución continua propio da época actual, resaltou que para preservar os bens patrimoniais era necesario ter un proxecto de conservación que se concretase logo nun proxecto de restauración acorde. Basicamente, foi unha actualización con algunhas innovacións á *Carta de Venecia*.

3. VELLOS EDIFICIOS PARA NOVOS USOS

Proxectar, rehabilitar ou transformar arquitecturas anteriores talvez non signifique senón descifrar as intencións ocultas de quen tempo atrás as proxectou, ser capaz de ler

6. A *Carta de Burra* foi actualizada posteriormente nos anos 1981, 1988 e 1999.

un edificio como a suma de diferentes textos xustapostos, como un palimpsesto onde rastrexar as trazas –ás veces só vagamente descifrables– da escritura previa que o orixinou.

Ao enfrontarnos, como arquitectos, co pasado –coa historia– toda decisión de proxecto adquire unha connotación diferente: non hai acción que non sexa coroación dunha longa serie de decisións anteriores –previas a nós– e que non sexa á súa vez orixe de consecuencias futuras.

Reconstruímos, con outras palabras, ideas que xa estaban presentes; recompoñemos novos espazos que nós vemos e que probablemente o autor do proxecto orixinal nunca puido imaxinar, do mesmo xeito que facemos nosos os concibidos por outros antes que nós, nunha serie sen fin.

A adaptación ou adecuación destas antigas estruturas edificadas a novos usos segundo a época en que vivimos sería parte dunha nova ecoloxía urbana e arquitectónica. A reciclaxe de edificios é, nalgúns casos, máis rendible que a demolición e construción dunha nova edificación.

A reutilización é unha opción respectuosa co medio ambiente, ao mesmo tempo que mantén e revitaliza o contexto urbano e social e, polo tanto, contén en parte a idea de reciclaxe. Ademais, este tipo de intervencións en arquitectura non borran da base o que está escrito, senón que se van reescribindo por riba⁷.

A civilización recorreu dende sempre á reciclaxe de estruturas existentes –moitas edificacións gregas e romanas foron empregadas posteriormente como igrexas cristiás–, modificándoa para ser útiles a novas funcións⁸. Sen embargo, temos que admitir que tamén ocorreu o contrario: cando unha cultura reutilizaba os lugares pola función que tiñan –relixioso, administrativo, comercial...– e se construíu un edificio diferente sobre aquel que xa existía.

Na actualidade, a sociedade cambia e con ela, ao igual que sucedía antigamente, xorden novos usos e costumes e, en consecuencia, xorden tamén novas necesidades. Con estas aparecen novas funcións e modificacións á estrutura orixinal dunha edificación, cuxa intención é conseguir a nova estrutura necesaria.

7. ROBERT, P.; *Reconversions Adaptations: New uses for Old Buildings*. Editions Moniteur. París 1989. Páx. 6.

8. Neste sentido, Martí Arís analiza en *Las variaciones de la identidad* edificios ou lugares que foron obxecto de modificacións no seu uso pero non na súa forma. Expón mediante exemplos como a forma non se termina coa satisfacción do uso senón que o supera.

MARTÍ ARÍS, C.; *Las variaciones de la identidad: Ensayo sobre el tipo en arquitectura*. Editorial Serbal Barcelona 1993.

Falamos de intervencións evidentes, da pegada de cada época nunha construción. Trátase de pensar na reutilización, na reciclaxe de edificios, como o reemprazo duns usos obsoletos por outros novos usos viables.

Cando falamos de reciclaxe, falamos da adaptación a novos procesos, da recuperación de obxectos para ser reutilizados, de repetir ciclos nun obxecto para incrementar o seu efecto, da transformación para un novo aproveitamento.

En arquitectura, as posibilidades desta reutilización e adaptación non son soamente unha necesidade de conservación arquitectónica, son tamén unha necesidade ecolóxica e social; xa que se pode evitar, en certos casos, as demolicións que rompen contextos, perfís e memorias da cidade; que crean residuos que non son fáciles de reciclar (ou que nunca se reciclan); ou que elevan o custo dunha obra totalmente nova.

E non sempre existe a posibilidade de construír dende cero.

Con devandita intervención de rehabilitación, rescátase un edificio que merece a pena conservar e reutilizar.

O construído obriga a admitir a continuidade co pasado, unha continuidade de que ten que resolverse en termos arquitectónicos... Continuidade que, con todo, non sempre se establece en termos contextuais, en termos de completar o marco de actuación existente, senón en termos de entender o proxecto, a súa especificidade, dende unha estrita clave arquitectónica implícita na asunción da realidade existente⁹.

Enfrontámonos á tarefa de re-usar antigas estruturas para albergar novas actividades para as que os edificios non foron pensados, para albergar novas funcións.

A estrutura como contedor, aquilo que dá lugar a que, no interior deste soporte, ocorran cousas que se desenvolven en virtude da arquitectura e o seu significado máis amplo: ser receptora das actividades humanas.

Se a relación entre proxecto e historia é unha relación dialóxica, unha interacción, o resultado será un obxecto innovador e poético que se relaciona naturalmente co lugar. Para poder innovar, debe existir algo como precedente que nos permita facer unha nova lectura e *redescribir* ese algo, transformalo de xeito creativo e que implique unha melloira da calidade de vida -física, social e culturalmente-. Así, cando existe un...

9. MONEO VALLÉS, J.R.; *Construir sobre lo construido. Adecuación y continuidad*, "Arquitectura Viva", número 110. Madrid 2006. Páx. 25.

(...) equilibrio entre a asimilación cultural e a acomodación histórica, cada obra arquitectónica convértese nunha experiencia espazo-temporal única, pero historicamente significativa, que se constrúe mental e fisicamente, que achega o proxecto tanto ás vangardas como á historia da arquitectura¹⁰.

Só se pode innovar porque hai algo que xa existe, e estas experiencias de modernidade ou contemporaneidade son posibles porque ditas edificacións chegaron ata nos a través do tempo. Así, os edificios reutilizados podemos consideralos como edificios cunha modernidade que se adapta segundo a necesidade do lugar e da sociedade que o habita.

Sen embargo, algunhas preexistencias son máis fortes que outras na súa capacidade de decidir o seu destino, segundo a arquitectura sexa máis forte co seu uso ou viceversa. Algunhas son moi claras sobre o que se pode (ou o que se debe) facer con elas, mentres que outras son menos obvias, máis ambiguas, máis abertas a usos novos e totalmente diferentes máis acordes á época en que vivimos.

Existe unha relación fundamental entre o uso e a forma dun edificio así como entre o tempo e o espazo que nel atopamos, que pasa pola intriga da invención, de inventar algo de novidoso que proxecte un tempo presente dentro do pasado. Estas relacións non son arbitrarias e, polo tanto, ao falar desta maneira de proxectar, imos ter en conta límites e criterios impostos polo propio edificio.

Esta nova arquitectura trata do proceso de transformación máis que do produto, e está aberta ao dinamismo do futuro a través das leccións do pasado. É a celebración da diversidade recoñecendo o valor do antigo e do contemporáneo.

Se temos en conta que unha obra creativa —e a arquitectura implica sempre creación— é o desencadeamento de varios factores e de varias disciplinas, que é un proceso de invención e significación, e polo tanto poético, debemos ter en conta os límites que o propio edificio impón dende a súa preexistencia —o autor, o tempo en que foi construído, a historia que contén—.

Sempre que o edificio ten un significado, enredado nun proceso artístico, contén unha poética que debe ser respectada por e para as seguintes xeracións. É aquí que como arquitectos debemos ter a sensibilidade para percibir a relación espazo-temporal do conxunto e tomar as medidas máis adecuadas, construindo un sentido máis contemporáneo pero sen destruír a *esencia* da edificación¹¹.

10. MONTAÑOLA I THORNBURG, J.; *Topogénesis. Fundamentos de una nueva arquitectura*. Ediciones UPC. Barcelona 2000. Páx. 90.

11. Véxase a introdución do presente artigo.

Non é só o novo uso o que ha de mantelo vivo, utilizado e influínte dentro da estrutura urbana, senón tamén as relacións preestablecidas, a memoria agora acrecentada para tempos futuros. E ata a forma entendida como a preexistencia –como testemuño do pasado que nos permite entender o presente– axuda a resolver a intervención contemporánea.

Finalmente, entendemos que a reutilización é unha adaptación de edificios a novos usos mantendo as súas características históricas, aproveitando a súa enerxía e calidade, e combinando todo isto coa enerxía e actividade que un novo uso e unha nova creatividade traen consigo. Esta nova creatividade será a marca do paso do noso tempo contemporáneo polo edificio, dunha nova xeración, e revitalizarao para continuar co seu uso. Creará unha continuidade respectando a especificidade do edificio.

Esencialmente, os arquitectos intentamos dar continuidade de vida –a través de novas linguaxes e tecnoloxías pero sen destruílo– a un edificio que doutra forma quedaría condenado a morrer por abandono e degradación.

4. ARQUITECTURAS RECICLADAS NA COMARCA DO EUME

Podemos dicir que a reciclaxe arquitectónica ten unha repercusión positiva na continuidade de vida dun monumento e na continuidade de vida da súa contorna, sempre que o resultado satisfaga as expectativas dos que o promoven e dos que o van utilizar.

A arquitectura é o receptáculo das actividades humanas, polo tanto os edificios só serven cando hai actividades que os utilicen. Ao darlle unha nova función a un monumento cuxa función orixinal se volveu obsoleta ou inútil, estamos rexenerando a súa vida, restaurámoslle un pouco da súa dignidade e ao mesmo tempo admitimos a súa continuidade.

Así como un lugar se transforma cun edificio tamén este aporta unha continuidade moito máis doada de integrar cando se re-utiliza.

A reciclaxe arquitectónica pode potenciar ou mellorar un monumento de diversas maneiras. E non é só que evite que o edificio pase por unha destrución indigna, senón que inflúe en todo o que rodea a este: a contorna –urbana ou rural–, as persoas, a cultura, as relacións entre todos estes elementos...

Desta forma, pensamos tamén na continuidade da memoria que ese elemento patrimonial evoca, do significado que ten para quen o vive. Esta memoria tamén é importante para o lugar –cidade, vila, aldea...–, pois desta memoria depende bastante a identidade do mesmo, a súa contemporaneidade e a relación cos seus habitantes.

Unha reutilización revitaliza as relacións sociais dun determinado grupo humano a quen ese proxecto toca. E ata pode potenciar os valores culturais desa sociedade, sempre apuntando para a diversidade e a pluralidade.

Cando os proxectos de reciclaxe arquitectónica se enfocan en servizos culturais e recreativos, traen consigo moitos beneficios para a sociedade. Dende a creación de postos de traballo, pasando pola valorización da cultura local e a recepción doutras culturas –caso de cidades con comunidades significativas de inmigrantes– ata a melloría da calidade dos servizos ofrecidos. Os usos culturais e recreativos tenden a traer consigo outros servizos de consumo –restauración, hostalaría, comercio...– que atraen máis persoas á zona para traballar, gozar ou consumir.

No caso de intervencións enfocadas á habitación, podemos sentir beneficios na calidade da mesma, así como nos servizos e equipamentos básicos asociados. Sempre que un edificio é reutilizado, espérase que a súa contorna tamén se adapte aos poucos, se re-xenere; pois se tal non acontece, o edificio corre novo risco de degradarse por abandono ou falta de mantemento, así como tamén o lugar no que se insire.

En ambos casos, ao reutilizar un monumento outórgase a posibilidade dunha vida, non só ao edificio en cuestión, se non tamén á súa contorna.

No sentido estético, un proxecto de reciclaxe arquitectónica é un desafío maior para o arquitecto: implica coñecer mellor ao edificio, á historia da súa contorna e ás necesidades do promotor e dos usuarios. Dar un novo uso a un edificio que xa existe implica maior rigor e unha sensibilidade especial para non crear unha colisión entre o existente e o novo.

Tamén podemos considerar positivo o feito de poder crear novas imaxes para o imaxinario colectivo ou novas formas de velo, que sexan tamén unha continuidade do existente. Redeseñar tamén é unha forma de creatividade. E iso significa tamén unha nova poética, xeralmente representada por novas ideas estéticas e técnicas.

Neste sentido, é positivo para os arquitectos poder traballar neste tipo de proxectos, pois esixen un esforzo diferente, un coñecemento profundo da preexistencia. Só así se poderán tomar as opcións máis adecuadas para mellorar ese espazo para a súa nova función, ao mesmo tempo que se poderán recrear sensacións novas a través da linguaxe arquitectónica.

Isto reflectirase tamén na oportunidade de deseñar dunha forma diferente con respecto a unha construción nova. O reto do arquitecto será o de reter a *esencia* da estru-

tura orixinal á vez que se lle encarga unha nova función que deberá enmarcar dentro dunha forma contemporánea.

Nesta última instancia serán a sensibilidade do arquitecto e o seu coñecemento da historia os que primarán indefectiblemente na valoración última da reutilización dun edificio. Malia tódolos condicionantes cos que o proxecto chega ás mans do arquitecto, será el quen definirá o que rescatar, o que innovar, e como facelo.

Así a reciclaxe arquitectónica permite salvar edificios patrimoniais con potencial de continuidade que doutro xeito quedarían abandonados.

O caso da Comarca do Eume é unha exemplo da capacidade de moitos monumentos que, tras quedar obsoleta a súa función orixinal, se adaptan a unha nova función e continúan sendo útiles á sociedade.

A continuación mostramos unha análise comparativa das distintas arquitecturas patrimoniais recicladas nesta comarca. Os casos están ordenados segundo a data de redacción do proxecto de intervención correspondente, de menos a máis recente.

CONVENTO DE SANTO AGOSTIÑO. PONTEDEUME¹²

Protección	Monumento declarado segundo o Decreto 2234/1971 do 13 de agosto (BOE 23/09/1971).
Titular	Concello de Pontedeume
Uso anterior	Sen uso
Intervención	“Proyecto de Restauración y Rehabilitación del Convento de San Agustín – Pontedeume”
Promotor	Subdirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental + Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia
Arquitecto	Carlos Fernández - Gago Varela
Data Redacción	Outubro 1983
Novo Uso	<i>Casa da Cultura de Pontedeume</i>
Estado	Finalizada e en uso

12. FERNÁNDEZ-GAGO VARELA, C.; “Proyecto de Restauración y Rehabilitación del Convento de San Agustín”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1983.

Outro documento relacionado coa intervención é:

MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L.; “Proxecto de urbanización: Horta de S. Agustín - Pontedeume”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1988.

MOSTEIRO DE SAN XOÁN DE CAAVEIRO. A CAPELA¹³

Protección	Monumento Provincial Histórico Artístico por Real Orde do 18 de novembro de 1975 (BOE 18/11/1975). Afectado pola declaración de Conxunto Histórico - Artístico e Paraxe Pintoresca da Comarca Eumesa do Decreto 2234/1971 do 13 de agosto (BOE 23/09/1971).
Titular	Deputación da Coruña
Uso anterior	Sen uso
Intervención	“Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación del conjunto monumental <i>Monasterio de Caaveiro</i> ”
Promotor	Deputación da Coruña
Arquitecto	Celestino García Braña (director) + Isabel Aguirre Urcola + Ángel Alonso Méndez
Data Redacción	Maio 1999
Novo Uso	<i>Espazo para a contemplación da Riqueza Natural e Histórica do conxunto monumental</i>
Estado	Finalizada e en uso

13. GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I. + ALONSO MÉNDEZ, A.; “Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1999/210. A Coruña 1999.

Outros documentos relacionados coa intervención, tamén dos mesmos autores e consultados na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia son:

- “Proyecto Básico y de Ejecución para Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”; coa signatura 2002/107. A Coruña 2002 - 2003.

- “Proyecto Básico y de Ejecución para Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*. Fase II: Casa dos Guardeses”; coa signatura 2006/270. A Coruña 2006.

TORREÓN DOS ANDRADE. PONTEDEUME¹⁴

Protección	Monumento por Real Orde do 13 de setembro de 1924 (Gaceta 17/09/1924)
Titular	Concello de Pontedeume
Uso anterior	Sen uso
Intervención	“Proyecto Básico y de Ejecución de Construcción de un centro de interpretación de los Andrade con interpretación permanente y oficina de Turismo en el Torreón de los Andrade”
Promotor	Concello de Pontedeume
Arquitecto	Juan José López Heredia González Malvecín SL OC e Restauración. Enxeñaría da Paisaxe
Data Redacción	Maio 2000
Novo Uso	<i>Centro de Interpretación dos Andrade, Exposición permanente de Grabados de Julio Prieto Nespereira e Oficina de Información Turística</i>
Estado	Finalizada e en uso

14. LÓPEZ HEREDIA GONZÁLEZ, J.J.; “Proyecto Básico y de Ejecución de Construcción de un centro de interpretación de los Andrade con interpretación permanente y oficina de Turismo en el Torreón de los Andrade”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2000/186. A Coruña 2000.

CASA REITORAL DE O PAZO. A CAPELA¹⁵

Protección	Incluída no Inventario de Casas Reitorais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
Titular	Cesión da Diocese ao Padroado do Museo Etnográfico
Uso anterior	Sen uso
Intervención	“Proyecto Básico y de Ejecución de Obras de Adaptación de la Casa Rectoral del Pazo para Museo Etnográfico”
Promotor	Fundación do Museo Etnográfico + Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
Arquitecto	José Antonio Alonso Rodríguez
Data Redacción	Outubro 2004
Novo Uso	<i>Museo Etnográfico de A Capela</i>
Estado	Finalizada e en uso

15. ALONSO RODRÍGUEZ, J.A.; “Proyecto Básico y de Ejecución de Obras de Adaptación de la Casa Rectoral del Pazo para Museo Etnográfico”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2004/581. A Coruña 2004.

MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO. MONFERO¹⁶

Protección	Ben de Interese Cultural. Declarado Monumento por disposición do Decreto do 3 de xuño de 1931 (Gaceta 04/06/1931)
Titular	Cesión do Arcebispado de Santiago á Xunta de Galicia
Uso anterior	Sen uso
Intervención	“Proyecto de Rehabilitación del Monasterio de Santa María de Monfero para hotel de cuatro estrellas y centro lúdico - termal spa”
Promotor	Xunta de Galicia + Consellería de Innovación e Industria. Cofinanciamento pola Unión Europea, Fondo FEDER
Arquitecto	SB.SC Arquitectos (Enrique M. Blanco Lorenzo + Patricia Sabín Díaz)
Data Redacción	Decembro 2005 - Outubro 2006
Novo Uso	<i>MO.MO. Hotel de catro estrelas e Centro Lúdico - Termal Spa</i>
Estado	En realización (Finalizada a primeira fase do proxecto)

16. BLANCO LORENZO, E.M. + SABÍN DÍAZ, P.; “Proyecto de Rehabilitación del Monasterio de Santa María de Monfero para hotel de cuatro estrellas y centro lúdico - termal spa”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2006/458. A Coruña 2006.

Vemos como o denominador común no patrimonio reciclado da Comarca do Eume é o seu novo uso cultural –certo é que no caso do Torreón dos Andrade a musealización acompaña á intervención máis que ser o eixo sobre o que se basea–. A excepción é o hotel de catro estrelas no que se está a transformar o mosteiro de Santa María de Monfero.

Por outra banda, observamos que tres dos cinco casos recollidos son de tipoloxía relixiosa; nada estraño tendo en conta o inxente patrimonio relixioso que ten Galicia. Se ben é certo que aínda que se realizan un gran número de intervencións nesta clase de inmobles, normalmente trátanse de actuacións de consolidación ou son templos que aínda manteñen o culto e non se destinan a outras finalidades.

Cabe sinalar que a arquitectura relixiosa é, se cadra, a tipoloxía que posúe unha maior capacidade de flexibilidade á hora de adaptarse a novos usos sen necesidade de grandes alteracións estruturais, dada a súa morfoloxía. Por esta capacidade de adaptación, moitos mosteiros e conventos chegaron ata os nosos días preservados no esencial da súa estrutura e da súa imaxe.

En consecuencia, centraremos a presente investigación na arquitectura relixiosa reciclada da Comarca do Eume. Abordaremos unha análise da relación entre a función orixinal e a nova, a cal pode servir para medir se o edificio terá capacidade para a nova función, é dicir, se os seus espazos se adecúan ao novo uso sen necesidade de modificacións demasiado radicais que resten carácter ao edificio orixinal.

Polo tanto, os casos a estudar son os seguintes:

- Convento de Santo Agostiño. Pontedeume.
- Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. A Capela.
- Mosteiro de Santa María de Monfero. Monfero.

4.1 CONVENTO DE SANTO AGOSTIÑO¹⁷

Cando no século XIII a presión do feudalismo sobre os campesiños das terras do Eume chegou a ser insufrible, os veciños de vinte e oito parroquias dirixíronse ao rei Afonso X o Sabio solicitando a súa protección. Como resultado, no ano 1270 o monarca fundou a vila de Pontedeume como di o documento rexio:

17. Acompañaase dunha análise gráfica realizada con planimetrías elaboradas pola autora en base aos datos consultados na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. En devandita análise aparece destacada, en negro, a obra nova.

*(...) para ser mellor poboada a terra, e se manteña máis en Xustiza, no lugar que din de Pontedeume, e que fagan nel Vila, na que teñan as maiores casas poboadas, e encerren o seu pan, e viño, e que fagan mercado cada mes*¹⁸.

Déuselle á nova vila o foro de Benavente, como era normal na época, xurdindo a poboación na desembocadura da ría do Eume e cercándose, posteriormente, cunha muralla. Sen embargo, pouco duraron os privilexios reais aos veciños da vila, xa que antes de que pasaran cen anos dende a fundación, outro monarca, Enrique II, doouna a Fernán Pérez de Andrade, xunto coa aldea de Ferrol e todo o territorio da comarca coas súas aldeas e xurisdicións.

Os Condes de Andrade converteron a Pontedeume na súa capital, levantando nela un torreón e un palacio onde residiron os seus descendentes ata o mesmo século XX, momento no que foi derrubado.

Entre outras edificacións construídas por esta familia, está a fundación ao redor do ano 1538 do convento de Santo Agostiño baixo a advocación da Nosa Señora da Graza. De planta rectangular, desta época só se conserva unha das fachadas do claustro, de estilo renacentista.

Na súa fachada posterior, unha ampla escaleira de cantería permite acceder dende as dependencias do piso alto ao xardín. Nesta fachada ábreanse dúas loxias, a inferior con arcos e a superior con estrutura alintelada renacentista; ambas pertencentes ao desaparecido claustro.

A fachada principal, reconstruída durante o barroco, ordénase cunha portada centrada e dous pisos con fiestras enmarcadas por molduras de groso perfil.

O convento permaneceu ocupado por unha comunidade relixiosa agostiña durante séculos, pero trala desamortización de Mendizábal no 1835 o cenobio foi cedido ao Concello, quen o destinou, entre 1842 e 1848, a escola, cuartel e posteriormente a cárcere.

A mediados do século XIX o conxunto conventual foi poxado, pasando a mans privadas. Ao novo dono, o concello mercaríalle máis tarde a horta que pasaría a chamarse Alameda de Raxoi e que serviu durante moito tempo como campo da feira do gando.

Por outra banda, a igrexa, que non fora poxada, foi demolida no 1867 baixo o pretexto de ameazar ruína, acadando así unha maior amplitude para a rúa circundante.

18. SORALUCE BLOND, J.R.; "Pontedeume"; *Cascos históricos de Galicia*. Librería Arenas Ed. A Coruña 2011. Páx. 205-214.

A finais da década dos setenta do século XX, o edificio foi obxecto dunha primeira actuación para paralizar a ruína que se aveciñaba. Por parte da, daquela, Dirección Xeral de Belas Artes, interveuse para reconstruír a cuberta e recuperar a gran solaina que daba ao leste.

No 1982, por encargo da Subdirección Xeral do Patrimonio Artístico e Monumental da recentemente creada Consellería de Educación e Cultura, o arquitecto Carlos Fernández -Gago Varela redactou un proxecto para a restaurar e rehabilitar o convento.

*Hoxe, este magnífico edificio, barroco polas súas características arquitectónicas, encóntrase moi deteriorado, no seu interior; á vez que se aprecian as pegadas de múltiples reformas e alteracións que o foron transformando, a través dos tempos*¹⁹.

As obras proxectadas tiñan a finalidade de continuar a recuperación do edificio iniciada coa anterior actuación, á vez que se estudaba a rehabilitación do monumento para dedicalo a fins culturais.

En principio, preténdese e así se proxectou, dedicar a planta baixa a sala de exposicións, e dedicar o lateral esquerdo (...) a pequena biblioteca, que dada a pouca superficie dispoñible, desenrólase en planta baixa e alta, utilizando o semisoto para almacén de libros, todo elo unido por unha escaleira interior.

Proxéctase unha escaleira principal de acceso á planta alta dado que na actualidade desapareceu, quedando só vestixios do que puido ser, e o oco ocupado pola mesma. Por este motivo proxectouse no mesmo sitio que parece debeu ter primitivamente.

*A planta alta dedícase a sala de actos e conferencias, quedando a gran solaina (...) como zona de esparcemento, pero sen posibilidade doutra utilización, xa que está aberta, como tódalas solainas*²⁰.

A continuación, a memoria do proxecto enumeraba o destino das diversas partidas do presuposto cunha somera descrición das mesmas:

19. FERNÁNDEZ - GAGO VARELA, C.; "Proyecto de restauración y rehabilitación del convento de San Agustín". Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1983.

20. Ibid.

Destínanse partidas do presuposto para a limpeza do actual edificio, desmontaxe de forxados de madeira, con apuntalamento e mediadas de seguridade correspondentes.

Partida importante é a destinada á construción de novos forxados, en substitución dos hoxe ruinosos, e a piques do derrubamento.

Construción de zunchos perimetrais e ancoraxe da nova estrutura.

Construción dunha nova escaleira principal de unión entre a planta baixa e alta, hoxe totalmente desaparecida.

Así mesmo, destínanse partidas para a construción de novas tabicarias, axustadas á prevista distribución que se estudou para un uso cultural do rehabilitado edificio.

Construción de saneamentos, para a instalación dos servizos (...).

Construción dunha nova escaleira tipo caracol, para unir as tres dependencias que nun principio se destinan a biblioteca (...).

En canto aos acabados (...), corresponden a: solados graníticos na zona de acceso de planta baixa e arranque de escaleira. Pavimentos de tipo plástico vinílico, en dependencias destinadas a salón de actos e biblioteca.

Tamén é de destacar a partida correspondente a carpintería, tanto interior como exterior, das cales hoxe practicamente non queda nada aproveitable. Execútanse en madeira de castiñeiro (...).

Destínanse partidas, por último, para a restauración de sillerías e paramentos exteriores, nas condicións normais deste tipo de edificios²¹.

Para a totalidade das obras, o presuposto xeral ascendía á cifra de vinte millóns das antigas pesetas, as cales se repartiron en dúas fases de intervención.

A mediados dos oitenta, coa Casa da Cultura oficialmente inaugurada, o Concello decidiu completar a actuación cun proxecto de urbanización na horta do antigo convento, xa que por esta época devandito espazo estaba ocupado, entre outros, por chabolas destinadas a almacén e muros ruinosos de velas edificacións:

21. Ibid.

Unha primeira zona, a Horta propiamente dita, que ocupa toda a fronte posterior do Convento (...) é un espazo dunha gran beleza, tanto pola categoría arquitectónica da fachada posterior do Convento (...), como polas camelias que crecen densamente na zona de contacto coa fachada.

Unha chabola, un portal desvencellado, a acumulación de postes, móstranos a situación de abandono en que se atopa.

Unha segunda zona, que corresponde a un antigo lavadoiro e que (...), totalmente abandonada, está separada da rúa Chafaris por unha vella muralla e os restos dunha parede do vello edificio do lavadoiro, cuns muros totalmente arruinados e con grave perigo de derrubamento²².

O arquitecto Xosé Lois Martínez Suárez foi o encargado de redactar, en setembro de 1988, o proxecto destinado a valorar axeitadamente o carácter monumental do edificio e da súa contorna:

Conexión Alameda de Raxoi - Horta de Sto. Agostiño. Eliminación do muro e da chabola existente, acaroadada ao mesmo, co obxecto de dotar ao espazo da Alameda dunha permeabilidade total sobre a Horta do Convento.

Conexión Alameda de Raxoi - Parcela Fogar da Xuventude. Eliminación da verxa e portal existente en toda a fronte que permita á incorporación á Alameda de Raxoi do espazo residual existente tras o Fogar.

Conexión rúa do Chafaris. Derrubamento da muralla e do muro de cerramento das ruínas existente, posibilitando o acceso total dende a rúa á Alameda de Raxoi.

Asemade, dotarase ao conxunto dos elementos de xardinería (...) para o seu funcionamento como área de descanso. Unha pérgola metálica (...) rematará os piares de pedra existentes nos lados da Horta de Santo Agostiño²³.

22. MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L.; "Proxecto de urbanización: Horta de S. Agustín - Pontedeume". Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1988.

23. Ibid.




Fig. 01. SANTO AGOSTIÑO. Planta semisoto.




Fig. 02. SANTO AGOSTIÑO. Planta baixa.




Fig. 03. SANTO AGOSTIÑO. Planta primeira.

4.2 MOSTEIRO DE SAN XOÁN DE CAAVEIRO²⁴

Soen os estudosos coincidir no referente á orixe de San Xoán de Caaveiro en que este foi, antes da discutida fundación de San Rosendo, un centro eremítico erixido co nome de San Xoán Bautista de Calavario²⁵.

Coa aparición de San Rosendo no lugar, o conxunto de Caaveiro xurdiu como unha das tantas iniciativas político-relixiosas da época. Non debemos esquecer que devandito santo estaba emparentado directamente co rei Afonso IV, e que cando interveu ao redor do ano 936 na consolidación do cenobio, fíxollo seguindo os pulos da incipiente monarquía e da corrente monacal que tanta relevancia tivera nos territorios cristiáns durante eses anos.

O interese da nobreza e da monarquía reflectiuse nas importantes doazóns outorgadas²⁶, sendo as máis significativas as reiteradas por Afonso VII, tanto por

(...) dotar a Caaveiro do seu couto como por elevar a súa Igrexa a Real Capela de onde lle provén o seu rango de Colexiata²⁷.

Nos primeiros anos do século XII os seus cóngos abandonaron a regra de San Bieito pola de Santo Agostiño, constituíndo unha comunidade de seis relixiosos, organización que se mantivo, con lixeiras variacións, ata a súa desaparición.

Dende finais do século XI ata o ano 1170, o mosteiro estaba inmerso nunha fase de expansión que supuxo a reedificación de todo o conxunto. Nesta época construíuse a chamada igrexa antiga ou de Santa Isabel, situada onde hoxe se atopa a actual igrexa reconstruída. Da primitiva edificación só permanecen a ábsida semicircular e parte do muro sur.

24. Acompañaase dunha análise gráfica realizada con planimetrías elaboradas pola autora en base aos datos consultados na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, referentes ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro. En dita análise aparece destacada, en negro, a obra nova.

25. Son moitos os autores que se preocuparon por desentrañar a historia de San Xoán de Caaveiro. Durante os séculos XVII e XVIII é mencionado por Yepes, Argáiz, Morales e o mesmo Jerónimo del Hoyo. No século XIX, Murguía, Vereá y Aguiar, Vicetto, Aróstegui e López Ferreiro trataron de sacar á luz, con distinta fortuna, numerosos segredos. Máis adiante, xa no século XX, foron López y Carballeira, Villaamil y Castro, Tettamancy, Vaamonde Lores, Ángel del Castillo e Antonio Couceiro os que se ocuparon, baixo diferentes aspectos, do seu pasado. Durante a segunda metade do século XX varios investigadores volveron interesarse en Caaveiro: Porta de la Encina, Concepción Yáñez, Hipólito de Saa, Martínez Salazar e Sánchez Belda, entre outros.

26. Pódense consultar as doazóns particulares das familias nobres de Fróilaz-Pérez, Atániz-Núñez, Sillobres e Andrades; así como os privilexios e doazóns reais recibidos, na seguinte obra: DE CASTRO ÁLVAREZ, C.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*. Editorial Deputación Provincial da Coruña. A Coruña 1999. Páx. 27-41.

27. CORREA ARIAS, J.F.: *As orixes de Caaveiro e Celanova e outras empresas na vida de San Rosendo: novas hipóteses*. “Cadernos do Ateneo Eumés”, ano 3, número 3. Pontevedra 2005. Páx. 18-30.

O crecemento que experimentaría o mosteiro entrado o século XIII tras unha pequena fase de estancamento faría obrigada a construción dunha segunda igrexa de dimensións considerablemente maiores, pasando a converterse o antigo templo nunha capela funeraria.

A nova igrexa, chamada Principal ou Colexial, estaba situada ao norte, entre as casas occidentais e o templo existente. Era un edificio disposto dunha soa nave e unha soa ábsida semicircular, cun tramo recto marcado en planta e en altura, unido a outro corpo asentado nun baseamento que salvaba o desnivel do terreo²⁸. Devandito tramo tiña acaroadada unha estancia no lado norte, posiblemente usada como sancristía, e construída cara ao 1705.

Montero y Aróstegui fixo unha descrición da portada²⁹ e do interior desta igrexa:

A porta principal da igrexa está ao oeste; ao lado dereito vese unha figura antiquísima e bastante tosca, esculpida na mesma pedra, cun libro aberto nas mans; e nas molduras da porta osténtase a efixie do Cordeiro cunha cruz e bandoleira, e debaixo a insignia ou cruz que empregan os cabaleiros da orde militar e hospitalaria de San Xoán de Xerusalén (...). [No interior], no coro hai unha sillería con novo asentos, en cuxo centro aínda existe un antigo facistol. Sobre o costado dereito segue unha balconada, continuación da do coro, onde acaso estaría o órgano³⁰.

A mediados do século XIII, a relación tradicional que a nobreza comarcal mantivera co mosteiro comezou a quebrarse. E durante o século seguinte, as posesións do cenobio sufriron a ambición dos señores de Andrade, que chegaron a usurpar partes considerables das propiedades monacais. Ao mesmo tempo, a vida no cenobio foise relaxando e comezou unha etapa de preitos e confrontacións co Arcebispado de Santiago.

Desta época son as casas, que obedecían ás necesidades materiais da comunidade. Os cóengos habitaban seis cuartos, tamén denominados celas. Parte dos mesmos estaban situados entre as portarías alta e baixa, froito dunha ampliación realizada no mosteiro. Outros situábanse no extremo máis occidental, cunha antigüidade non superior ao século XV³¹.

28. VALDÉS BLANCO-RAJOY, R.; “1ª Campaña de escavación arqueolóxica en San Xoán de Caaveiro”; *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, número 3. Pontedeume 1996. Páx. 213-242.

PÉREZ VILLAMIL, J.; *Jenaro Pérez Villamil dibujante: el viaje a Galicia de 1849*. Exposición organizada polo Museo de Belas Artes da Coruña. Ministerio de Cultura, Dirección xeral de Belas Artes. A Coruña 1988.

29. Segundo LÓPEZ FERREIRO, a portada era igual, estruturalmente, que á de San Salvador de Bergondo. DE SAA BRAVO, H.; *O monacato en Galicia*, Tomo I (2 tomos). A Coruña 1972. Páx. 298.

30. MONTERO Y ARÓSTEGUI, J.; *Historia de El Ferrol*. Pontedeume 1972. Páx. 421-422.

31. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.; *Op. cit.* Páx. 70.

A finais do século XVII a igrexa de Santa Isabel atopábase en ruínas, polo que o prior mandou redactar un auto no ano 1738 referíndose á mesma:

(...) atendendo a que o corpo da igrexa de Santa Isabel non serve para ministerio algún por ter cerrado ao fin, mando que no referido corpo da Igrexa se faga un cuarto e morada con cociña e camareiras e servizo posible que sirva de Hospedaria para os devotos hóspedes e Piores, ou se nalgún tempo se aumentara o número de Cóengos, e que se poña en toda perfección e alfaías porque dende logo se poida habitar nel, e que todo isto sexa a costa da fábrica deste R. Mosteiro³².

As obras supuxeron a desaparición da tribuna da igrexa, o traslado de parte do mobiliario á igrexa colexial e, seguramente, o levantamento dalgunhas tumbas. En todo caso, a igrexa de Santa Isabel debeu quedar reducida a unha pequena capela³³.

Anos máis tarde, ao carón do tramo recto da ábsida da igrexa colexial, realizouse a torre-campanario, situada enriba do que debía ser a primitiva entrada ao mosteiro³⁴. Comporíase dun único corpo cúbico que aloxaba as campás, rematado nunha cúpula semicircular, seguindo o modelo que Simón Rodríguez realizou en San Fiz de Solovio³⁵.

Ao redor do ano 1761 os cóengos preiteaban entre si e co prior, por problemas de rendas e de xurisdición. Os ecos desta situación deberon chegar á Real Cámara, que decidiu tomar cartas no asunto. Comisionou a don Antonio Somoza, dignidade da Catedral de Mondoñedo, quen redactou un informe sobre a situación do mosteiro: o seu estado era lamentable e cualificou á igrexa de ermida, polo que aconsellaba o seu traslado a Pontedeume ou Ferrol.

A Real Cámara ordenou ao Bispado de Mondoñedo crear unha comisión que estudase a situación económica da Colexiata e o seu posible traslado. As conclusións do comisionado provocaron que por Real Orde do 8 de febreiro de 1800 se determinase o secuestro dos bens do priorado, que foi suprimido, e o traslado da Colexiata ao convento dos Agostiños en Ferrol³⁶.

32. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.; *Op. cit.* Páx. 76.

33. Montero y Aróstegui refírese a ela nos seguintes termos: Cara ao norte hai unha capela arruinada, en cuxo altar lese a inscrición: Ano de 1623; fíxose este retablo por mandado dos superiores e cóengos. MONTERO Y ARÓSTEGUI, J.; *Op. cit.* Páx. 421-422.

34. Foi construída no lugar onde había outra torre anterior, da que só quedaba o muro oeste ata os sillares de enriba da porta, tramo identificable pola disposición das filas e as marcas de cantería en ángulo recto. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.; *Op. cit.* Páx. 74.

35. Nunha carteleira pétrea, situada entre unha ventá cadrada e o emblema do mosteiro, podemos ler: *Fixo... esta torre... Fran. Verdes Montenegro, Prior e Sr. desta R. Colexiata, ano de 1750.*

36. CORREA ARIAS, J.F.; *Caaveiro e a crise do Antigo Réxime*; "Cátedra. Revista eumesa de estudos", número 3. Pontedeume 1996. Páx. 169-200.

A Guerra da Independencia adiou o traslado. Finalizada esta, o problema aprazárase de novo pola desamortización de 1835, momento no que se iniciou un proceso de liquidación dos bens vinculados a Caaveiro, así como a rendición dos foros e rendas. No Boletín do Estado do 18 de maio de 1849 saíron a puxa as propiedades próximas ao mosteiro e os edificios do mesmo, daquela en ruínas, que pasarían a mans de propietarios de terras e pequena burguesía de Coruña, Betanzos e Ferrol.

Isto provocou a protesta do Arcebispado de Santiago, quen puxo en marcha os mecanismos necesarios para invalidar a puxa; e non parou ata conseguir a devolución dos edificios. Isto sucedeu co decreto do 9 de xaneiro de 1875.

No ano 1890, Pío García Espinosa, avogado residente en Pontedeume, recibiu do Arcebispado, por cesión, os títulos de propiedade dos restos do mosteiro de Caaveiro con tres condicións:

*(...) que se repare e conserve, que abone a cantidade de sesenta reais anuais á Fábrica da Capela e que ceda a casa aos prelados cando quixeran darlle outro destino, pagándolle os gastos extraordinarios*³⁷.

Co asesoramento do historiador López Ferreiro, García Espinosa iniciou as obras de acondicionamento de todo o conxunto. Consistiron basicamente no arranxo das casas de cóngos situadas ao oeste do conxunto, na restauración da antiga igrexa e na construción dunha pequena edificación illada, onde antigamente estaba a sancristía da igrexa principal. Para todo elo, reutilizáronse as pedras das vellas edificacións derrubadas: as casas situadas entre as porterías, o cabido, o cuarto de arquivo e a igrexa colexial, que estaba en mal estado dende o ano 1763³⁸.

Morto o propietario o 28 de novembro de 1906, os seus herdeiros continuaron habitando por tempadas o mosteiro. Paralelamente, as terras fóronse abandonando lenta pero inexorablemente, ata que no ano 1960 abandonaba Caaveiro o seu último habitante.

A preocupación de Chamoso Lamas por este lugar levouno a incluír Caaveiro na súa proposta para a declaración de *Monumento Histórico-Artístico e Paraxe Pintoresca*, logrando esta catalogación, por Decreto, o 13 de agosto de 1971³⁹.

37. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.; *Op. cit.* Páx. 63.

38. LUGILDE ARIAS, C.; *Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro*; "Cátedra. Revista eumesa de estudos", número 3. Pontedeume 1996. Páx. 201-212.

39. SANDOMINGO GARCÍA, T.; *El dolor de la montaña: ¿La hora de Caaveiro?*; "Revista Abrente", números 16 e 17. Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, Ed. A Coruña 1984-1986. Páx. 147-150.

Uns anos máis tarde, Celestino Sardiña, deputado provincial e alcalde de Pontedeume, iniciou as conversacións cos propietarios para conseguir a súa cesión á Deputación da Coruña e poder acometer a súa restauración. As negociacións non foron doadas, pero finalmente e por Orde Ministerial do 18 de novembro de 1975, o conxunto foi declarado *Monumento Artístico de Interese Provincial*. Seguidamente, o acordo do Consello de Ministros, recollido no Real Decreto 3094/1980, declarou de utilidade pública, a efectos de expropiación forzosa, o mosteiro de San Xoán de Caaveiro e o terreo da súa contorna, sendo a beneficiaria desta expropiación a Deputación da Coruña⁴⁰.

En consecuencia, dez anos máis tarde convocouse un concurso de ideas co obxectivo de poñer en valor o conxunto. A citada competición establecía o interese da Deputación por converter as ruínas do mosteiro de Caaveiro nun lugar de contemplación da natureza e de posta en valor dos muros existentes para albergar as instalacións que mostrarían a riqueza natural e histórica dun conxunto tan singular.

Posteriormente outros organismos asumiron a tarefa de divulgar as riquezas naturais das Fragas do Eume, polo que foi intención da Deputación destinar o cenobio exclusivamente a mostrar os seus valores históricos e arquitectónicos.

O 6 de marzo de 1999 deuse a coñecer o resultado do concurso: Celestino García Graña e Isabel Aguirre Urcola foron os gañadores.

O que o visitante que accede agora a Caaveiro se encontra é unha amalgama de actuacións que ao longo do tempo foron poñendo e quitando, aquí e alá, a fin de acomodarse ao que os tempos e necesidades esixían (...).

*Perden a súa natureza orixinaria, a razón de ser para a que foron creados e pasan a ser importantes referencias do noso mundo contemporáneo: Imaxes que se converten no soporte da historia da arte, da experiencia estética, da identidade nacional, da idea de progreso, do cosmopolitismo, etc...*⁴¹

Malia xustificárense en base a teorías de museificación de ruínas, o que realmente se levou a cabo foi unha reconstrución baseada nas teorías do restauro científico centrada nas tres fases temporais do mosteiro: o conxunto de construcións orixinais, as reconstrucións da familia García Espinosa trala desamortización e a necesaria impronta que a contemporaneidade debe deixar sobre o inmovble.

40. MARTÍN RUIZ, L.; "Definición de los terrenos a expropiar en la Colegiata de Caaveiro"; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1981/007. A Coruña 1979.

41. GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I. + ALONSO MÉNDEZ, A.; "Proyecto Básico y de Ejecución para Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*"; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1999/210. A Coruña 1999.

Porque o que o visitante contempla, non é senón a descontextualización de algo que nunca existiu como tal.

O que se propón ao visitante é a elección duns determinados valores sobre outros, os edificios perderon a súa razón de ser, e ao recuperalos para producir determinados efectos, algo primase sobre algo, nada queda no seu sitio, dun modo ou outro todo se trastoca. E elo deixa necesariamente aberta a elección e aquí reside o gran risco e tamén o atractivo desta clase de operacións, por elo é lóxico sentir a vertixe que estas actuacións producen, cando de modo consciente nos achegamos a elas⁴².

Tras estas análises sobre as diferentes posibilidades, os arquitectos concluíron que a única opción válida era evidenciar a realidade do conxunto dos acontecementos pasados e ao mesmo tempo utilizar as dependencias rehabilitadas para as tarefas culturais que a propia Deputación suscitou *dando así nova vida ao que hoxe só son ruínas* en base a novas actividades didácticas.

Dende o punto de vista arquitectónico e polo tanto das opcións para lograr esa nova unidade, o equipo gañador propoñía respectar o actual estado das cousas como expresión física do que chegara ata nos, sen intentar operacións que implicasen achegarse a un tempo concreto do pasado. Por outra banda, pretendíase construír ou rehabilitar seguindo pautas que estivesen de acordo co presente negando toda posibilidade de imitación que só conduciría a engano. En definitiva, o que se quería era lograr unha continuidade entre arquitectura e paisaxe tal e como se podía contemplar ata o momento.

Nunha segunda fase da intervención, o proxecto centrouse nos accesos ao conxunto e na rehabilitación da Casa dos Gardeses⁴³.

As obras prolongáranse preto de doce anos, ata a súa inauguración oficial o día 23 de febreiro do 2011. Son varios os xornais que recollen a noticia:

Din que na vida todo o mundo merece unha segunda oportunidade e para Caaveiro esta é a súa. Estas palabras do presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, pronunciadas onte durante a inauguración oficial da rehabilitación do mosteiro trataban de exemplificar o

42. GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I. + ALONSO MÉNDEZ, A.; “Proyecto Básico y de Ejecución para Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2002/107. A Coruña 2002 - 2003.

43. GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I. + ALONSO MÉNDEZ, A.; “Proyecto Básico y de Ejecución para Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2006/270. A Coruña 2006..

*rexurdir dun monumento que estivo ao borde da ruína. Na súa recuperación (...) o organismo provincial (...) inverteu (...) para consolidar uns muros que contemplan dende o alto o mellor conservado de tódolos bosques atlánticos de Europa, as fragas do Eume*⁴⁴.

44. "La Voz de Galicia"; *Caaveiro reabre al público tras doce años de obras*; mércores, 23 de febreiro de 2011.



Fig. 04. CAAVEIRO. Planta de entrada da Casa de Quintás (Pavillón de exposicións)⁴⁴




Fig. 05. CAAVEIRO. Planta alta da Casa de Quintás (Pavillón de exposicións).




Fig. 06. CAAVEIRO. Alzado oeste e sección transversal da Casa de Quintás (Pavillón de exposicións).




Fig. 07. CAAVEIRO. Planta soto e de entrada da Sancristía (Pavillón de exposicións).




Fig. 08. CAAVEIRO. Planta da Igreja de Santa Isabel.




Fig. 09. CAAVEIRO. Alzado leste e sección transversal da Igrexa de Santa Isabel.




Fig. 10. CAAVEIRO. Planta e sección transversal do Pavillón de información.




Fig. 11. CAAVEIRO. Planta baixa da Casa dos Guardeses (Pavillón de servizos e aula).




Fig. 10. CAAVEIRO. Planta alta da Casa dos Guardeses (Pavillón de servizos e aula).

4.3 MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE MONFERO⁴⁵

A tradición recolle a existencia dun primitivo eremitorio que deu lugar a un mosteiro existente no século X cando San Rosendo fundou Caaveiro e do que apenas se teñen novas, xa que pronto foi destruído polos normandos⁴⁶. Sobre o coro do mosteiro orixinal edificouse posteriormente unha ermida dedicada a San Marcos, que se ten coma orixe da abadía beneditina de Santa María de Monfero.

É probable que o 3 de maio do 1134 don Afonso Bermúdez e don Pedro Osorio, pensando en retirarse da vida militar, procedesen a comezar as obras para a construción do cenobio. Devanditos nobres rogaríanlle ao rei Afonso VII que viñese colocar a primeira pedra do mosteiro no lugar de Monfero⁴⁷, como así fixo. A continuación destes feitos, o rei despachou comisionados ao abade don Florencio do mosteiro de Santa Mariña de Valverde, no Bierzo, para que lle enviase monxes. E en agosto dese mesmo ano incorporáronse a Monfero seis relixiosos da Orde de San Bieito, entre os cales estaba o que foi o primeiro abade do mosteiro, don Munio, e o prior don Froila, por alcume *o Ermitán*; os cales, segundo din os textos, viviron ao principio en chozas e usaron como igrexa a anti-ga ermida de San Marcos⁴⁸.

A incorporación de Monfero á orde cisterciense ocorreu no ano 1147, colocándose baixo a xurisdición de Sobrado dos Monxes. A nova situación foi confirmada, segundo as táboas do Císter, no ano 1201. Dentro da normativa cisterciense, o cenobio foi ordenando o seu territorio, coa súa rede de granxas e as tres vilas de relativa importancia (Betanzos, Vilalba e Pontedeume); promoveu así ao longo de seiscentos anos os intercambios comerciais, para dar saída aos seus excedentes agrícolas.

A partires do 31 de marzo de 1506, o mosteiro de Santa María de Monfero uniuse á Congregación e Observancia de Castela. Isto trouxo consigo unha renovación total da

45. Acompaña-se dunha análise gráfica realizada con planimetrías elaboradas pola autora en base aos datos consultados na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, referentes ao mosteiro de Santa María de Monfero. En devandita análise aparece destacada, en negro, a obra nova.

46. DE SAÁ BRAVO, H.; “Monasterios Cistercienses de Sobrado y Monfero”, Separata do Tomo I de *El Monacato en Galicia*, Colección Armenteira. Edicións Librial. A Coruña 1972. Páx. 27-40.

47. Apoando a construción deste novo mosteiro, o rei Afonso VII, o 5 de decembro de 1135, emitiu un privilexio en Palencia mediante o cal fixo mercé do sitio no que se fundou o mosteiro, e demarcou os termos da súa xurisdición. Aínda non se dera remate á construción do mosteiro; así o di o propio documento.

LÓPEZ ROBLES, E.; *El Monasterio de Santa María de Monfero. Siglos XII y XIII*. Resume da Tese Doutoral presentada na Universidade de Granada. Granada 1983. Páx. 15-21.

48. Para unha descrición máis detallada das orixes do mosteiro de Santa María de Monfero, consultar as seguintes obras:

- REIGOSA LORENZO, R.; *Colección diplomática del Monasterio de Monfero. Edición, prólogo y notas del Cartulario de Santa María de Monfero*. Tese Doutoral presentada na Universidade Complutense de Madrid. Madrid 1948.

- LÓPEZ ROBLES, E.; *El Monasterio de Santa María de Monfero. Siglos XII y XIII*. Resume da Tese Doutoral presentada na Universidade de Granada. Granada 1983.

- LÓPEZ SANGIL, J.L.; *Un problema resuelto: la fundación del monasterio de Monfero*, “Estudios Mindonienses”, n13. Ferrol 1997. Páx. 621-683.

vida regular dos seus monxes, unida a un movemento reformista, que se manifestou nas obras que se foron realizando.

Devanditas obras de reconstrución comezaron a mediados do século XVI. Templo e mosteiro foron renovados por enteiro en tal maneira que das anteriores edificacións só se conserva na actualidade unha parte do muro meridional da antiga igrexa románica e o lenzo da portaría.

Cara ao ano 1620 o groso do edificio, na súa parte da hospedaría co seu claustro e fachada, debía estar case rematado. Entón derrubouse a vella igrexa para levantar a actual e chamouse a Simón de Monasterio, mestre que representaba a tendencia vangardista da época. Deu un plan xeral que foi modificado no transcurso da edificación e ao que se foron sumando outras correntes estéticas de diferente tipo, máis influídas polo foco santiagués. A excepción é a fachada, obra única na que se conxugaron correntes de diferentes procedencias e na que cristalizou un tipo de *arquitectura postherreriana e protobarroca*, en palabras de Bonet Correa⁴⁹, de orixinalidade moi galega en organización, módulos e decoración.

O 20 de febreiro 1655 finalizaron as obras da nova igrexa. En canto ás actuacións acometidas no resto do cenobio, sabemos que entre os anos 1710 e 1713 ampliáronse os dormitorios e construíuse na esquina un cuarto alto e outro baixo, para calefactorio e arquivo respectivamente, coa posibilidade de proseguir o terceiro claustro ata a sancristía -rematada en 1716-. Na década dos cincuenta, ao encontrarse a bóveda da igrexa ameazando ruína, desmontouse e volveuse facer. As obras no dormitorio proseguiron ata a sancristía no terceiro claustro; facendo o cuarto de calefactorio e todo o corpo dos dormitorios superior, co seu piso e cubertas. Realizouse tamén a sala para arquivo, enriba da antesancristía. Entre os anos 1763 e 1767, botáronse pisos novos aos dormitorios e compuxéronse os das celas. Posteriormente construíuse a galería e parede do terceiro claustro, co que se fixo habitable. A continuación proseguíuse coas obras grandes: retellado da igrexa, da hospedaría, do claustro regular e do antecoro. Fixéronse os pisos de hospedaría e engadíuselle un brazo á antesancristía. No ano 1790 déronse por rematadas as obras da nova sala capitular, como se deduce da inscrición existente na porta e que debe aludir á súa conclusión. Nesta época tamén se dá por rematada a librería, situada enriba da sancristía.

O 12 de decembro de 1820, con motivo do *Decreto de Extinción de Monacais*, tódolos monxes se viron obrigados a abandonar a abadía, aínda que o abade e o seu celeireiro quedaron no edificio un ano máis como administradores. Tres anos máis tarde hai un intento de reocupación grazas á publicación do *Decreto da Rexencia do Reino*. Pero

49. BONET CORREA, A.; *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, CSIC, Instituto Padre Sarmiento. Madrid 1996. Páx. 237-240.

en agosto de 1835, co gallo da desamortización de Mendizábal, o cenobio é nova e definitivamente abandonado, quedando, unha vez máis, sometido a un saqueo que o condena a unha lenta pero progresiva ruína.

Na visita pastoral efectuada o 2 de xuño de 1854, o cardeal arcebispo de Santiago, don Miguel García Cuesta, conmovido ao contemplar a situación catastrófica na que se atopaba a abadía, ditou as oportunas medidas para poñer remedio a tal situación. En consecuencia, frei Xosé Manuel Díaz Losada e Felpeto inventariaría os efectos pertencentes ao mosteiro de Monfero⁵⁰, ademais de converterse nun auténtico loitador a prol da restauración do mesmo.

Na noite do 19 de febreiro de 1879 derrubouse a torre do lado norte da igrexa, agravando o estado de conservación do cenobio. Un ano máis tarde, realizou unha visita ao lugar o cardeal de Santiago don Miguel Payá y Rico quen, ao ver a edificación xa convertida en ruína, tratou de restablecer a ocupación do conxunto monacal por monxes cistercienses, empresa na que puxo especial empeño e na que contou co apoio moral e material do veciño de Pontedeume Rodrigo Pardo González. Tras un intento errado por parte dos padres don Xosé Agra Pastoriza e don Manuel Muíños Suárez, o 28 de febreiro de 1882, frei Bernaldo de Alcira encamiñábase a Monfero seguido de catro novizos, tendo lugar a inauguración oficial. A noticia percorreu rapidamente a comarca, sendo non poucos os mozos que se sentiron chamados a alistarse nas filas dos restauradores⁵¹.

Tras unha solicitude da Comisión de Monumentos da Coruña, a Real Academia de San Fernando aprobou a conveniencia de que o mosteiro de Santa María de Monfero fose incluído no Tesouro Artístico Nacional coa fin de protexe-lo dos seus destrutores: *o tempo, a ignorancia e a cobiza*⁵². En consecuencia, o cenobio foi declarado Monumento Nacional por Real Decreto do 3 de xuño de 1931⁵³.

No ano 1961, por iniciativa da Dirección Xeral de Arquitectura, determinouse acometer diversas obras de consolidación e restauración no mosteiro, realizando, entre 1962 e 1966 o labor de contención das ruínas e a restauración do corpo principal da igrexa, coa excepción da fachada e do tramo contiguo a ela. Construída unha nova estra-

50. LÓPEZ SANGIL, J.L.; *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*. Deputación Provincial de A Coruña. A Coruña 1999. Páx. 191-196.

No Apéndice XI desta obra podemos consultar o inventario realizado o 17 de xuño de 1868 sobre os obxectos propiedade do mosteiro de Monfero, que foron trasladados a outras parroquias despois da exlastración.

51. YÁÑEZ NEIRA, Frei M.D.; *El último capítulo en la historia de Monfero*, "Revista Abrente", nº11. A Coruña 1978. Páx. 49-80.

52. MÉNDEZ FORTE, R.; "Monasterio de Santa María de Monfero", *La conservación de los monumentos arquitectónicos de Galicia (1840-1940)*. Editorial Embora. Ferrol 2010. Páx. 385-403.

53. Corenta anos despois, esta declaración viuse reforzada coa xenérica declaración como *Conxunto Histórico da Comarca Eumesa*.

da cara ó cenobio que facilitaría o traslado dos materiais, deuse paso a unha segunda etapa das obras (1969-1972), na que se levou a cabo a consolidación das bóvedas e das cubertas da igrexa, así como da fachada principal e do claustro procesional.

Por último, dentro dos plans anuais de obras do Servizo de Monumentos e Conxuntos Arquitectónicos e co pulo de Chamoso Lamas, potenciouse unha nova intervención baixo a supervisión do arquitecto Francisco Pons Sorolla. O proxecto foi aprobado en xullo de 1975, e describía obras de consolidación e restauración que afectaban, sobre todo, á igrexa, á cociña e ao claustro sur.

Con data de xaneiro de 1993, presentouse, por encargo da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia, un anteproxecto de rehabilitación global do mosteiro de Monfero, baseado nunha análise do estado actual do edificio. O autor do mesmo, o arquitecto Jacobo Rodríguez - Losada Allende, propoñía unha estratexia xeral para a restauración deseñada no tempo de tal maneira que se podía realizar axustándose ás posibilidades económicas que se fosen orixinando. É importante indicar que a proposta se centraba na restauración de tódalas dependencias xa fose como consolidación da ruína existente ou como readaptación a un novo uso; excepto nas dependencias da igrexa, que por ter sido reparada na década dos setenta, estimábase máis oportuno excluí-la desta actuación⁵⁴.

O proxecto pecou, se cabe, de ambicioso, non chegando a executarse por completo. O arquitecto propoñía unha restauración de parte dos elementos que configuraban o mosteiro co fin de poder empregarlos como hospedaría de tal maneira que por unha banda se conservarían as partes máis significativas do edificio, e pola outra se potenciaría o monumento como centro cultural da comarca. O proxecto resistíase a inventar formas e trataba de manter o que se puidese consolidando o existente, de tal xeito que explicase a configuración primitiva do conxunto.

A mediados do ano 2003 asinábase en Santiago de Compostela un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Arcebispado de Santiago sobre a cesión indefinida do uso do mosteiro de Santa María de Monfero para a súa posta en valor e para a prestación de servizos turísticos e culturais.

O mosteiro de Monfero rehabilitarase este ano, así o afirma o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (...). O Instituto do Patrimonio Histórico Español da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais encargarse da restauración da igrexa, e a Xunta (...), do resto das obras (...). Ao longo

54. RODRÍGUEZ - LOSADA ALLENDE, J.; "Proyecto de restauración del monasterio de Monfero"; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1993/027. Santiago de Compostela 1993.

deste ano entregarase o proxecto definitivo e darán comezo os traballos. Os Presupostos Xerais do Estado do 2003 xa contemplan esta inversión, que se executará en tres anualidades correspondentes ás diferentes fases da rehabilitación do templo de Monfero. Esta decisión satisfai as demandas de numerosos colectivos que viñan denunciando o estado de abandono e de espoliación do recinto. É o caso da Asociación de Amigos do Mosteiro de Monfero, que dende o ano 1999 ten como obxectivo prioritario levar a cabo iniciativas para protexer, conservar, restaurar e dar a coñecer o patrimonio cultural e artístico dun dos maiores centros de concentración do Císter en Galicia⁵⁵.

Tralo acordo, a Dirección Xeral de Turismo convocaba o 13 de xullo de 2004 o concurso para a redacción dun proxecto arquitectónico de rehabilitación do mosteiro de Monfero para hotel - monumento de catro estrelas con centro lúdico termal - spa, por considerar que era o equilibrio entre as características do edificio e os seus requirimentos como produto turístico⁵⁶. O ámbito de actuación do proxecto incluía os terreos que lindaban co conxunto monacal, véndose excluídos da mesma a igrexa e a sancristía, non cedidos pola Arquidiocese, e as dependencias da Asociación de Amigos do Mosteiro. O principal obxectivo sería o de devolver ao cenobio o protagonismo que tivo no seu día para un novo uso que lle permitise a súa supervivencia mediante a autofinanciación.

Coa frase de Ortega y Gasset, *Viaxar non só é desprazarse no espazo*, o estudio gañador SB.S.C, formado por Patricia Sabín Díaz e Enrique M. Blanco Lorenzo, iniciaban a defensa dos seus criterios de deseño:

A relación das persoas co monumento é complexa. A súa igrexa grandiosa... os seus claustros máis ou menos ruinosos... provocan en todos unha sensación de descubrimento. O proxecto trata de aproveitar a oportunidade de volver aprender o lugar e de transmiti-lo aos futuros usuarios, por iso, e malia buscar o beneficio económico a través da creación dun hotel - spa, gustaríanos que o espírito do monumento seguisse vivo e continuase pertencendo a todos (...). Proxéctanse salas que resultan moi versátiles para usos moi diversos (...), intentando que se converta nun foco tamén de desenvolvemento comarcal. Inténtase non tocar os muros, respectar ao máximo as cruxías existentes e abrir ocos imprescindibles para un bo funcionamento. Os usos alleos colócanse ao sur, segundo o crecemento natural do mosteiro (...). Aínda que resolvemos as dúas opcións, cremos que

55. *Diario de Ferrol*. Mércores 2 de xullo do 2003.

56. LOIS GONZÁLEZ, R.C.; *Monfero, ideas. Concurso de ideas para a Rehabilitación do mosteiro de Santa María de Monfero como Hotel Monumento*. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Turismo. Santiago de Compostela 2006. Páx. 7-36

*cómpre desprazar a casa do cura e da asociación, garantindo así a uniformidade da actuación*⁵⁷.

Co seu proxecto, os arquitectos buscaban a colonización dunha edificación con historia sen variar a súa lectura e as súas características. Identificaron o existente como unha base en estado de ruína, resultado dun elevado estado de degradación. A súa opción foi empregar toda esa presenza como materia conceptual, onde a herdanza arquitectónica se converteu na base para a construción do novo hotel: *non estamos a restaurar un mosteiro, estamos a construír un hotel coas pedras dun mosteiro*. Este principio podería lembrarnos a Viollet Le Duc, pero os arquitectos non procuraron a súa unidade de estilo, definindo un estilo dominante e suprimindo outros. Ao revés, empregaron o existente como materia de traballo para recrear o conxunto, restablecendo nel un estado actual que emprega toda a preexistencia como tema.

A historia do edificio non foi vista como unha secuencia continua senón como un testemuño reinterpretado de xeito non secuencial. A base histórica adquiría unha importancia tradicionalmente outorgada ao *lugar*. Asimilándollo como unha ferramenta de traballo, os arquitectos remarcaron, suavizaron ou anulaban a materia construída da mesma maneira como axeitaron o terreo ou determinaron as relacións visuais ou volumétricas como envolvente.

Deste xeito potenciaban o uso do claustro dos dormitorios, que se atopaba durante a convocatoria do concurso en pésimo estado, albergando no mesmo as habitacións e os servizos do restaurante. Tamén resaltaban o proceso de crecemento do mosteiro cara ao sur coa posición do centro termo lúdico - spa aberto ás fermosas vistas.


Por outra banda, o proxecto recordaría a Ruskin na recuperación do discurso en torno á nostalxia, á ruína, á beleza da pátina. Pretendía a verdade do existente en contrapunto á intervención estética, asumindo engurras e defectos, refacéndollos segundo unha nova lóxica persoal, cuns principios destacados ao nivel funcional e construtivo. Os arquitectos recolocaron todos estes elementos físicos, poéticos ou filosóficos de novo na contemporaneidade, adaptados a unha imaxe clara e actual, sen establecer analoxías ou contrastes; pero si unha nova imaxe, a súa.

En xaneiro do 2005 encargábaselle oficialmente ao equipo gañador o proxecto básico. Ao longo deste ano e parte do seguinte, a Xunta de Galicia viu a conveniencia de dividir o proxecto orixinal nunha primeira fase que abarcase os traballos de limpeza integral, documentación exhaustiva, estabilización, demolición puntual de elementos e consolidación

57. BLANCO LORENZO, E.M. + SABIAN DÍAZ, P.; "Proyecto de rehabilitación del monasterio de Santa María de Monfero para hotel de 4 estrellas y centro lúdico-termal SPA"; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2006/458. A Coruña 2006.

xeral do mosteiro; alegando que tales medidas supoñerían unha vantaxe fronte a execución completa ao diferenciar as accións de traballo sobre as vellas fábricas da obra nova.

Iniciados os trámites correspondentes e con data do 20 de abril de 2007 informábase favorablemente para a execución da primeira fase, pero non sería ata dous anos despois cando aparecen as primeiras máquinas na contorna do mosteiro.

Fig. 13. MONFERO. Planta semisoto⁵⁷




Fig. 14. MONFERO. Planta baixa.




Fig. 15. MONFERO. Planta primeira.




Fig. 16. MONFERO. Planta segunda e de cubertas.




Fig. 17. MONFERO. Alzados norte e oeste.




Fig. 18. MONFERO. Alzados sur e leste.




Fig. 19. MONFERO. Seccións lonxitudinal e transversal.

5. CONCLUSIÓN

A pesares do atípico que poida resultar a mostra analizada, nela chegamos a intuír que case calquera uso pode inserirse en calquera tipo de monumento –ou edificio–. A decisión sobre a súa reciclaxe semella depender máis das condicións sociais e de mercado que da capacidade física do inmovible.

Sen embargo, tamén é evidente que determinados usos encaixan máis doadamente nun tipo de edificación con características similares ca noutros.

A reciclaxe arquitectónica enfronta ao propietario do inmovible, ao futuro usuario e ao arquitecto. O desafío pode ser doado ou difícil; pero a solución *correcta* estará no logro dunha intervención que pareza adecuada, conveniente, a tódolos implicados.

Pola nosa parte, temos claro que o proxecto debe aumentar o valor do carácter orixinal do monumento, e conservar a posibilidade de producirse novos cambios –novas adaptacións– nun futuro. Polo tanto, somos conscientes, como arquitectos, que toda intervención nun edificio -histórico- que teña por obxectivo un cambio de uso debe partir da idea de poder volver ao seu estado ou condición anterior unha vez que o seu novo uso queda obsoleto.

Sen embargo, polo común, óbvianse dous parámetros implícitos nos problemas de recuperación de edificios, alén das intervencións sobre antigos soportes edificatorios, no plano de que puideramos chamar *cirurxía estética*. Os dous parámetros aludidos son os que en termos xerais e máis amplos afectan á patoloxía da edificación e tódolos inherentes aos problemas exclusivamente tecnolóxicos.

Existen problemas comúns derivados da posta en práctica dunha reutilización allea á identidade primitiva dun edificio. Estes inciden en temas tales como desaxustes provenientes da capacidade inicial en relación aos futuros usos previsibles; contradicións funcionais e distributivas; ausencia de servizos e instalacións postas ao día; carencia do grado de confort e habitabilidade esixibles por un mínimo de adaptación aos estándares actuais; ou, entre outros, alteracións semánticas que poden devir en novas significacións nas que as imaxes e símbolos derivados das diferentes iconografías históricas se transforman en obxectos de consumo.

Ante isto, debemos ser conscientes de que un cambio de uso é unha solución coiuntural, froito dun círculo de necesidades e de factores sociais e económicos. Algúns cambios son necesariamente irreversibles, pero, ¿son os máis adecuados?

Nas nosas mans, como arquitectos, está a resposta.

6. BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO RODRÍGUEZ, J.A.; “Proyecto Básico y de Ejecución de Obras de Adaptación de la Casa Rectoral del Pazo para Museo Etnográfico”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2004/581. A Coruña 2004.
- BLANCO LORENZO, E.M. + SABÍN DÍAZ, P.; “Proyecto de Rehabilitación del Monasterio de Santa María de Monfero para hotel de cuatro estrellas y centro lúdico - termal spa”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2006/458. A Coruña 2006.
- BONET CORREA, A.; *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, CSIC, Instituto Padre Sarmiento. Madrid 1996. Páx. 237-240.
- BRANDI, C.; *La restauración: teoría y aplicación práctica*. Editorial de la Universidad Politécnica de Valencia. Valencia 2008.
- CORREA ARIAS, J.F.; *Caaveiro e a crise do Antigo Réxime*; “Cátedra. Revista eumesa de estudos”, número 3. Pontedeume 1996. Páx. 169-200.
As Orixes de Caaveiro e Celanova e outras empresas na vida de San Rosendo: novas hipóteses; “Cadernos do Ateneo Eumés”, ano 3, número 3. Pontedeume 2005. Páx. 18-30.
- CHOAY, F.; *Alegoría del patrimonio*. Editorial Gustavo Gili. Barcelona 2007.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, C.; *El monasterio de San Juan de Caaveiro*. Editorial Deputación Provincial da Coruña. A Coruña 1999.
- DE SAÁ BRAVO, H.; “Monasterios Cistercienses de Sobrado y Monfero”, Separata do Tomo I de *El Monacato en Galicia*, Colección Armenteira. Edicións Librigal. A Coruña 1972. Páx. 27-40.
- FERNÁNDEZ-GAGO VARELA, C.; “Proyecto de Restauración y Rehabilitación del Convento de San Agustín”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1983.
- FONTENLA SAN JUAN, C.; *Restauración e historia del arte en Galicia*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago de Compostela 1997.
- GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I.; “Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*. Fase II: Casa dos Guardeses”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2006/270. A Coruña 2006.
- GARCÍA BRAÑA, C. + AGUIRRE URCOLA, I. + ALONSO MÉNDEZ, A.L.; “Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1999/210. A Coruña 1999.
- “Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación del conjunto monumental *Monasterio de Caaveiro*”. Documento consultado na Dirección Xeral de

- Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2002/107. A Coruña 2002-2003.
- GONZÁLEZ - VARAS IBÁÑEZ, I.; *Conservación de bienes culturales. Teoría, historia, principios y normas*. Cátedra Editorial. Madrid 1999.
- *Restauración monumental en España durante el siglo XIX*. Editorial Ámbito. Valladolid 1996.
- HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F.; *El patrimonio cultural. La memoria recuperada*. Editorial Trea. Gijón 2002.
- LOIS GONZÁLEZ, R.C.; *Monfero, ideas. Concurso de ideas para a Rehabilitación do mosteiro de Santa María de Monfero como Hotel Monumento*. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Turismo. Santiago de Compostela 2006.
- LÓPEZ HEREDIA GONZÁLEZ, J.J.; “Proyecto Básico y de Ejecución de Construcción de un centro de interpretación de los Andrade con interpretación permanente y oficina de Turismo en el Torreón de los Andrade”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 2000/186. A Coruña 2000.
- LÓPEZ ROBLES, E.; *El Monasterio de Santa María de Monfero. Siglos XII y XIII*. Tese Doutoral presentada na Universidade de Granada. Granada 1983.
- LÓPEZ SANGIL, J.L.; *Un problema resuelto: la fundación del monasterio de Monfero*, “Estudios Mindonienses”, número 13. Ferrol 1997. Páx. 621-683.
- *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*. Deputación Provincial de A Coruña. A Coruña 1999.
- LORENZO ASPRES, A.; *O ocase de Monfero: evolución, ruína e restauración*, “Estudios Mindonienses”, número 26. Ferrol 2010. Páx. 599-655.
- LUGILDE ARIAS, C.; *Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro*; “Cátedra. Revista eumesa de estudos”, número 3. Pontedeume 1996. Páx. 201-212.
- MACARRÓN MIGUEL, A.M.; *Conservación del patrimonio cultura: criterios y normativas*. Editorial Síntesis. Madrid 2008.
- La conservación y la restauración en el siglo XX*. Editorial Tecnos. Madrid 2011.
- MARTÍ ARIS, C.; *Las variaciones de la identidad. Ensayo sobre el tipo en arquitectura*. Editorial Serbal. Barcelona 2003.
- MARTÍN RUIZ, L.; “Definición de los terrenos a expropiar en la Colegiata de Caaveiro”; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1981/007. A Coruña 1979.
- MARTÍNEZ JUSTICIA, M.J.; *Antología de textos sobre restauración*. Universidad de Jaén, Servicio de Publicaciones. Jaén 1996.
- *Historia y teoría de la conservación y restauración artística*. Editorial Tecnos. Madrid 2001.
- MARTÍNEZ JUSTICIA, M.J. + SÁNCHEZ - MESA MARTÍNEZ, L.J.; *La restauración de bienes culturales en los textos normativos: selección, traducción y estudio crí-*

- tico de documentos normativos internacionales y nacionales. Editorial Comares. Granada 2008.
- MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L.; “Proxecto de urbanización: Horta de S. Agustín - Pontedeume”. Documento consultado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, coa signatura 1985/035. A Coruña 1988.
- MÉNDEZ FORTE, R.; “Monasterio de Santa María de Monfero”, *La conservación de los monumentos arquitectónicos de Galicia (1840-1940)*. Editorial Embora. Ferrol 2010. Páx. 385-403.
- MONEO VALLÉS, J.R.; *Construir sobre lo construido. Adecuación y continuidad*; “Arquitectura Viva”, número 110. Madrid 2006. Páx. 25.
- MONTERO Y ARÓSTEGUI, J.; *Historia de El Ferrol*. Pontedeume 1972. Páx. 421-422.
- MUNTAÑOLA I THORNBORG, J.; *Topogénesis. Fundamentos de una nueva arquitectura*. Ediciones UPC. Barcelona 2000.
- PÉREZ VILLAAMIL, J.; *Jenaro Pérez Villaamil dibujante: el viaje a Galicia de 1849*. Exposición organizada polo Museo de Belas Artes da Coruña. Ministerio de Cultura, Dirección xeral de Belas Artes. A Coruña 1988.
- REIGOSA LORENZO, R.; *Colección diplomática del Monasterio de Monfero. Edición, prólogo y notas del Cartulario de Santa María de Monfero*. Tese Doutoral presentada na Universidade Complutense de Madrid. Madrid 1948.
- ROBERT, P.; *Reconversions Adaptations: New uses for Old Buildings*. Editions Moniteur. París 1989.
- RODRÍGUEZ - LOSADA ALLENDE, J.; “Proyecto de restauración del monasterio de Monfero”; documento consultado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Xunta de Galicia, coa signatura 1993/027. Santiago de Compostela 1993.
- SANDOMINGO GARCÍA, T.; *El dolor de la montaña: ¿La hora de Caaveiro?*; “Revista Abrente”, números 16 e 17. Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, Ed. A Coruña 1984-1986. Páx. 147-150.
- SORALUCE BLOND, J.R.; *Historia de la Arquitectura Restaurada: de la Antigüedad al Renacimiento*. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións. A Coruña 2008.
- *Historia de la Arquitectura Restaurada: del Renacimiento al Movimiento Moderno*. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións. A Coruña 2010.
- “Pontedeume”; *Cascos históricos de Galicia*. Librería Arenas Ed. A Coruña 2011. Páx.205-214.
- VALDES BLANCO-RAJOY, R.; *1ª Campaña de escavación arqueolóxica en San Xoán de Caaveiro*; “Cátedra. Revista eumesa de estudios”, número 3. Pontedeume 1996. Páx. 213-242.
- YÁÑEZ NEIRA, Frei M.D.; *El último capítulo en la historia de Monfero*, “Revista Abrente”, nº11. A Coruña 1978. Páx. 49-80.

ACCESO Á CLERECÍA E FORMACIÓN ECLESIAÍSTICA NA GALICIA DO SÉCULO XVIII: AS CONSTITUCIÓN DO SEMINARIO DE CONFESORES FUNDADO POLO ARCEBISPO RAXOI

Xesús Andrés López Calvo

1. INTRODUCCIÓN

Na monumental praza do Obradoiro da cidade de Santiago de Compostela álzase o, talvez, edificio civil máis importante dela: o pazo de Raxoi, hoxe sede da casa do concello da capital galega e que debe o seu nome a que a súa construción foi resultado do desexo do arcebispo Bartolomeu Raxoi Losada (Pontedeume 1690 — Santiago de Compostela 1772).

Son moitos e rigorosos os estudos que se publicaron sobre a súa edificación, fábrica e situación no conxunto urbano da cidade xacobe¹. A maior parte refírense á fase inicial da súa construción, outros preocupáronse dos distintos planos e os elementos barrocos que se substitúen por pautas máis academicistas, así de como se foron resolvendo os preitos entre o administrador do Hospital Real, a Casa do concello da cidade e o propio arcebispo, para configurar o conxunto da actual praza do Obradoiro. Por suposto que non é a nosa intención volver sobre o tema, pretendemos achegarnos, a través das súas constitucións fundacionais, a unha das institucións para a cal foi pretendidamente deseñado aquel edificio, pois poucos estudos trataron, de xeito especial, a distribución dos seus espazos interiores que intentaban compaxinar a finalidade plural do pazo de Raxoi: Casa do concello, cárcere (civil e eclesiástica) e seminario. Evidentemente, limitarémonos exclusivamente a esta última.

Cremos que a mellor achega que ofrece o noso estudo non é tanto o seu desenvolvemento, canto o é o apéndice documental, onde reproducimos o texto das referidas constitucións que ofrecen a oportunidade de describir a organización do sistema

1. Cf. M. S. ORTEGA ROMERO, “Noticias sobre la construcción del Ayuntamiento de Santiago de Compostela”, en: *Cuadernos de Estudios Gallegos* 21 (1966) 63, 81-101; F. PÉREZ RODRÍGUEZ, “Precisiones sobre la construcción del edificio de Rajoy en Santiago de Compostela”, en: *Compostellanum* 44 (1999) 559-580; F. SINGUL LORENZO, *La ciudad de las luces. Arquitectura y urbanismo en Santiago de Compostela durante la Ilustración*, Santiago de Compostela 2001; J. GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, *Arquitectura del Neoclásico en Galicia*, A Coruña, Fundación Barrié de La Maza 1989, 78-82.

educativo de acceso á clerecía na Compostela do século XVIII; en que condicións se levou ao cabo o proceso de fundación do Seminario de Confesores dentro do conxunto de disposicións lexislativas da época sobre o tema e, finalmente, analizar as informacións sobre os residentes do seminario.

Con este exercicio de descrición e análise captaremos a evolución e o tránsito ás propostas reformistas do Concilio de Trento sobre o acceso á clerecía e a formación dos eclesiásticos, sobre todo os destinados a dar servizo na catedral, dentro do contexto concreto da diocese compostelá.

2. FONTES DOCUMENTAIS

A nosa investigación nutriuse, case exclusivamente, dun único documento cuxo orixinal consérvase no Arquivo da Catedral de Santiago². Non obstante, en honestidade, temos que deixar claro que traballamos sobre unha fotocopia do mesmo: a que se atopa depositada nos fondos bibliográficos da Sociedade Filatélica de Arte e Humanidades “Eume” de Pontedeume.

Efectivamente, en agosto de 1993, con motivo da celebración do III centenario do nacemento de Bartolomeu Raxoi e Losada, a dita sociedade editou un libro conmemorativo, organizou diversas conferencias, concursos xornalísticos e exposicións; e animou a celebración daquela efeméride, pois Santiago de Pontedeume é a parroquia natal de Raxoi e Losada. Con tal motivo, tamén a propia Sociedade Filatélica, para facilitar o acceso a investigacións sobre o persoeiro homenaxeado, quixo aumentar os seus fondos documentais, e así se trouxeron para os seus andeis fotocopias de distintos documentos e cartapacios conservados en fondos privados e arquivos de institucións, que servisen para a redacción de artigos de investigación e para a difusión da figura e obra de Bartolomeu Raxoi e Losada.

Se ben é certo que aquela práctica, a de duplicar fondos, non é o procedemento máis ortodoxo da metodoloxía arquivística, si que naquel momento serviu para a consecución do obxectivo proposto pola Sociedade Filatélica de Arte e Humanidades “Eume”: a edición e publicación de traballos de investigación sobre o que foi prelado compostelán nos anos da Ilustración española.

O documento que nos atinxe forma parte dun cartapacio de 87 folios non numerados que se redacta como real executoria en Madrid, o 20 de agosto de 1789.

2. Figura catalogado como *Fundación original del Seminario de Confesores, 20 de agosto de 1789*. Compóñeno un exordio, unha copia das constitucións, un informe e unha resolución. Existe outro orixinal das devanditas constitucións en: ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL DE MADRID, Sección: *Consejos*; Cartapacio 987; Expediente 7.

Trátase dunha primeira resolución á instancia feita o 13 de xullo de 1781 asinada polo arcebispo compostelán Malvar e Pinto, mediante a cal solicitaba á Corte que interviñese para obrigar ao cabido capitular da catedral compostelá a que aceptase algunhas modificacións suxeridas polo propio arcebispo, dado que non lle parecía o pazo de Raxoi o edificio máis idóneo para albergar nel o Seminario de Confesores fundado polo prelado de Pontedeume o 3 de xullo de 1772 e, ademais -sempre segundo o seu particular punto de vista- porque as súas constitucións menoscababan a autoridade que o dereito canónico vinculaba ao ministerio episcopal, privilexiando a do cabido en detrimento do ordinario.

Poden ser moitas máis as facetas que este documento motiven a futuros investigadores: os razoamentos das administracións (pública e eclesiástica); as novas correntes reformistas xurdidas dende o Concilio de Trento; a estrutura social do Antigo Réxime; o mecenado cultural dos eclesiásticos españois; a preocupación por unha mellor formación nos servidores do culto catedralicio... Toda unha riqueza poliédrica que, con toda seguridade, motivará á redacción de novos estudos moito mellores que o noso.

3. OS SEMINARIOS TRIDENTINOS E O ACCESO Á CLERECÍA EN GALICIA

Co obxectivo de conseguir unha axeitada e recta formación científica e espiritual dos candidatos ao sacerdocio, o Concilio de Trento aprobou, o 15 de xullo de 1563, o decreto *Pro seminariis* que establecía a fundación en todo o orbe católico dos seminarios clericais. Dende o pontificado de Pío IV foron moitos os papas que ao longo da Idade Moderna insistiron unanimemente na necesidade do seu establecemento en todas as dioceses³. Efectivamente, a gran masa clerical española posuía, sobre todo con anterioridade ao século XVIII, unha escasa formación literaria, o que foi motivo de preocupación tanto pola Coroa coma pola xerarquía eclesiástica. Unha preocupación que se reflectiu nos debates tridentinos, implicados en tarefas de reforma relixiosa, á que se unía como condición a mesma elevación da cultura e formación xeral dos clérigos. Pero os seus acordos foron interpretados de modo desigual entre a xerarquía hispana, de talante maioritariamente barroquizante, conservador e uniformista, tal como se reflicte nas actas dos numerosos concilios provinciais e sínodos celebrados polas distintas dioceses, o que provocou unha retardación, malia as urxencias dos reis, da fundación de seminarios conciliares nos séculos XVI e XVII⁴.

3. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, “El Seminario Conciliar de Santiago. Nuevos datos para su historia”, en *Compostellanum* 26 (1981) 1-4, 203.

4. En España durante o século XVI creáronse 20 seminarios, sendo o primeiro o de Burgos en 1565. No século XVII prodúcese unha significativa decadencia onde se fundan soamente 8. Outros 18 corresponden ao século seguinte, e non é até o XIX cando o seminario chega a todas as dioceses. Cf. F. MARTÍN HERNÁNDEZ, *Los seminarios españoles. Historia y pedagogía 1563-1700*, Salamanca, Sígueme 1964. Tamén: Ib., “Seminarios” en: *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Vol. IV, Madrid 1975, 2422-2429.

Pero é no século XVIII cando, neste contexto reformador, o perfil dos membros do episcopado galego favorece, polo seu sólido nivel académico e ascendencia social, aquel obxectivo desexado polo Concilio de Trento. E o mesmo acontece dentro do conxunto das corporacións capitulares das catedrais⁵, con compoñentes de marcado carácter ilustrado e con inquietudes pola fundación de obras pías e centros de ensino e instrución. Tamén algúns estudos sobre o particular describen un cambio de mentalidade entre o clero aínda que iso si, máis no benefical que no parroquial rural⁶.

Unha renovación era tamén obxectivo da administración do Estado, pois os reformistas Borbóns percibían o clero como axente para as súas políticas de fomento da instrución e de posibles reformas sociais⁷. Estas urxencias trouxeron como consecuencia a fundación de seminarios. O de Mondoñedo fíxose entre 1565 e 1572, incorporándose á Universidade de Santiago en 1788 en tempos do bispo Losada Quiroga; o de Lugo en 1593, aínda que se lle dan novos estatutos durante o pontificado de Francisco Armañá (1768-1785); en 1804 fundábase o de Ourense, establecido definitivamente polo bispo Quevedo Quintana con nove cátedras; o de Santiago en 1829 por decisión do arcebispo frei Rafael Vélez, ocupando primeiramente o colexio de San Clemente e posteriormente o antigo mosteiro beneditino de San Martiño Pinario, sede tamén da futura Universidade Pontificia; finalmente o de Tui iníciase o bispo García Benito aínda que é o seu sucesor Cobarrubias en 1850 quen por fin o asenta, definitivamente, no antigo convento franciscano daquela cidade⁸.

As causas deste atraso nas urxencias reformistas tridentinas pedidas pola Santa Sé e polo propio Consello Real para a fundación de seminarios foron xa estudadas detidamente⁹. Enumeramos, moi superficialmente, as máis determinantes:

- a) En moitas capitais diocesanas xa as universidades ofrecían ensino de latinidade, artes, teoloxía e canons, base da formación sacerdotal. Cubrían moi dignamente este aspecto, sobre todo cando os candidatos procedían de ámbitos urbanos.
- b) Pugna de cabidos e corporacións capitulares por conservar dereitos de padroado en detrimento do prelado diocesano que os tería todos sobre a nova institución do seminario.

5. Cf. A. COSTA RICO, *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX). Permanencias e cambios non contexto cultural e educativo europeo*, Vigo, Xerais 2004, 486.

6. Cf. O. REI CASTELAO, "Evolución y resultados de los estudios sobre mentalidad y cultura en la Galicia del período moderno", en *Hispania* 176 (1990), 1242; tamén B. BARREIRO MALLÓN, "La diócesis de Santiago en la época moderna", en J. GARCÍA ORO (Dir.), *La Iglesia de Santiago de Compostela*, Madrid BAC 2002, 272.

7. Referímonos á real cédula de Carlos III: *Erección de Seminarios Conciliares para la educación del clero*.

8. Cf. F. CARBALLO CARBALLO, *A Igrexa galega*, Vigo, A Nosa Terra 1995, 139.

9. Cf. C. GARCÍA CORTES, A. c., 204-205 e F. MARTÍN, O. c., 748.

- c) O medo que supoñía nas universidades a mingua de alumnos das súas facultades para conseguir os mesmos graos nos seminarios.
- c) Escaseza de rendas e recursos, tanto da Igrexa coma da Coroa para o sostemento dos seminarios.
- d) Falta dun directorio especializado emanado da Santa Sé que, ao quedar todo no individualismo diocesano, trouxo -sobre todo no século XVII- unha decadencia de fundacións e do mantemento das xa existentes.
- e) A cuestión do “coro”: Os seminaristas localizábanse preto da catedral respectiva para que asistisen e estivesen ao servizo do coro na catedral, o que convertía os aspirantes á clerecía en simples acólitos dos cóengos.

Todos estes factores alimentaron a ineficacia, a ausencia de inquietude e as dotacións precarias para fundacións seminarísticas.

4. O COMPOSTELÁN SEMINARIO DE CONFESORES: FUNDACIÓN, REGULAMENTO E IDEARIO

Segundo as directrices do concilio tridentino, calquera seminario sería concibido como un internado, con ensino propio e un réxime especial de disciplina e de piedade baixo a dirección inmediata do bispo, representado polo reitor, que contaría con outros directores ou superiores. As constitucións para o seminario de confesores de Santiago que nos ocupan foron redactadas polo cóengo José Balsinde Cienfuegos, obtendo a aprobación do arcebispo Bocanegra por Decreto do 23 de marzo de 1781. Intentaremos agora describir como o de Confesores de Santiago se acomodou a esta formulación.

4.1 Descrición do seminario

Nun primeiro momento a participación do arcebispo Raxoi na edificación do edificio que nos ocupa foi secundaria, pois a pretensión inicial era a de construír un edificio para casas do Concello e cárceres. É en 1764 cando se produce un cambio radical: Raxoi esquece o financiamento do proxecto consistorial en beneficio doutra empresa propia: “El establecimiento de un Seminario en que vivan recogidos los Niños seises, mozos de coro, misarios y Acólitos de esta Santa Iglesia. Una obra de dos pisos destinada exclusivamente a Seminario, aunque no se concreta su emplazamiento ni su proyecto”¹⁰.

10. Cf. F. PÉREZ RODRÍGUEZ, *A. c.*, 560-561.

Non é até abril de 1766 cando o cabido anuncia como lugar elixido o flanco occidental da praza do Obradoiro, colocando os cárceres a ambos extremos e quedando o seminario no centro “sin más leve contingencia, de que puedan servir de embarazo dichas Cárceles a la mayor quietud y sosiego de los que habiten dicho seminario”¹¹.

As constitucións redáctanse despois do deseño de obra, pero sinalan que o seminario tería cuartos con chave (individuais polo tanto) para os doce confesores, salas para estudo, cociña ampla e comedor para atender a todos os residentes; non se menciona espazo para biblioteca aínda que si pezas para as distintas clases e conferencias e, finalmente, a capela. Aínda que hai toda unha constitución (a sexta) dedicada a como se han de coidar aos enfermos, non se estipula a existencia dunha estancia exclusiva como enfermaría. Iso si, delicado é o coidado e atención con que se ten que tratar os enfermos: “Si alguno de los individuos del Seminario se hallase enfermo, se le asistirá puntualmente por el Seminario en todo lo que corresponde a Médico y Botica, y esto puntualmente sea de cualesquiera clase, quedando lo demás de cuenta del respectivo fondo de donde viven como abajo se dirá, siendo obligación del Cocinero, y más sirvientes la asistencia ministrándole a sus horas el alimento y más ocurrencia y si la indisposición llegare a términos de conocido peligro y cuidado se le señalará inmediatamente por el Rector o Regente que le sustituya en su ausencia uno de los Confesores más prudentes y acomodado al genio del doliente que le asistirá y consuele en los trabajos que le resulten de la enfermedad”.

O seminario aparece tamén como signo de muro de contención ante os perigos de relaxación moral ou herexía. Isto explica a continua vixilancia que tiña que manterse respecto ás entradas e saídas do propio edificio.

4.2 Os superiores

O Seminario de Confesores había de contar, como superiores de maior rango, cun reitor e un administrador. O **reitor** tiña unha función análoga á dos reitores de colexios universitarios, só que cun aspecto máis clerical. Habería de ser elixido entre os membros e dignidades do Cabido compostelán por un prazo de tres anos prorrogábeis mediante voto secreto dos capitulares, elección que se efectuaba no mes de agosto xunto coas dos demais oficios dentro da corporación capitular. En canto á disciplina debería: “celar y cuidar con esmero sobre el cumplimiento de las respectivas obligaciones de cada uno según su respectiva clase, interpolando la suavidad con el rigor según dicte la prudencia y circunstancias de la culpa, y de modo que sea más proporcionada para conseguir la enmienda del defectuoso, lo que se deberá entender de las faltas cometidas dentro del Seminario en el cumplimiento de la obligación de cada uno que se anotará en los estatutos particulares de

11. *Ibid.*, 562.

cada clase; pues por lo que mira a las que se cometan dentro de la Iglesia deberán celar el Maestro de Ceremonias y Contadores, quienes darán parte al dicho Rector para que castigue a cada uno con la pena correspondiente a la falta o faltas en que haya incurrido, sobre que se encarga a unos y otros la conciencia”.

Pola súa parte o **administrador** sería o encargado de “recoger los frutos y haberes del Seminario, proporcionar las provisiones necesarias, tomar mensualmente la cuenta al despensero o persona que se diputase para este oficio, dándola por sí generalmente en cada un año de la contaduría de dicha Santa Iglesia con cargo y data según se acostumbra, por cuyas obligaciones tendrán más premio que la habitación necesaria para sí y para toda su familia y el uso de la cocina para ella”.

piedad patrimonial en este Pueblo, y algunos otros que a mi juicio no eran precisos o de mayor necesidad en sus Parroquias, y pueden añadirse en días de mayor concurso algunos religiosos de los Conventos sin repugnancia de sus superiores y evitarse la percepción de los cuatro u ocho maravedises (*folio 82 vuelto*) que solían dar los confesados a los confesores por antigua costumbre. Y si esto es abusivo, y pide severa prohibición como lo insinúa el Cabildo, puede este conocer que para ello no alcanza el medio de establecer los doce o algunos más confesores premiados con lo que se les asigna para sus plazas en el pretendido seminario, y que habrá siempre la necesidad de proveer y providenciar lo que el Prelado juzgue conveniente. Con atención a todas las consideraciones (*folio 83 recto*) insinuadas, no sería de extrañar que yo tomase alguna providencia sobre el aparente seminario en tiempo que carecía como carece de formal establecimiento, y sobre todo de la real aprobación; pero no la he tomado determinadamente a este objeto como quiere persuadirlo el Venerable Cabildo atribuyendo expolio o despojo de los que dice estaban en plaza de Confesores. Lo que ha habido fue en la Santa Visita general, presentándoseme (*folio 83 vuelto*) sacerdotes confesores en los respectivos distritos donde la he practicado, reconociendo por sus títulos los destinos que debían tener, les he limitado a ellos las licencias para el cumplimiento de sus deberes; cuya general providencia comprendería a los que por su voluntad y por el mero arbitrio, permiso o concesión del venerable Cabildo se hubiesen extrañado o ausentado, colocándose en aquellas plazas, lo cual no merece que se llame despojo ni privación (*folio 84 recto*) ni que el venerable Cabildo forme queja con el intento de reintegro al tiempo en que viene a confesar que no hay legítimo y formal establecimiento del Seminario por el mismo hecho de solicitar la aprobación de V. A. y por consiguiente que no había ni podía haber posesión manutenable de los que se dice haberse expedido ni reclamación por ellos. Finalmente, con la sumisión y reverente atención que me incumbe encomiendo a la superior justificada consideración de V. A. (*folio 84 vuelto*) todo lo que llevo expuesto a que añado que en esta Ciudad ni en todo este Arzobispado hay seminario conciliar cuya formación se halla encargada por repetidas reales ordenes, y me parece que sería muy conveniente se estableciese, dedicándose a este destino la fundación del M. R. Arzobispo Don Bartolomé Rajoy con sus fondos y efectos, estimándola libre del Patronato y en el caso de acordarse este establecimiento, y de que para el no alcancen (*folio 85 recto*) dichos efectos, no faltarían otros medios con que acomodarlo, dignándose V. A. dispensar los auxilios precisos y cuando este pensamiento no merezca la aprobación de V. A. sino que este establezca el seminario previniendo en la insinuada fundación, se desapruebe todo lo dispuesto por el venerable Cabildo en cualquier concepto que lo hubiese proyectado, y efectuado y en el no tener ni corresponderle Patronato, remitir el establecimiento al Arzobispo, para que lo haga (*folio 85 vuelto*) con el arreglo que es debido, y aún estimándose que el Cabildo sea Patrono, se formalice de nuevo con la necesaria intervención del Prelado, y de tal modo que no se perjudique a la jurisdicción y autoridad ordinaria, y señaladamente para la provisión de las plazas de Confesores, la que sea libre del Arzobispo, elegirlos entre los opositores a concursos más que les sea bastante

proponer tres en terna (*folio 86 recto*) al Cabildo para la elección en cada vacante; y reservado en esta forma el formal nombramiento al mismo Prelado, y bajo de su providencia, estén los provistos para lo que deban practicar y cumplir, así en la iglesia, como en la casa. V. A. sobre todo con su superior sabiduría e invariable justificación se dignará acordar lo que más sea de su agrado, y será siempre lo más justo. Dios guíe y prospere a V. A. como conviene y la Monarquía necesita. Santiago y Marzo dos de mil setecientos ochenta (*folio 86 verso*) y nueve = M. P. S: Fray Sebastián Arzobispo de Santiago =

Y visto todo por los del nuestro Consejo, teniendo presente lo que expuso el nuestro fiscal, por auto que proveyeron en veinte y dos de Junio de este año, se acordó expedir esta nuestra Carta. Por la cual os encargamos que oyendo breve e instructivamente al Deán y Cabildo de esa Santa Iglesia Metropolitana y al Promotor fiscal eclesiástico y de Obras pías de esa Diócesis, (*folio 87 recto*) arregléis de común acuerdo dichas constituciones, que van insertas, o expongáis por vía de adicción o limitación a sus respectivos Capítulos lo que se os ofreciere y pareciere más conveniente y arreglado; y hecho remitiréis al nuestro Consejo por mano de Don Pedro Escolano de Arrieta nuestro Secretario Escribano de Cámara más antiguo y de Gobierno del nuestro Consejo, las diligencias (*folio 87 verso*) originales que en su razón se obrasen: Y así mismo os encargamos dispongáis que por ahora y entre tanto que por el nuestro Consejo se toma otra providencia en el asunto, no falten en esa Catedral, los confesores necesarios para administrar el Santo Sacramento de la penitencia: Que así es nuestra voluntad. Dada en Madrid a veinte de Agosto de mil setecientos ochenta y nueve. Conde Campomanes (*e outras sinaturas máis*).

TRADICIÓN XACOBEA EN PONTEDEUME, UNHA VILA MEDIEVAL NO CAMIÑO INGLÉS CARA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Fonte Sardiña

*Á miña nai,
que me fixo a honra de nacer en Pontedeume e ser eumés*

O APÓSTOLO SANTIAGO EN GALICIA

Santiago Zebedeo entrou na historia pouco despois de que Xesús fose bautizado no río Xordán por Xoán o Precursor e de que pasase corenta días de xaxún no deserto e vencese alí as tentacións do Demo. Uns días máis tarde, na ribeira do mar de Galilea, no lago Xenesaret, Cristo chamou a catro humildes pescadores –Pedro e o seu irmán Andrés, e os fillos de Zebedeo, Santiago e mais Xoán– para os converter nos seus primeiros discípulos e os facer pescadores de homes¹.

Entre os doce apóstolos que Xesús elixiu para o acompañar, Pedro –a quen escolleu para liderar a súa Igrexa–, Santiago –que foi o primeiro en recibir o martirio pola causa– e o seu irmán Xoán –o único que seguiu ao Mestre até o final na súa Paixón e Morte– foron os seus discípulos predilectos. Consonte os Evanxeos, só eles o acompañaron cando resucitou á filla de Xairo², tamén foron os escollidos para contemplar a Transfiguración do Señor no monte Tabor³, e mesmo cando se retirou a orar no monte das Oliveiras en Xetsemaní, antes de ser entregado ao sacrificio redentor, só levou consigo a eles os tres⁴. Tamén constata esta realidade o capítulo II do Libro I do *Códice Calixtino* cando afirma que “así como por riba dos doce fillos de Israel puxo a tres patriarcas, isto é, Abrahán, Isaac e Xacob, así dos doce apóstolos elixiu tres baróns e mestres con preferencia aos demais, a saber, Pedro, Santiago e Xoán”⁵.

1. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998, *Mateo*, 3, 13-17 e 4, 1-22, p. 36-38; *Marcos*, 1, 9-13 e 1, 16-20, p. 102 e 103; *Lucas*, 3, 21-22, 4, 1-13 e 5, 1-11, p. 157-161; ou *Xoán*, 1, 29-34, p. 221.

2. Cfr. *idem*, *Mateo*, 9, 18-26, p. 49; *Marcos*, 5, 21-42, p. 112 e 113; ou *Lucas*, 8, 40-56, p. 171.

3. Cfr. *idem*, *Mateo*, 17, 1-13, p. 66 e 67; *Marcos*, 9, 2-13, p. 121 e 122; ou *Lucas*, 9, 28-36, p. 173 e 174.

4. Cfr. *idem*, *Mateo*, 26, 36-46, p. 89; ou *Marcos*, 14, 32-42, p. 137.

5. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009, Libro I, capítulo II, p. 72.

Antes da súa Ascensión, Xesús Cristo encomendoulles aos doce apóstolos a misión para a que os escollera: ir polo mundo enteiro anunciando a Boa Nova a toda a creación⁶, e logo engadiu: “Recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e sereades as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaria e ata os confins da terra”⁷. Dito isto, subiu ao Ceo, onda seu Pai.

Fontes transmitidas por vía oral contan que a Santiago Zebedeo, chamado o Maior, tocoulle chegar até o *Finis Terrae* e espallar a mensaxe de Cristo pola Península Ibérica. Asegura Vicente Risco que “di a tradición acollida pola Igrexa que cando o Santo Apóstolo Santiago andaba a predicar pola banda de Fisterre, sufrindo moitos traballos e desalentos, a Santísima Virxe María, que daquela inda vivía neste mundo, apareceu en carne mortal, para confortalo. Achábase o Señor Santiago na beiramar de Muxía, cando viu que viña polo mar unha barca de pedra guiada ou conducida por anxos, na cal viña a Madre de Deus [...]. As pedras da Barca da Nosa Señora son tres: a barca mesma, de oito varas e media por sete e media, o temón e mais a vela, de oito varas e tres cuartos de arredor. Esta é unha pedra de abalar que mesmamente un neno pode mover [...]; cando non se move, é sinal de que a Virxe non vai conceder o que se lle pide ou que algo ocorre de estraño que non parece a Deus [...]. Din que ó deitarse o sol, se un mira debaixo desta pedra, ve a imaxe dun Santo Cristo e outra do Apóstolo Santiago, con esclavina e bordón, e un cáliz na man”⁸.

Fóra de Galicia, tamén unha moi coñecida lenda transmitida oralmente dende época ben temperá recolle a noticia da aparición da Virxe a Santiago en Zaragoza, á beira do río Ebro, que insiste na idea de que o Apóstolo predicara o Evanxeo nestas terras. Este acontecemento foi documentado posteriormente, a principios do século VII, pola *Crónica do bispo Máximo de Zaragoza*, onde se afirma que en Zaragoza había un templo chamado da Columna, dedicado á Nai de Deus, mandado construír polo divino Santiago, que é considerado o primeiro templo mariano da cristiandade; antes de rematado, regresou a Xerusalén, pero os seus discípulos conseguiron que se concluíse a obra. Outra lenda constatada, así mesmo, a presenza de Santiago en terras de Lleida, onde se lle cravou unha espiña nun pé e, como era de noite e non tiña luz para a extraer, viñeron uns anxos cuns *fanalets* ou faroliños para o alumear e poder librarse así da espiña que tanto mal lle causaba; en lembranza deste milagre sae aínda hoxe a procesión dos *fanalets* a noite da véspera da festa de Santiago ou sant Jaume en Lleida.

6. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit.*, Mateo, 28, 16-20, p. 96; Marcos, 16, 14-20, p. 143; ou Lucas, 24, 36-49, p. 211 e 212.

7. Cfr. *idem*, *Feitos dos Apóstolos*, 1, 8, p. 281 e 282.

8. RISCO, V.: *Etnografía*, t. III, Galaxia, Vigo, 1994, p. 206-208.

Así e todo, parece que o primeiro testemuño escrito que refire a intención dun apóstolo de Cristo, Paulo, de visitar Hispania está recollido na *Carta do apóstolo san Paulo aos romanos*⁹. No século IV, Dídimo de Alexandría (310-398) e o seu discípulo san Xerome (340-420) constatan a presenza dun dos doce apóstolos de Cristo en terras hispanas, malia que non afirman que fose Santiago¹⁰. Pola súa parte, Singul Lorenzo fala da existencia dunha carta redactada no século V polo papa León Magno (440-461) na que confirma a predicación de Santiago o Maior en Hispania¹¹. Porén, Díaz y Díaz considera que foi no *Breviarium Apostolorum*, que data a finais do século VI, onde por primeira vez se lle atribúe a Santiago a predicación en Hispania e nas rexións occidentais, “hic Spaniae et occidentalia loca praedicat”, aínda que opina que o mellor testemuño da teoría da predicación de Santiago na Península Ibérica o deixou santo Isidoro de Sevilla (560-636), na súa obra *De ortu et obitu patrum*, onde confirma tamén que o apóstolo Santiago difundiu o Evanxeo en Hispania e nos pobos das rexións occidentais, aos que lles levou a luz da fe, “Iacobus, filius Zebedaei [...] Spaniae et occidentalium locorum euangelium praedicavit”¹².

Talvez o relato máis fermoso verbo da vida de Santiago Zebedeo sexa o que se fai no *Códice Calixtino*, realizado por iniciativa do primeiro arcebispo da arquidiocese compostelá, Diego Xelmírez (1120-1140). Para cumprir a misión que Xesús Cristo lles encomendara de levar a súa palabra a todos os pobos do universo, os apóstolos distribuíronse entre eles os territorios que lles correspondería evanxelizear. Santiago o Maior, “levado ás costas de España por vontade de Deus, ensinou predicando con coraxe a divina palabra ás xentes que alí vivían e a tiñan por patria. E, deténdose alí algún tempo, mentres daba froitos entre espiñas a pequena semente que entón quería recoller [...], elixiu sete discípulos [...] para coa súa axuda extirpar de raíz, arrancándoo, o xoio, e confiar máis propiciamente a semente da divina palabra a unha terra que levaba estéril tanto tempo”¹³.

Rematada a súa tarefa nestes confíns, Santiago o Maior deixa nas mans dos seus discípulos a misión de que a semente alí espallada agromase algún día no lugar no que o seu corpo exánime descansaría para sempre e regresa a Xerusalén onde lle tocaba beber o

9. Paulo asegura que “cando vaia a Hispania espérovos ver de paso e que vós me facilitades a viaxe”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Carta do apóstolo san Paulo aos romanos*, 15, 24, p. 385.

10. Dídimo de Alexandría, no Libro II, capítulo IV, *De Trinitate*, afirma que “o Espírito Santo lles infundiu a súa innegable sabedoría aos apóstolos, quer ao que predicou na India, quer ao que o fixo en España ou noutros lugares da terra”; e san Xerome, no *Commentarium in Isaia*, di que o Espírito mandou “un á India, outro a España, outro a Grecia” e que “cada un descansa na provincia onde anunciara o Evanxeo”; tomadas e traducidas as citas de TORRES RODRÍGUEZ, C.: *La Galicia romana*, A Coruña, 1982, p. 212.

11. Cfr. SINGUL LORENZO, F.: “Tradicións xacobeas: primeiras noticias sobre a evanxelización do confín do mundo e a tumba de Santiago en Galicia”, en SINGUL LORENZO, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín do mundo. Diálogos entre Santiago e o mar*; Santiago de Compostela, 2004, p. 98.

12. Cfr. DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago y de los Caminos de Santiago*, Santiago de Compostela, 1997, p. 87-110 e 191-209, especialmente, 91 e 196, que recollen as respectivas citas textuais.

13. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit., Libro III, capítulo I*, p. 379.

cáliz do martirio por mandato de Herodes Agripa. “Cos xeonllos fincados na terra, coas mans estendidas e levantadas ao Ceo, ofreceu o colo ao verdugo [...] coa esperanza de resucitar [...], desenvaiñou a espada o verdugo, levantouna en alto, deu dous golpes no colo e cortou a súa santísima cabeza. E no intre manou o seu precioso sangue. Pero a cabeza non caeu á terra, senón que o santo Apóstolo, cheo da forza de Deus, colleuna nos seus brazos [...] e así estivo [...] ata que chegou a noite”¹⁴. Sabendo que morrera e co propósito de o enterrar no lugar onde en vida predicara, Teodoro e Atanasio, “os seus discípulos, apoderándose furtivamente do corpo do mestre, con gran traballo e extraordinaria rapidez lévano á praia, onde atopan unha nave preparada para eles. Subíndose a ela, lánzanse ao mar aberto, e en sete días chegan ao porto de Iria, que está en Galicia, e a remo alcanzan a desexada terra. E [...] deron ao Autor das cousas moitísimas grazas [...] por evitaren sen ningún dano os ataques dos piratas, os choques dos escollos que tiñan que esquivar e as negras simas dos remuíños que abrían as súas bocas”¹⁵.

Xa en terras galegas, acudiron, a unhas cinco millas de Iria, xunta a pagá raíña Lupa para que lles facilitase un lugar onde enterrar o corpo do apóstolo Santiago. Despois de varios enganos, remediados coa intervención divina e milagrosa, acoden ao Pico Sacro, onde a raíña Lupa lles tiña preparada outra sorpresa. Ofrecéralles uns bois para transportar o sagrado corpo do Apóstolo, aínda que ocultándolles que eran salvaxes, pero un novo milagre ía acontecer; cando os discípulos chegaron, os feros bois, de socato, “submisos baixaron espontaneamente a súa cornamenta perante as mans dos santos varóns”¹⁶. A comitiva volveu cabo da raíña Lupa que, ao ver os bois baixo o xugo, se converteu á fe de Cristo e decidiu destruír os templos que na honra dos deuses pagáns mandara edificar alí para lle dar sepultura a Santiago, no pequeno bosque chamado Libredón, a oito millas de Iria. No lugar onde os bois salvaxes se detiveron, “construíron un sepulcro de cantería, no que, con primoroso enxeño, se garda o corpo do Apóstolo. Edifícase sobre el unha igrexa de reducidas dimensións, que, adornada cun altar sagrado, abre unha gasalleira entrada para o pobo devoto”¹⁷.

Os dous discípulos, Teodoro e Atanasio, “fieis por reverencia ao seu mestre, mentres con todo agarimo vixiaban acotío como fieis gardiáns o citado sepulcro, dispuxeron que, despois da súa morte, fosen enterrados polos cristiáns xunto ao seu mestre, un á súa dereita e o outro á súa esquerda. E así, chegado o termo da vida, pagando a súa débeda á natureza, expiraron cunha morte feliz, e con gozo entregaron as súas almas ao Ceo”¹⁸. Así

14. *Idem*, Libro I, capítulo IX, p. 156.

15. *Idem*, Libro III, capítulo I, p. 380.

16. *Idem*, Libro III, capítulo I, p. 383.

17. *Idem*, Libro III, capítulo II, p. 385.

18. *Ibidem*.

e todo, quer porque os seguidores de Cristo e de Santiago non eran moitos na Galicia do século I, quer porque Teodoro e Atanasio non lle deron publicidade ao lugar do sepulcro para que non fose profanado ou talvez por outros motivos que ignoramos, o certo é que o tempo foi pasando e a edícula apostólica quedou oculta e esquecida até que, no primeiro cuarto do século IX, un eremita chamado Paio, que se atopaba retirado no bosque Libredón, preto de San Fiz de Solovio, descubriu unha necrópole romana e outra visigoda ocultas baixo unha capa de arxila. De socato, unha chuva de estrelas comezou a caer sobre un punto determinado, o que foi interpretado por Paio como unha mensaxe divina, e púxose a buscar até que atopou o sepulcro que alumeaban.

Cando lle contou o que acontecera ao bispo iriense Teodomiro (¿810?-847), o prelado acudiu decontado a aquel lugar e, despois de pasar tres días en xaxún e oración, certificou sen dubidar que as tumbas alí atopadas custodiaban os restos do apóstolo Santiago e os seus discípulos Teodoro e Atanasio e que estes transportaran dende Jaffa os despoños do corpo santo do seu mestre por mar e polos ríos Ulla e Sar ao porto de Iria e que logo os levaron nun carro de bois até o que hoxe é Compostela para cumprir a tradición que mandaba darlles sepultura aos apóstolos nas terras onde predicaran.

O bispo Teodomiro (¿810?-847) comunicoulle ao rei Afonso II o Casto (791-842) a boa nova e este mostrouse entusiasmado, nomeou a Santiago patrón do Reino, nun intento de que apadriñase a reconquista do territorio aos musulmáns, acudiu cos seus nobres a Compostela e mandou erixir alí a primeira igrexa dedicada ao santo sobre o antigo mausoleo preexistente. O rei Afonso II o Casto (791-842) realizou ademais outras entregas de diñeiro e xoias para potenciar o culto ao Apóstolo.



Sepulcro do bispo
Teodomiro
na catedral compostelá



Parte interior do tornaventos da Porta Santa da catedral de Santiago coas principais escenas da vida do Apóstolo: Chamada de Xesús, Encomenda da misión apostólica, Evanxelización da Península Ibérica, Decapitación, *Translatio* e *Inventio* do seu corpo morto



Miniatura do rei Afonso II o Casto no Tombo A da Catedral de Santiago

A *Concordia de Antealtares*, redactada en latín e asinada en 1077 polo abade Faxildo e o bispo compostelán Diego Peláez (1071-1094), conta que “como a luz nas tebras ou a chama no candil non poden durar moito tempo acesas, así tamén coa axuda da divina providencia, no tempo do serenísimo rei don Afonso, alcumado o Casto, un anacoreta de nome Paio, que vivía preto do sepulcro onde xacía o corpo do Apóstolo, tivo primeiro unha revelación por medio de anxos e, despois, foi con moitos fieis onda a igrexa de San Fiz de Solovio e declararon que viran tamén unhas sagradas luciñas que alumebaban un lugar misterioso e decidiron chamar ao bispo de Iria Teodomiro e revelarlle a súa santa visión. O prelado, logo de tres días de xaxún, na compañía dunha chea de devotos, descubriu o sepulcro do benaventurado Apóstolo, cuberto con pedras de mármore”¹⁹. A *Historia Compostelá*, mandada redactar polo arcebispo Diego Xelmírez (1120-1140), completa o relato dicindo que Teodomiro (¿810?-847), despois de atopar o sepulcro, “dándolle grazas a Deus, foi decontado en presenza do rei Afonso o Casto, que daquela reinaba en España [en realidade, era no reino de Asturias, ao que Galicia pertencía], e fíxoo sabedor da veracidade do asunto, consonte llo contaran e vira cos seus propios ollos; o rei en persoa, enchido de gozo por tan boa e magna nova, con paso apresurado veu a estas terras, reedificou un templo na honra de tan grande apóstolo e trasladou o episcopado da sé iriense ao lugar chamado Compostela”²⁰.

A PEREGRINACIÓN AO SANTUARIO COMPOSTELÁN POLOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

O culto ao apóstolo Santiago estendérase xa antes da *inventio* ou descubrimento do seu sepulcro polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (¿810?-847) polos reinos da Península Ibérica e mesmo tamén por Francia, Italia, Inglaterra e toda a Europa Occidental²¹, pero recibiu o seu pulo definitivo co achado dos seus restos e a construción dunha basílica onde os cristiáns os puidesen venerar, viaxando até Compostela polos diversos Camiños de Peregrinación. O templo foi mandado levantar polo rei Afonso II o Casto (791-842), no ano 829, sobre o primitivo mausoleo onde se atopara o sepulcro e, ao seu abeiro, medrou o primeiro núcleo do que pouco despois sería Compostela.

19. Tomado e traducido do texto latino recollido en CARRO OTERO, J.: *La escritura de Concordia entre Don Diego Peláez, Obispo de Santiago, y San Fagildo, Abad del Monasterio de Antealtares*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fascículo XII, Madrid, 1949, p. 113 e 114.

20. Tomado e traducido de FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994, p. 70.

21. O propio *Códice Calixtino* recolle a aparición do Apóstolo nun soño diante do emperador Carlomagno (800-814), o soberano máis poderoso de Europa, para pedirlle, mesmo antes da *inventio* do seu sepulcro, que libere o seu pobo da invasión musulmá e dicirlle: “Estou moi abraído de que non teñas liberado a miña terra dos sarracenos, ti que tantas cidades e terras conquistaches. Polo cal fágaoche saber que, así como o Señor te fixo o máis poderoso dos reis da terra, de igual maneira te elixiu entre todos para preparar o meu camiño e liberar a miña terra das mans dos sarracenos, e procurarache así unha coroa como recompensa eterna”; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro IV, capítulo I, p. 396. Tamén lle anuncia que despois desa liberación deberá “visitar a miña basílica e o meu sepulcro. E despois de ti irán alí peregrinando todos os pobos, de mar a mar [...], desde os teus tempos ata o fin da idade presente”; cfr. *ibidem*.

Durante os séculos IX e X, os sucesivos reis hispanos fomentaron tamén esta devoción con doazóns importantes²² e Afonso III (866-910), consciente do pequeno tamaño do templo e da escasa calidade dunha construción que tiña que albergar os restos dun dos tres apóstolos preferidos por Xesús, promoveu a edificación dunha nova igrexa no mesmo lugar, que será consagrada no ano 899²³ polo bispo Sisnando I (879-919). A basílica foi derruída en boa parte no ano 997, no ataque á cidade do caudillo musulmán Almanzor, que só respectou o sepulcro apostólico, pero o bispo san Pedro de Mezonzo (985-1003) e o rei Bermudo II (981-999) acometeron decontado a súa reconstrución.

Así e todo, o impulso maior para que Compostela se convertese nun dos centros de peregrinación principais da cristiandade, xunto con Roma e Xerusalén, produciuse nos séculos XI e XII. A superación dos temores de que se acabase o mundo no emblemático ano 1000, a autoafirmación do Norte peninsular cristián fronte aos ataques musulmáns –atribuída en moitos casos á intercesión do Apóstolo– e o inicio –promovido polo bispo Diego Peláez (1071-1094) e patrocinado polo rei Afonso VI (1072-1109)– da construción en 1075 da basílica románica que albergase de maneira definitiva e coa grandeza que merecían os restos mortais do apóstolo Santiago contribuíron de modo decisivo ao aumento do fenómeno da peregrinación a Compostela, quer de xentes procedentes dos reinos hispanos quer do resto de Europa.

No ano 1120, o primeiro arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez (1120-1140), deulle o empurrón que necesitaba á construción da basílica e desenvolveu ao longo do seu pontificado unha intensa actividade a prol da promoción do culto xacobeo e das peregrinacións a Compostela. Neste sentido, cómpre destacar o interese que mostrou para que os máis prestixiosos clérigos e intelectuais de Europa traballasen na redacción de dous libros tan transcendentais como a *Historia Compostelá* e o *Códice Calixtino*²⁴ e o seu empeño en conseguir que, a través do Camiño de Peregrinación, Compostela se convertese nunha cidade santa aberta a todos os pobos de Occidente, centro espiritual e comercial de relevancia universal e nun modelo a imitar por toda a cristiandade. Xelmírez (1120-1140) consagrou o altar maior da basílica, pero as obras para o remate do templo, co seu pasa-

22. Os sucesores de Afonso II (791-842) visitaron como el o sepulcro e apoiaron economicamente á cidade de Compostela como centro de peregrinación. Talvez o paso máis decisivo foi a instauración do Voto de Santiago por parte de Ramiro I (842-850) despois da mítica intervención do Apóstolo a prol do seu exército na batalla de Clavijo, pero tamén cómpre destacar a repoboación de Galicia impulsada por Afonso III (866-910), as súas dúas visitas á cidade compostelá e a doazón da valiosa cruz grega de ouro e pedras preciosas, símbolo do Reino, roubada da catedral en 1906; a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo ten unha fermosa réplica desta cruz realizada en 2003 polo obradoiro do ourive compostelán Ángel Iglesias.

23. O Museo da Catedral de Santiago de Compostela acolle unha reconstrución da maqueta da basílica que Afonso III (866-910) mandou edificar e un fragmento orixinal dunha ventá de granito; tamén se poden ver estas pezas en YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus Iacobi. A historia da Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011, p. 22 e 23.

24. Cfr. FALQUE REY, E. (ed.): *Historia...*, op. cit. e LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit.; é unha mágoa que só teñamos publicado en galego o *Códice Calixtino*; ¿para cando unha edición na nosa lingua da *Historia Compostelá*?, que si conta con varias versións en castelán.

mento, tiveron un parón até que o rei Fernando II (1157-1188) lle concedeu no ano 1168 unha pensión vitalicia ao Mestre Mateo para que as rematase, en tempos do arcebispo Pedro Gundestéz (1168-1173); a consagración da catedral non se celebrou até 1211²⁵, baixo o pontificado de Pedro Muñiz (1207-1224) e o reinado de Afonso IX (1188-1230), hoxe enterrado no Panteón dos Reis da catedral compostelá, que asistiu á cerimonia acompañado do seu fillo, o infante e futuro rei Fernando III o Santo (1230-1152), que recuperou as campás roubadas no ano 997 por Almanzor.

A idea, impulsada polo rei Afonso II o Casto (791-842), de converter a Santiago no santo protector dos cristiáns nas súas disputas territoriais e políticas contra os musulmáns callara en toda a Península Ibérica e estendérase tamén a outros pobos de Europa, pero a fama de que “a santa virtude do Apóstolo, trasladada das terras de Xerusalén á zona de Galicia, brilla cos seus divinos milagres”²⁶ non é menor. Diante do seu sepulcro chegaron, dende o século IX até hoxe, peregrinos de todos os pobos da terra, coas máis diversas súplicas e de todas as condicións sociais, e a cidade de Compostela medrou a carón do seu santuario e converteuse na capital cultural e espiritual do europeísmo. Como afirma con paixón Otero Pedrayo, “talvez podería escribirse unha historia do mundo sen citar máis que unha cidade ibérica: Compostela. Ela, sen forza política nin autoridade dogmática, dinamizou o Occidente, a peregrinación creou o camiño e este, conectando, elevando e afirmando ás diversas xentes de Europa e do mundo, foi camiño de perfección da conciencia europea”²⁷. Castelao, pola súa parte, rexeita o internacionalismo cando “supón a morte das patrias, convertindo así o mundo en campo único onde a loita de clases reemprace aos antagonismos nacionais”²⁸, e prefere o universalismo, que tan ben representa o verdadeiro sentido do Camiño de Santiago²⁹, porque “respeita os valores culturais que distinguen aos diversos grupos históricos. Os universalistas non renegamos do amor á patria nin á humanidade, compaxinando ambos amores en perspectivas posibles, en froitos de paz”³⁰.

Este espírito europeísta e universal do Camiño de Santiago, proclamado, entre outros, por estes dous egrexios galeguistas e mesmo polo papa Xoán Paulo II (1978-

25. O Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento patrocinou en 1951 a maqueta da hipotética reconstrución da basilica reallizada por Richard Brooks consonte as investigacións de Conant entre 1924 e 1925; pode verse en YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus...*, op. cit., p. 74 e 75.

26. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 209.

27. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004, p. 138 e 139.

28. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, t. II, A Coruña, 2001, Libro IV, capítulo II, p. 257.

29. Castelao destaca o significado “que para nós ten o día do Apóstolo, convertido en Día de Galiza por ser a mellor afirmación do noso universalismo, pois sendo tan galega esta festividade non caben os seus motivos no estreito marco dunha soia patria. O seu carácter relixioso provén do misticismo cabaleiresco da Edade Media, francamente europeo, atlántico e occidental; o seu carácter patriótico dimana da ofensiva oito veces secular iniciada en Galiza contra o Islam; e o seu carácter civil provén da confluencia dos camiños de Europa en Compostela e da irradiación do xenio de Galiza a través dos mesmos camiños”; cfr. *idem*, Libro IV, capítulo I, p. 247.

30. Cfr. *idem*, Libro IV, capítulo II, p. 257

2005) na súa peregrinación a Compostela no Ano Santo de 1982³¹, foi recoñecido tamén polo Consello de Europa, que o declarou Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987, e pola UNESCO, que o considerou como Ben Patrimonio da Humanidade en 1993.

O Camiño Francés ou Vía Francígena, a través das vías chamadas Turonense –que parte de París–, Lemovicense –que sae de Vézelay–, Podiense –que comeza en Le Puy– e a Tolosana –que principia en Arlés–, entra en España pola fronteira francesa, percorre as comunidades autónomas de Aragón, Navarra, A Rioxa, Castela e León e chega a Galicia por Pedrafita do Cebreiro. Esta é sen dúbida a ruta xacobeana máis coñecida e transitada ao longo da historia e o seu percorrido aparece descrito por Aimerico Picaud na primeira guía dos peregrinos a Santiago recollida no Libro V do *Códice Calixtino*, mandado facer polo arcebispo Diego Xelmírez (1120-1140)³². Os peregrinos chegados polo Camiño Vasco do Interior incorpóranse ao Camiño Francés en Santo Domingo de la Calzada; os que veñen polo Camiño do Ebro, en Logroño; os do Camiño de Sant Jaume, quer en Jaca quer en Logroño; os do Camiño de Levante, en Burgos; os do Camiño de Madrid, en Sahagún; os dos Camiños do Sueste, de Málaga e Granada e da Vía da Prata, en Astorga; os do Camiño do Norte, en Arzúa; e os do Camiño Primitivo, en Melide.

Así pois, todos os peregrinos que parten dende fóra da Península Ibérica e realizan toda a súa viaxe a pé, dacabalo ou en bicicleta entran por Francia e percorren, xa que logo, o Camiño Francés. A meirande parte dos que utilizan os Camiños que saen dos portos do Mediterráneo e o de Cádiz, chegasen a eles en barco ou non, tamén se incorporan a pé, dacabalo ou en bicicleta nalgún punto do seu percorrido a esta Vía Francígena, coa excepción duns poucos que, dende o Camiño de Málaga e Granada ou a Vía da Prata, transitan polo Camiño do Sueste por Ourense. Os que chegan de fóra da Península Ibérica en barco polo Cantábrico e parten dos seus portos ou os que se incorporan dende calquera punto do Camiño do Norte a pé, dacabalo ou en bicicleta conflúen, como xa vimos, en Arzúa co Camiño Francés e os que viñan dende Oviedo polo Camiño Primitivo, en Melide.

Os peregrinos, chegados polo Atlántico ou non, que pasan por Portugal transitan a pé, dacabalo ou en bicicleta polo Camiño Portugués, que entra en Galicia quer por Tui quer pola Guarda, e non pisan o Camiño Francés; tamén se incorporan ao Camiño Portugués os que veñen en barco aos portos galegos de Baiona, Vigo e Pontevedra ou calquera peregrino que parta destas cidades a pé, dacabalo ou en bicicleta. Os que entran en

31. Dende a catedral compostelá, ao pé do Obradoiro, talvez a praza máis fermosa do mundo e sen dúbida a máis europeísta, que acolle o nome de Pontedeume na fachada do Pazo de Raxoi, o papa Xoán Paulo II (1978-2005) recoñece que “Europa enteira se atopou a si mesma arredor da memoria de Santiago nos séculos en que se edificaba como continente homoxéneo e unido espiritualmente”.

32. Os relatos dos peregrinos a Santiago, con especial atención ao *Códice Calixtino* e aos realizados por viaxeiros que viñan a Compostela polo Camiño Portugués xa foron tratados en FONTE SARDIÑA, J. M.: “La literatura odepórica o de viajes en el Camino Portugués”, en *III Edición Becas de Investigación Caminos Jacobeos. Año 2009*, Santiago de Compostela, 2011, p. 145-188.

barco dende o Atlántico pola Ruta do Mar de Arousa e o río Ulla, como o fixo a lendaria barca na que Teodoro e Atanasio trouxeran os restos do apóstolo Santiago, seguen o seu percorrido a pé, dacabalo ou en bicicleta dende Pontecesures polo Camiño Portugués.

De moitos países de Europa chegaban tamén peregrinos aos portos ingleses até as cidades portuarias galegas da Coruña e Ferrol e dende alí emprendían a súa viaxe cara á tumba do apóstolo Santiago polo denominado Camiño Inglés, outra das poucas rutas xacobeas que non desembocan na Vía Francígena.

Ademais, algúns peregrinos que chegan a Compostela dende todos os Camiños de Santiago, continúan a súa viaxe xacobeá até Fisterra ou Muxía³³.

PEREGRINACIÓN MARÍTIMA A COMPOSTELA DENDE OS PORTOS INGLESES

A tradición recolle, como xa se dixo, a predicación de Santiago en terras hispanas, o posterior traslado a Galicia por Teodoro e Atanasio do seu corpo inmolado en Xerusalén e o descubrimento da tumba cos seus restos no antigo bosque Libredón –onde se levantou un templo para os albergar–; todo isto, unido ao apoio dos monarcas hispanos e dos preladados composteláns, ao recoñecemento da cidade de Santiago por parte da Igrexa universal como un dos tres principais centros de peregrinación da cristiandade e á fama de que o santo apóstolo realizaba numerosos milagres a prol dos devotos que visitaban o seu santuario –divulgados polos que peregrinaban até o seu sepulcro e relatados tamén polo Libro II do *Códice Calixtino*³⁴–, fixo que viñesen veneralos a Galicia xentes dende todas as partes do mundo e das máis diversas condicións.

É indiscutible que a ruta máis transitada era, como acontece aínda hoxe, o chamado Camiño Francés, pero, entre os séculos XII e XVI, moitos devotos de Santiago acudían ás cidades portuarias inglesas de Southampton, Plymouth, Brístol e outras, procedentes de Irlanda, Escocia, Islandia, Noruega, Suecia, Finlandia, Illas Feroe, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, Alemaña, Dinamarca, Países Baixos e mesmo do Norte de Francia³⁵, e dende alí partían, como tamén o facían moitos ingleses, polo océano Atlántico até os portos galegos de Ferrol e A Coruña, pero tamén de Ortigueira, Cedeira, Pontedeume e outros, para logo acudir por terra –a pé ou dacabalo; na actualidade tamén o fan en bici-

33. Un mapa moi completo dos Camiños de Santiago en Europa pode verse en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos de Camino*, Santiago de Compostela, 2003, p. 332 e 333.

34. Véxase LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, p. 335-373.

35. O sermón coñecido como *Veneranda Dies* di que viñan como peregrinos a Compostela “xentes bárbaras e civilizadas de todas as partes do mundo” e cita entre eles os normandos, escoceses, irlandeses, teutóns, ingleses, bretóns, de Cornualles, flamengos, frisóns ou noruegueses que, como xa se dixo, podían realizar a súa viaxe a Compostela dende os portos ingleses; cfr. *idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 209 e 210.

clética— na procura do sepulcro do Apóstolo en Compostela polo Camiño Inglés. Así e todo, Singul Lorenzo asegura que os contactos comerciais e culturais establecidos polo océano Atlántico entre as Illas Británicas e Galicia cómpre remontalos cando menos á Idade de Bronce, a finais do terceiro milenio antes de Cristo; pola súa parte, Arias Vilas resalta tamén a importancia que tiveron moito máis tarde as vías marítimas no proceso de romanización e afirma que César chegou ao golfo Ártabro, que comprende as rías da Coruña, Ferrol, Betanzos e Ares, e que, durante os séculos I e II, os portos ártabros tiveron unha febril actividade marítima, comercial e pesqueira a través do Atlántico e resistiron con firmeza os ataques dos piratas³⁶. Xa que logo, os peregrinos o que fixeron foi aproveitar estas vellas rutas existentes para chegar a Galicia por mar. Así e todo, tamén é certo que moitos dos que partían polo Atlántico dende Inglaterra desembarcaban nos portos franceses ou do Cantábrico hispano e galego, e realizaban a viaxe a Compostela polos Camiños Francés ou do Norte.

A evanxelización dos Países Baixos, segundo Singul Lorenzo, está ligada á predicación que alí realizou un fervoroso devoto de Santiago o Maior, o frisón Liudger, “que peregrinou até o lugar onde repousaban os restos de Santiago no 800, uns vinte ou trinta anos antes do descubrimento da edícula sepulcral polo bispo Teodomiro de Iria”³⁷. A cidade de Liexa foi a primeira dos antigos Países Baixos en levantar un templo dedicado a Santiago, en 1014. Por outra banda, como destaca o propio Singul Lorenzo, “célebres foron as viaxes piadosas do bispo Nicolás de Cambria a Compostela, en 1153; do frisón Asego e a condesa neerlandesa Sofía en 1170, e a do conde de Flandres, Filipe de Alsacia, en 1172”³⁸. Dende a localidade holandesa de Vlaardingen, preto de Róterdam, embarcaron en 1217 uns cruzados a Terra Santa, ao mando do conde Guillerme I de Holanda (1203-1222), cara ao porto inglés de Dartmouth e alí puxeron rumbo á cidade da Coruña, dende onde peregrinaron a Compostela antes de ir loitar a Xerusalén contra os musulmáns. Así e todo, dende estas terras tamén viñan a Santiago andando ou dacabalo peregrinos polo Camiño Francés. Por outra banda, desde o punto de vista artístico, terá unha especial relevancia a chegada a Galicia dende estas terras de Corniellas de Holanda e a súa influencia na escultura galega en madeira e pedra da primeira metade do século XVI; talvez un dos mellores traballos deste autor sexa a fermosa imaxe da Virxe de Prima que se aloxa na catedral de Santiago de Compostela.

En Alemaña, segundo Robert Plötz, dende o século IX eran xa coñecidas as noticias da *translatio* dos restos do Apóstolo a España e do seu enterramento en Galicia en

36. Véxanse SINGUL LORENZO, F.: “Peregrinos ingleses a Santiago. A ruta marítima”, e ARIAS VILAS, F.: “A romanización de Galicia e os camiños marítimos”, en SINGUL, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín... op. cit.*, p. 143-147 e 47-51, respectivamente.

37. Tomado e traducido de SINGUL LORENZO, F.: “Galicia, Santiago y los Países Bajos: entre la memoria jacobea y la devotio moderna”, en GALANTE GÓMEZ, F. J. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Stella Peregrinantium. La Virgen de Prima y su tiempo*, Santiago de Compostela, 2004, p. 29.

38. *Ibidem*.

moitos lugares de tradición monástica culta; ademais, no X, xa se celebraba a súa festividade, consonte recollen todos os calendarios bávaros da época, e moitas parroquias estaban acollidas á súa advocación. Por outra parte, tamén nesta centuria hai constancia da chegada de peregrinos a Compostela, nobres ou de condición humilde, procedentes de Alemaña, como a do abade Werinhar (968-982), do mosteiro de Fulda³⁹. Adam de Bremen, contra a segunda metade do século XI, na súa *Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, fala dunha reliquia da man do apóstolo Santiago que o arcebispo Adalberto de Bremen (1043-1072) recibira como agasallo do bispo Vitale de Torcello (1014-1047) e que logo lle doou ao tesouro imperial xermánico de Henrique IV (1056-1106) co gallo do seu pasamento⁴⁰; hoxe está custodiada na igrexa católica inglesa de San Pedro de Marlow-on-Thames. Pola súa parte, contan Herbers e Plötz que o bispo Embrico de Würzburg (1125-1146) viaxou en 1138 a Compostela para recoller unha reliquia do Apóstolo destinada ao mosteiro alí dedicado a Santiago, do que foi primeiro abade o escocés Macario en 1139⁴¹. Tamén eran coñecidos os milagres de Santiago recompilados no século XII no Libro II do *Códice Calixtino*⁴² e a intervención do emperador Carlomagno (800-814) para liberar dos sarracenos a terra onde o Apóstolo descansaba xa para sempre, despois de que este llo pedise cando se lle apareceu nun soño, como recolle o propio *Codex* no Libro IV⁴³. Moitos peregrinos alemáns chegaron por mar a Galicia, pero tamén é certo que outros o facían por terra a través do Camiño Francés.

Os dous primeiros peregrinos xacobeos ingleses coñecidos foron, segundo Wendy R. Childs, “Richard Maulever de Yorkshire (1100-1104) e Ansgot de la Haye de Lincolnshire (1094-1123), que lles doaron terras a varios mosteiros franceses como agradecemento por ter regresado sans e salvos de España”⁴⁴; aínda que esta honra tamén lles é disputada por san Goderico de Finchale, que visitou Compostela na súa viaxe de volta a Inglaterra despois de ir a Terra Santa contra 1102. Por outra banda, como se viu, a idea, impulsada polo rei Afonso II o Casto (791-842), de converter a Santiago no santo protector dos cristiáns nas súas loitas territoriais contra os musulmáns prendera en toda a Península Ibérica e estendérase tamén por outros pobos de Europa; así, en 1147, un escuadrón de cruzados ingleses, alemáns e flamengos acudiu dende Inglaterra en axuda de Afonso I o Conquistador (1139-1185), autoproclamado primeiro rei de Portugal, na súa

39. Véxase PLÖTZ, R.: “Alemania jacobea”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, op. cit., p. 77-85.

40. Cfr. WAITZ, G. (ed.): *Adami. Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, Hannover, 1876, Libro III, capítulo LXVI, p. 145.

41. Cfr. HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al “fin del mundo”*, Santiago de Compostela, 1999, p. 33.

42. Véxase LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, p. 335-373.

43. *Idem*, Libro IV, p. 391-463.

44. Tomado e traducido de CHILDS, W. R.: “Inglaterra. Peregrinos a Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, op. cit., p. 59.

loita contra os sarracenos e, antes de iniciar a batalla, foron onda a tumba do apóstolo Santiago para invocar a súa protección; o cruzado inglés Osberno, testemuña presencial da viaxe, narra en *De expugnatione Lixbonensi* o seu paso por Ortigueira, polo porto da Coruña por unha ponte de pedra de vinte e catro arcos –Herbers e Plötz sitúana en Pontedeume pero en realidade estaba na cidade coruñesa–, pola desembocadura do Tambre na ría de Noia e por Iria, preto xa de Compostela⁴⁵. Entre os séculos XII e XV, acudiron ao santuario apostólico dende os portos ingleses xentes de toda condición e dos máis diversos estamentos sociais; entre a realeza, veu Matilde, a filla de Henrique I de Inglaterra (1100-1135), en 1125; Herbers e Plötz falan, así mesmo, dun pobre poseso que peregrinou a Compostela despois de recibir a promesa do tamén peregrino en 1167 san Tomé Becket (1163-1170), arcebispo de Canterbury, de que sandaría se visitaba as tumbas de Santiago, en Compostela, e san Pedro, en Roma⁴⁶.

O primeiro en peregrinar a Compostela dende terras escandinavas foi o rei Sigurd de Noruega (1103-1130), en 1108, e a súa viaxe por vía marítima, cunha frota de sesenta barcos, foi narrada un século máis tarde por Snorri Sturloson na súa obra *Heimskringla*; en Santiago pasou o rei todo o inverno de 1108⁴⁷. Despois del seguiron chegando peregrinos a Compostela dende o século XII procedentes de Noruega, Dinamarca, Suecia, Islandia ou Finlandia; así e todo, a peregrina máis importante que veu dende estas terras foi a sueca santa Bríxida que, seguindo unha tradición familiar iniciada pola súa bisavoa e continuada polo avoa e mais a nai, viaxou até a tumba apostólica, acompañada polo seu home, en 1341⁴⁸. Moitos destes peregrinos partían en barco dende os portos ingleses e, cando arribaban ás cidades de Ferrol e A Coruña, emprendían a súa viaxe por terra a Compostela; así e todo, algúns chegaron tamén polo Camiño Francés. Por outra banda, segundo Vicente Almazán, “sabemos por uns inventarios de reliquias de varias igrexas danesas da primeira metade do século XVI que o templo de Santa María de Copenhague, os conventos franciscanos de Roskilde e Copenhague e a catedral de Lund custodiaban varias reliquias de Santiago o Maior”⁴⁹.

No século XIII, a viaxe marítima floreceu coa expansión da economía en Europa. Os peregrinos escandinavos, flamengos, escoceses, irlandeses e, sobre todo, os ingleses aproveitaban as rutas comerciais ou de barcos de mercadorías para arribar aos portos de

45. Cfr. DAVID, C. W. (ed.): *De expugnatione Lixbonensi. The conquests of Lisbon*, Nova York, 2001, p. 62-65; e HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron...*, op. cit., p. 33.

46. Cfr. HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron...*, op. cit., p. 34.

47. LAING, S. (ed.): *Heimskringla or The Chronicle of the Kings of Norway, by Snorri Sturlson (c. 1179-1241)*, Londres, 2008 (primeira edición 1844), p. 566-602.

48. Cfr. MARTÍNEZ RUÍZ, E. e PAZZIS PI CORRALES, M. DE (ed.): *El mundo escandinavo. Santa Brígida y el Camino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2002.

49. Tomado e traducido de ALMAZÁN, V.: “El Norte de Europa y lo jacobeo”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos...*, op. cit., p. 51.

Galicia e, dende alí, iniciar a súa peregrinación a Compostela para venerar a tumba do apóstolo Santiago. Malia que a meirande parte recalaba nestas terras polo porto de reguengo da Coruña, tamén chegaban por mar a Ferrol, Ribadeo, Viveiro, Muros, Noia, Betanzos ou Pontedeume. Contra o ano 1216, o arcebispo Henry de Dublín (1213-1228) fundou nesta cidade, sé da súa arquidiocese, un hospital para os peregrinos que alí agardaban as condicións favorables para comezar a súa viaxe por mar a Compostela, quer directamente dende este porto irlandés, quer facendo escala noutros ingleses.

No século XIV, o porto da Coruña consolidouse como a principal vía de entrada dos peregrinos que viñan por mar a Galicia, sobre todo porque as rutas terrestres europeas se converteran en lugares inseguros para os camiñantes, por mor da chamada Guerra dos Cen Anos (1337-1453). A través de salvocondutos colectivos ou individuais, a seguridade dos peregrinos marítimos estaba garantida. Ademais, a florecente actividade económica en moitas cidades portuarias inglesas, como Bristol, Southampton ou Plymouth, e noutras como Londres, contribuíu tamén a que a meirande parte dos barcos de mercaderías incluíse na súa pasaxe viaxeiros que se dirixían cara a Compostela. O transporte de peregrinos converteuse, como afirma Ferreira Priegue, “nun negocio lucrativo para os armadores e patróns dos numerosos portos do sur de Inglaterra desde os anos sesenta do século XIV [...], polas pasaxes que lles cobran a estes peregrinos, que tamén comercian abertamente [...], e porque as licencias e salvocondutos que levan lles permiten continuar uns intercambios [...] nos que ambas as partes estaban moi interesadas. As cifras de movemento que temos son moi elevadas, e esta corrente [...] canaliza o groso do seu comercio ata a fin das peregrinacións inglesas”⁵⁰.

Estes peregrinos realizaban unha parte da súa viaxe por mar até os portos galegos da Coruña e Ferrol, e a outra, a pé ou dacabalo polas dúas vías que lles ofrecía o Camiño Inglés en Galicia. Así e todo, a travesía polo Atlántico dende Inglaterra era ás veces complicada; Wendy R. Childs refire un relato anónimo dun peregrino inglés pola ruta marítima no que describe “a nave ategida e ruidosa, a conduta violenta dos mariñeiros e aos peregrinos xemendo mareados sen poderen durmir e a piques de morreren cando a bomba cheirenta do barco se atopaba preto dos seus leitos”⁵¹; non obstante, esta vía parecía moito máis segura que o tránsito por países involucrados daquela en conflitos bélicos. A outra posibilidade que tiñan os peregrinos procedentes de Inglaterra era chegar por mar, nunha viaxe moito máis curta e menos complicada, ben aos portos do Norte de Francia e dende alí iniciar unha longa e pesada peregrinación a pé ou dacabalo polo Camiño Francés, ben aos portos do Cantábrico do País Vasco, Cantabria, Asturias ou mesmo ao galego de Ribadeo, para se dirixir a Santiago polo Camiño do Norte.

Así pois, había e hai no actual concello eumés dúas freguesías –Boebre e Pontedeume– cos seus correspondentes templos parroquiais postas baixo a advocación de Santiago, pero a figura do Apóstolo tamén está presente na súa toponimia menor. Unha das cinco rúas, paralelas de norte a sur, que constituíron a cuadrícula sobre a que se artellou a vila formada *ex novo* por mor do devandito privilexio de 1270, outorgado por Afonso X o Sabio (1252-1284) para que fose poboada, foi chamada de Santiago. Malia que recoñece que a documentación verbo dos primitivos nomes destas cinco rúas é escasa, De Castro Álvarez pensa que os da Pescadería, Santiago, Maior ou Real, Ferreiros e Azougue ou da Carnicería –denominada de San Agustín logo da fundación do convento polo conde Fernando de Andrade en 1538– deberon de fixarse en época temperá, consonante se fixo tamén noutras vilas medievais galegas entre os séculos XIII e XV¹¹¹. Como recoñece De Castro Álvarez, tendo a vila por padroeiro a Santiago, “non podía faltar en Pontedeume unha rúa co nome do santo titular da igrexa parroquial, rúa lonxitudinal do núcleo antigo que, paralela á Real e á da Pescadería, desemboca, a metade de camiño, na praza Real. No seu extremo sur, nunha calella logo desaparecida, tamén se instalou [contra 1749] a fonte co seu nome. Difícil resultaba que ninguén lle disputase ao santo a titularidade da rúa, por iso [...] mantivo o nome sen mudanza ningunha”¹¹².

Na súa parte máis elevada, a que está preto da igrexa parroquial homónima, crúza-se coa rúa Mancebo e alí acolle a súa fonte, da que Ramiro Fonte di que é “misteriosa e lóbrega no canellón, que crea ecos de furna mariña”¹¹³. Malia non ser este cruce entre rúas demasiado transitado acotío, un día no ano, no albor do Venres Santo, a procesión do Encontro regresa por alí cara ao templo parroquial co magnífico paso do Nazareno coa cruz ás costas, realizado polo mestre Gambino, e as imaxes da Madre Dolorosa, san Xoán e a Verónica, despois da representación dese momento da Paixón de Xesús Cristo na praza Real e da empinada subida pola rúa Real. O son dos violíns, as guitarras, as trompetas, as frautas, o tambor e demais instrumentos que interpretan a melodía do Paso que acompaña o silencio da procesión mestúrase harmonicamente co da auga da fonte que bate na pedra sen que se perciba entre eles rivalidade ningunha. Como di Ramiro Fonte, “as fontes crean a elemental melodía das prazas, das rúas, dos canellóns de Pontedeume. Nin as

111. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, 2007, p. 11.

112. Tomado e traducido de *idem*, p. 221.

113. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Xerais, Vigo, 2003, p. 66.

delicadas notas do violín nin moito menos as inseguras notas da trompeta poden competir coa súa música transparente, lixeira, duradoira”¹¹⁴.

Un pouco máis abaixo, no cruce coa rúa do Cantón, empeza o segundo tramo da de Santiago, que desemboca na praza Real, á altura da antiga rúa da Catedral, chamada hoxe de Couceiro Freijomil. Dende aquí baixa tamén no albor do Venres Santo a imaxe da Verónica, que acode co seu pano branco nas mans á praza Real para limparlle o rostro a Xesús, que cae diante dos eumeses vencido polo peso da cruz e que lle deixa como premio á Verónica o seu rostro gravado no impoluto lenzo.

A rúa de Santiago, despois de cruzarse coa praza Real, continúa até a rúa da Inmaculada, que ten intercaladas nas súas lousas as figuras alternas do oso e mais do xabarl, alusivas á Casa dos Andrade e que acolleu así mesmo o Concello de Pontedeume no seu escudo. Na representación do Santo Encontro, a imaxe de san Xoán asoma por este tramo da rúa de Santiago na procura da Virxe das Dores que sobe dende alí cara á praza Real para se atopar co seu Fillo, seguindo a dirección do dedo índice da destra do irmán menor de Santiago, que lle mostra o camiño.

Como todas as rúas da antiga cuadrícula medieval, a de Santiago atópase hoxe empedrada, pero xa o estaban, segundo asegura De Castro Álvarez, “antes do incendio xeral de 1607 [...]; non así as rúas que a delimitaban”¹¹⁵, xa que o asentamento das primeiras nas abas do Bremao “obrigou ao empedrado temperán dunhas rúas intransitables doutro xeito no inverno, nas que se formaban grandes fochancas polos violentos torrentes de auga”¹¹⁶.

Esta rúa lonxitudinal dedicada ao Apóstolo, que é tamén patrón da vila e de España, e avogado dos pobos de Galicia, alberga nos seus baixos pequenos comercios e algúns bares. As casas están ben conservadas e moitas delas presentan fermosas galerías. Unha das vivendas acolle o escudo pétreo dun cabaleiro e enfronte dela está a casa natal de frei Gumersindo Placer, cunha placa que así o testemuña; este ilustre morador da rúa de Santiago nos seus anos nenos e fillo predilecto da vila evócaa con tenrura nas *Crónicas de mi rincón natal*: “Gusto de volver aos meus lares, á miña vella vila, á nobre rúa onde nacín, á rúa de Santiago, presidida pola fonte, acollida á protección da fermosa igrexa parroquial e á sombra do Bremao [...]. A miña rúa é o que ten que ser, por iso agroma a paz no meu corazón cada vez que penso nela [...]. Quéroa porque, malia a súa renovación, segue a cheirar a fraga e a mar [...]. Ao regresar no tempo [...], evoco a miña nenez,

114. *Idem*, p. 67 e 68.

115. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, op. cit., p. 86.

116. *Idem*, p. 85 e 86.

cando ben cedo adoitaba asomarme á ventá, coa cunca de leite na man e, no leite, azucre moreno e pan de maízzo [...]. É o mal común da ausencia”¹¹⁷.

A festa do día de Santiago en Pontedeume non ten a importancia das de setembro, chamadas Festas das Peras, nas que o pobo honra a súa patroa, a Virxe das Virtudes, e o seu copadroeiro, san Nicolás de Tolentino. Cando menos dende o século XVI, a Virxe das Virtudes, tamén chamada Nosa Señora do Souto ou das Peras, tiña xa fama de milagreira e o seu santuario era visitado por numerosos romeiros, que mesmo chegaron a pasar a noite na capela, coa autorización dos frades agostiños a cuxo cargo estaba. Así e todo, o xuíz eclesiástico mandou impedir esta práctica en 1585, para evitar a tentación pecaminosa que podía supoñer o feito de que homes e mulleres durmisen xuntos no templo, e ademais, consonte as directrices marcadas polo Concilio de Trento, prohibiu que se divulgasen os milagres obrados pola Virxe¹¹⁸. Pola súa parte, despois de que os frades agostiños arrebolasen unha reliquia de san Nicolás de Tolentino para sufocar o lendario incendio da vila en 1607, a devoción polo santo agromou con forza no pobo eumés e mesmo a corporación, en sesión de dezanove de xuño de 1621, decidiu que “desde o presente día en diante, para todo tempo de endexamais, haberemos e teremos, e esta vila haberá e terá por protector e avogado seu ó glorioso San Nicolás de Tolentino, co Santo Apóstolo Señor Santiago, padroeiro principal dela e de toda España”¹¹⁹.

É probable que a devoción á Virxe das Virtudes e san Nicolás de Tolentino fose en detrimento do amor a Santiago, xa que a corporación municipal, preocupada pola pouca solemnidade con que se viña celebrando a festividade do seu santo patrón, na mesma sesión de 1621 na que aprobou o voto de san Nicolás, tratou de lle poñer remedio ao problema e determinou que “como a advocación da igrexa maior e parroquia desta vila é do glorioso Apóstolo Santiago, e o día da súa festa viuse ben que os oficios divinos se fan con algunha indecencia, porque os sacerdotes e moitos dos veciños saen fóra da vila para outras freguesías da mesma advocación, e para que isto se remedie de aquí en diante e non se note falta da devoción nos ditos veciños con padroeiro e santo a quen tanto se lle debe, que se celebre a súa festa, que é o vinte e cinco de Xullo, o mellor que se puiden, segundo a posibilidade da vila, e tocante ó culto divino, que se digan as vésperas e misa cantada con toda a solemnidade posible, e que haxa sermón, e que se avise ós capeláns de prover da vila e da súa excelencia que aquel día nin a véspera non falten, so pena de que se multe a cada un en seis reais”¹²⁰. Dende o século XVIII, a festividade era celebrada con misa solemne e a procesión ao redor do adro da pesada imaxe do Santiago Matamouros

117. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, 1977, p. 153 e 155.

118. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 418-421.

119. *Idem*, p. 379.

120. *Idem*, p. 362.

de Gambino; así é lembrado polo cóngo e prefecto de cerimonias da catedral compostelá que constata a pouca relevancia da festa de Santiago en comparación coas patronais e evoca a asistencia cando era un neno “á misa solemne e, deseguido, á procesión coa imaxe de Santiago dacabalo [...]. Chamaba a atención [...] a fortaleza dos portadores desta talla que, por ser moi pesada, eran considerados como auténticos heroes”¹²¹; na actualidade, a procesión foi suprimida. Pola súa parte, Paz Fernández recolle un artigo titulado “UN PLEBISCITO (Cuándo y cómo deben ser nuestras Fiestas)”, publicado en febreiro de 1917, no xornal local *Ecos del Eume*, no que se propón un plebiscito para trasladar as festas patronais de setembro ao mes de xullo, xa que se constata con pena que “a festividade de Santiago Apóstolo, patrón da nosa vila, pasa case desapercibida e xa que logo moi ben podería compaxinarse todo, verificándoo no mes de xullo, por exemplo o vinte e catro vésperas, vinte e cinco festividade do patrón do pobo Santiago, vinte e seis ofrenda ao copatrón San Nicolás de Tolentino, vinte e sete función da Virxe das Virtudes e vinte e oito xira ao Eume”¹²².

Así e todo, hoxe, malia que non hai procesión, si se conmemora a festa de Santiago coa misa solemne na igrexa parroquial de Pontedeume. Ademais, as rúas que formaban o vello recinto medieval da vila son engalanadas na festividade do Apóstolo con bandeiras galegas, para celebrar o Día de Galicia como anhelaba Castelao, desconsolado pola “negra sombra” do desterro en Francia, un vinte e cinco de xullo de 1947, “ver o noso país embandeirado de azul e branco, con músicas, gaitas, pandeiros, aturuxos e foguetes [...]; [e como] unha alborada de gloria [...], a muiñeira de campás iniciada en Compostela”¹²³ repenica tamén no campanario eumés.

Pola súa parte, a rica iconografía do Apóstolo que existe na vila, representada polas imaxes do Santiago en Maxestade –no altar maior da igrexa parroquial, na capela das Virtudes e no cruceiro da praza das Angustias–, do Matamouros –a devandita talla de Gambino e o relevo da fachada do templo parroquial– e do Peregrino –no retablo do Sagrado Corazón de Xesús– sería merecente dun estudo polo miúdo noutro artigo.

O CAMIÑO INGLÉS AO SEU PASO POR PONTEDEUME

O aumento do número de persoas que utilizaban o Camiño Inglés dende Ferrol e as Terras da Mariña Alta e tiñan que pasar necesariamente por Pontedeume para ir a Santiago onda a tumba do Apóstolo fai supoñer que, logo da concesión do privilexio real

121. Tomado e traducido de FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 33.

122. Tomado e traducido de PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés (Festas anuais)*, Pontedeume, 1994, p. 173.

123. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre...*, Libro IV, 1, p. 246.

de 1270 e da concentración de poboación que iso supuxo para a vila creada *ex novo*, esta se convertería para os peregrinos nun lugar de acollida onde descansar para continuar con ben a súa viaxe piadosa. Cómpre lembrar que Pontedeume, paseniño, se vai consolidando como o principal núcleo de poboación situado entre Ferrol e Betanzos, por mor do puxante comercio, a pesca e a agricultura, e que os peregrinos buscaban refuxio nas vilas prósperas do Camiño.

Como acredita López Calvo, dende o século XI, a asistencia aos peregrinos facíase a través do acollemento ofrecido polos mosteiros e hospitais, pero, a partir do XII, a solidariedade veciñal fai medrar a carón das parroquias unha organización de axuda mutua entre os seus fregueses e, asemade, xorden tamén pequenas institucións piadosas que teñen como obxectivo a asistencia aos enfermos e peregrinos. Estes movementos parroquiais nados en Galicia, e con toda probabilidade tamén en Pontedeume, moitos deles postos baixo a advocación do apóstolo Santiago, mantiveron vivos, coa axuda dos cenobios, o fenómeno xacobeo e o entusiasmo polas peregrinacións¹²⁴.

A concesión do xa citado privilexio outorgado por Afonso X o Sabio (1252-1284) en 1270 para que “pueblen en el lugar que dizen ponte deume et que fagan y uilla” e as confirmacións posteriores realizadas a través de sucesivos privilexios reais¹²⁵ tiveron unha influencia grande para a formación dun importante núcleo urbano en Pontedeume, pero o despegue definitivo da vila vai vir da man da Casa dos Andrade.

Como xa se dixo, por mor dun privilexio real de dezanove de decembro de 1371, o rei Henrique II (1369-1379) concédelle en Burgos a Fernán Pérez de Andrade o señorío de Pontedeume, entre outros. O Bo, como era alcumado o primeiro señor da vila, comprendeu axiña a necesidade de acometer as imprescindibles obras que permitisen unha comunicación fluída entre todos os seus territorios para xerar riqueza para el, pero tamén para os habitantes que estaban baixo a súa xurisdición. A lenda atribúelle o alcume de Bo porque patrocinou a construción de sete pontes en sete ríos caudalosos, sete igrexas, sete mosteiros e sete hospitais¹²⁶. Entre as pontes que mandou levantar destacan as situadas no Camiño Inglés, que serviron tamén para que os peregrinos salvarsen os ríos que se atopaban na súa ruta cara a Santiago de Compostela: a ponte do Burgo, que unía os actuais concellos de Culleredo e Cambre que o río Mero separaba; a de Xuvia, que salvaba o río do mesmo nome entre Neda e Narón, preto do mosteiro de San Martiño do Couto; a do río Baxoi, na parroquia homónima de Ponte Baxoi, no hoxe concello de Miño; a de Ponte do Porco sobre o Lambre, que unía os actuais concellos de Miño e Paderne; e a de Sigüeiro,

124. Véxase LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 746 e 747.

125. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia...*, *op. cit.*, p. 189-201, especialmente a cita tomada da 191.

126. Véxase FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas do Eume*, “Cátedra”, 19, Pontedeume, 2012, p. 432-434.

que salvaba o río Tambre entre Oroso e Santiago de Compostela; así e todo, a ponte máis sobranceira que o Bo mandara construír no Camiño Inglés fora a de Pontedeume, que unía os actuais concellos de Pontedeume e Cabanas, que chegou a ter sesenta e oito arcos e a albergar unha capela e un pequeno hospital no que debían reservarse sempre catro camas para os peregrinos¹²⁷.

Decidido impulsor do Camiño de Santiago, ademais das pontes que facilitaban o paso dos peregrinos, Fernán Pérez de Andrade patrocinou tamén a construción de igrexas, mosteiros e hospitais situados preto da ruta xacobeá para lles prestar unha axeitada atención espiritual e material; entre eles podemos citar as igrexas de Santa María do Azougue e de Santiago en Betanzos ou a capela do Espírito Santo na ponte eumesa; os mosteiros de San Francisco de Betanzos e de Ferrol ou o de San Domingos da Coruña; e o hospital de San Bartolomeu de Betanzos ou o da ponte eumesa.

A entrada do Camiño de Santiago en Pontedeume realízase a través da ponte de pedra que salva o río Eume e une este municipio co de Cabanas. Abandonase así un ámbito rural, que se viña impondo nos últimos quilómetros, e pode verse xa un horizonte máis urbano. O Torreón dos Andrade, que preside a entrada na vila, e as torres da igrexa



Entrada do Camiño Inglés en Pontedeume

127. Sobre as lendas nas pontes do Camiño Inglés, pode verse FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, op. cit., p. 417-498. Verbo da historia da ponte, cómpre consultar, entre outros moitos, COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 131-137; LÓPEZ CALVO, X. A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, "Cátedra", 6, Pontedeume, 1999, p. 163-186; LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales...*, op. cit., p. 729-771; BREIXO RODRÍGUEZ, C., MACEDO CORDAL, C., LÓPEZ CALVO, A. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004; CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 18 e 19; CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, op. cit., p. 136-141; CORREA ARIAS, J. F.: *Fernán...*, op. cit., p. 154-160; CORREA ARIAS, J. F.: *A Ponte do Ume*, "Cátedra", 2, Pontedeume, 1995, p. 15-56; e CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A Ponte do Ume II*, "Cátedra", 7, Pontedeume, 2000, p. 7-44.

parroquial, á dereita da ponte; e a capela das Virtudes, na esquerda; así como as numerosas casas, moitas delas con galerías, fan pensar en que se chega a unha das vilas máis importantes deste Camiño Inglés que parte do porto ferrolán de Curuxeiras. Así e todo, é unha mágoa a desagradable presenza dun solar en ruínas, cuxas obras levan xa paralizadas unha chea de anos e afean a entrada ao recinto urbano.

A vila aparece protexida pola ampla sombra do monte de Breamo, dende cuxa cima se poden ver as rías de Ares, A Coruña e Ferrol. En 1187, neste cumio desasistido e solitario do Breamo, construíuse o fermoso templo románico baixo a advocación de san Miguel, que en 1236 estaba a cargo dos cóengos regulares de Santo Agostiño. Está amplamente aceptada a teoría da cristianización dos montes a través da figura do arcanxo. Os eumeses celebramos dúas romarías cada ano nas que se sobe andando até a ermida os días oito de maio –aniversario da milagrosa aparición do arcanxo no monte Gárgano, no ano 492– e vinte e nove de setembro –data na que a Igrexa celebra a súa festividade–, nos que, en palabras do Padre Placer, “á paisaxe natural, cómpre engadírselle a paisaxe humana, mestura de mariñá e montesía. Son días para o culto litúrxico na santa capela, para cantar as gabanzas da empanada e dos demais produtos da cociña pontedeumeña; e non sería estraño que baixedes do monte sen vos decatar, porque... o viño éche moi fresco no coto”¹²⁸.

Á dereita da ponte de pedra, está o porto, inzado de embarcacións de recreo, pequenos caiucos, veleiros e tarrafas que nos lembran que a pesca –hoxe en menor medida– era unha actividade fundamental para a vila noutros tempos. Se o paso do peregrino coincide en época de marisqueo, moitos dos caiucos terán a bordo as rañeiras para extraer a ameixa ou o berberecho do mar; deles di con tenrura Ramiro Fonte que “comecei a amar os caiucos, as máis humildes das nosas embarcacións, debido ó sentimento de piedade que despertan dentro dun as cousas indefensas”¹²⁹. Nos tempos en que a veda está aberta, moitos destes caiucos coas rañeiras a bordo fondean cos seus rizóns na banda esquerda da ponte, porque alí é onde extraen o marisco.

Alén da ponte, dende a beira dereita, tamén se ven a ría de Ares e as praias da Madalena, por cuxo piñeiral –no que aínda se pode comer o polbo e beber un bo ribeiro na feira celebrada o día vinte e un de cada mes– cruza o Camiño Inglés para chegar a Pontedeume, e de Zopazos, que na chamada Pena do Soldado acolle unha fermosa imaxe pétrea da Virxe do Carme, que despide e recibe os mariñeiros eumeses cando van ou regresan do mar.

Dende o peitoril esquerdo da ponte, pode contemplarse o fermoso paseo marítimo que acolle o encontro do río Eume no seu esteiro coas augas salgadas. Á entrada do paseo

128. Tomado e traducido de PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas...*, op. cit., p. 151 e 152.

129. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 23.

está a praza de Rosalía de Castro, onde se erixen un monólito dedicado á insigne escritora e unha xeitosa fonte, que case nunca ten auga, decorada coas cabezas das emblemáticas figuras do oso e o xabarl, símbolos da vila e da Casa dos Andrade. Unha das vías do paseo marítimo desemboca en Esteiro, preto do río Covés, o derradeiro afluente do Eume, e a outra, en Nogueirosa.

Ao lonxe, visible tamén dende a varanda esquerda da ponte, chantado sobre a Pena Leboeira, está o castelo de Andrade, dende cuxa torre se divisan as máis fermosas vistas do golfo Ártabro, formado polas rías de Ares, Ferrol, A Coruña e Betanzos. Foi levantado por Fernán Pérez de Andrade, que iniciou a obra en 1369 e a rematou no 1377, despois de bravas disputas pola propiedade do solar cos monxes do convento de Sobrado. Nesta fortaleza foran confinados polas tropas irmandiñas comandadas por Roi Xordo a muller e os fillos do terceiro señor de Pontedeume, Nuno Freire de Andrade, alcumado o Mao. Contan as lendas que había un pasadizo subterráneo que unía o castelo co torreón do pazo que os Andrade tiñan na vila e que na fortaleza de Nogueirosa morreran de fame Mauro, o paxe ou o fillo bastardo –segundo quen refira a historia– do señor de Andrade, e Elvira, a ama de compañía da súa dona, polo que o castelo de Andrade tamén se chama castelo da Fame¹³⁰.

Pola vella ponte medieval mandada construír polo Bo pasou o bispo de Arzendjan Armenio o Mártir, que entra en Galicia polo Camiño do Norte en 1492, despois de visitar a catedral de Oviedo, e en Betanzos toma o Camiño Inglés e vai a Compostela¹³¹; ao seu regreso, despois de ir a Fisterra, pasa por “unha cidade preto da cal, malia que un pouco máis abaixo, corre un río grande, cunha ponte de sesenta e oito arcos”, que só pode ser a de Pontedeume, e continuou o seu camiño cara a Bilbao¹³². Cruzou tamén a ponte eumesa o célebre bacharel Bartolomé Sagrario de Molina, no século XVI, que a describe así na súa oitava: “Tomada ocasión de aquello del Sil, / notad otra puente de gran maravilla / que llega a tener de largo una milla / contada por pasos que pasan de mil / sobre sus arcos de piedra y sutil / que son Puentesdeume aquesta que digo. / No siento a la prueba hallarse testigo / que diga haber visto tal cosa gentil”¹³³; logo, xa en prosa e máis polo miúdo, explica tamén que “con moita razón cómpre facer conta e poñer en memoria esta insigne ponte, cuxa longura non penso que se poida atopar en España. Ten mil douscentos pasos e, considerando que as que noutros reinos se gaban por moi longas non chegan aos catrocentos, é de ver a excelencia e grandeza desta. Atópase nunha ría a dúas légoas do mar sobre os

130. Pode verse a lenda en FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, op. cit., p. 435-437.

131. Seguiu así o dito popular que afirma que “quen vai a Santiago e non ve o Salvador honra o servo e esquece o Señor”.

132. GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes...*, op. cit., t. I, p. 392-398, especialmente a 397, de onde está traducida a cita. Hai quen a identifica coa ponte de San Vicente de la Barquera, pero esta non tiña os sesenta e oito arcos que si se lle atribúen á de Pontedeume.

133. Véxase PARRILLA, J. A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998, p. 80; non se traduce para respectar a medida dos versos e a súa rima.

seus arcos de xentil edificio, é cousa de estimar. Está cabo dunha vila que toma o nome da mesma ponte [...]. Esta vila das Pontes de Eume [...] é un pobo de tanta frescura de árbores e tan deleitable asento e vista, que ben se pode chamar o verxel de Galicia”¹³⁴. Nesas mesmas datas, o peregrino polos Camiños de Santiago Bartolomeo Fontana dicía que “ao entrar por Pontedeume pasei unha longa e antiquísima ponte de pedra, que sustentaba moitos arcos e que cruza un porto. Na miña vida non vin unha tan longa en país ningún nin a puido ver ninguén; no medio dela hai un hospital que alberga peregrinos”¹³⁵. Tamén cruzou a vella ponte medieval dous séculos despois, en 1745, frei Martín Sarmiento; no camiño de ida, cara a Ferrol, afirma que “é estreita [...] pero moi longa pois din que ten sesenta e un arcos, e é toda de pedra. Ao entrar nela hai, a un lado, un lobo [en realidade é un oso] de pedra. E á esquerda, un porco ou xabril de pedra cunha inscrición no lombo ben grande [...]. Ao pasar a ponte, a baía, que fica á esquerda, é parecida á de Pontevedra [...]. [Á dereita, vense] montes como en círculo e neles está a Torre [castelo] de Andrade [...]. Aquí [na vila] fixen mediodía”¹³⁶; na viaxe de volta di que “sobre a vila de Pontedeume vese o alto monte de Bremao, cun remate ao mar que é o cabo de Centroña”¹³⁷; sobre a ponte asegura que “fíxen que se contaran os ollos; ten en todo sesenta [na ida falaba de sesenta e un], dos que dez están na calzada. Baixeime da ponte, ao acabala, para rexistrar os animais de pedra [...]. O oriental non é lobo [como dixeran na ida] mais un oso, sen letras. O occidental é un xabril ou porco bravo e ten no lombo seis ringleiras de caracteres que todo o máis serán do século XIV. O contido está en lingua galega, ao parecer; lese ano de Xesús Cristo e que se fixo a ponte en seis anos”¹³⁸.

A ponte actual foi construída entre 1867 e 1870, e reedificada entre 1884 e 1888. En 1970, substituíuse o vello peitoril de cantaría polo actual de formigón armado e nos oitenta foi modificada na parte correspondente a Cabanas para facer unha estrada que a unise co piñeiral do Areal, malia que para iso houbo que eliminar sen escrúpulo ecolóxico ningún a xa mítica praia do Tambre e amolar así aos eumeses que gozabamos dela no verán. Ao seu paso pola vila cara a Ferrol, nos anos oitenta do século XIX, dirá Manuel Murguía: “Saudemos o vello Pontedeume, cheo das lembranzas dos antigos señores [...]. Decontado pasamos pola longa ponte construída por Fernán Pérez e gozamos do fermoso panorama que dende ela se descobre. Non son só as augas dun río, son tamén as do océ-

134. Tomado e traducido de *idem*, p. 80 e 111; o texto en prosa si que o traducimos.

135. Tomado e traducido de MACEDO CORDAL, C.: “Las peregrinaciones italianas a Santiago. Sinopsis del relato de Bartolomeo Fontana”, en BREIXO RODRÍGUEZ, C., LÓPEZ CALVO, A., MACEDO CORDAL, C. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume...*, op. cit., p. 93. Véxanse tamén os magníficos debuxos realizados por Fernando Sarmiento en CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte...*, op. cit., p. 7-44.

136. PENSADO TOMÉ, J. L. (ed.): Fr. Martín Sarmiento. *Viaxe a Galicia (1745)*, Toxosoutos, Noia (A Coruña), 2001, p. 83.

137. *Idem*, p. 88.

138. *Ibidem*. Consonte a interpretación de Antonio de la Iglesia a inscrición di: EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX. ANO9 [TRESCENTOS OITENTA ANOS], / DA NACENZA DE / NOSO SENOR IESU XUO [CRISTO] / POR ABRIL COMEZADA E / ACABARONA EM SEIS AN9 [ANOS] ESTA / PONTE; cfr. IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, t. II, A Coruña, 1886, p. 58.

ano as que se estampan nos tallamares e pasan ou se arremuíñan baixo os amplos arcos desta que foi, dende un principio, obra importante e de caridade, pois no seu centro se erguían unha pequena capela e un hospital de peregrinos”¹³⁹. Por esta ponte, aínda que tampouco en dirección a Santiago de Compostela senón cara a Santo André de Teixido, “onde vai de morto o que non foi de vivo”, consonte reza a sentenza popular¹⁴⁰, pasaron así mesmo, en 1929, don Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey; co gallo desta peregrinación, Otero Pedrayo, en *Pelerinaxes*, describe o Eume como “un río de loita, de combate, esgrevio serranchín, que labra os cernes duros do granito. Boa diferenza c’os ríos desfiados, superfizás, tranquios das mesetas lucenses. Eiquí o río sinte a responsabilidade histórica –xeoloxía histórica– da súa funzón erosiva. Podía folgar un pouco na conca ditosa. Non ten vagar. Cada fío criado nos outos e batido nas fervenzas figura gardar un ritmo de carreira [...]. O Eume, fillo de cumes desertas, inda ten moito que puxar. Así morre tan gostoso baixo a bendición que lle botan os arcos das Pontes d’Eume”¹⁴¹; finalmente, Otero Pedrayo asegura que Pontedeume é unha “vila de bós aires que téñen un pórver no veraneo e no turismo [...]. O Eume ollou a colonización monástica –Caabeiro–; agora, ô igual d’un río suízo –foron tamén feudales e monásticos–, proporciona o romanticismo necesario pr’o burgués en vacazóns”¹⁴². Pola súa parte, o tamén peregrino egrexio Uxío Novoneyra confirma en 1999 a súa determinación de “Ir a Pontedeume tomar a costrada / pela a pela emparedada. / Cruzar a ponte / coma Roxín / co xabará”¹⁴³. Así mesmo, Xoán Carlos I (1975), acompañado da raíña Sofía, despois de presentarlle a súa primeira ofrenda ao Apóstolo como rei o vinte e cinco de xullo do Ano Santo de 1976¹⁴⁴, catro días máis tarde, dende A Coruña, visitou Pontedeume, onde foi recibido polo pobo, encabezado polo alcalde Celestino Sardiña e a corporación, e cruzou a ponte en coche cara a Ferrol.

O peregrino, despois de atravesar a ponte, á dereita, pode dirixirse ao novo albergue situado no ben remodelado e xeitoso porto xacobeo para descansar, ou seguir o Camiño e cruzar polos pasos de peóns da estrada comarcal –que vai logo pola costa cara a Miño– para entrar pola antiga porta do recinto medieval eumés, ao que se chega pola praza de España, que hoxe ocupa a parada de taxis e serve de acceso á rúa Real. Dende a praza, que ten uns fermosos soportais á esquerda e casas con galerías, o chan empedrado

139. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia*, t. II, Santiago de Compostela, 1985, p. 1174-1176.

140. Conta unha lenda que o apóstolo santo André, doído porque o seu santuario non era tan visitado como o de Santiago en Compostela, mostroulle a súa queixa ao Señor, que lle prometeu que, dende aquela, irían alí moitos peregrinos e que o que non fose na súa vida tería que ir logo de morto.

141. OTERO PEDRAYO, R.: *Pelerinaxes*, Sada, 1993, p. 175 e 176.

142. *Idem*, p. 176 e 177.

143. Cfr. NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999, p. 115. A fermosa lenda de Roxín Roxal pode verse en FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, *op. cit.*, p. 467-478.


144. Cfr. PRESAS BARROSA, C.: *Las ofrendas nacionales a Santiago Apóstol, patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002, p. 313 e 314.

estará presente en toda a ruta xacobeá até a saída do vello recinto medieval, pola antiga Porta de San Roque da muralla xa derruída.

Até principios do século XX, facía de pórtico da rúa Real o chamado arco de Maldonado, situado debaixo dunha das torres da antiga muralla da vila e sobre o que en 1662 se levantou unha capela denominada da Concepción da Virxe.

Na actualidade, o primeiro treito da rúa Real está protexido por soportais de pedra, nas súas dúas beiras, cuxos arcos sosteñen vellos edificios, algúns moi ben conservados e outros non tanto; os baixos acollen bares e pequenos comercios. Na súa beira dereita non se interrompen os soportais até a confluencia coa praza Real; e na esquerda, desaparecen á altura da praza do Pan, que se comezou a construír en 1849; en 1941 foi reurbanizada e en 1984 remodelada polo escultor José Díaz Fuentes, que lle colocou no seu centro unha figura de bronce que representa unha muller de longa cabeleira amasando e dándolle forma coas súas mans a un molete. A praza do Pan acolle a parte lateral do chamado pazo do Arcebispo Raxoi, reedificado sobre a antiga casa de seu pai. É unha magoa que o edificio que está fronte a el se atope tan mal conservado, pois tivo en tempos unha fermosa galería que hoxe se acha moi deteriorada; ademais, os dous balcóns e a galería que dan á rúa Real precisan tamén unha urxente rehabilitación.

Os soportais volven aparecer na beira esquerda para lle servir de sostén á xeitosa fachada do edificio de Raxoi, que dá á rúa Real e presenta tres corpos erguidos sobre cadanseus arcos de medio punto, con dúas alturas con senllos balcóns de ferro forxado en cada corpo e un ático no central, onde campá o fermoso escudo pétreo do seu propietario, un dos fillos máis ilustres que deu a vila, o prelado compostelán Bartolomé Rajoy y Losada (1751-1772). Este brasón, de estilo barroco, dispón no alto a cruz patriarcal, enclavada nunha cuncha de vieira que nos indica que ocupaba a sé compostelá, debaixo da que aparece o capelo ou sombreiro, que alude á súa condición de prelado, e do que parten dous cordóns, rematados en dez borlas a cadanseus lados, que confirman o seu título de arcebispo primado; debaixo do capelo, pode verse unha coroa real que constata a súa estreita vinculación co rei Fernando VI (1746-1759) que o nomeara o seu capelán maior, gobernador do Consello de Castela e comisario xeral da Cruzada e llo propuxera ao papa Bieito XIV (1740-1758) como arcebispo compostelán; a ambos os lados do escudo, hai dúas palmas que poden facer referencia ao martirio sufrido polo santo que lle dá nome, Bartolomeu, probablemente porque coincidía a data do seu nacemento coa festividade deste apóstolo, o vinte e catro de agosto; o interior está dividido en catro cuarteis; no primeiro dispónse unha torre sobre unha ponte de tres arcos para salvar un río que podería ser unha homenaxe ao seu Pontedeume natal, xa que no escudo da vila figuran tamén a torre e a ponte sobre o río Eume; no segundo, dous lagartos que fan referencia á liñaxe dos Losada; no terceiro, unha torre ou castelo; e no cuarto, tres estrelas sobre unha banda que o cruza en diagonal.



Brasóns de Rajoy nos pazos que levan o seu nome en Pontedeume e Santiago de Compostela

Unha réplica máis sinxela deste brasón dispónse tamén na placa que, como homenaxe a un dos seus máis preclaros fillos, colocou o pobo de Pontedeume na devandita parede lateral do pazo que dá á praza do Pan. Este escudo do arcebispo Rajoy (1751-1772) aparece así mesmo esculpido en Santiago de Compostela a ambos os lados da fachada do pazo que leva o seu nome e que mandou levantar na praza do Obradoiro e hoxe é sede do Concello e da presidencia da Xunta de Galicia, malia que presenta pequenas variantes; o pazo compostelán de Raxoi está presidido pola imaxe do Santiago Matamouros e debaixo dela aparece representada a mítica batalla de Clavijo. Tamén na Porta do Paraíso, pola que entran na catedral os peregrinos chegados a Santiago de Compostela a través do Camiño Inglés, cando non é Ano Santo, aparece o escudo do arcebispo eumés, porque se fixo no seu pontificado; o elemento xacobeo da fachada está representado neste caso pola imaxe de Santiago Peregrino que ten aos seus pés os reis de España. Por outra banda, en 1768, no pontificado de Rajoy (1751-1772), o pequeno hospital compostelán de San Miguel foi incorporado ao de San Roque para que se puidese ocupar mellor da atención dos peregrinos que o seu funda-

dor lle encomendara en 1450 e que estaba no século XVIII moi descoidada; case todos os centros asistenciais composteláns, e xa que logo tamén os que se ocupaban dos peregrinos, foron debedores da iniciativa e o mecenado do arcebispo eumés¹⁴⁵.

No tocante a Pontedeume, reedificou a igrexa parroquial dedicada a Santiago, en cuxa fachada fixo labrar un relevo do Matamouros, e dooulle abondosas xoias, fundou e dotou unha escola para nenos e outra para nenas, e mandou construír para os mariñeiros eumeses un peirao e dez grandes almacéns que aínda subsisten e que son utilizados hoxe para diversas funcións polo Concello; un deles é empregado como albergue de peregrinos. O insigne prelado eumés está enterrado na capela da Comunión da catedral de Santiago de Compostela, cuxa obra se realizou baixo o seu mecenado e onde figura labrado tamén o escudo do seu pontificado; así e todo, unha lenda, alimentada por unha información publicada no xornal *Dependiente de Comerio* e recollida polo cóengo López Ferreiro, asegura que “los intestinos quiso que se enterrasen en S. Fructuoso y el corazón en una yglesia que había fundado en Puente deume”¹⁴⁶.

O Camiño Xacobeo en Pontedeume, despois de deixar atrás o chamado pazo de Raxoi, vaise empinando cada vez máis pola rúa Real. Os vellos soportais acollen todos os sábados do ano postos ambulantes de venda de roupa ou de produtos locais, como queixos artesáns, patacas, leitugas, grelos, mel e froitas de tempada, que se instalan no Feirón. Ademais da do arcebispo, algunhas casas presentan tamén brasóns nas súas fachadas, malia que moito máis modestos que o do prelado.

Os soportais interrómpense novamente ao chegar á fermosa praza Real, presidida pola casa do concello e rodeada por edificios con galerías e balcóns. No seu chan empedrado, dispónse en relevo o escudo municipal, realizado por Díaz Fuentes, que tamén se encargou da remodelación da praza. Este artista realizou así mesmo o deseño da veciña rúa da Inmaculada, que alterna na decoración do empedrado as figuras do oso e do xabaril dos Andrade, polo que é chamada tamén polos eumeses máis retranqueiros a rúa dos Porcos. A praza Real está sempre chea de vida, ao que contribúen todo o ano, pero sobre todo nos meses de verán, as terrazas dos bares que alí se dispoñen.

A casa do concello, de pedra, está levantada a carón dos soportais da marxe esquerda da rúa. Un arco de medio punto faille de porta de entrada ao edificio, que ten dous andares máis. O primeiro presenta na súa fachada o gran balcón de ferro forxado, onde se izan as bandeiras de Europa, España, Galicia e Pontedeume, e dende o que se pronuncian

145. Véxase BARREIRO MALLÓN, B.: “Hospitais da cidade de Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de Peregrinación*, Santiago de Compostela, 2004, p. 87-105.

146. Cfr. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. X, Santiago de Compostela, 1908, p. 154.

os pregóns que inaugurán as festas patronais e o Feirón Medieval, ou o sermón da procesión do Santo Encontro. No corpo superior da fachada, destaca a presenza de tres grandes fiestras de madeira e cristal que se asoman á praza Real. O tellado é a dúas augas. A parte traseira do edificio, que ten unha fermosa galería, dá á rúa dos Ferreiros, que mellorou moito o seu empedrado coa última obra que alí se fixo.

Esta construción ten acaroada á súa dereita, na fachada, a chamada Torre dos Ulloa ou do Reloxo. A estrutura da torre organízase en catro partes, das que as tres primeiras se sitúan á mesma altura que os andares da casa do concello. Na parte baixa, hai unha porta, como no edificio consistorial. A carón do balcón do consistorio, campá un escudo atribuído por Vázquez Rey a Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal, conde de Lemos e marqués de Sarria, casado con Tareixa –filla do primeiro conde de Andrade, oitavo señor da vila e tamén conde de Vilalba, Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas–. Así e todo, Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal nunca chegou a ser señor de Pontedeume; a súa dona, Tareixa, morreu antes que o seu pai e a herdanza dos condados de Andrade e de Vilalba, e xa que logo do señorío de Pontedeume, pasou a mans de Pedro Ruíz de Castro e Andrade, alcumado o Vello, neto de Fernando de Andrade e fillo de Tareixa e Fernando Ruíz de Castro. Logo do pasamento do seu pai, Pedro herdou en 1576 tamén o condado de Lemos e o marquesado de Sarria e fusionou na súa persoa as Casas de Lemos e de Andrade; dende aquela, como recoñece Couceiro Freijomil, “a historia de Pontedeume é preferentemente interna e local. Tomando os novos señores asento noutro lugar, a vida da bisbarra experimentara unha radical transformación; perdidos os factores de prosperidade que os Andrade lles subministraban, limítanse en adiante a vivir a conta dela propia, perdendo bastante da súa antiga sona e do seu esplendor”¹⁴⁷. O brasón presenta unha coroa decorada con sete floróns sobre a que está esculpida a cabeza dun anxo ou un neno; o escudo está encadrado por catro borlas nos seus extremos que rodean senllas esferas que levan inscrita a lenda SPES MEA IN DEI [a miña esperanza está en Deus]; entre as esferas, aparecen dous animais mitolóxicos a cadanseus lados que simulan a figura enroscada dunha serpe entre flores tropicais; tamén se dispoñen os seis discos da Casa de Castro e as quinas e castelos de Portugal, o castelo e o león de Castela e León, as barras de Aragón e Sicilia, os leóns e castelos dos Henríquez e os lobos dos Osorio¹⁴⁸.

Á altura do segundo andar da casa do concello, a torre presenta unha estreita xanela e, na parte superior, que excede o alto do edificio veciño, están o reloxo municipal, entre dúas ventaíñas cadradas, e un campanario protexido por barrotes de ferro forxado que acolle a campá grande, que sinala as horas, e a pequena, que indica os cuartos. O pobo réxese sempre polas horas marcadas por este reloxo da Torre dos Ulloa, pero dun xeito espe-

147. Cfr. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, *op. cit.*, p. 271.

148. Véxase para un estudo máis polo miúdo VÁZQUEZ REY, A.: *Heráldica de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1996, s. p.

cial o día sete de setembro, cando soan as doce badaladas que anuncian o estoupido das vinte e unha bombas de palenque e a saída dos mómaros e cabezudos, e sinalan así o comezo das festas patronais.

No interior da Torre dos Ulloa, sempre pechada ao público, hai un lugar mítico chamado Cagarrón, onde se ameazaba con levar aos nenos eumeses que se portasen mal. Ramiro Fonte describiuno con tenrura e retranca, asemade: “Así é chamado o cárcere dos municipais. Os nenos cren nel, aínda que nunca se verificou a súa existencia. Para algúns é a porta exterior da torre do reloxo, onde os varrendeiros gardan as súas vasoiras de xestas; para outros é a porta que, desde o interior, comunica coas escaleiras que soben á torre. A dicir verdade, é difícil que, con semellante nome, o cagarrón impoña demasiado respecto. Máis difícil aínda é que os municipais asusten ós nenos. Afeitos a refuxiarse da choiva baixo as columnas dos soportais, foron obtendo deste ámbito un aire protector, case indulxente”¹⁴⁹.

O extremo dereito da praza Real limita coa rúa de Santiago, nome de reminiscencias xacobeas, que a cruza de arriba a abaixo, e a súa intersección coa de Couceiro Freijomil, chamada así na honra do noso insigne filólogo, historiador, pedagogo, debuxante e mesmo poeta¹⁵⁰; antes fora denominada rúa da Cátedra porque alí se atopaba a cátedra de Latinidade fundada en 1580 por Beltrán Anido; hoxe acolle a biblioteca municipal, que felizmente pronto levará o nome de Ramiro Fonte.

Os soportais aparecen de novo na rúa Real despois da súa praza homónima; na beira dereita até o cruce coa rúa do Cantón; e na esquerda, até a travesía da Real. As súas columnas e arcos sosteñen edificios cuxos pisos baixos acollen un banco e pequenos comercios. Dende a travesía da Real, á esquerda volve haber soportais e comeza o *viacrucis* de bares salferido dalgún pequeno comercio. Dende que a rúa Real se cruza coa do Cantón, desaparecen os soportais nas súas dúas beiras, pero non así as tabernas, sobre todo na esquerda. Este é o treito máis empinado da rúa e os bares aquí xa se amorean. É a chamada rúa dos viños e nas horas punta do mediodía —até pouco antes do xantar— e da noite —entre as nove e as doce— adoita estar moi concorrida, especialmente nos meses de verán. Malia que hai varias casas que sería necesario rehabilitar, este espazo resulta moi fermoso e acolledor. Despois do esforzo que supón subir este treito tan empinado, ben paga a pena facer unha parada en calquera dos bares que alí abundan para recuperar o alento e refrescar a gorxa cun bo grolo de viño, cervexa ou mesmo algunha bebida que non teña alcohol. O peregrino sobe paseniño e con esforzo a costa, como o fai tamén na madrugada do Venres Santo a imaxe do Nazareno que, ao compás do Paso, unha marcha típica de

149. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 116.

150. Véxase VV. AA.: *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento / 1888-1988*, A Coruña, 1990.



O Nazareno e mais a Mómara soben, como os peregrinos xacobeos, a costa da rúa Real

Pontedeume, e despois da representación do Santo Encontro na praza Real, realiza a ombros dos portadores eumeses a súa particular ascensión até o Calvario local na igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume¹⁵¹. O silencio e o respecto reinan na rúa esa madrugada no canto da alegría habitual, que se converte en balbordo o día sete de setembro, cando os mómáros, acompañados dos cabezudos, os nenos e os maiores, ao son do ññoñoño das gaitas, alcanzan a súa primeira meta ao final da costa da Real.

Xa na parte máis alta da rúa Real, o peregrino pode subir unhas escaleiras que o levan a unha praciña, situada a carón do adro da igrexa de Santiago –patrón da vila– e presidida pola imaxe pétrea de san Nicolás de Tolentino –o seu copatrón–, para visitar o templo parroquial e selar o documento para conseguir a *Compostela* que acredita aos que realizaron a pé, dacabalo ou en bicicleta os últimos cen quilómetros do Camiño de Santiago.

A rúa Real desemboca, á altura da dos Ferreiros, na praciña das Angustias. Esta todo o que non ten de grande teno de fermosa. Casas en xeral ben coidadas, con galeirías e balcóns, rodean o cruceiro central, realizado contra 1950 polo escultor pontevedrés Daniel Pazos. O Crucificado mira cara ao templo parroquial e está acompañado polos dous apóstolos que, co maior dos Zebedeo, foron os seus discípulos predilectos, Pedro, que porta as chaves da Igrexa, e

151. Ramiro Fonte cóntao con mestría: “Ritmo de palitroques. Os monagos arrastran dous longos ríos de xente ben medrados. Soben pola rúa Real, acompañando as imaxes. O Paso volve soar como unha música de réquiem. Hai quen verá nas torres da nosa igrexa as tres cruces chantadas nun espido outeiriño de Xerusalén. Maldito Poncio Pilatos”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 219.

o imberbe irmán de Santiago, Xoán o Evanxalista, que lle mostrou á Virxe o seu Fillo no Calvario. No anverso do fuste, está gravado o escudo de Pontedeume. No reverso da cruz, a figura da Piedade sostén no seu colo a Cristo, que acaba de ser desencravado; debaixo da Virxe das Angustias, dispónse a imaxe de Santiago sedente e en maxestade, co báculo en forma de tau na man esquerda e un filacterio na dereita. Por mor da inclinación da praza, o cruceiro presenta un pedestal con catro chanzos no anverso e cinco no reverso¹⁵².

Sen dúbida o que mellor describiu os costumes e mesmo a idiosincrasia das xentes que habitaron na praciña das Angustias foi Ramiro Fonte na súa triloxía *Vidas de infancia*; cunha gran calidade literaria, tenrura, retranca e paixón, mostrando incluso as súas filias e fobias, retratou coma ninguén a alma mesma da praza na que naceu e viviu os anos da súa nenez¹⁵³.

A carón do cruceiro, está a única fonte que existe, no treito que percorre o Camiño Inglés, en todo o municipio eumés, malia que non sempre mana auga. É curioso que un concello tan rico en fontes como Pontedeume só teña unha, e que ás veces non estea dispoñible para calmar a sede dos peregrinos, na ruta xacobea; así e todo, preto do Camiño si se pode beber na do Paseo Marítimo, na da rúa de Santiago ou nas, algo máis afastadas, do Pilón e da Fontenova. Se cadra nas mellores páxinas do seu libro *Os meus ollos*, Ramiro Fonte describe con finu-



Anverso do cruceiro das Angustias e casa de Ramiro Fonte, e detalle do reverso coa imaxe de Santiago

152. Véxase un estudo máis completo en FONTE SARDIÑA, J. M.: *Os cruceiros...*, op. cit., p. 26-37.

153. Véxanse FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit.; FONTE CRESPO, R.: *Os ollos da ponte*, Xerais, Vigo, 2004; e FONTE CRESPO, R.: *As pontes no ceo*, Xerais, Vigo, 2007.

ra a súa frescura e o seu cantar e non podía faltar neste relato a referencia á das Angustias: “É tempo de escoitar as fontes da vila. A das Angustias, ó pé do cruceiro, rodeada de mulleres e mozas que veñen encher as sellas e os baldes [...]. Bebín de todas elas. Xenerosas, saciaron a miña sede sen pediren nada a cambio, agás estas lembranzas. Sigo séndolles fiel. Creo recoñecer o son da auga que bate con forza na pía do Chafarís; o recatado son da fontela das Angustias: de beber outra vez desa auga, quizais morrería de esquecemento, desmemoria e cegueira...”¹⁵⁴.

Dende As Angustias, cómpre subir pola travesía entre a Corredoira das Virtudes, que lle debe o seu nome á patroa da vila, cuxo santuario está ben preto, e a rúa da Tafona até a praza de San Roque, que o pobo coñece tamén como da Calzada. Tanto o nome oficial como o popular teñen reminiscencias xacobeas; o primeiro porque san Roque é un dos santos máis relacionados co Camiño de Santiago e mesmo é representado cos atributos dos peregrinos xacobeos, como a esclavina, o sombreiro coa cuncha de vieira, o zurrón e o bordón coa cabaza; o segundo porque formaba a calzada do Camiño Real que foi aproveitada tamén, coma decote acontecía, polo Camiño de Santiago.

A praza foi chamada de San Roque porque alí se erixira no século XVI unha ermida na súa honra; “unha construción simple, de modesta arquitectura [...]. Un sinxelo centro de devoción arraigada con base na imaxe que acubillaba”¹⁵⁵. Nunhas ordenanzas da Confraría de San Roque, de vinte e oito de agosto de 1624, recollidas no Arquivo Municipal de Pontedeume, afirmase que a devandita confraría fora fundada en agradecemento “por los beneficios quean Rezevido del Glorioso Santo abogado delapeste [e que] desde muchos años aesta parte savia instituido la dha cofradia en esta villa con el nombre de las fiestas principales della”¹⁵⁶. De Castro Álvarez e Vázquez Arias din que “Pérez Constanti considera que posiblemente a cita se refira á peste de 1517 ou á que tivo lugar en Galicia algúns lustros despois. En todo caso, polo testamento de Alonso Mancebo sabemos que xa fora fundada en 1557, malia que con asento na igrexa parroquial, o que nos fai pensar que a capela aínda non estaba construída daquela. A referencia máis antiga á devandita ermida de San Roque aparece na visita de Jerónimo del Hoyo de principios do século XVII”¹⁵⁷. No informe desta visita realizada no ano 1607, o cóengo compostelán nomea entre as confrarías que había en Pontedeume a “de San Roque en la ermita”¹⁵⁸.

154. Non podo deixar de recomendar a lectura destas cinco marabillosas páxinas da literatura eumesa en FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, op. cit., p. 66-70.

155. Cfr. COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida de San Roque de Pontedeume e a súa Confraría a través do Libro de Cabidos: As festas do santo*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 287.

156. Cfr. *idem*, p. 312.

157. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 16.

158. Cfr. *idem*, p. 141.

As devanditas ordenanzas da Confraría de 1624 recollen algunhas curiosidades sobre as festas celebradas na honra de san Roque, onde se determina “que el tal mayord^o tenga obligación a hacer las fiestas y regocijos conforme es costumbre y se animare conforme a su posibilidad, procurando siempre el sucesor qe. estas fiestas vayan en aumento”¹⁵⁹. As misas e celebracións litúrxicas eran complementadas, segundo Lucía Costas e Carola Macedo, por “*regocijos*, predeterminados na súa maioría polos capítulos das ordenanzas da confraría [que] consistían en: máscaras, encamisadas, comedias, touros, xogos ecuestres, danzas e fogos”¹⁶⁰.

O Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela recolle a noticia dunha visita realizada no ano 1771, na que don Juan Varela Fondevila constata que a capela de San Roque, “que se halla en terminos de esta villa y Parroquia, hallase arruynada del Techo, y por partes propenso a caer; el Altar mayor deteriorado, y derribado el colateral de la epistola, con motibo de haver cahido antes de aora sobre el parte del dicho techo, que han compuesto: no tiene Renta ni misa de fundazion, solo la funcion el dia del Santo que deve hacer a su costa el Mayordomo por el horden que corresponda a cada uno de los vezinos”¹⁶¹. Manda, xa que logo, facer unha serie de obras e compras urxentes e que o “ejecute la Villa y sus vezinos a termino de seis meses por lo yndispensable que se hace este preciso debido adorno, a fin de remediar el Lastimoso estado en que se halla para celebrarse en ella la misa y funzion que tienen a su cargo”¹⁶².

O trinta e un de outubro de 1840 foi derrubada a ermida e trasladada a imaxe de san Roque á igrexa parroquial. Esta talla xa non se conserva e foi substituída por outra do mesmo santo. A acta de dezaseis de agosto de 1841, día da súa festividade, recollida no *Libro da Confraría de San Roque*, fai referencia a que a función do santo se realizou no templo parroquial pola demolición da vella capela e compromete a súa celebración para o ano seguinte: “En la sacristía de la Yglesia Parroquial de esta Villa a diez y seis dias del mes de Agosto de mil ochocientos cuarenta y uno [...], conclusas las completas de la festividad del Glorioso S. Roque cuya función se hizo en esta dicha Yglesia parroquial a causa de haverse demolido su Capilla por disposicion superior en atención al estado de ruina en que se hallaba, por conservar esta piadosa cofradia segun sus estatutos e inmemorial costumbre [...], se presento D. Narciso Yrjoa, comandante de Nacionales del Batallon de la misma acompañado de algunos oficiales de la propia arma, y dijo que á nombre del Batallon toma el ramo del Glorioso Santo y se obliga a hacer la funcion por dho año próximo venidero”¹⁶³.

159. Véxase COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia...*, op. cit., p. 381 e 382.

160. Cfr. COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida...*, op. cit., p. 302-309, especialmente a 303, de onde está tomada a cita.

161. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 182.

162. *Ibidem*.

163. *Idem*, p. 196.

Así e todo, as celebracións na honra de san Roque foron perdendo pompa e boato devagar e, malia que o gremio de mariñeiros tomou o testemuño na súa organización, só puido mantela até principios do século XX.

Sábese con certeza que nesta praza se celebraban o mercado de grans, como mínimo até o ano 1872, e múltiples actividades lúdicas e festivas. De Castro Álvarez confirma que “os festexos profanos da Virxe das Virtudes, consistentes en bailes, verbenas, fogos artificiais e paseos de moda, asociados aos de san Nicolás de Tolentino, tiñan lugar na praza de San Roque ou da Calzada. Esta praza foi utilizada, dende o século XVI, para celebrar as festas na honra de san Roque e fora remodelada e rehabilitada en diversas ocasións dende a desaparición da capela”¹⁶⁴. Por mor da súa escasa capacidade, a corporación municipal decidiu substituír, no ano 1913, a praza de San Roque pola Alameda, como escenario destas celebracións.

Así e todo, a praza de San Roque seguiu albergando comedias, concertos e outras celebracións relacionadas co lecer e a cultura. Dende hai algúns anos, as autoridades locais intentan recuperar, case sempre cun grande éxito de público, estas actividades. Porén, é unha mágoa que a súa fermosura se vexa perturbada acotío por unha auténtica invasión de coches que a usan como aparcadoiro. Ao meu ver, o Concello debería facer esta praza peonil e convertela outra vez nun espazo para os xogos dos nenos, os faladoiros dos maiores e para o lecer de todos os eumeses e dos visitantes da vila. Ademais, para o peregrino sería tamén un lugar ideal de descanso nalgún dos seus xeitosos bancos de pedra antes de acometer a dura subida que lle agarda até O Barro.

A entrada en Pontedeume do Camiño de Santiago realizábase xa dende o Medioevo pola Porta da Ponte onde estaba a vella muralla que protexía a vila que o camiñante abandonaba pola vella Porta de San Roque, que o situaba xa extra muros.

A praza de San Roque deixase atrás pola rúa do Empedrado; malia que a corporación municipal acordou nun pleno celebrado o vinte e seis de maio de 1967 cambiar o seu nome polo de rúa da Deputación, o pobo seguiu denominándoa Empedrado, polo que, vinte e dous anos máis tarde, o Concello decidiu, con bo criterio, o catorce de xullo de 1989, recuperar o nome co que era coñecida popularmente.

Despois da durísima subida entre as casas que limitan as dúas beiras da rúa do Empedrado, tendo boa conta dos coches que por alí circulan, xa no Souto da Vila, onde non quedan restos das árbores ás que alude o seu topónimo, hai unha pequena área de recreo cuns bancos de pedra que semella un lugar ideal para facer un descanso. Dende o seu pequeno miradoiro cómpre divisar por última vez a vila e a rúa ao fondo.

164. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Calles...*, op. cit., p. 169.



Vista de Pontedeume e a ría de Ares desde O Souto da Vila

É moi aconsellable deterse a contemplar esta paisaxe pola incuestionable beleza coa que se presentan Pontedeume –coas súas casiñas, entre as que se distinguen con claridade a igrexa parroquial e mais o Torreón; o porto, cos seus barquiños; as pontes de pedra e de ferro–, Cabanas –no alén– e a ría de Ares –coa praia da Magdalena, Redes e outras pequenas calas, co Mourón ao lonxe–; ademais, non se volverá ver o mar até que se percorran os máis de sete quilómetros que van dende esta área de recreo até o marco que nos sinala o quilómetro 81,711, xa no concello de Miño. A fermosa vista fai lembrar a cantiga entoada polos romeiros que van a Bremao: “Vexo a ponte, vexo a praia, / vexo a vila que deixei”¹⁶⁵.

A subida continúa e a pendente segue a ser moi pronunciada até O Barro, que pertence xa ás parroquias de San Miguel de Bremao e de San Pedro de Vilar. Antes de chegar ao final da costa, está, á dereita, o desvío que vai á fermosa ermida románica de San Miguel de Bremao, pero a ruta xacobeá continúa polo Barro até un camiño asfaltado, tamén situado á dereita, que vai ás Pedridas, pertencente á parroquia de San Miguel de Bremao e á freguesía de San Pedro de Vilar. Até este punto, o percorrido polo concello de Pontedeume, exceptuando o paso pola vella ponte de pedra, estaba rodeado de casas e era sempre costa arriba, pero a partir de aquí as casas xa se atopan máis dispersas, o terreo é chan e a paisaxe, totalmente rural.

Aparecen a ambas as dúas beiras do Camiño algunhas zonas poboadas de árbores, entre as que abundan os piñeiros e os eucaliptos, e terras de cultivo, nas que predomina o

165. Cfr. PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro...*, op. cit., p. 128.

millo ou maízo, como se adoita chamar por aquí. A carón dunha das casas hai un sinxe-lo hórreo, sen cruz nin piorno, con paredes de madeira. Así e todo, sorprende a escaseza de hórreos neste treito rural polo que atravesa o Camiño Inglés no concello de Pontedeume, principalmente pola abundancia de mainceiras.

As pradarias e mainceiras, ou os piñeirais e eucaliptais son os fieis compañeiros dun Camiño que, dende a beira esquerda, deixa, de cando en vez, contemplar no alén a fermosa vista do río Eume e o castelo de Andrade.

O primeiro marco do Xacobeo con referencia numérica que aparece no concello de Pontedeume indica que a tumba apostólica se atopa 88,045 quilómetros de distancia. Nalgún destes marcos, os peregrinos van deixando enriba pequenas pedras amoreadas, chamadas en Galicia amilladoiros, para que quede constancia do seu paso pola ruta xacobeá. Segundo Vicente Risco, os peregrinos a Santo André de Teixido “recollen unha pedra do monte, canto máis pesada mellor, para bola nun dos amilladoiros [...]; algúns dos que o fan din que é unha carga imposta ós romeiros para axuntar pedra para un santuario novo; os homes de ciencia din que o fan seguindo un costume prehistórico”¹⁶⁶. Consonte a tradición, tamén os peregrinos do Camiño Francés collían unha pedra da canteira de Cotelos, en Triacastela, e a levaban no seu zurrón até os fornos da Castañeda, en Arzúa, que subministraban o cal que logo serviría para a construción das obras que se realizaban na catedral compostelá; o *Códice Calixtino* fala de “Triacastela, na aba do mesmo monte en Galicia, onde os peregrinos collen unha pedra e lévana consigo até Castañeda para facer cal para a construción da basílica do Apóstolo”¹⁶⁷. López Ferreiro afirma tamén que, “ao pasar por Triacastela, na provincia de Lugo, onde abundaban as canteiras de cal, cada un collía unha pedra do tamaño que lle permitían a súas forzas ou o brío das súas cabalgaduras e levábaa até o lugar da Castañeda, onde en fornos axeitados se preparaba o cal, que dende alí era traído en carros a Compostela. Pode, pois, dicirse, que a argamasa empregada na fábrica do Templo Apostólico foi en boa parte amasada coa suor dos peregrinos de Santiago”¹⁶⁸.

Un desvío á esquerda conduce até Cermuzo, tamén pertencente á parroquia de San Miguel de Bremao e á freguesía de San Pedro de Vilar. A paisaxe segue a ser moi semellante, coas mainceiras e o castelo de Andrade ao lonxe. Unha curiosa parra que une as dúas orelas da ruta, un lavadoiro e unha mesa con bancos para almorzar, tomar un aperitivo, xantar, merendar ou mesmo cear despiden o peregrino a Santiago do municipio de Pontedeume.

166. RISCO, V.: *Etnografía*, op. cit., p. 235.

167. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro V, capítulo III, p. 472.

168. Tomado e traducido de LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, t. III, Santiago de Compostela, 1900, p. 27.

UN FUTURO ESPERANZADOR PARA PONTEDEUME E OUTRAS VILAS MEDIEVAIS POLAS QUE PASA O CAMIÑO DE SANTIAGO

As cidades e vilas medievais galegas foron sempre para o Camiño de Santiago un lugar ideal para acoller os peregrinos a Compostela, xa que, ademais de ofrecerlles hospitalidade, eran tamén centros de comercio e cultura, e adoitaban ter un patrimonio artístico atractivo para os camiñantes. Vázquez Gallego di que “os propios núcleos de poboación, cidades, vilas e aldeas, foron asumindo a necesaria función de lles dar atencións especiais, e nalgúns casos especializadas, aos peregrinos, polo que fundaron unha serie de establecementos específicos para tal fin, denominados mesóns, hospedarias, hospitais, hospicios e albergues, quer de nova construción, quer readaptando casas ou vivendas xa existentes. Polo xeral, os establecementos máis importantes para estes mesteres foron erguidos nas grandes cidades da época e os máis humildes e sinxelos, en vilas, aldeas ou lugares máis ou menos estratéxicos do Camiño”¹⁶⁹. Os principais receptores destas atencións eran os peregrinos “enfermos, maltratados polos ladróns, bandidos, pícaros e tamén os afectados polo desgaste do propio camiñar e das inclemencias do tempo”¹⁷⁰.

López Calvo tamén sostén que “os santuarios, mosteiros, igrexas e, en xeral, as vilas e cidades con certa entidade poboacional, ofrecen hospitais, albergues e lazaretos, constituíndo unha rede de servicios espirituais e materiais que ofrecían leito, teito, misa e mesa ós viaxeiros”¹⁷¹. Esta tradición asistencial cos viaxeiros xacobeos foi apoiada con decisión por Fernán Pérez de Andrade cando construíu a ponte eumesa coa súa capela e o seu hospital –entre 1380 e 1386–, no que se reservaban sempre catro camas para os peregrinos, e outros hospitais e pontes, como xa se dixo, no Camiño Inglés.

As principais cidades e vilas galegas dos Camiños de Santiago –Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide e mesmo Arzúa e O Pino, no Camiño Francés; Lugo, no Camiño Primitivo; Ribadeo, Mondoñedo ou Vilalba, no Camiño do Norte; Ourense ou Verín, no Camiño do Sueste-Vía da Prata; Tui, O Porriño, Redondela, Pontevedra ou Pontecesures, no Camiño Portugués; Padrón, na Ruta do Mar de Arousa; Fisterra e Muxía, no Camiño homónimo– teñen na actualidade un albergue público de peregrinos. O Camiño Inglés foi, se cadra, neste tema un dos peor tratados pola Administración. A vila de Pontedeume, que acollía peregrinos xa no século XIV no hospital construído polo Bo na ponte que a unía con Cabanas, non contou cunha hospedaxe para os peregrinos dependente da rede de albergues da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo até o Ano Santo de 2010. Hoxe, por fin, os peregrinos poden pasar a noite no novo albergue que se acondicionou

169. Tomado e traducido de VÁZQUEZ GALLEGO, J.: *Los Hospitales del Camino Francés en Galicia*, Sada, 2001, p. 11.

170. *Ibidem*.

171. LÓPEZ CALVO, X. A.: *Peregrinacións...*, *op. cit.*, p. 181.

onda o remodelado porto xacobeo¹⁷², nos vellos almacéns de Raxoi, e gozar así do vello núcleo urbano medieval e dunha terra que lles ofrece un gran patrimonio natural, cultural, artístico e mesmo gastronómico. Xa non se poderán queixar como Murguía cando, ao relatar o seu paso por Pontedeume, dicía no século XIX: “Xa non hai tempo nin para nos deter e visitar a vila. Xa queda atrás”¹⁷³.

A desembocadura do río Eume marcou para sempre o desenvolvemento dunha vila unida co Norte de Galicia a través dunha ponte onde se funden as doces augas fluviais coas salgadas ondas do mar da ría de Ares. O río e o mar, abrigados polas montañas das Fragas do Eume e polo monte de Bremao, conforman a súa riqueza natural. Estes tres elementos da natureza, o río Eume e a súa fraga, o monte de Bremao e a ría de Ares, acollen tamén a celebración doutras tantas tradicións culturais e festivas como son a xira ao río Eume –o once de setembro–, as romarías de san Miguel de Bremao –o oito de maio e o vinte e nove de setembro– e a procesión marítima pola ría de Ares coa Virxe do Carme para bendicir o mar –o dezaseis de xullo– e innumerables lendas¹⁷⁴.

Nesta contorna natural, medrou tamén un rico patrimonio artístico, ligado sobre todo á Casa dos Andrade e máis á Igrexa. A fermosa cuadrícula que conserva o vello centro de poboación medieval da vila, con casas brasonadas, solos empedrados e soportais acolledores, complementase coa ponte de pedra, as igrexas de Santiago, as Virtudes e as románicas de San Miguel de Bremao e San Martiño de Andrade, o Torreón e o castelo de Andrade, o convento de Santo Agostiño, o cruceiro das Angustias ou os mosteiros próximos de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, unha variada paisaxe de montaña –onde o Bremao se erixe en protagonista–, a beleza da súa ría –coas praias e costas–, e co bosque atlántico máis importante de Europa –as fragas e o canón do Eume–¹⁷⁵. Todas estas condicións capacitan a Pontedeume para se converter nunha das principais vilas onde os peregrinos que veñen dende Ferrol polo Camiño Inglés poden atopar un lugar ideal de acollida, descanso e diversión para pasar un merecido tempo de lecer despois do esforzo que esixe a ruta, xa que conta, ademais, cunha ampla e atractiva oferta no sector servizos.

Así e todo, a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, no deseño totalmente descompensado das etapas –tanto pola dificultade da ruta como polo número de quilómetros– que propón na súa páxina web –Ferrol-Neda, 14 quilómetros; Neda-Miño, 23; Miño-Bruma,

172. Dispón de vinte camas para os peregrinos que alí se queiran aloxar, está aberto todos os días do ano e o seu horario de admisión é entre a unha da tarde e as dez da noite.

173. MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, t. II, p. 1.176.

174. FONTE SARDIÑA, J.: *As lendas...*, *op. cit.*, 415-498.

175. Unha completa información pode atoparse na magnífica guía de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e GARCÍA, A.: *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Espino Albar, Pontedeume, 2012.

38; Bruma-Sigüeiro, 30; Sigüeiro-Santiago de Compostela, 18— exclúe inxustamente a vila de Pontedeume como destino dunha delas, malia contar xa cun albergue do propio Xacobeo dende o ano 2010, en beneficio de Neda e Miño. Penso que isto se debería corrixir, mostrando todas as posibilidades, sen necesidade de se decantar por ningunha.

Por outra banda, as actividades lúdicas e culturais que se organizan dende a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, con programas como *Via Stellae* ou *Vai de Camiño*, poderían ter tamén unha maior presenza na vila, sobre todo as que se realizan ao aire libre, pois dispón de prazas axeitadas como a do Pan, a de San Roque ou a Real polas que atravesa o propio Camiño, e doutras ao seu carón como a do Convento. Pontedeume necesita tamén un auditorio para as actuacións que precisen un local pechado, malia que a igrexa parroquial, a capela das Virtudes ou mesmo o acolledor salón de actos da Casa da Cultura poderían ir suplindo de momento esta carencia, sobre todo para algunhas das actividades programadas en *Via Stellae*.

A revitalización do Consorcio do Camiño Inglés, que integran dezaioito concellos, pode ser un punto de partida para que a Xunta de Galicia, a través da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo e outros organismos, teña un interlocutor institucional válido para canalizar as reivindicacións destes municipios e impulsar dunha vez as prometidas axudas, sobre todo na rehabilitación de edificios, a recuperación do patrimonio artístico, a construción de novos albergues —especialmente nunha vila tan importante como é Betanzos—, a mellora da sinalización ou a promoción e divulgación a través de publicacións relacionadas coa ruta, como folletos, guías, etc. Neste labor tamén pode colaborar a Deputación Provincial da Coruña, a través do seu Plan de Dinamización Turística Ferrol-Ortegal. Pola súa parte, os concellos deberían comprometerse a realizar un maior esforzo para fomentar e difundir unha ruta tan rica en tradición e beleza natural e artística, e facela tan atractiva para os peregrinos como para os turistas.

O estado de conservación do patrimonio artístico no concello é bastante aceptable, pero sería preciso que o edificio do Torreón, que funciona como oficina de Turismo, centro de interpretación dos Andrade e sala de exposición dos gravados de Prieto Nespereira, abrise todos os días do ano e non dependese tanto das axudas esporádicas das Administracións para a contratación do persoal necesario; debería tamén ser posible que os visitantes que o desexasen puidesen acceder durante todo o ano á zona ameada, dende onde se contemplan fermosas vistas da vila, a ría, o Eume, o Bremao ou do castelo de Andrade. Por outra banda, a apertura ao público durante o Nadal, a Semana Santa e os meses de verán de edificios como o castelo de Andrade, as capelas das Virtudes e San Miguel de Bremao ou os mosteiros de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, seguindo o modelo do proxecto *Compostela Aberta*, que tanto éxito tivo, sería tamén moi interesante.

Así e todo, moitos dos edificios situados en rúas como a Real –pola que pasa o Camiño Inglés– ou veciñas –como as dos Ferreiros ou San Agustín–, na avenida de Raxoi ou na praza do Pan precisan un urxente plan de rehabilitación e dinamización semellante ao que se levou a cabo dende o Ano Santo de 1993 en Santiago de Compostela e noutras vilas e cidades que, como Pontedeume, acollen a ruta xacobeá.

Outro dos problemas máis importantes co que se enfronta a vila para competir no sector turístico é a necesidade dun aparcadoiro que permitise acoller con comodidade os seus visitantes e deixar libres de coches a praza de San Roque e mais a Alameda de Raxoi e recuperalas así para o lecer.

Iniciativas felices como o a Baixada do Eume en piragua organizada polo Firrete –que xa vai pola corenta e sete edición e que mesmo aparece como exemplo na definición de piragua que dá o *Dicionario da Real Academia Galega*–, o Feirón Medieval, o Festival folclórico internacional de Orballo, o Festival de habaneras, os Concertos dos xoves do verán na rúa Real, o Concurso de pinchos ou Pontedeume Fashion Night, unidas ás xa tradicionais Festas do Nadal, o Antroido, a Semana Santa, os Maios, San Cristovo, a Virxe do Carme e sobre todo as Festas das Peras poden axudar tamén a presentar unha oferta máis atractiva para os eumeses, as xentes da bisbara, turistas e peregrinos, e axudar así ao sempre castigado comercio local.

BIBLIOGRAFÍA

- ANÓNIMO: *Relacion de lo mas esencial, y cierto, que en esta católica corte se ha sabido del viage de nvestra avgvsta Reyna, y señora Doña Maria-Ana Palatina del Rhin, Baviera, y Nevbvrq, desde las solemnes entregas de su Magestad hasta su llegada a la Coruña...*, vinte e cinco de abril de 1690, conservada na Biblioteca da Ajuda de Lisboa e na Biblioteca do Palacio Real de Madrid, 6 p.
- BARREIRO MALLÓN, B.: “Hospitais da cidade de Santiago”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de Peregrinación*, Santiago de Compostela, 2004, p. 87-105.
- BREIXO RODRÍGUEZ, C., MACEDO CORDAL, C., LÓPEZ CALVO, A. e SÁEZ TABOADA, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004.
- BUTLER-BOWDON, W. (ed.): *The book of Margery Kempe, 1436*, Londres, 1936.
- CARRO OTERO, J.: *La escritura de Concordia entre Don Diego Peláez, Obispo de Santiago, y San Fagildo, Abad del Monasterio de Antealtares*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fascículo XII, Madrid, 1949, p. 111-122.
- CASAS FERREÑO, M. B.: *A viaxe da raíña Mariana de Neoburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos*, “Cátedra”, 9, Pontedeume, 2001, p. 305-336.

- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, Pontedeume, 1997. *A póboa de Pontedeume a través dos privilexios reais e da documentación monástica*, “Cátedra”, 4, Pontedeume, 1997, p. 5-24. *Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como “O Bo”*, “Cátedra”, 12, Pontedeume, 2005, p. 261-285. *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, 2007.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, M. T.: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e GARCÍA, A.: *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Espino Albar, Pontedeume, 2012.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.
- CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *El viaje del príncipe Cosimo dei Medici por España y Portugal*, Santiago de Compostela, 2004.
- CORREA ARIAS, J. F.: *A Ponte do Ume*, “Cátedra”, 2, Pontedeume, 1995, p. 15-56. *Fernán Pérez de Andrade o Bóo*, A Coruña, 2004.
- CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A Ponte do Ume II*, “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p. 7-44.
- COSTAS, L. e MACEDO, C.: *A ermida de San Roque de Pontedeume e a súa Confraría a través do Libro de Cabidos: As festas do santo*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 287-326.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, cuarta edición, Pontedeume, 1995.
- DAVID, C. W. (ed.): *De expugnatione Lixbonensi. The conquests of Lisbon*, Nova York, 2001.
- DAVEY, F. (trad.): *The Itineraries of Willian Wey*, Oxford, 2010.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C.: *De Santiago y de los Caminos de Santiago*, Santiago de Compostela, 1997.
- FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.
- FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.
- FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 31-39.
- FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Xerais, Vigo, 2003. *Os ollos da ponte*, Xerais, Vigo, 2004. *As pontes no ceo*, Xerais, Vigo, 2007.
- FONTE SARDIÑA, J. M.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44. “La literatura odepórica o de viajes en el Camino Portugués”, en *III Edición Becas de Investigación Caminos*

- Jacobeos. Año 2009*, Santiago de Compostela, 2011, p. 145-188. *As lendas do Eume*, “Cátedra”, 19, Pontedeume, 2012, p. 417-498.
- GALANTE GÓMEZ, F. J. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Stella Peregrinantium. La Virgen de Prima y su tiempo*, Santiago de Compostela, 2004.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Sentimientos de Camino*, Santiago de Compostela, 2003.
- GARCÍA MERCADAL, J. (trad.): *Viajes por España y Portugal*, t. I-V, Salamanca, 1999.
- GARCÍA ORO, J. e PORTELA SILVA, M. J.: *Pontedeume y sus señores en el Renacimiento*, A Coruña, 2003.
- GREIFF, B. (ed.): *Tagebuch des Lucas Rem aus den Jahren 1494-1541*, Augsburg, 1861.
- GUARDIA, P. (trad.): *G. Chaucer. Cuentos de Canterbury*, Cátedra, Madrid, 1991. *William Langland. Pedro el labriego*, Gredos, Madrid, 1997.
- HERBERS, K. e PLÖTZ, R.: *Caminaron a Santiago. Relatos de peregrinaciones al “fin del mundo”*, Santiago de Compostela, 1999.
- IGLESIA, A. DE LA: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, t. II, A Coruña, 1886.
- LAING, S. (ed.): *Heimskringla or The Chronicle of the Kings of Norway, by Snorri Sturlson (c. 1179-1241)*, Londres, 2008 (primeira edición 1844), p. 566-602.
- LENCE-SANTAR GUITIÁN, E.: *Nuestra Señora la Grande o la Inglesa en la catedral de Mondoñedo*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, 18, Santiago de Compostela, 1951, p. 65-82.
- LÓPEZ ALSINA, F.: “Años Santos Romanos y Años Santos Compostelanos”, en CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.): *Santiago, Roma, Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1999, p. 213-242.
- LÓPEZ CALVO, A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, “Cátedra”, 6, Pontedeume, 1999, p. 163-186. *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 729-771.
- LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, t. III, Santiago de Compostela, 1900. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. X, Santiago de Compostela, 1908.
- MARTÍNEZ RUÍZ, E. e PAZZIS PI CORRALES, M. DE (ed.): *El mundo escandinavo. Santa Brígida y el Camino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2002.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña, 1997.
- MURGUÍA, M.: *Galicia*, t. II, Santiago de Compostela, 1985.
- MUROS, D. DE: “La Reina doña Mariana de Neoburg visitó al Apóstol hace 250 años”, en *El Correo Gallego*, de vinte e seis de abril de 1940, p. 3.

- NEIRA CRUZ, X. A. e GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis*, Santiago de Compostela, 2004.
- NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999.
- OLIVEIRA, J. A. DE (trad.): *Conquista de Lisboa aos Mouros (1147), narrada pelo cruzado Osberno, testemunha presencial*, Lisboa, 1935.
- OTERO PEDRAYO, R.: *Pelerinaxes*, Sada, 1993. *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004.
- PARRILLA, J. A. (ed.): *Descripción del Reino de Galicia por el licenciado Molina*, Santiago de Compostela, 1998.
- PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Cancioneiro Popular Eumés (Festas anuais)*, Pontedeume, 1994.
- PENSADO TOMÉ, J. L. (ed.): *Fr. Martín Sarmiento. Viaxe a Galicia (1745)*, Toxosoutos, Noia (A Coruña), 2001.
- PEREDA, F. e MARÍAS, F.: *El Atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos", de Pedro Texeira (1634)*, Hondarribia, 2002.
- PLACER LÓPEZ, G.: *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, 1977.
- PRESAS BARROSA, C.: *Las ofrendas nacionales a Santiago Apóstol, patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002.
- RISCO, V.: *Historia de Galicia*, Vigo, 1976. *Etnografía*, t. III, Galaxia, Vigo, 1994.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, t. II, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. e REY CAÍÑA, J. A.: *El Tumbo del Monasterio de Villanueva de Lorenzana*, "Estudios Mindonienses", 8, Ferrol, 1992, p. 11-324.
- SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006.
- SINGUL LORENZO, F. e SUÁREZ OTERO, J. (dir.): *Até o confín do mundo. Diálogos entre Santiago e o mar*, Vigo, 2004.
- STAUB, B.: "Hauptmann Heinrich Schönbrunner von Zug und sein tagebuch (1500-1537)", *Der Geschichtsfreund*, 18, 1862, p. 205-225.
- TORRES RODRÍGUEZ, C.: *La Galicia romana*, A Coruña, 1982.
- VÁZQUEZ GALLEGO, J.: *Los Hospitales del Camino Francés en Galicia*, Sada, 2001.
- VÁZQUEZ REY, A.: *Heráldica de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1996.
- VV. AA.: *Homenaje al polígrafo eumés don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento / 1888-1988*, A Coruña, 1990.
- WAITZ, G. (ed.): *Adami. Gesta Hammaburgensis ecclesiae pontificum*, Hannover, 1876.
- YZQUIERDO PEIRÓ, R.: *Domus Iacobi. A historia da Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2011.

A GRAN COALICIÓN FIDALGA

Nobreza endogámica no Senado e no Congreso

Xavier Brisset Martín

Designados pola rexenta en 1834, varios representantes da nobreza galega participaron no Estamento de Próceres do Reino que, pouco despois, se denominou Senado.

Neste artigo fixarémonos nunha das primeiras familias políticas do sistema constitucional. Aquela que constituíron, vía matrimonial, os marqueses de Aranda, San Martiño de Ombreiro e Santa Cruz de Ribadulla e os condes de Priegue, Maceda e San Xoán. Todos eles con algún tipo de interese nos pazos da provincia da Coruña. Gran coalición fidalga que, ao redor de 4 próceres, sumou máis de 40 representantes na alta política¹.

Morto Fernando VII aos 49 anos, a súa viúva M^a Cristina de Borbón que contaba 27, decide rexentar o reino en nome da súa filla Sabela II, infanta de tres anos. Acosada polo seu cuñado Carlos de Borbón - catro anos menor que o defunto - que pretendía sustituíla no trono, encabezaron, nai e tío, os dous bandos que se enfrontaron na primeira das tres Guerras Carlistas (1833-1839).

Ao redor de Carlos (V) e o seu ideario absolutista, xuntáronse as forzas que, décadas atrás, tan ben serviran ao seu irmán, conseguindo abolir os avances constitucionais de Cádiz, retomándolles os privilexios ás vellas institucións do Antigo Réxime ao tempo que perseguían, encadeaban e executaban os líderes liberais.

Pola banda dos isabelinos, os políticos perseguidos polos 100.000 fillos de San Luis, exiliados ou agochados en sociedades secretas que, tras ser amnistiados, pretenden

1. Os datos pertinentes para realizar estas árbores xenealóxicas foron recollidos da seguinte bibliografía: MARTÍNEZ BARBEITO, Carlos. 1978. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. A Coruña. Deputación provincial. BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R., Coord. Tomos I e II. 2003. *Parlamentarios de Galicia. Biografía de deputados e senadores (1810-2003)*. Santiago de Compostela. Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.

Co auxilio das seguintes páxinas web: www.diputaciondelagrandeza.es www.fundacionmedinaceli.org www.censoarchivos.mcu.es www.geneall.net www.geneanet.org www.wikipedia.org www.congreso.es www.senado.es, e moi especialmente www.xenealoxia.org e www.xenealoxiasdoortegal.net

consolidar un réxime constitucional que obrigara á monarquía a compartir o poder coas novas clases emerxentes.

En ambos os bandos, arriba, abaixo, a dereita e a esquerda, nun indescifrable boureo de sables, militares de toda graduación e condición. Dende o íntegro, que equivocado ou non, se xogaba todo por un ideal até o aspirante a dictador.

De acordo cos liberais, M^a Cristina asina a convocatoria ás Cortes Xerais do Reino por medio do Estatuto real de 10 de abril de 1834, decidindo que estas estarán formadas polo Estamento de Próceres do Reino e o Estamento de Procuradores do Reino, que poucos anos despois, na Constitución de 1837, se denominaron Senado e Congreso.

Para ser un dos 111 próceres era preciso estar nos chanzos superiores da xerarquía católica (doce), posuír título nobiliario de Castela ou “Grandeza de España” (sesenta e oito), ser gran terratenente ou burgués especialmente rico, ademais de méritos persoais, entre os que sen dúbida se esixía a militancia anticarlista.

O corte de riqueza para os próceres se marcábase na renda anual de 60.000 reais que se reducía á 1/5 parte para os aspirantes a ser procuradores.

Como ambos estamentos tiñan as mesmas competencias lexislativas, a Cámara de Próceres do Reino semella garantir o dereito de expresión e decisión da alta aristocracia, dos magnates económicos e da xerarquía eclesiástica non carlista.

Pero segundo rastrexamos as árbores xenealóxicas dos lexisladores da Cámara Alta, vemos como neses duros tempos de guerras civís, pronunciamentos e revoltas, entre constitución e constitución, hai tempo e ocasión de acordar favorables enlaces matrimoniais. Os descendentes dos próceres cruzan os apelidos (e as súas riquezas) de forma case sistemática. Esta práctica non era ningunha novidade pois era unha das razóns de existencia da corte palaciana dos absolutistas. Pero trasladada o novo Estamento, e inmediatamente ao Senado, permitiu a perpetuación no poder da aristocracia acaudalada que así se adaptaba, e se aproveitaba, das novas circunstancias políticas.

O seguinte paso se darase coa Constitución de 1845 que crea a figura de senador vitalicio por designación real. De carácter hereditario, dará lugar ao senador por dereito propio, que evitaba o encordio da reelección, podendo considerarse como o máximo título concedido pola monarquía constitucional e o liberalismo burgués, para adorno dos brasóns nobiliarios. Así, o Senado converteuse nun inaccesible castelo roquedo na defensa dos intereses de clase e no paradigma do nepotismo, para escándalo dos rexenera-

cionistas que, a principios do s. XX, denunciaban que o sistema constitucional, nacido para outros fins, derivara nun absolutismo oligárquico².

Así podemos acoutar entre 1834 e 1845 o período de asentamento da alta aristocracia no novo marco político. Tras superar desconfianzas e filias carlistas, a nobreza fixo do Senado o seu nicho elitista.

Non todos os nobres e fidalgos galegos ou descendentes de galegos, que participaron activamente nas cámaras lexislativas naqueles anos iniciáticos, tiveron un comportamento homoxéneo. Houbo próceres como os betanceiros **Jacobo María Parga y Puga** e **Nicolás Roldán Rioboo**, que unha vez retirados da actividade pública, as súas familias non volveron a ocupar esas prazas.

Outros fidalgos-senadores seguiron ese exemplo de discreción, como **Joaquín Tenreiro Montenegro** do pazo de Bañobre, I conde de Vigo, secretario do Senado nalgunhas lexislaturas; **Antonio Quiroga Hermida**, xeneral e compañeiro de Riego, nacido no pazo de S. Tirso de Mabegondo; e **José María Moscoso de Altamira**, I conde de Fontao, señor de Santa Marta de Babío e presidente do Senado en 1837-40 e 1844-45. Os tres, protagonistas destacados da alta política, tampouco deixaron familia estable nas institucións lexislativas.

Outros fidalgos – sen ser exhaustivos - como os señores dos pazos de Almeiras (Culleredo), Santa Cruz de Mondoi (S. Pedro de Oza), Ramil (Carballo), As Pallas (Carballo), Sobrecarreira (Cambre) e Cereo Vello (Coristanco) e os Quiroga de Meirás (Sada), limitáronse a curtas incursións no Congreso; e os Caamaño, Suárez de Deza e os marqueses de Leis no Senado.

Pero a práctica máis frecuente foi realizar enlaces favorables con outras familias nobres, acumulando riquezas e influencias que permitiran a constante presenza entre os núcleos do poder.

Os marqueses de San Sadurniño, de Bendaña, da Serra, de Camarasa, o duque de Gor e o conde de Altamira, son exemplos da política de vicaría que permitiu a esas familias, de orixes e intereses fidalgos, perpetuarse no Senado. Todos eles protagonizaron repetidos e soados enlaces coa nobreza non galega, o que lles abriu o firmamento nobiliario da corte. En total os enlaces das 5 primeiras familias citadas neste parágrafo implicaron a 18 próceres e 60 senadores, mentres que na última delas, os condes de Altamira,

2. COSTA, Joaquín, 1902. *Oligarquía y caciquismo*, Ateneo de Madrid. Consultada pax. 98, edición 1975. Madrid. Ediciones de la revista de trabajo.

interactuaron nada menos que 7 próceres e 22 senadores. En termos actuais, todo un grupo parlamentario³.

Pero outro colectivo de nobres galegos seguiu criterios diferentes para chegaren aos mesmos obxectivos. Tamén participaron nesas primeiras promocións de políticos constitucionalistas e utilizaron a vía matrimonial, pero preferiron ser autóctonos, enlazando entre familias galegas de similar poderío.

Os marqueses de Aranda, San Martiño de Ombreiro e Santa Cruz de Ribadulla e os condes de Priegue, Maceda e San Xoán, uniron os seus descendentes de maneira que, partindo de 5 próceres, chegaron a contar con 21 senadores e 17 congresistas; garantíndolles unha importante e constante presenza nas cámaras lexislativas.

Eles, que son os protagonistas deste artigo, integraron o que podemos denominar a **Gran Coalición Fidalga**.

Como contrapunto, e atendendo ás orixes eumeses do condado de Andrade, vemos unha familia que se destacou por procurar enlaces cada vez máis afastados, até que a cámara dos próceres uniu para sempre dúas das máis grandes fortunas do Reino.

O XVII CONDE DE ANDRADE

Agora non se lle reconece maior relevancia a que a duquesa de Alba tamén ten os seus intereses mariñáns, pero seu bisavó, **Jacobo Fitz-James Stuart y Ventimiglia**, XVII conde de Andrade, si debía concederlle certo valor pois con 25 anos recén cumpridos – idade mínima requirida –, cando desexaba ser deputado a cortes e podía escoller practicamente o distrito electoral que quixera, optou presentarse polo de Pontedeume, onde tiña e teñen o castelo de Naraío e o de Andrade, ademais do pazo na vila que o seu neto vendeu no 1905 e foi derrubado nos 30. Polo tanto saíu elixido no 1846 e 1850, como representante eumés. Entres estas dúas eleccións casou con M^a Francisca Palafox Portocarrero, unindo, para o fillo de ambos, o ducado de Alba e o condado de Montijo. O matrimonio puido ser concertado 14 anos antes cando, os entón xefes de ambas casas, pais dos noivos, compartían a dignidade de próceres do Reino.

Cinco anos despois da voda, a súa cuñada, María Eugenia, casou con Carlos Luis Napoleón Bonaparte, emperador dos franceses e coñecido por Napoleón III.

3. Estes casos son presentados en: BRISSET MARTÍN, Xavier. 2012. “Do pazo ao Senado” *Sangue fidalga na oligarquía hispana*. “Anuario Brigantino” nº 35.

A experiencia na corte parisina non durou moito na familia, pois falecido o marido (1873) e seis anos despois - xa na III República - o único fillo que tivo, María Eugenia de Montijo refuxiouse en Biarritz. Morreu no pazo de Liria en Madrid no 1920. O seu corpo foi trasladado a París.


Volvendo ao duque de Alba, ilustre representante eumés, nas tres seguintes eleccións presentouse por Madrid até que en 1858 decidiu ocupar o seu escano no Senado por dereito propio. Traxectoria semellante seguiron seu fillo Carlos María e o seu neto Santiago. Ambos experimentaron ser deputados e senadores. O último, pai da mediática e incombustible Cayetana de Alba, foi político de gran constancia, pois agás no período republicano, estivo sempre presente nalgunha das institucións lexislativas: Congreso, Senado, Asemblea Nacional de Primo de Rivera e mesmo nas Cortes franquistas convocadas no 1943. Foi ministro no último goberno da monarquía.

A GRAN COALICIÓN FIDALGA

Se nos tempos medievais foron os Osorio e os Moscoso quen encabezaron a fronte de nobres que, unindo as súas mesnadas, pararon os pés á poderosa Mitra compostelá, no XIX serán o conde de Maceda e o marqués de Aranda os personaxes centrais dunha coalición máis pacífica, a que vía matrimonial enlazou as familias de 6 patrucios galegos, catro deles próceres do Reino. Na órbita desta irmandade de fidalgos, que se ampliou con enlaces coas novas familias de políticos profesionais, luciron unha vintena de senadores e outros tantos deputados no Congreso.

Torre de Figueroa (Abegondo) en 1975. Foto Alberto Martí Villardefrancos





Os marqueses de Santa Cruz de Ribadulla e o San Martiño de Ombreiro e os condes de Priegue e San Xoán, completan esta elitista listaxe de representantes galegos que un día puido ser un importante grupo de presión nas institucións lexislativas e no Goberno.

Francisco Javier Losada Pardo, tenente xeneral, naceu no pazo de Fefiñans en 1777, herdando da súa nai o condado de Maceda, o marquesado de Figueroa e da Atalaia e o vizcondado de Fefiñans. Casou en 1814 con Joaquina Miranda Sebastiani, nacida na Coruña, condesa de San Román e marquesa de Santa María do Villar. Foi prócer do reino e senador vitalicio. Da súa tía Rosa Losada Prado falaremos despois, agora centrémonos en tres fillos. Pilar Losada Miranda enlaza con Antonio, fillo de **Juan Nepomuceno Ozores de la Espada**, conde de Priegue e prócer do reino, nacido en Santiago. Por parte da súa nai, Antonio é señor do pazo de Anceis en Cambre. Un fillo de Pilar e Antonio, Javier Ozores Losada, foi deputado no congreso en catro lexislaturas. Ramona, outra filla de Francisco Javier, marquesa de Figueroa, casou con Juan Armada Valdés, durante seis lexislaturas deputado por Santiago no Congreso, que era fillo do marqués de Santa Cruz de Ribadulla, **Juan Antonio Armada Guerra**, nacido en Maracaibo, prócer do Reino e senador vitalicio. Filla de Juan e Ramona foi Joaquina, casada co senador, en representación da Universidade de Santiago, José Casares Gil a quen sucedeu no cargo o seu sobriño, Miguel Gil Casares. Entrambos os dous ocuparon o escano na Cámara Alta en 7 lexislaturas. Preséntanse como un dos exemplos da endogamia universitaria. O fillo de Juan e Ramona, que herdou o título de marqués de Figueroa, foi Juan Armada Losada, deputado no Congreso durante 16 lexislaturas, primeiro enfeudado en Pontedeume durante 19 anos e despois outros 13 pola circunscrición electoral da Coruña capital. Outro cuñado, Ramón Gutierrez de la Peña, tamén foi senador.

Falta por citar o terceiro dos fillos de Francisco Javier que tivo altos cargos políticos. Baltasar Losada Miranda, Conde de Maceda e San Román, foi deputado no Congreso en dúas lexislaturas e despois senador vitalicio. O fillo de Baltasar tamén foi senador vitalicio e realizou un enlace clave nesta gran coalición da nobreza fidalga. Deixámolo para despois. De momento levamos citados 3 próceres, 5 senadores e 5 deputados.

Agora volvamos co marqués de Santa Cruz nacido en Venezuela, Juan Antonio Armada Guerra, de quen xa contabilizamos un descendente. Falemos agora doutros fillos. Felisa casou co barón de Covadonga, senador. Pedro foi deputado por Oviedo e Álvaro, o primoxénito e polo tanto seguinte marqués de Santa Cruz de Ribadulla, foi deputado por Santiago durante 10 anos e despois senador vitalicio. Entre os seus fillos contabilizamos a Álvaro Armada Fernández de Córdoba, deputado e senador, a quen sucedeu un fillo, tamén chamado Álvaro, conde de Revillagigedo, senador. O primeiro Álvaro tamén tivo unha filla, Sabela, casada co marqués de Canillejas, senador vitalicio. Total parcial: 5 senadores e 3 deputados. (Sen contar os Fernández de Córdoba asturianos)

A continuación presentamos o marques de Aranda e a súa participación nesta constelación heráldica. Chamábase **José Ramón Ozores Romero**, nacido en Vilagarcía e señor de Rubiáns, mariscal de campo. Non foi prócer pero en 1838 foi senador e en 1843 senador vitalicio, polo tanto con todos os merecementos para que o consideremos como un dos patrucios fundadores da coalición. Casou dúas veces, en ambos casos con consecuencias na nosa relación. Principiemos pola prole da segunda muller, María Valderrama. Un fillo, Joaquín, mariscal de campo foi deputado no Parlamento. Outro, Juan, foi senador vitalicio; e o terceiro, Eduardo, xeneral de brigada, casou con Ramona de Prado Ozores, III marquesa de San Martiño de Ombreiro, e polo tanto filla de **José María de Prado Neira**, nacido en Lugo e o último prócer galego que nos fallaba por relacionar. Este José María, pai da noiva, ademais de consogro, era cuñado de José Ramón, pai do noivo, pois estaba casado coa súa irmá Ramona. Por tanto o matrimonio entre os fillos respectivos era entre curmáns, o que reforzaba inda máis a unión de tan importantes casas. Tiveron como vástagos a Felisa, que casou con Juan Fernández Latorre, militar e xornalista, fundador de *La Voz de Galicia* que foi deputado enfeudado en Ortigueira durante vinte anos e, finalmente, pouco antes de morrer, pola cidade da Coruña. Outro fillo de apelido Ozores de Prado foi José María, que ao longo de seis lexislaturas foi deputado ou senador, sempre representando á capital da provincia. De momento levamos citados 1 prócer, 3 senadores e 3 deputados.

Vaiamos agora cos fillos de Josefa Mosquera Novales, primeira muller de José Ramón Ozores Romero que era a que achegaba o marquesado de Aranda. O seu fillo Jacobo, que foi deputado e senador vitalicio, casou con Corina Saavedra y Cueto -filla de Angel Saavedra Ramirez de Boquedano, duque de Rivas, prócer-, irmá de Enrique, senador vitalicio e de Teobaldo, tamén senador vitalicio, e polo tanto sogro e cuñados de Jacobo. Unha filla deste matrimonio que unía un santiagués cunha toledana, foi María de la Aurora, que casou co marqués de Monsolís, deputado no congreso. Outra, Lucía Ozores Saavedra fixo un enlace, clave nesta investigación, con Baltasar Losada Torres, conde de Maceda e senador vitalicio, xa contabilizado no parágrafo adicado aos descendentes de Francisco Javier Losada Pardo. Sumemos 1 prócer, 3 senadores e 2 deputados.

Con este último matrimonio quedaban emparentados directamente as cinco casas fidalgas que constituíron tan sólido vínculo entre elas, posto que, por unha banda, Lucía era neta do marqués de Aranda e sobriña neta do marqués de San Martiño de Ombreiro, e pola outra, Baltasar era neto do conde de Maceda e sobriño neto do marqués de Santa Cruz de Ribadulla e do conde de Priegue. Quedaba o círculo perfectamente pechado.

Agora chega o momento de seguir un cabo que quedou solto. Arriba díxose que Francisco Javier Losada Pardo, un dos nosos próceres, tivo unha tía, Rosa Losada Prado. Esta casou con Vicente Felix Calderón Valdés, II conde de San Xoán e rexedor de

Santiago, fillo dun opulento emigrante a México. Pois ben, o neto, Vicente Calderón Oreiro, nacido en Santiago, IV conde de San Xoán, senador, casou con Carmen Ozores Mosquera, unha filla do marqués de Aranda que faltaba por citar. Os enlaces dos fillos de ambos os dous demostran o desexo de emparentar cos novos políticos profesionais e coas novas fortunas. Benito, o primoxénito, que foi deputado no congreso, casou con Eugenia Montero Villegas, nada menos que filla de Eugenio Montero Ríos, un dos máis poderosos e influentes políticos da II Restauración Borbónica. O fillo de ambos foi Vicente Calderón Montero Ríos, V conde de San Xoán e deputado. Tras enviuvuar, Eugenia casa con Eduardo Martínez Campos, deputado e senador. Outra Calderón Ozores, María del Carmen, casou con José Riestra López, I marqués de Riestra, banqueiro de Pontevedra, senador vitalicio. O terceiro Calderón Ozores, Joaquín, deputado e senador, casando con Dolores Bárcena de Andrés, foi xenro do I conde de Torrecedeira, senador e opulento vigués. Estes últimos enlaces achegan 5 senadores e 4 deputados (sen contabilizar a numerosa familia monterista).

Total para a grande coalición fidalga: 5 próceres, 21 senadores e 17 deputados.

Que esta cualificada minoría parlamentaria foi rendible para quen a integraban non ten a menor dúbida, atendendo a que foi unha lenta e teimosa obra de varias xeracións e que, durante décadas, permitiulles estar moi preto do poder.

Contextualizando esa época de escasa mobilidade social, coméntame un descendente desa nobreza decimonónica, que tivo a amabilidade de ler o borrador deste artigo, que debido aos círculos sociais moi restrinxidos, a endogamia era práctica xeneralizada en numerosos oficios e profesións, así como, segundo a súa experiencia familiar, moitos senadores non vivían do cargo político polo que algo habería de vocación de servizo.


PATERNALISMO INDUSTRIAL E VIVENDA NA ESPAÑA FRANQUISTA. O POBOADO INDUSTRIAL DAS VEIGAS NAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Manuel Souto López

1. INTRODUCCIÓN

A realización dun estudo sobre o paternalismo industrial exercido pola Empresa Nacional Calvo Sotelo é necesario e oportuno tendo en conta que representa unha das maiores empresas do desaparecido Instituto Nacional de Industria, organismo pertencente ao Estado que foi un dos maiores impulsores do paternalismo exercido polo Novo Estado Franquista. Esta empresa, por outra parte, tivo unha importancia crucial no desenvolvemento económico, social, demográfico, urbanístico, etc. da vila das Pontes de García Rodríguez dende o ano 1945 até a absorción dos seus activos pola tamén empresa pública Empresa Nacional de Electricidade, S. A. no ano 1973.

Plano vivenda enxeñeiros, anos 50



O Estado e o INI foron os grandes valedores desta empresa que explotou o xacemento de lignito na conca das Pontes e puxo en funcionamento unha central termoeléctrica e unha fábrica de fertilizantes. As consecuencias da instalación destas industrias no concello das Pontes de García Rodríguez son profundas e variadas. Neste traballo ocupámonos das urbanísticas e sociais que son o resultado das prácticas paternalistas exercidas pola empresa no municipio.

Os estudos realizados sobre o paternalismo industrial e das súas prácticas paternalistas de xestión da man de obra mineira e industrial foron prolíficos na súa atención ao século XIX e até a I Guerra Mundial. En España con posterioridade ao ano 36 e coa instauración do Novo Estado florecen experiencias de empresas, moitas delas de capital público, que exerceron este tipo de prácticas e foron estudadas por autores como Alonso del Val e Andrés Álvarez, 1997; Peña Rambla, 1998; e as obras de síntese de Sierra Álvarez, 1990; García, 1996; ou Babiano Mora, 1998.

Nesta época adquire o paternalismo os seus trazos máis claros: illamento e extra-territorialidade da comunidade obreira, construción dun microcosmos dominado polas relacións sociais centrípetas e por unha acusada permeabilidade entre traballo e vida, e deseño dun espazo físico e social pautado, marcado por unha estricta segregación interna¹.

As características, sinaladas por autores como Sierra Álvarez, destas prácticas paternalistas son a desmobilización obreira pola vía represiva, o incremento do control do traballo por vía cuasimilitar, do proceso industrializador que xerou vagas migratorias que provocaron problemas de vivenda e do carácter graciable e non universal do benestar.

Outra das características de todo paternalismo nun Estado autoritario é o trato da sociedade como menor de idade, ao que non se lle reconece o dereito a exercer a liberdade, xa que as malas influencias –perigo exterior, extremismos, etc– forzan ao ditador, segundo o seu propio criterio, a protexer a esa sociedade e a liberala dos perigos da libre elección como pode ser a democracia.

O obxectivo da práctica paternalista é obter unha man de obra controlada, satisfeita e tranquila, e no presente caso constitúe un triunfo patronal.

No aspecto da vivenda, estas prácticas tiveron como resultado na España da época a construción dun gran número de poboados industriais. Un deles é o poboado aquí ana-

1. Características sinaladas por SIERRA ÁLVAREZ, J. no prólogo da obra, BOGAERTS, J. *El mundo social de Ensidesa*. Avilés, Azucel, 2000, p. 14.

lizado que constitúe dende o punto de vista formal un dos mellores exemplos de cidade xardín españolas² e dende o punto de vista social un exemplo de paternalismo industrial.

Para unha mellor comprensión da creación do poboado e das súas instalacións debemos realizar unha pequena aproximación á empresa que o construíu e á súa actividade industrial en España e nas Pontes de García Rodríguez.

2. A ACTUACIÓN INDUSTRIAL DA EMPRESA NACIONAL CALVO SOTELO EN ESPAÑA E NAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

A empresa Nacional Calvo Sotelo (ENCASO), creada en escritura pública o 24 de novembro de 1942, constitúe o mellor exponente da política autárquica que emprenderá o Instituto Nacional de Industrial (INI), dende a súa creación no ano 1941. O INI xurdirá coa finalidade de crear novas empresas industriais e concibiuse como un método de promover o desenvolvemento da nación, dentro dunha visión autárquica da economía.

Neste marco económico encomendáraselle a ENCASO a misión de destilar as lousas bituminosas da conca de Puertollano, ao que se lle sumaría posteriormente a tarefa de construír unha refinaría de petróleos na zona de Levante e, máis tarde, a elaboración dun Plan Nacional para o aproveitamento máis racional e económico das lousas e lignitos españois con vistas á produción de carburantes, lubricantes e industrias conexas; e procurar, deste xeito, a substitución de importacións petrolíferas, a partir da destilación de lignitos e lousas. ENCASO, que centrou as súas actividades tanto no tratamento de ambos os minerais, como o refinado de crus, aspiraba a non depender do exterior en materia de subministros e tecnoloxía.

O Plan nacional para a fabricación de combustibles líquidos e lubricantes e industrias conexas, referendado e aprobado polas Cortes como Lei do 26 de maio de 1944, encomendou ao I.N.I a súa execución e desenvolvemento.

As instalacións previstas no citado plan quedaron situadas en catro grandes grupos ou complexos industriais situados en Puertollano (Ciudad Real), Ebro (Zaragoza, Escatrón e conca de Teruel), As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) e Levante (Cartaxena); e comprendían centrais termoelectricas, instalacións semi-industriais e industriais de fabricación de combustibles líquidos e lubricantes a partir de lousas, ligni-

2. SOUTO LÓPEZ, M., *O poboado da Empresa Nacional Calvo Sotelo. Un exemplo de cidade xardín na España franquista*, en "Hume. Revista de Estudos Históricos Locais", Nº 5, 2012, pp. 91-175, 2012 e NÚÑEZ ORJALES, M. e SOUTO LÓPEZ, M., *El poblado industrial das Veigas en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña): evolución histórica, problemática urbanística y jurídica*, en "De Re Metallica", 18, 2012, pp. 41-52.

tos e crus petrolíferos e fábricas de fertilizantes nitroxenados sintéticos, xunto ás instalacións mineiras, servizos auxiliares e sociais, poboados de vivendas, vías de acceso, etc.

A localización dun dos grandes complexos industriais de ENCASO nas Pontes de García Rodríguez estaba xustificada pola existencia dun xacemento de lignito pardo de características similares ao *braunkohle* (lignito) alemán. Coñecido dende o século XIX e estudado en diversas ocasións despois da I Guerra Mundial por sociedades nacionais e estranxeiras, sen que se chegara a decidir a súa explotación e aproveitamento, correspondeu a ENCASO a realización dun estudo a fondo do mesmo até determinar con exactitude a forma de explotación e de utilizalo industrialmente.

O Plan nacional para a fabricación de combustibles líquidos e lubricantes e industrias conexas previa, para o municipio das Pontes de García Rodríguez, a construción das seguintes instalacións industriais:

Nunha primeira fase, unha central termoeléctrica de até 25.000 quilovatios de potencia coas súas instalacións accesorias, fábrica piloto para a destilación de lignitos de baixa temperatura, instalacións mineiras para a produción de até 100.000 toneladas por ano, servizos auxiliares: elementos de transporte, abastecemento de auga, vivendas.

Nunha segunda fase, contemplaba unha fábrica para a obtención de combustibles líquidos e lubricantes para o tratamento dos lignitos da zona, complemento das instalacións mineiras até a cifra de 400.000 toneladas por ano e complemento dos servizos auxiliares da primeira fase.

Este plan foi revisado no ano 1952 en virtude do Decreto-lei de 17 de maio de 1952 e novamente modificado en 1958.

Como resultado da aprobación deste plan e das súas modificacións instalouse no municipio unha central térmica de 32.000 kw, unha fábrica de fertilizantes, a explotación da mina de lignito e a construción dun encoro e central hidroeléctrica na Ribeira.



Complexo Calvo Sotelo As Pontes, ano 1959



Mina da Calvo Sotelo, ano 1949



Central termica Calvo Sotelo

Para poñer en explotación estas instalacións a empresa recorreu á contratación de traballadores locais e foráneos que fixo incrementar considerablemente a poboación pontesa. Cara a estes empregados despregou a empresa unha serie de actuacións sociais sendo a máis importante a solución ao problema da vivenda coa creación dun poboado. Será esta acción social e a súa plasmación práctica a protagonista deste estudo.

3. A ACCIÓN SOCIAL DO INI E DE ENCASO

As actuacións sociais ou as prácticas paternalistas a grande escala dirixidas polo Estado teñen lugar nas década dos 50 e 60 do século XX e eran exercidas en consonancia coa política social do réxime na que tivo un papel central a política familiar.

Dende a creación do INI en 1941 xa existe unha Asesoría Social que se ocupa de materias como seguros, protección familiar, subsidios, etc. A partir do ano 1947, créase o Departamento Social e no ano 1954 créase oficialmente un Departamento de Asuntos Sociais dirixido por Alejandro Rodríguez de Valcárcel³.

Na maior parte das empresas do INI tamén levan a cabo actuacións sociais e realizan prácticas paternalistas promovidas dende a sede do organismo ao que pertencen. Dende o punto de vista da vivenda moitas delas realizan poboados para os seus traballadores. Temos os exemplos dos poboados construídos pola Empresa Nacional Calvo Sotelo nas Pontes de García Rodríguez, Puertollano, Escatrón, Andorra e Escombreras; da Empresa Nacional de Electricidade en Ponferrada; de ENHER, co poboado de Pont de

3. Persoa ligada ao Movemento Nacional e á Falanxe que desempeñou outros cargos como o de secretario nacional do Instituto Nacional de Vivenda, vicepresidente do Instituto Nacional de Previsión e vicepresidente do Consello Nacional do Movemento. (1965-1969).

Suert; de Ensidesa co poboado de Llaranes en Avilés, da Empresa Nacional; de Autocamiones, S.A. (ENASA) co poboado de Cidade Pegaso. Noutros casos outorgan axudas para a compra de vivendas.

Dispoñen tamén, moitas destas empresas públicas, de escolas infantís; economatos, para suministrar alimentos aos seus traballadores; instalacións deportivas, para a práctica deportiva dos empregados e os seus fillos; comedores; clínicas ou instalacións sanitarias a onde acudían tamén os familiares; instalacións ou actividades relixiosas, onde se realizaban exercicios espirituais; grupos de empresa, actividades culturais e festivas, etc.

As realizacións sociais correspóndense directamente coas ideas de Suanzes e coinciden coa súa impronta persoal no Instituto⁴. Responden seguramente á súa personalidade e ás súas ideas sobre a modernización do país, que se explicarían sobre a base dunha industrialización na que o Estado intervéñ directamente. Non proxectar o modelo económico, senón tamén o perfil social dos traballadores. Uns traballadores que deben exhibir o sorriso oficial porque están ben alimentados, viven en casas agradables e cómodas, os seus fillos asisten ás escolas e gozan de oportunidades, gozan de asistencia médica, son sans deportistas e sobre todos son bos cristiáns que rezan en magníficos templos e fan exercicios espirituais⁵.



Juan Antonio Suanzes no INI



Carta agradecemento de Suanzes ao alcalde, ano 1955

4. Alfonso Ballesteros na súa documentada biografía de Juan Antonio Suanzes cualifica ao presidente do INI como persoa de forte personalidade, traballador e de profundas conviccións relixiosas o que lle faría establecer como norma no INI a asistencia a exercicios espirituais.

5. BOGAERTS, J. *El mundo social de Ensidesa*, Avilés, Azucel, 2000, p. 158.

Una vez constituído o Departamento de Asuntos Sociais o 8 de xaneiro de 1954, o INI comunicállelo aos directores das súas empresas máis importantes para que creen o seu propio e así o fará a propia ENCASO.

Anteriormente xa a empresa puxo en práctica medidas de acción social para mellorar a calidade de vida dos traballadores e por outra parte para telos ocupados en gozar do certo benestar que a empresa lles daba, ou en mellorar o seu status nun sistema fortemente xerarquizado máis que en denunciar o sistema opresivo. Entre estas medidas está a construción dun poboado de vivendas nas Pontes de García Rodríguez e nas outras localidades onde se instala. Coa creación deste departamento en ENCASO continúa a construción de vivendas nas Pontes de García Rodríguez e noutras localidades, melloran os economatos ou constrúen novos edificios, novas residencias para persoal solteiro, igrexas ou capelas, etc.

A empresa, polo tanto, logrou seducir os seus traballadores sen pagar salarios moi altos, pero ofrecendo acceso a vivendas, a través do consumo barato que facilitaba o economato, da asistencia médica, dos colexios e as oportunidades de traballo para os fillos dos traballadores (produtores).

Nas Pontes de García Rodríguez existía un Departamento de Persoal e Asuntos Sociais composto polas seguintes persoas durante a maior parte dos anos 50 e 60: Ramón Tovar Ochoa de Alda como xefe administrativo, Antonio de Cárdenas Sans como xefe de 2ª, Antonio de Diego Aladrén como oficial de 1ª e José A. Rodríguez Sandomingo como oficial de 2ª.



Vista aérea poboado Puertollano

4. AS ACTUACIÓNS DE ENCASO EN MATERIA DE VIVENDA NAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ. O POBOADO DAS VEIGAS

4.1 Motivacións que determinaron a súa construción

ENCASO propónse dende o primeiro momento a construción de poboados para facilitar aloxamento aos seus traballadores, como así recollía tamén o plan aprobado polo goberno en 1944.

A necesidade de facilitar este aloxamento veu determinada por múltiples motivos, uns máis xenéricos que afectan á España da época e outros particulares de cada localidade onde se asenta a empresa. Un deles é a escaseza de vivendas e a deficiente situación da vivenda na España de posguerra que era tamén patente nas Pontes de García Rodríguez.

En canto ao déficit de vivendas en España e nas Pontes de García Rodríguez é patente a preocupación de organismos como a Fiscalía Superior de la Vivienda a cal envía oficios aos alcaldes e tamén ao alcalde das Pontes de García Rodríguez con data 17 de xullo de 1950 solicitándolle información ao respecto. O alcalde responde o seguinte⁷:

“En cumplimiento de lo que interesa en su escrito circular....y habida cuenta la construcción de la Centra (sic) Térmica de la Empresa Nacional “Calvo Sotelo” se ha producido un déficit de viviendas bastante ostensible aún cuando se terminen la construcción de los 28 edificios con un total de 54 viviendas que la citada Empresa “Calvo Sotelo” está edificando para sus empleados, así como los 47 de iniciativa particular, de los cuales 17 se hallan terminados... que no bastarán para engujar (sic) el citado déficit existente inherente a la prosperidad de esta Villa con las factorías de la mentada Empresa, considerando necesario el que suscribe la construcción por lo menos de unas cincuenta viviendas más, preferentemente de tipo económico”.

A mesma empresa reconece a necesidade dun poboado para o persoal,

“medida necesaria dada la falta de un núcleo importante de población en las proximidades y la necesidad social de dotar a áquel de viviendas adecuadas”⁸.

7. A. M. AS PONTES. Correspondencia da Alcaldía. Ano 1950. Oficio do alcalde dirixido ao Fiscal Provincial da Vivenda. 2 de agosto de 1950.

8. I.N.I.(1949), p. 3.

Na mesma publicación xustifica a creación dun poboado coas seguintes palabras:

"La realización de esta obra queda plenamente justificada ante la imposibilidad de disponer en Puentes de García Rodríguez de viviendas en número y en condiciones adecuadas para el alojamiento de dicho personal, que en la actualidad constituye ya una plantilla de alguna importancia".

No Poboado das Pontes de García Rodríguez temos constatado que o elevado incremento poboacional veu acompasado do consecuente crecemento do número de vivendas construídas. Isto fixo que o deseño orixinal do poboado (150 vivendas) fora modificado para edificar un número superior. Pero o incremento da poboación e do número de traballadores na empresa foi moi superior ao número de vivendas construídas co que coa construción do poboado non se atallou o problema do déficit de vivendas senón máis ben, coa ampliación das instalacións industriais, a empresa axudou a agravar o problema.

Existen outros elementos que contribúen a realizar este programa de vivendas e un deles é a intención social exemplarizante da empresa, cargada de compoñentes propagandísticos. Existía unha verdadeira vontade de constituír un referente en materia de atencións sociais e un novo modelo vital e de relacións laborais.

A construción de poboados responde tamén a unha tradición de construción de vivendas para traballadores da industria ou da minaría, iniciada no século XIX e estendida sobre todo nos países europeos como Gran Bretaña (tradición utópica de Owen e E. Howard), Francia ou Alemaña e, con algúns precedentes, en España.


En España a tradición era de carácter privado con exemplos de empresas vencelladas á minaría, siderurxia e téxtil, primeiro; e, máis adiante, de infraestruturas, como as de ferrocarrís, da construción e das centrais hidroeléctricas que realizaron promocións de vivendas para os seus traballadores⁹. No século XIX existiron grandes empresas no País Vasco e Cantabria ou as colonias téxtiles catalanas (exemplos como os de Can Saladrigas no barrio barcelonés do Poblenou en 1880, ou os de Jambrina na Sagrera), as vivendas construídas pola empresa RíoTinto Company Limited. No primeiro terzo do século XX a Lei de casas baratas favoreceu estas iniciativas. Exemplos temos nas cooperativas de casas baratas dos empregados de Tranvías de Barcelona, as experiencias da familia Castells en Les Corts, as da colonia da Unión Eléctrica Madrileña (1920-1927) a recente de Boetticher y Navarro en 1940.

9. I.N.I. (1949), p. 33.

10. TATJER, M. (2005), p. 7.

4.2 O proxecto e os arquitectos

O proxecto¹¹, do que se conservan planos xerais e orzamentos, inclúe aspectos como a capacidade, a localización, a parcelación, tipoloxía de edificios, situación de zonas verdes, etc. O desenvolvemento do proxecto do poboado e a súa evolución van seguir un camiño paralelo ao das instalacións industriais. A medida que vaian desenvolvéndose os proxectos industriais irá medrando o poboado. Así pasará das 150 vivendas previstas inicialmente até a cifra final de 230 vivendas, cifra que algunhas veces non era real xa que eran utilizadas vivendas para residencias de obreiros ou empregados e outros servizos como a primeira clínica.




Plano fachada vivenda 2ª categoría-solución A

O arquitecto foi Javier García Lomas y Mata participando en maior ou menor medida tamén José Blasco Robles, que era asesor do Consello de Administración de ENCASO.

Javier García Lomas y Mata¹² (Madrid, 1916-Madrid, 2005) era un arquitecto orixinario dunha familia de Ribadesella (Asturias). O seu pai era Miguel García Lomas Somoano, que foi un arquitecto de ampla e boa obra en Madrid e Asturias e foi conservador do Santuario e Real Sitio de Covadonga, cargo que desempeñou o seu fillo anos despois. Tivo varios fillos: Miguel Ángel que foi profesor da Escola de Arquitectura de Madrid e director xeral de arquitectura, e o propio Javier, o cal estudou arquitectura en Madrid graduándose no ano 1942 e traballando no I.N.I. e na ENCASO dende entón.

11. Para ampliar o estudo do proxecto e dos aspectos urbanísticos e formais do poboado pode consultarse a MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. *As Pontes de García Rodríguez. Da vila medieval aos polígonos de vivendas. A construción da Galicia urbana*. A Coruña, Consellería de Vivenda e Solo, 2007, ou MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. "El poblado de As Veigas de As Pontes de García Rodríguez". *Congrés Colónies Industriais i habitatge obrer en la península ibérica*, 26-29 de outubro de 2005. Museo de la Ciencia y de la Técnica de Catalunya, pp. 176-187.

12. Xunto con José Blasco e o taller de carpintería e catro gasómetros (1955)



Plano poboado ano 1945



Plano vivenda 5ª categoría-solución B

Segundo Antón Capitel¹³, pode considerarse discípulo do seu propio pai, do cal herdou unha admiración pola arquitectura da primeira época de Frank Lloyd Wright. Tiña unha posición intermedia entre o tradicionalismo arquitectónico e a modernidade. Ambigüidade que cultivaba conscientemente e que queda patente en moita da súa obra.

Durante a execución das primeiras vivendas do poboado aparece inscrito no Colexio de Arquitectos de León, Delegación de Oviedo. A mediados dos anos 50 pediu o

13. Profesor da Escola de Arquitectura de Madrid, e ao que lle agradecemos a xentileza de indicarnos datos da biografía de Javier García Lomas, ao cal tratou persoalmente xa que foi socio do seu pai.

traslado ao Ministerio de Obras Públicas. A súa obra foi en gran medida pública e probablemente a privada máis importante sexa a remodelación do Real Sitio de Covadonga nos anos 60, en colaboración co seu socio, Antón Capitel pai.

O outro arquitecto que participou indirectamente na confección do proxecto foi José Blasco Robles¹⁴ (Almería, 1904- Madrid, 1986)¹⁵. A súa formación académica iniciábase en Barcelona onde se gradúa no ano 1928. Nese mesmo ano entra a formar parte da Oficina Técnica Municipal de Santa Cruz de Tenerife dende 1931, sendo o seu xefe a partir de 1937. Alí traballa até o ano 1943 cando ingresa en ENCASO. Durante esta etapa en Tenerife realiza obras de estilo racionalista. En ENCASO estará encargado das construcións da Sección da Refinaría de Cartagena e posteriormente en 1944 é nomeado arquitecto da Sección de Lignitos, con residencia en Zaragoza e asesor do Consello de Administración. Por todo isto, parece corresponderlle a redacción dos proxectos de Andorra, Escatrón; e en colaboración con Javier García Lomas o poboado das Pontes. En 1947 presenta o proxecto da Central Térmica para As Pontes.

4.3 O proceso de construción e a súa realización práctica

A construción do poboado iniciouse en 1946¹⁶, comezando pola zona máis próxima á vila, e remata no ano 1962. Poden distinguirse catro etapas. A primeira que vai dende 1945 até 1949 que comprende a construción dunhas 150 vivendas de todo tipo, residencias para enxeñeiros e empregados, o economato, as escolas e outros edificios. A segunda que vai dende 1950 até 1953. A terceira etapa, entre os anos 1954 e o 1958, que supuxo a construción de 60 vivendas para os empregados da fábrica de fertilizantes. A última etapa, dende 1958 até 1962, que sería na que se utilizarían as axudas do I.N.V. para a construción de 38 vivendas de renda limitada de 2ª categoría e que foron edificadas entre 1960-1961 aínda que o proxecto data de 1958. Son os rueiros que están no extremo noroeste do Poboado. O incremento no número de vivendas veu derivado da introdución de modificacións nos plans industriais ao contemplar a construción da fábrica de fertilizantes en detrimento do grupo do Ebro (aprobado polo Decreto lei do 17 de maio de 1952 que modifica o Plan de 1944). No ano 1958 dában unha ratio de 4,52 traballadores por vivenda, no ano 1963 daba unha ratio de 4,48 traballadores por vivenda e no 1968 unha ratio de 4,45 traballadores por vivenda.

A construción dos edificios de servizos soe ir retrasada con respecto ao das vivendas, levándose a cabo cando o volume de habitantes o fai estritamente necesario e come-

14. Vemos a súa sinatura no proxecto de almacéns e talleres xerais e algún dos planos das oficinas xerais.

15. Para ampliar a información da súa obra podemos consultar GALANTE GÓMEZ, F. (1987) ou ZALBA GONZÁLEZ, E. (2008)

16. Data na que presentan as primeiras solicitudes e proxectos de vivendas para o outorgamento da licenza municipal.



Franco e Suanzes no poboado, ano 1959

zando coas necesidades máis básicas: residencias, economato, escolas, capela (logo igrexa), local social do grupo de empresa e instalacións deportivas. Xeralmente recórrase a instalacións provisionais, que a medida que van sendo deficitarias van ampliándose ou van situándose en edificios propios. Así a residencia de obreiros ou a clínica estiveron situadas en vivendas unifamiliares que despois foron adxudicadas a empregados.

A construción desenvolveuse a pesar das grandes dificultades de todo tipo. Destacan, en primeiro lugar, polo seu carácter xeral, extensible a toda a actividade construtiva en España, os problemas de subministracións de materiais de construción, dende ladrillos, para o cal se instalou unha telleira na zona de Espiñaredo¹⁷, que contaba con arxilas de calidade, area ou xeso, ata materiais intervídos, especialmente o ferro e o cemento; as constantes restricións eléctricas; os retrasos na chegada das subministracións industriais importadas, debido á situación da guerra mundial, que obrigaban a reducir os ritmos de traballo¹⁸, ou os problemas de transporte derivados da falla de pneumáticos; problemas derivados da falta de man de obra debido ao problema de abastecemento de víveres, polo que houbo que recorrer á construción dun economato¹⁹ e comedores para os traballadores. Este economato distribuía o pan e os artigos racionados, comestibles en xeral e tiña seccións de zapatería e tecidos.

17. I.N.I. (1949). p. 37.

18. *Escrito de esta Empresa interesando se gestione de la Dirección General de Aduanas, permitan los envíos de material y maquinaria para las obras de Puentes de G^o Rodríguez. 15/03/1944.* Archivo INI. Estudios, Informes e Proxectos Técnicos. Caixa 158.311-4. E. 1147.

19. Con data 18/09/1946 foi concedida licenza de apertura de economato provisional para venda de pescado, verduras e froitas instalado nuns barracóns na Areosa. Posteriormente con data 30/09/1947 foi concedida licenza para economato no novo local. A.M. As Pontes. *Libro de Actas de las sesiones de la corporación, 1946-1947.*

A construción do poboado presentou outro gran número de problemas auxiliares, destacando entre eles, polo seu carácter primordial, os de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais ou a subministracións de enerxía²⁰.

O sistema de construción adoptado foi maioritariamente o de administración utilizando a contratación externa nalgúns edificios de servizos. A residencia de enxeñeiros que foi construída entre 1947 e 1949 e a obra do economato-escolas que foi construída entre 1949 e 1950, foron adxudicadas á Empresa Rodolfo Lama, S.A., que tamén estaba contratada para a realización dalgúns edificios industriais; o edificio do hospitalillo, igrexa e instalacións deportivas realizados entre 1961 e 1968, foron adxudicados á empresa Consensa. O resto das obras foron realizadas pola propia empresa.



Obra vivenda 1ª categoría no poboado, ano 1954

4.4 As vivendas e as instalacións de servizos

A súa construción desenvolveuse en catro etapas consecutivas que se inician en 1946 e finalizan en 1963, chegándose a un total de 230 vivendas.

As dúas primeiras, desenvoltas en 1946-1949 e en 1950-1953 respectivamente, corresponden ao poboado inicialmente previsto²¹.

20. I.N.I.(1949), p. 33-34.

21. ENCASO. *Memoria...* 1948, p. 21. ENCASO *Memoria...* 1949, p. 32; ENCASO *Memoria...* 1949, p.14; 1954, p. 12, e A.M.As Pontes. *Plano nº P-1679 del poblado y de la zona da fábrica.* 1946 e *Plano nº P-2C. P-1167. Plano de situación actual de la 1ª etapa del poblado y planta general.* 4 de outubro de 1949.

A terceira fase, aprobada en 1954, corresponde ás 60 novas vivendas para os traballadores da fábrica de fertilizantes. Por último, a cuarta fase corresponde as 38 vivendas de renda limitada, de 2ª categoría, construídas entre 1960 e 1963. Trátase do proxecto presentado ante o I.N.V. en 1958, demorándose a súa construción até 1960. A partir de aquí considerase finalizado, se ben nos anos seguintes continuaron realizándose engadidos e reformas que completaron a oferta de servizos do poboado, algúns en datas moi tardías: 4 naves para garaxes das últimas 38 vivendas (1962), o Club de Empresa Lar (1963), o edificio para a clínica ou hospitalillo (1967) e un novo economato (1974).

O resultado da construción é un complexo sistema xerárquico de vivendas que traduce o escalafón laboral da empresa e que provoca unha tipoloxía diversa con diferenzas nas agrupacións, nos alzados, nas superficies, etc.

Existen varias zonas no interior do poboado onde son construídas vivendas. Na zona de **enxeñeiros (1ª categoría)** na que predomina o sistema de vivenda unifamiliar illada, aínda que se dan casos de vivendas acaroadas en datas máis tardías²². A intención era a de privilexiar ao seu ocupante que desempeña postos dirixentes na Empresa.

As parcelas son de grandes dimensións en torno a 1.000 m² e as superficies construídas oscilan entre os 212 m² e os 280m² por vivenda.



Vivenda enxeñeiros na actualidade

22. A. M. AS PONTES. Licenza para dúas casas para 4 vivendas de 1ª categoría na 3ª etapa do poboado no ano 1954 e licenza para dous bloques para catro casas de enxeñeiros no ano 1959.

Aquí construíronse 10 vivendas entre 1948 e 1960. As vivendas constan de: vestíbulo, cociña, comedor, sala de estar, despacho e 4 ou 5 dormitorios, distribuídos en 2 ou 3 alturas.

Nas zonas de **empregados** predominan as acaroadas e as agrupacións de seis vivendas acaroadas construídas nos anos 1960-62 en colaboración co I.N.V.²³ Están situadas entre o Camiño Real e a estrada de Ferrol-Rábade e constitúen as vivendas de **2ª e 3ª categoría**, sendo construídas 46 vivendas.

Existe unha segunda zona de empregados ao norte da estrada coas fachadas dando fronte a esta e onde se realizaron 30 vivendas.

Os tipos de vivenda son moi variados sendo todas acaroadas coa excepción das agrupacións de 4 e 6 vivendas construídas a finais dos 50 e principios dos 60 en colaboración co I.N.V.

As dimensións oscilan entre os 110 m² e os 216 m², en función, basicamente, do número de dormitorios, que oscila entre 3 e 5.

As vivendas de **obreiros**²⁴ están situadas ao norte da estrada de Ferrol. Comprende un total de 134 vivendas e unha gran variedade, predominando as aliñacións de seis vivendas. Edificáronse 16 bloques de vivendas acaroadas, unhas para capataces e mestres de **4ª categoría** e as de obreiros propiamente ditos de **5ª categoría**.



Vivenda 4ª categoría-solución tartaruga

23. A. M. AS PONTES. Licenza para 38 vivendas de renda limitada solicitada o 31 de agosto de 1960.

24. A. M. AS PONTES. Licenza para vivendas de 3ª categoría (1945). Licenza para vivendas de 4ª categoría. Licenza para casas de 5ª categoría. Anos 1950, 1954.

Todas as vivendas organízanse nunha soa planta, con superficies que oscilan entre os 60 e os 100 m². Constan de: cocíña, salón-comedor e entre 2 e 4 dormitorios, observándose unha clara tendencia á redución do número de dormitorios canto máis tarde se constrúan.

As parcelas resultantes eran destinadas polos traballadores a distintos usos. Dende o xardín para as vivendas dos enxeñeiros e algúns empregados até o de hortas ou currais nas vivendas de 4ª e 5ª categoría, que lles proporcionaba alimentos nunha época de racionamento e salarios baixos.

A asignación dunha vivenda a un traballador viña determinada pola condición de estabilidade do empregado, xa que os eventuais ou os contratados para o montaxe das instalacións industriais non tiñan ese beneficio social. Na solicitude do empregado tiñase tamén en conta as circunstancias persoais e familiares.

A adxudicación facíase en réxime de arrendamento ou de cesión, aínda que algunhas categorías gozaban de cesión gratuita (director do complexo e os enxeñeiros nalgúna etapa). No réxime de arrendamento o contrato considérase subordinado ao traballo e rexeráse polo disposto na lei de contrato de traballo vixente. No caso das cesións en conexión co contrato de traballo, a empresa podía deducir das retribucións as contías das rendas que nunca podían ser superiores as normas establecidas pola Lei de contrato de traballo de 1944²⁵.



Vivenda con centraliña telefónica na actualidade

25. Orde do 23 de abril de 1949 pola que se aproba o Regulamento da Empresa Nacional “Calvo Sotelo” de Combustibles Líquidos y Lubrificantes, S.A., artigo 111.

A renda pagada oscilaba no ano 1959 entre as 480 pesetas nas vivendas máis caras de enxeñeiros e as 60 pesetas pagadas polas vivendas máis pequenas de obreiros.

No regulamento de ENCASO establecíase as sancións polo mal uso das vivendas podendo chegar ao despedimento²⁶.

O número de vivendas existentes no ano 1959 era de 193 das cales había 159 outorgadas e 34 baleiras ou ocupadas por persoal de empresas contratistas. No ano 1968 cifrase en 220 vivendas no poboado, sendo ocupadas 207 segundo a táboa seguinte:

Ano 1968	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	Total
Viv. dispoñibles	6	50	8	31	117	8	220
Viv. ocupadas	4	41	8	31	115	8	207
Viv. sen ocupar	2	9	-	-	-	-	13

Fonte: ENCASO. *Memoria del ejercicio de 1968 del Complejo Industrial de Puentes de García Rodríguez*, Ano 1969

O complexo dispoñía tamén de 57 vivendas expropiadas, as cales se atopaban ocupadas en precario na súa totalidade.

Dispoñemos dos datos de empregados e número de habitantes no poboado para os anos 1958 e 1959 que nos dá o seguinte resultado:

ANO	EMPREGADOS	Nº VIVENDAS	Nº HAB. POBOADO
1958	847	193	690
1959	996	193	710

Fonte: ENCASO. *Memoria del ejercicio de 1959 del Complejo Industrial de Puentes de García Rodríguez*, Ano 1960

Como vimos, o número de vivendas construídas sempre era inferior ao número de traballadores²⁷. Desta situación a dirección obtiña vantaxes en termos de control, de tal modo que unha medida de tipo asistencial amosaba o seu carácter disciplinario. Ao non existir un acceso universal dos traballadores ás vivendas funcionaban criterios selectivos que facían asegurar a lealdade dos empregados. Uns dos criterios para outorgar unha

26. Son consideradas faltas leves os pequenos descoidos na conservación das vivendas, ou a falta de limpeza das vivendas. Son faltas graves actos de imprudencia na utilización das vivendas que pode ser até moi grave. Son consideradas faltas graves causar desperfectos nas vivendas, ceder, subarrendar ou traspasar as vivendas.

27. No ano 1962 o número total de vivendas en todos os centros industriais ascendía a 1.732 o que representaba un 19,8% do total dos traballadores. ENCASO. *Memoria del complejo industrial de Puentes...* 1962.

vivenda era ter constituído unha familia, xa que non era outorgada a solteiros. Outro criterio era a antigüidade.

A disposición espacial do poboado respondía a criterios xerárquicos e a diferenza na superficie das vivendas e das parcelas respondía ao escalafón laboral das persoas que as habitaban. O carácter clasista da obra queda patente até nos accesos aos servizos deportivos ou de residencias. Un segundo aspecto da disposición espacial era a proximidade á fábrica de cara a aforrar tempo nos desprazamentos e permitir un maior control e inspección da vida obreira. De feito a garda xurada²⁸ da que dispoñía a empresa para a seguridade nas súas instalacións e na portaría tamén facía vixilancia no poboado.

5. AS INSTALACIÓNS DE SERVIZOS E OUTROS ASPECTOS DA POLÍTICA PATERNALISTA

5.1 A escola: ensino xeral e ensino profesional. A escola de aprendices

A educación é un aspecto básico na organización paternalista. Trátase de preparar o traballador e de formar as xeracións seguintes. A maior parte das empresas do INI crearon escolas nos seus poboados e escolas de formación profesional para os seus futuros traballadores. Así empresas como Boetticher y Navarro conta cunha escola de formación profesional dende os anos 40, SEAT conta con escola de aprendices dende o ano 1957, BAZAN, ENDESA ou ENSIDESA tamén. Nos anos 50 e 60 todas as empresas do INI ou cunha participación maioritaria no seu accionariado teñen algún tipo de apoio ao ensino, xa sexa a través de creación de escolas ou concesión de bolsas aos seus produtores, pasando polas escolas de aprendices, etc.

Por este motivo unha das prioridades no deseño do poboado por parte de ENCASO foi a construción dunha escola para os fillos dos empregados. Anteriormente xa funcionaba a escola nun edificio provisional e realizárase a definitiva no centro do poboado.



Edificio escolas na actualidade

28. A garda xurada era un corpo constituído ao abeiro do Regulamento para servizo do grupo da Garda Civil do 14 de maio de 1943 adicionadas pola R.O. de 9 de agosto de 1876 ao Regulamento de gardas xurados de 8 de novembro de 1849.

a) O edificio escolar

O edificio xa estaba contemplado no proxecto xeral do poboado, e será no ano 1947 cando se aprobe a construción dun edificio para albergar o economato, as escolas e dous bares. Foi realizado pola Empresa Rodolfo Lama, S.A. e a súa construción comenza en xaneiro de 1949²⁹ e remata en 1950. Unha vez concluído aprovéitanse parte das súas instalacións para ser sede da capela.

En 1967-1968 completáronse as instalacións das escolas cunha pista polideportiva, con instalacións de baloncesto, tenis, voleibol e patinaxe. E, en 1969, cun parque de recreo infantil. En 1974 reformouse o edificio, adicándoo exclusivamente para escola, habilitándose 8 aulas, laboratorio, biblioteca, sala de profesores e comedor, construíndose un novo economato na zona leste do poboado³⁰.

É unha construción cuadrangular que consta de planta baixa porticada, dous torreóns laterais con planta alta e un torreón central con dúas plantas. Están unidos entre si por unha galería porticada.

Cando se realizou o novo economato (1974) foi utilizado xa só como escola e actualmente é a sede do Conservatorio de Música Profesional.



Interior escola de nenos, ano 1952

29. ENCASO. *Memoria* ... 1949, p 32

30. A. M. AS PONTES. Licenza de construción de economato laboral. Ano 1973. Licenza de habilitación de edificio de escolas. Ano 1973.

Esta escola de primeiro ensino destinado aos fillos máis novos trátase dunha institución de iniciación á disciplina. En coherencia coa moralización, as aulas estarán segregadas por sexo. Insístese na formación relixiosa, co ensino do catecismo e con rezo diario ao comezar as clases, a asistencia á santa misa todos os domingos do ano. Tamén se fomenta a formación física e a formación cívica e social.

A canteira da escola profesional ou de aprendices da empresa estaba nesta escola primaria e por iso comprendemos até que punto a vida do traballador, o seu espazo e o seu tempo pasan a ser controlados pola empresa. A propia empresa insiste nos seus escritos nesta liña:

“De la mayor importancia en el plan de conjunto del poblado son las escuelas para niños y niñas, las cuales, aparte de su misión educativa y de facilitar la instrucción primaria, tienen también un papel significativo en la orientación del preaprendizaje³¹”.

O ensino está dirixido por un Consello de Protección Escolar creado no ano 1950³². A medida que medraba o número de traballadores no complexo medraba a matrícula, o que motivou que o casino dos empregados, a capela e economato foran trasladados a outros edificios propios para ese cometido.



Interior escola de nenos, ano 1952

31. I.N.I. (1949), p. 33.

32. ENCASO. *Memoria...* 1950, p. 9.

A matrícula dos anos 1959 ao 1970 ofrece os seguintes números³³:

ANOS	ALUMNOS-AS	PÁRVULOS	NENAS	NENOS
1958	252	84	82	86
1959	254	84	82	88
1964	328	72	128	128
1965	328	76	126	126
1966	323	80	124	119
1968	314		164	150
1969	303		161	142
1970	304		161	143

Fonte: ENCASO. *Memoria de los ejercicios ...del complejo industrial de Puentes de García Rodríguez*

Nos anos 1968-1970 están unidos os párvulos á cifra de nenos-as.

O plantel de profesorado deixounos nomes como os de Raquel Peña Rodríguez, Antonia Orosa Peña, Pilar García Rocha, Concepción García Barro, Luisa Parga Santiago, Marciala Iglesias Vales, María del Carmen Arnaiz Fernández; e outros mestres como Emilio, Senén, Dimas; ou o cura José María Castro, etc.

Nesta escola ofrecíase ensino regrado e outro tipo de beneficios sociais como clases de permanencia, entrega de complementos alimenticios. E será no ano 1965 cando comence a funcionar un comedor con capacidade de 33 prazas que será posteriormente ampliado no ano 1967 a 60 prazas.

En canto ao **ensino secundario** no ano 1959 funcionaba xa unha escola de formación profesional e unha academia de ensino medio que estaba instalada na vivenda 501 A³⁴. Funcionaba tamén unha academia de ensino medio chamada Nebrija dende mediados dos anos 50 a onde acudían fillos-as de traballadores. Dende mediados dos anos 60 a empresa achegaba unha asignación mensual aos produtores que tiveran fillos-as escolarizados no colexio de ensino secundario Pardo Bazán, que estaba a carón do poboado e que funcionaba como academia de bacharelato de nenos e nenas.

b) A escola de formación profesional ou escola de aprendices

A preocupación polo ensino profesional e a súa promoción foi outra das iniciativas sociais da empresa. Coa escola de aprendices, que estaba situada nas instalacións da fábr-

33. ENCASO. *Complejo Industrial das Pontes. Memorias de diversos ejercicios.*

34. ENCASO. *Memoria del ejercicio de 1959 del complejo de Puentes.* (1960).

ca nun edificio que fora utilizado como almacén, tiña asegurado unha canteira para os seus futuros traballadores. Para iso organizouse unha escola de aprendices na que prevalecía como criterio de acceso ser descendente directo dun membro do cadro de persoal.

Tiña unha duración de catro cursos académicos denominados preorientación, orientación, aprendizaxe e especialización; cambiando a mediados dos 60 pola nova denominación de orientación, aprendizaxe, especialización e perfeccionamento. O profesorado pertencía ao cadro de persoal da empresa, algún a tempo completo e outros adicaban algunhas horas do seu traballo a impartir docencia. Algúns profesores eran peritos industriais para as materias de física, química, taller mecánico e eléctrico, soldadura, seguridade, matemáticas, etc, mestre nacional para cultura xeral e sacerdote para relixión.

Para o ingreso tiñan que ter 14 anos cumpridos o 1º de setembro e debían pasar un exame de ingreso e ter o certificado de estudos primarios. Durante o primeiro ano eran considerados alumnos e nos últimos anos aprendices polo que cobraban un salario.

Funcionou dende finais dos anos 40 até 1973 ano en que foi absorbida por Endesa.

A duración da aprendizaxe podía ser de dous anos se o aprendiz tiña título ou diploma expedido por escola profesional. Neste caso, o aprendiz ingresará co salario asignado ao de terceiro ano. Ao rematar a aprendizaxe pasa á categoría de axudante de taller ou oficial de 3ª, tendo que realizar un exame ante un tribunal integrado polo director do establecemento ou un delegado como presidente e por dous oficiais de primeira nomeados do seguinte xeito: un directamente pola empresa e outro tamén pola empresa a proposta dunha terna da organización sindical³⁵.

Os aprendices participaban en competicións con outros aprendices doutras empresas nos concursos de Formación Profesional Industrial e Artesana, organizadas pola Delegación Provincial do Frente de Xuventudes nas seguintes categorías: torno, delineación industrial, soldadura eléctrica por arco, soldadura oxiacetilénica.

O primeiro director foi José Moreno Osuna pasando a ser ocupado o cargo posteriormente por León San José Espina e tivo entre o seu profesorado ás seguintes persoas:

- 1º Carlos García Iglesias, López Castro, José Castro Blanco, Dionisio Formoso Carballo, Antonio Quintana Vieira.
- 2º Manuel Fernández Santamaría, Antonio Abeijón Fàbregas, Álvarez Montero, Enrique Seoane Méndez, e o propio León San José Espina.
- 3º José Fraga Cabaleiro, Enrique Cubes Villamil, López Vázquez, Víctor del Campo López, José E. Somoza Almuíña.

35. Orde do 23 de abril de 1949 do Ministerio de Traballo que aproba o regulamento de ENCASO Artigo 16.

Número de alumnos totais e por cursos na década dos 60:

CURSOS	ORIEN- TACIÓN	APREN- DIZAXE	ESPECIA- LIZACIÓN	PERFECCIO- NAMENTO	TOTAL
1958-59	45	26	6	--	77
1959-60	15	12	43	--	70
1963-64	21	5	4	--	30
1964-65	17	15	5	--	37
1965-66	19	10	11	--	40
1966-67					38
1968-69	17	8	12	11	48
1969-70	11	14	5	6	36
1969-70	7	9	10	4	30

Fonte: ENCASO. *Memorias de los ejercicios ... del Complejo de Puentes de García Rodríguez*


A empresa tamén promoveu a especialización técnica dos seus traballadores coa realización de cursos de formación e o envío de traballadores ao centro de investigación de Madrid para formarse como ensaiadores químicos, etc.

5.2 O Economato

Outro dos exemplos da política paternalista da empresa foi a realización dun economato. Nun contexto de necesidades alimenticias e racionamento podemos entender a construción do economato no poboado de ENCASO. Xa no ano 1944 abriu provisionalmente nun barracón dos usados para o exército e no ano 1946 noutro barracón na Areosa. Até 1947 non se aproba a construción do edificio definitivo, no que se inclúen dous bares e dependencias para centralizar todos os servizos de abastecemento do poboado. Foi realizado pola Empresa Rodolfo Lama, S.A. e participando tamén a empresa Labourdette-Atauri, S.L. O edificio, tal e como sinalei no apartado referido ás escolas por compartir edificio, é unha construción cuadrangular que consta de planta baixa porticada, dous torreóns laterais con planta alta e un torreón central con dúas plantas.

A normativa que regulaba os economatos laborais temos que buscala a principios dos anos 40, momento no que o Estado obrigou ás empresas de determinados sectores da industria e dos servizos a constituír economatos³⁶. No ano 1946 o Ministerio de Trabajo

36. Orde do Ministerio de Trabajo de 30 de xaneiro de 1941.



Economato, mostradores, ano 1950

aproba a Orde do 6 de abril de 1946 na que se obriga ás empresas a construír economatos nos que se distribúan os seguintes artigos non intervidos: carnes, peixes, verduras, plátanos. E será no ano 1958 cando se aprobe a obrigatoriedade das empresas de máis de 500 traballadores a constituír un economato sometido ás seguintes condicións sinaladas no artigo 4 do Decreto do Ministerio de Traballo de 21 de marzo de 1958:

“Artículo 4.-Los economatos laborales deberán reunir necesariamente los siguientes requisitos:

- a) Los trabajadores y beneficiarios quedan exentos de toda responsabilidad por razón de compromisos y obligaciones contraídas por el economato frente a terceros.*
- b) Libertad absoluta de los trabajadores para aceptar los suministros.*
- c) Publicidad de las condiciones en que estos suministros se realicen.*
- d) Venta de los artículos a su precio de costo, de acuerdo con lo que se establece en este Decreto.*
- e) Intervención de los trabajadores en la administración del economato, conforme se regula en la presente disposición.*

Artículo 5.- Los economatos laborales disfrutarán de los mismos beneficios de orden fiscal y exenciones de cualquier clase que tuviesen concedidos las cooperativas de consumo de empleados u obreros.”

E sinala con respecto aos artigos subministrados o seguinte:

“Artículo 13.- Los economatos tendrán a disposición de los trabajadores los siguientes artículos «básicos»: aceite, jabón, azúcar, arroz, tocino, harina, alubias, lentejas, garbanzos, patatas, bacalao, embutidos, sardinas en conserva y similares, café y sucedáneos, leche condensada, chocolate, vinos comunes de mesa, pescados secos y en conserva, pastas de sopa, macarrones y similares, ropas y calzado de trabajo, calzado económico, telas esenciales para vestido o ajuar de casa”.

En canto aos prezos dispón o seguinte:

“Artículo 15.-Los precios de venta en los economatos laborales serán los de costo, incluyendo en éste los siguientes conceptos:

- a) Precio de adquisición.*
- b) Gastos de transporte hasta el economato.*
- c) Arbitrios municipales y provinciales.*
- d) Redondeos centesimales.*
- e) Mermas previsibles.*

Una relación de precios de todos los artículos firmada por el jefe del economato, existirá siempre en el despacho a la vista del público”.

Posteriormente coa posta en marcha do plan de estabilización regúlase novamente o funcionamento dos economatos laborais mediante o Decreto 1830/1962 do 5 de xullo. Neste decreto amplíase o número de artigos que se poden vender e obriga a que nos prezos de custo non se debe incluír os gastos de organización e administración que deberán ser sufragados pola empresa.

A mecánica do uso do economato rexíase polo disposto na normativa anterior e establecía o uso obrigatorio das tarxetas credencias para identificarse. O decreto do ano 1962 establecía no seu artigo 3 o seguinte:

“Únicamente pueden hacer uso de los servicios de los economatos el titular de la tarjeta y los familiares y personas que convivan con él y estén a su cargo.

Son titulares de las tarjetas los que en la actualidad definen como tales las disposiciones vigentes por las que se rigen los respectivos economatos.

Cada dos años, los economatos procederán a revisar sus censos de titulares y beneficiarios y se emitirán nuevas tarjetas de color distinto del que tuvieran dichos documentos en los períodos anteriores”.



Economato, vista sueste, ano 1950

Con este servizo subministraban produtos de consumo básico aos seus traballadores nun contexto de racionamento e mercado negro, xogando desta maneira un papel importante. Cubrían as necesidades básicas dos traballadores e os seus familiares aumentando o rendemento da man de obra e os traballadores beneficiarios sentíanse privilexiados en relación ao resto.

O economato de ENCASO estaba administrado por unha xunta administrativa composta por un presidente e cinco vogais, en representación das diferentes categorías de traballadores³⁷. Noutro momento dous vogais eran do xurado de empresa en representación dos traballadores, e como secretario actuaba o que era do xurado de empresa. Esta xunta reuníase para estudar o estado de contas, variacións do censo e detalle de vendas, analizaba os prezos, balances da situación económica, etc.

Ofrecía unha gran gama de produtos: carnicaría, peixaría, froitaría, ultramarinos, zapataría, tecidos, electrodomésticos, etc.

A posta en marcha do economato serviu para conter o prezo dos produtos na vila e tamén monopolizaban a distribución dos produtos racionados, fixados mensualmente pola Comisaría de Abastos. Desta maneira os beneficiarios podían atopar unha gran variedade de produtos, nunha época de racionamento e de intervención do Estado, con prezos inferiores aos que fixaban as tendas na vila. Ofrecían tamén a compra a crédito descontando o prezo do salario do traballador.

A posesión da cartilla do economato supoñía un privilexio para os seus titulares polo aforro que levaba aparelado. Entre un 10 e un 15% nos artigos de fogar e alimentación, e até un 30 ou 40 % nos tecidos e calzados. Este aforro provocou a picaresca de que moitos titulares sacaran produtos para os seus familiares ou amigos. Este beneficio social abría máis a diferenza entre os traballadores de ENCASO e o resto dos traballadores e habitantes do municipio³⁸.

Os traballadores de ENCASO no economato a finais dos anos 50 e 60³⁹ eran o auxiliar José M. Piñeiro Sanjurjo; o auxiliar, José Maira Airas; o subalerno-dependente, Julio Vila Vidal; o subalerno-dependente, Manuel Campello Rivera, e o oficial de 2ª Jesús Castro López.

37. O seu funcionamento rexerase a partir do ano 1962 por un decreto do Ministerio de Comercio do 5 de xullo de 1962.

38. O economato foi aberto para o persoal que traballaba nas empresas que construíron os edificios de servizos do poboado como a Residencia ou o economato-escolas. Así ao final dos anos 50 víronse beneficiados 73 traballadores da empresa Construcciones Labourdette-Atauri, S.L. e outros de Rodolfo Lama.

39. ENCASO. *Memoria del ejercicio de 1959 del complejo de Puentes de García Rodríguez*. Ano 1960.

NÚMERO DE PRODUTORES FAMILIARES E BENEFICIARIOS DO ECONOMATO			
ANOS	PRODUTORES	FAMILIARES	BENEFICIARIOS
1964	932	2581	3513
1965	938	2586	3524
1966	916	2470	3386
1968			
1969	910	2393	3303
1970	883	2361	3244

Fonte: ENCASO. Complexo das Pontes de García Rodríguez. Memorias... (1964-1970)

A xunta administrativa do economato estivo formada polas seguintes persoas durante a década dos 60:

Anos 1964-1965:

Xefe Economato: Fernando Alarcón Hernández

Secretario: Rafael de Diego Aladrén.

Vogais: Rafael López Palma, Ramón Gato Prieto, José Vázquez Zás

Encargado sección: Antonio de Diego Aladrén.

Ano 1966:

Presidente: Enrique Pérez Gil.

Secretario: Jesús Basanta Lamela.

Vogais: Víctor A. del Campo López, Plácido Ramil Paz, José Gil López.

Encargado: Antonio de Diego Aladrén.

Anos 1969-1970:

Presidente: Álvaro Méndez Barrera.

Secretario: Jesús Basanta Lamela.

Vogais: Víctor del Campo López, Plácido Ramil Paz, José Gil López.

Encargado: Antonio de Diego Aladrén.

5.3 O hospital-dispensario e a asistencia sanitaria

A súa construción debeuse finalizar a finais de 1949 ou comezos de 1950, habilitándose para este servizo unha das vivendas⁴⁰ de empregados que estaba a carón da estrada de Ferrol, xunto ao eixe do poboado, para facilitar así a rapidez de acceso á mesma. En 1967 construíuse un edificio propio para esta finalidade coas seguintes dependencias:

40. Vivenda núm. 406 A.



Clínica, ano 1952



Sala de curas hospital, ano 1952

unha sala de espera, unha sala de curas, un despacho para o médico xefe de servizo con arquivo de historias clínicas, 1 gabinete e raios X, un laboratorio radiográfico, un quirófano, unha sala de esterilización e arsenal, unha sala de ortopedia e xesos, un gabinete de electro e fisioterapia e de recuperación, un almacén roupeiro e unha sala de hospitalización con oito camas. Está situado ao norte do poboado, xunto ao campo de fútbol. No ano 1973 coa chegada de Endesa foi ampliado⁴¹. Este “hospital-dispensario” como era

41. A. M. AS PONTES. Licenza de ampliación de Clínica de Accidentes. Ano 1973.

denominado pola empresa era un edificio onde estaban centralizados os servizos médicos e de accidentes de traballo. Pero a empresa dispoñía fóra do poboado doutros servizos médicos para completar a asistencia sanitaria ao traballador. Unha clínica de urxencias na zona de fábrica situada no edificio de servizos xerais que foi instalado a mediados dos anos 60 e unha caixa de urxencia na mina instalado na corta número 2⁴².

Os servizos sanitarios foron prestados durante boa parte dos anos 50 e 60 polo médico, Cesáreo González Dopeso; polo practicante, Manuel López Faraldo; e como sanitarios, Francisco Pena García, Cayetano Pena García e Artemio Calvo Bermúdez.

Aínda que os traballadores de ENCASO acolléronse ao réxime da Seguridade Social, denominado entón Seguro Obrigatorio de Enfermidade que fora aprobado no ano 1942 a empresa decidiu construír a clínica dando boas mostras de desconfianza no seguro xeral. Por outra banda tamén custeou o ingreso de traballadores en sanatorios, medicinas especiais e vacinacións preventivas.

5.4 As residencias

Tendo en conta a necesidade de vivenda para os seus traballadores e non sendo adxudicadas estas aos empregados solteiros nin a outro persoal que se desprazaba a traballar na fábrica temporalmente, a empresa edificou residencias para este tipo de persoal. Neste sistema de residencias é onde se pode buscar a formulación xerárquica que sacudía toda a concepción da empresa e que xa observamos nas vivendas.

Os precedentes atopámoslos no ano 1945 cando deciden preparar provisionalmente unha residencia de enxeñeiros e dous barracóns para empregados e obreiros especialistas. En cambio, non se considera necesario habilitar residencias para persoal non especializado, pois foi contratado na vila ou nas proximidades organizándose un servizo de transporte diario.

Esta residencia de enxeñeiros provisional foi habilitada no ano 1945 nunha casa mercada pola empresa a D. Guillermo Baamonde Fontao na rúa Saúde (actual Rosalía de Castro) e que posteriormente foi sede do médico da empresa, D. Cesareo González Dopeso, e actualmente edificio cultural Doutor Dopeso⁴³.

A finais de 1946 preséntase a necesidade de construír, con carácter definitivo, a residencia de enxeñeiros e a de empregados, para poder ofrecer a estes traballadores no

42. ENCASO. *Memoria complexo industrial de Puentes de García Rodríguez*. Servizo médico. Ano 1964. p. 10.

43. En setembro de 1945 o enxeñeiro xefe, D. Gonzalo Calvo Aguirre, solicitou licenza de rehabilitación da vivenda para a construción dunha residencia provisional de enxeñeiros.



Residencia-albergue, ano 1950



Interior residencia-albergue, ano 1950

seguinte inverno un aloxamento en mellores condicións. En marzo de 1947 apróbase a súa construción, incluíndoas nun lote de vivendas contratadas con Tarmac, S.A. Ante o retraso na execución das obras foi adjudicada novamente á Empresa Rodolfo Lama, S.A. En 1972 foi ampliada pola Empresa Auxiliar de la Industria, S.A.

En canto á súa finalización, foi diferente. Así, a de enxeñeiros rematouse en setembro de 1949, sendo inaugurada na visita de Franco ás instalacións o 28 dese mes⁴⁴. A de empregados non se inaugura até marzo de 1951⁴⁵.

44. ENCASO. *Memoria...* 1949, p. 32. Posteriormente en 1972, habilitouse unha das vivendas de enxeñeiros, do modelo nº 1, como residencia de estranxeiros.

45. Estivo instalada na vivenda núm. 525 e na 529, e a de estranxeiros na 526 .

O persoal pagaba unhas tarifas que trataban de cubrir o custo do servizo e o importe descontábase do salario do traballador.

A residencia de obreiros estaba instalada na vivenda número 516 e dispoñía de 40 prazas, a de empregados na vivenda número 525 e 529 e dispoñía de 21 prazas, e a de estranxeiros na vivenda 526.

Durante varios anos a empresa tivo tamén unha residencia na cidade da Coruña.

En cambio, para os obreiros⁴⁶ seguiuuse mantendo a situación de provisionalidade, aínda que se amplía a súa capacidade coa instalación, en 1949, dun novo aloxamento para os 110 montadores que se trasladaran ás Pontes para as obras da Central Térmica⁴⁷.

A residencia-albergue de enxeñeiros consta de soto, planta baixa e planta alta, cunha superficie cuberta de 622 m². No soto están as instalacións frigoríficas e o almacén; na planta baixa, os salóns, comedores, cociña, lavandaría e habitacións do persoal de servizo; na planta alta, os dormitorios, con capacidade de 26 camas. Dispoñía así de aloxamento, comida e lavandaría. Contaba tamén con biblioteca e no exterior campo de tenis.

En 1972 reformouse unha vivenda de enxeñeiros para utilizarse como residencia de estranxeiros, colocando nela un salón e 5 dormitorios na planta baixa e outros 5 dormitorios e terraza na planta alta. Posteriormente foi utilizada tamén como residencia de bolseiros de Endesa.

NÚMERO DE ESTANCIAS NAS RESIDENCIAS NA DÉCADA DOS 60				
ANOS	RESIDENCIA- ALBERGUE	EMPREGADOS	OBREIROS	RESIDENCIA- A CORUÑA
1963	530			
1964	539	98	481	
1965	775	156	468	113
1966	896	156	456	182
1968	813	3.417	12.085	167
1969	691	3.203	13.553	285

Fonte: ENCASO. Complexo das Pontes de García Rodríguez. Memorias... (1964-1970).

46. Estivo provisionalmente na vivenda núm. 516 A.

47. I.N.I. (1949), p. 39.

Debemos destacar as diferenzas existentes no custo por praza/día que tiñan as residencia sendo máis elevado canto máis categoría tiña o traballador. Pero grave non só era que a manutención dun enxeñeiro fôra máis cara que a dun empregado senón que o que pagaba era inferior.

5.5 As instalacións culturais e deportivas.

O Lar, o campo de deportes e o grupo de empresa

Para cubrir as necesidades de ocio e tempo libre a empresa construíra varios edificios previstos no proxecto do poboado. Un deles serán as instalacións recreativas do grupo de empresa. O casino funcionará dende principios dos anos 50 no edificio do economato e escolas e estará alí instalado até o ano 1963. O resto serán as instalacións deportivas que se van demorar considerablemente, excepto as pistas de tenis construídas ao lado da residencia-albergue. Así, até xullo de 1960 non se aproba a construción do campo de fútbol⁴⁸, que sería reformado en 1962 coa construción dunha pista de atletismo e máis tarde unha tribuna cuberta. Será no ano 1963 cando se inaugura o Club de Empresa Lar, que consta de cafetería, comedor, biblioteca, sala de xogos, sala de cine, bolera, billar, sala de reunións e exposicións, cociña. A carón do edificio están as piscinas, unha para nenos e unha de adultos con aseos e vestiarios.



Inauguración Lar, ano 1965

48. ENCASO *Memoria* ... 1960, p. 13.



Actos XX aniversario ENCASO

O mecanismo para canalizar as actividades colectivas deportivas ou culturais foi o Grupo de Empresa. O chamado Club de empresa Calvo Sotelo foi constituído o 6 de febreiro de 1959 logo da autorización do Ministerio de Gobernación de 29 de xaneiro de 1959 e do informe do alcalde de data 24 de outubro de 1958⁴⁹. A primeira xunta directiva quedou constituída do seguinte xeito. Como presidente, D. Juan Antonio Endeiza Obieta; vicepresidente, José María Alonso de Lama; secretario, Antonio López Ferreiro; tesoureiro, Juan Ramón Bilbao Obieta; e vogais, Celso Díaz Martínez, José Antonio Somoza Almuíña, José Eduardo Somoza Almuíña, Abelardo Pita Rego e Jesús Bellas Baamonde. En setembro dese mesmo ano cambia a directiva polo traslado do presidente e a baixa na empresa doutros directivos, e entra como presidente Celso Díaz Martínez e como vogais Rodolfo Yebra Rozas e Antonio Abeijón Fábregas.

Nun principio o carácter elitista do club quedou patente pola non admisión como socios da clase obreira nin de persoas da localidade que non foran empregados da empresa. Desta maneira soamente podían formar parte o persoal técnico, administrativo e subalterno.

Este grupo de empresa estaba integrado na Obra Sindical de Educación e Descanso, que á súa vez organizaba campionatos deportivos, concursos literarios e artísticos, etc.

49. A. M. AS PONTES. Correspondencia de Alcaldía, ano 1958. O alcalde no seu informe manifesta en relación coa conduta, moral dos membros da xunta directiva o seguinte: "son personas que gozan de excelente conducta bajo todos los aspectos siendo afectos al Glorioso Movimiento Nacional, non constando antecedentes desfavorables..."

O club financiábase coa achega da propia empresa, que a principios dos anos 60 achegaba 6.000 pesetas, e dos socios que ascendían a principios dos anos 60 a 380 afiliados, que pagaban cotas que oscilaban entre as 10 e 30 pesetas. Os socios ademais do servizos de bar dispoñían dunha biblioteca, unha discoteca e unha hemeroteca.

Esta tutela e dependencia financeira da empresa supoñía un dispositivo de control máis. Isto era así porque o número de actividades era amplo e afectaban á maioría do cadro de persoal. E por outra banda tiñan un claro significado que era o de trazar vínculos de camaradería profesional e estimular a práctica deportiva para fomentar a saúde da man de obra.

A principios dos anos 60 outras das actividades patrocinadas pola empresa eran as seguintes:

- Festa de Nadal e Reis Magos onde a empresa regalaba vales para cambiar no economato por artigos comestibles, e xoguetes a razón de 931 produtores por 250 pesetas cada un e 542 nenos de 2 a 8 anos a razón de 100 pesetas cada un.
- Turismo social: Excursións aos seguintes lugares: praia de Cabanas, 42 viaxes; praia de Miño, 4 viaxes; praia de Valdoviño, 8 viaxes; cidade da Coruña, 3 viaxes; Feira de Mostras de Ferrol, Santiago de Compostela (ano santo), Santuario de Covadonga e ás Rías Baixas. Disfrutaron destas viaxes 3.000 persoas cun custo total de 130.000 ptas, aboando a empresa o 50%.
- Cine, proxectadas 56 películas e 80 documentais.
- Televisión: funcionou diariamente o aparato que regalou a empresa.
- Piscina: contaba cun censo de bañistas de 13.000 e realizábanse cursiños de natación infantil para 122 nenos/as.
- Deportes: O equipo titular do complexo ascendeu de 1ª División Rexional a 3ª Nacional. O número de socios é de 498 masculinos e 84 femininos que pagan cotas que oscilan entre as 15 e 50 ptas. A empresa achegou na tempada 66/67 a cantidade de 300.000 ptas.

Participaron nas competicións propias da súa especialidade os equipos deportivos das seccións de atletismo, remo, ciclismo, pesca e xadrez.

Outras accións sociais ou para o tempo libre nestes anos eran as seguintes:

- Préstamos especiais para vivendas, préstamos para vehículos a motor, dende turismos a motocicletas, e préstamos sobre haberes. Constituía outra posibilidade de control sobre os traballadores e no caso dos turismos e motocicletas axudáballes á empresa a respectar a puntualidade e chegar menos canso ao traballo.
- Na campaña de Nadal da vila das Pontes entregouse un donativo de 5.000 ptas.



Competicións deportivas na piscina do poboado

- Premios ao persoal produtor: concedidos en metálico 24 premios a produtores por un importe total de 42.000 ptas.
- Medallas conmemorativas dos 20 anos de servizo: entregadas 18 a persoal empregado e 38 a persoal obreiro.
- Festas de exaltación do traballo que tiñan lugar o 17 e 18 de xullo. Foron celebradas na praza próxima ás oficinas xerais da empresa⁵⁰.

5.6 A igrexa e a relixiosidade

A primeira capela instalouse provisionalmente en 1950 no local do economato destinado, en principio, para casino de empregados, cunha capacidade para 80 persoas. Este carácter de provisionalidade vaise manter até ben entrados os anos 60. Así, aínda que a finais de 1961 se aproba o proxecto de igrexa definitiva, non é até abril de 1962 cando se solicita a oportuna licenza municipal⁵¹ e se inician as obras. En 1963, a raíz da visita do

50. A. M. AS PONTES. Escrito de D. José Antonio Endeiza Obieta, presidente da comisión de festas do 18 de xullo, solicitando autorización ao alcalde para a celebración da citada festa. 19 de xuño de 1957.

51. A. M. AS PONTES. Licenza solicitada por D. Ramón Ochoa de Alda, xefe administrativo de ENCASO, solicitada o 23 de abril de 1962 e concedida o 4 de maio de 1962. Os planos non aparecen asinados por ningún arquitecto.

presidente do INI, Juan Antonio Suanzes, acórdase activar o seu remate, se ben non se rematará até 1965, inaugurándose no mes de xullo⁵².

Está adicada á Nosa Señora da Luz, en memoria da esposa do entón presidente de ENCASO, Luis Arias Martínez⁵³.



Igrexa poboado na actualidade

Está edificada sobre unha parcela de 3.375 m². As súas dimensións son de 40 x 30 m. cunha superficie cuberta de 748 m². A estrutura é de formigón armado, con revestimento exterior de pedra e cuberta de pizarra.

Atópase situada no centro do poboado e dispón dunha praza dianteira que permite a súa contemplación.



Exercicios espirituais 1959

A contrución da capela primeiro e posteriormente a igrexa responde á finalidade de atender ás necesidades espirituais dos traballadores e ás súas familias e constitúe un dispositivo para moralizar á poboación e que servirá para xerar lealdade e consentimento na mesma. Con este propósito a empresa organizará exercicios espirituais e charlas

relixiosas. Na igrexa celebráranse festividades relixiosas como a festa de San Xosé Artesán (1 de maio), San Xosé Obreiro (18 de xullo), Santa Bárbara (4 de decembro), o día do Corpus, conferencias relixiosas, primeiras comunións, etc.

A presenza da igrexa e do relixioso estivo sempre moi patente tanto no INI como nas súas empresas. En todos os poboados que constrúe o INI ou as súas empresas edificáran unha igrexa.

52. RIVEIRA ROUCO, E. (1976), p. 119.

53. Falecido o 26 de setembro de 1964, foi enterrado en Madrid. O 26 de novembro de 1965 os seus restos foron depositados na recién finalizada igrexa das Pontes, de acordo co seu desexo.

A intervención da igrexa deixábase ver no ensino xa que todos os plans de estudo e a educación oficial está chea de relixiosidade, e tamén na fábrica, sendo unha constante a preocupación pola vida espiritual dos traballadores. Por este motivo no municipio celébranse misas de campaña que teñen lugar na praza da escola á que acoden os traballadores de permiso ou misas na propia fábrica.

Un acto social de importancia na vida do poboado e da igrexa foi a celebración das primeiras comunións para os que a empresa regalaba un traxe ou tecidos cos que cose-lo para os fillos e fillas de produtores.



Comuñón igrexa poboado, anos 70

A participación dos produtores na vida relixiosa no poboado complétase coa realización de viaxes a santuarios ou a Roma a renderlle homenaxe ao papa Xoan XXIII, conferencias de orientación espiritual, conferencias coresmais, cursiños de cristiandade, etc.



Misa na igrexa do poboado

CONCLUSIÓNS

O Estado franquista industrializador realizou a través de ENCASO unha magnífica operación de propaganda e imaxe utilizando como ferramentas prácticas paternalistas onde o control é exercido polo patrón, neste caso o Estado-Empresa, e onde ten cabida a retórica falanxista e cristiá que seguiu á Guerra Civil. Esta operación levouna a conseguir o título de “empresa exemplar” no ano 1962.

Coa construción do poboado de vivendas e as instalacións de servizos que completaban as necesidades básicas dos traballadores e das súas familias estas gozaban dunha vivenda e do seu tempo de ocio organizado, barato e de certa calidade. Durante este tempo o proxecto paternalista foi un éxito.



Franco e Suances na visita a ás Pontes e poboado

En canto ao poboado e as súas vivendas podemos distinguir unha elevada concepción do espazo, dos edificios públicos, etc. Todo indica que a empresa volcouse na súa construción buscando un efecto propagandístico. Neste a xerarquización é evidente. Esta xerarquización tradúcese en moitas categorías laborais que están moi patentes na vida social da empresa e do poboado. Os tipos de vivendas, as axudas, e incluso os exercicios espirituais serán distintos para xefes e subordinados, ou para obreiros e empregados.

Nas instalacións de servizos enfatízanse as intervencións paternalistas e permitía outorgar aos traballadores un status de privilexio con respecto aos do resto da vila. Así na escola e na educación a intervención paternalista foi acusada construindo o colexio para os fillos dos traballadores e no referido á formación profesional buscou un sistema de autoabastecemento coa escola de aprendices no que o alumnado procedía fundamentalmente de fillos de traballadores.

En canto ao tempo libre a través dos grupos de empresa manexou o ocio de centos de traballadores e das súas familias.

Na sanidade, contaba co seu propio hospitaliño coa súa organización médica allea ao servizo médico obrigatorio e nas residencias e os comedores existentes quedou patente tamén a xerarquización da empresa.

Por último, o economato actuaba como subministrador de artigos na época do racionamento e controlaba a inflación. Ao mesmo tempo perfilaba a un traballador que se sentía privilexiado e alleo á maior parte dos problemas que tiñan os traballadores doutras empresas.

Este control e a xerarquización existente contribuíron a crear un modelo de traballador acomodado e con intereses divididos que quizais explica a pasividade fronte ás reivindicacións laborais.

Este mundo entra en quebra cos plans de estabilización e a chegada doutros modos de entender o poder. Esta nova orde tivo como consecuencia que Suanzes deixara o Instituto en 1963 e que acarrearía profundos cambios sociais en ENCASO e en todas as empresas do INI. As prestacións sociais, a solución aos problemas de vivenda, véñense abaixo.

Houbo aspectos que foron certamente de calidade como os urbanísticos e construtivos que foron destacados por diversos autores (Martínez Suárez, 2005, 2007; e Souto López e Núñez Orjales, 2012), certos modos de entender o tempo libre, etc. Non obstante a falta de liberdades e sobre todo, nun marco de recursos escasos como a posguerra española, o Estado e ENCASO realizaron un investimento importante para unha minoría, e nada para o resto da poboación, o que o fai máis criticable.

A falta de opción que presenta todo sistema non democrático e, sobre todo, o uso illado deste tipo de complexos e o moito para uns (que é o que se exhibe como logros do réxime) e pouco ou nada para outros é o que o fai máis criticable. Un uso discrecional que

parte de crear o excepcional para uso propagandístico, e que acaba convertíndoo en obxecto de disputas entre os propios traballadores.

Ademais o tempo encargouse de demostrar que o sistema se desmoronou cando a democracia desmontou a patronal-estado e as empresas públicas, e a empresa non estaba alí cada vez que había que reparar, reconstruír. Este foi outro dos produtos do paternalismo: poboado envellecido, actividades de tempo libre paralizadas por falta de axuda económica ou apoio organizativo, festas que deixaron de facerse, escola que pasa a ser xestionada pola Xunta de Galicia, economato convertido en supermercado ...

As Pontes de García Rodríguez, febreiro de 2013.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO DEL VAL, I.; ANDRÉS ÁLVAREZ, V. “De obrero a productor: Standard Eléctrica, un ejemplo de paternalismo industrial durante el franquismo”, *Historia y fuentes orales: Historia y memoria del Franquismo*, Ávila, pp. 503-519.
- ARRIAGA CARMONA, F. “Teoría y práctica de la construcción en la España de la Autarquía. El Instituto Nacional de Industria, la Empresa Nacional Calvo Sotelo y la refinería de Escombreras”. *Actas del Cuarto Congreso Nacional de Historia de la Construcción. Cádiz. 27-29 de enero de 2005*. Madrid. Instituto Juan de Herrera. SedHC. Arquitectos de Cádiz. COAT. 2005. pp. 77-86.
- BABIANO MORA, J. *Paternalismo industrial y disciplina fabril en España, 1938-1958*. Madrid, Consejo Económico y Social, 1998.
- BALLESTERO, A. *Juan Antonio Suanzes, 1891-1977. “La política industrial de la posguerra*. Madrid, Lid, 1993.
- BOGAERTS, J. *El mundo social de Ensidesa*, Avilés, Azucel, 2000.
- CAÑIZARES RUIZ, M. C. *El proceso de urbanización de la ciudad de Puertollano*. Ciudad Real. Diputación de Ciudad Real. Biblioteca de Autores Manchegos. 2001.
- FERNÁNDEZ PAREDES, A., MARTÍN ALBALADEJO, J. Y GARCÍA GONZÁLEZ, J. *El poblado de REPESA. Un lugar que fué*. Tarragona. Círculo Cultural Cartagenero de Tarragona. ICUE. 2009.
- GALANTE GÓMEZ, F. *Historia crítico-descriptiva de la arquitectura canaria*. Canarias. Consejería de Educación, Cultura y Deportes. 1987.
- GARCÍA, J.L. *Prácticas paternalistas: un estudio antropológico sobre los mineros asturianos*. Barcelona, Ariel, 1996.
- INSTITUTO NACIONAL DE INDUSTRIA. Empresa Nacional Calvo Sotelo de Combustibles Líquidos y Lubricantes. *Descripción general del grupo de Puentes de García Rodríguez*. Madrid. INI. 1949.

- INSTITUTO NACIONAL DE INDUSTRIA. *Empresa Nacional Calvo Sotelo de Combustibles Líquidos y Lubricantes. Fábrica de abonos nitrogenados del Complejo Industrial de Puentes de García Rodríguez*. Madrid. INI. 1959.
- LERMA LOSCOS, J. y FABRO ESTEBAN, G. *De carbón es la luz. Historia de ENCASO (1942-1972) y ENDESA (1972-2005) en las cuencas mineras turolenses*. Zaragoza. Fundación Endesa. 2007.
- LÓPEZ DÍAZ, J. “Vivienda social y Falange: ideario y construcciones en la década de los 40”. *Scripta Nova. Revista electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*. 7 (146).
- MARTÍN ACEÑA, P. y COMÍN, F. I.N.I. *50 años de industrialización en España*. Madrid. Espasa Calpe. 1991.
- MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. *As Pontes de García Rodríguez. Da vila medieval aos polígonos de vivendas. A construción da Galicia urbana*. A Coruña. Consellería de Vivenda e Solo. 2007.
- MARTÍNEZ SUÁREZ, X.L. “El poblado de As Veigas de As Pontes de García Rodríguez”. *Congrés Colónies Industrials i habitatge obrer en la península ibérica. 26-29 de octubre de 2005*. Museo de la Ciencia y de la Técnica de Catalunya. pp. 176-187.
- NÚÑEZ ORJALES, M. e SOUTO LÓPEZ, M. “El poblado industrial das Veigas en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña): evolución histórica, problemática urbanística y jurídica”. *De Re Metallica*. 18. Enero-junio 2012. pp. 43-54.
- PEÑA RAMBLA, F. “Paternalismo y control social en la industria franquista: la empresa Segarra en la Vall d’Uixó”, *Sociología del Trabajo*, núm. 34, pp. 109-131.
- RAMÍREZ MADRID, L.F. *1942-1992. 50 años de historia de la industria*. Puertollano. Ayuntamiento de Puertollano. 1992.
- RAMOS GOROSTIZA, J. L. “El descontento frente a la ciudad industrial: reformismo social y “ciudad jardín” en España, 1900-1923. *Revista de Historia Industrial*, N° 37. 2008. 2. pp. 85-122.
- RIVERA ROUCO, E. *Estudio sobre la historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca. Puentes de García Rodríguez*. Liceo Recreativo y Artístico. 1976.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e LOSADA ÁLVAREZ, A. F. “Paternalismo empresarial y “desarrollismo”. Reflexiones sobre la construcción del poblado minero de Fontao”. *Revista Galega de Economía*. 16. núm. Extraordinario.
- RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e LOSADA ÁLVAREZ, A. F. *O poboado mineiro de Fontao. O volframio na historia empresarial e urbanística de Galicia*. Pontevedra. IGVS. Xestur Pontevedra. 2002.
- SIERRA ÁLVAREZ, J. *El obrero soñado: ensayo sobre paternalismo industrial (Asturias, 1860-1917)*, Madrid, Siglo XXI, 1990.
- SOUTO LÓPEZ, M. “Notas históricas de As Pontes ”. CASTRO M.M.; RAMOS, R.; RODRÍGUEZ, J. *As Pontes: Un concello na procura da súa identidade histórica. Elementos pedagóxicos para a súa identificación*. Santiago. Tórculo. 1996, pp. 37-75.

- SOUTO LÓPEZ, M. “O poboado da Empresa Nacional Calvo Sotelo. Un exemplo de cidade xardín na España franquista”, en *Hume. Revista de Estudos Históricos Locais*, Nº 5, Ano 2012, pp. 91-175.
- SWARTZ, P. y GONZÁLEZ, M.J. *Una historia del Instituto Nacional de Industria (1941-1976)*. Madrid. Tecnos.1978.
- TATJER, M. “La vivienda obrera en España de los siglos XIX-XX: De la promoción privada a la promoción pública (1853-1975)”. *Scripta Nova. Revista electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*. Vol IX. Núm. 194 (23). 1 de agosto de 2005. pp. 1-17.
- UREÑA, G. *Arquitectura y urbanística civil y militar en el período de autarquía (1936-1945)*. Madrid. Itsmo. 1979.
- ZALBA GONZÁLEZ, E. “Vanguardia y arquitectura en la década de 1930. Proyectos inéditos de José Blasco Robles para el Puerto de la Cruz”. *Revista de Historia Canaria*. Nº 190. 2008. pp. 135-168.

ÓLEOS DE ABELARDO MIGUEL EN EL CUARTEL DE NUESTRA SEÑORA DE LOS DOLORES DE FERROL

María Fidalgo Casares

Doctora en Historia del Arte

In memoriam de Miguel López Leira



Fontelonga

A mediados de la década de los 70, el artista eumés Abelardo Miguel había abandonado su rutilante trayectoria y se encontraba retirado en su Pontedeume natal, automarginado de los circuitos artísticos, cuando como hecho excepcional emprenderá una de las obras más atípicas de su carrera: una serie de lienzos para la decoración del Cuartel de Infantería de Nuestra Señora de los Dolores¹, como encargo del que fuera entonces Coronel del Tercio Norte, José Manuel Fidalgo².

1. Tras arduas pesquisas y dentro de la investigación realizada con motivo de la elaboración de la Tesis Doctoral sobre el artista, esta colección de lienzos ha sido localizada en fecha reciente. El testimonio del eumés Santiago Vila fue fundamental para este hallazgo.

2. Curiosamente, en la villa y entre sus familiares y amigos más cercanos se le conocería con el nombre de pila después de Gonzalo.

Abelardo Miguel López Leira “*Abelardo Miguel*” (Pontedeume 1918-1991)³ fue un pintor que entregó toda su vida a la proyección artística de Galicia, y desarrolló una de las trayectorias menos conocidas pero más auténticas y representativas de la pintura gallega de los últimos siglos. A día de hoy su figura comienza a valorarse encuadrada en los máximos exponentes de la pintura identitaria, debido a los ingentes valores etnográficos y antropológicos de su obra, que convierten a ésta en indiscutible Patrimonio Cultural de Galicia. En la Revista Cátedra, pionera en los estudios sobre el pintor, se han abordado en profundidad diferentes facetas de la interesante personalidad pictórica de Abelardo Miguel. Este trabajo de investigación se centra en un proyecto atípico y hasta ahora desconocido dentro de la investigación y catalogación de los lienzos del artista.

La atipicidad de estas obras que proyectó para el cuartel de Dolores en Ferrol, hay que valorarlas no sólo por lo que significan en la trayectoria del pintor, que se dedicaba a unos géneros muy distintos y completamente enraizados en la idiosincrasia de Galicia, sino también dentro de la tipología de los cuadros habituales en los cuarteles de la Armada, dedicados a temas marinos o náuticos, y normalmente muy figurativos y de rigida raigambre académica.



Abelardo Miguel pintando uno de sus clásicos lienzos de marineros

3. Gran Enciclopedia Gallega . Voz López Leira Abelardo Miguel Ir Indo Edicions 2005.

Abelardo Miguel, uno de los máximos representantes de la pintura postimpresionista gallega, poco o nada tenía que ver con el tipo de pintores habituales en los recintos militares, aunque algunos de sus personales cuadros de marineros habían sido adquiridos para la decoración de buques de la Armada, contruídos en el astillero ferrolano.

El encargo respondía al gusto personal del Coronel José Manuel Fidalgo (1920-1987), que aparte de su formación en la Armada, completó sus estudios en los Estados Unidos, en los que destacó en la especialidad de Operaciones Anfíbias. Poseía una sólida formación humanística, que materializó licenciándose en la Universidad Complutense en Filosofía y Letras mientras tuvo su destino en el Alto Estado Mayor. Así mismo se desenvolvía con facilidad en francés e inglés, idiomas en los que también estaba titulado y en los que leía de forma habitual, habiéndose encontrado entre su extensa biblioteca, muchos ejemplares en estos idiomas.

Existían estrechos lazos que vinculaban al militar y al artista pues se conocían desde niños por haber compartido infancia y vecindad en la medieval villa de Pontedeume. Los padres del Coronel, Don Recaredo Fidalgo y su mujer Teresa Fernández habían sido maestros de la villa, fundaron allí su familia de siete hijos y vivieron en la misma calle de la Pescadería, calle natal del pintor. Pero además existía una intensa relación que unía al militar y al artista, ya que siendo ambos unos adolescentes habían compartido las terribles vivencias de la Guerra Civil, ya que se habían alistado juntos y habían sido compañeros de regimiento. Abelardo resultaría gravemente herido en el pulmón durante la contienda y nunca se recuperaría.

Abelardo Miguel, excepcionalmente dotado para el arte, destacó desde su infancia como dibujante. Pese a su humildísimo origen, ya que era hijo de una familia numerosa de once hermanos de padre marinero y madre *peixeira*⁴, pudo perfeccionar su técnica gracias a becas conseguidas por su especial talento en la Escuela de Artes de A Coruña (1934) y en la Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid (1953) y amplió estudios en Italia, Francia y Países Bajos (1956-1958). Su gran valía como pintor y su profunda galleguidad eran méritos más que sobrados para que se hubiera convertido en primera figura reconocida de la pintura gallega, sin embargo su aferramiento a un costumbrismo de raigambre academicista le hizo no ser apreciado por una crítica artística que desde mediados del XX se obcecó en valorar sólo a los pintores de vanguardia. Esto se sumó a una gran querencia que sentía por su villa natal, y una gran independencia personal que le hicieron permanecer al margen de los circuitos artísticos convencionales. El orgullo de poder vivir sólo de la pintura, ya que fue muy reconocido por el público, tal y como quedaba demostrado por el gran éxito comercial de sus obras, le hizo permanecer siempre fiel a su temática y ceñirse a unos géneros muy determinados.

4. Nombre que en Galicia reciben las mujeres dedicadas a la distribución del pescado y al marisqueo.

El gran valor de Abelardo como artista era la posesión de un sello personal que hacía todas y cada una de sus obras completamente inconfundibles. Extraordinario dibujante y colorista arrebatador, su estilo completamente personal podría considerarse postimpresionista, aunque dependiendo del género que cultivase: paisaje, bodegón, ferias agroganaderas o temática marinera, su estilo basculara entre un academicismo de corte más clásico con un gran peso de la tradición pictórica española, a apostar por concepciones totalmente postimpresionistas de raigambre cezanniana.



Coronel José Manuel Fidalgo

El Coronel Fidalgo, conocía muy bien la obra de Abelardo, visitaba con regularidad sus exposiciones y de hecho había adquirido varios de sus lienzos para regalar en bodas y ocasiones especiales. Este conocimiento derivaba de la gran relación entre su hermano Manuel Luis con el pintor ya que el primero no sólo se contaba entre las amistades más queridas del artista, sino que para algunos llegó a ser su principal valedor en el mundo del arte, aunque había fallecido unos años antes de que acometiese este proyecto.

Sin embargo, como tema de decoración, el Coronel Fidalgo no eligió ninguno de los géneros marinos que habitualmente cultivaba el artista y que tanta fama le dieron y tan vinculados a la comarca de FerrolTerra, sino que le sugirió vistas del cuartel y del recinto de Fontelonga que está anexionado al mismo. Esa fue la única imposición, dándole plena libertad para la composición y tratamiento de los mismos.

Tal vez la razón de esta elección temática fue el deseo personal del Coronel de que quedara constancia artística para la posteridad del gran trabajo de rehabilitación que habían llevado a cabo en las instalaciones del Cuartel y de Fontelonga el propio Fidalgo, mano a mano con su Teniente Coronel y amigo personal Bolívar.

También es muy posible que el Coronel señalara al artista que junto a la firma se incluyera el año de ejecución, ya que la fecha aparece en todos los lienzos del cuartel, algo que no era nada habitual en Abelardo Miguel, ya que en la catalogación de su obra apenas han aparecido dos lienzos fechados.

Fidalgo fue un militar impecable que dedicó su vida entera a la Armada... Nunca se casó y su carrera fue su única pasión vital, y se entregó en cuerpo y alma a la plaza ferrolana. Como militar de carrera, había tenido varios destinos, pero Ferrol era su ciudad preferida y a la que se dedicó con más tesón.

Entre otras actividades de su mandato en la plaza, el Coronel había emprendido una serie de interesantes obras de carácter cultural. Entre ellas impulsó la creación de un museo que recogiera todos aquellos objetos de valor y documentos que andaban diseminados por las estancias del cuartel en el edificio principal, para lo que destinó y saneó un espacio que otrora se había dedicado a innobles porquerizas. Entre otros proyectos, estuvo el saneamiento del granito de la edificación y el refuerzo de las líneas de imposta... Pero una de las actuaciones que llevó a cabo mientras fue Coronel del Tercio y de las que más orgulloso estuvo, fue la salvación y recuperación del recinto de Fontelonga, uno de los lugares más singulares y hermosos de la arquitectura neoclásica ferrolana. Este emblemático lugar, permanecía abandonado desde décadas atrás y cubierto de maleza. El Coronel Fidalgo y el Teniente Coronel Bolívar se emplearon a fondo. Cientos de soldados de reemplazo participaron moviendo toneladas de tierra con la supervisión de dos jóvenes estudiantes universitarios de arquitectura e ingeniería que se encontraban realizando las milicias universitarias y la presencia de un oficial de cantería orensano que cumplía el servicio militar en la ciudad departamental. Estos tres jóvenes, de los que no se conoce los nombres, se encargarían de la dirección de campo. La actuación de Fidalgo y Bolívar fue definitiva para las rehabilitaciones posteriores y para la configuración del aspecto actual, pese a que los recientes estudios sobre la reedificación del recinto ignoren por completo la ingente obra que acometieron⁵.

Desconocemos cual fue el estipendio que cobró por las obras, pero supone que fue muy bajo, pese a que en esa época el pintor tenía una alta cotización. El trabajo lo realizó por gratitud personal ya que apenas dos años antes José M Fidalgo, destinado en Madrid, le había ayudado a gestionar su legítima pensión como mutilado de guerra que hasta la fecha se había negado a cobrar debido a ese orgullo personal del que se vanagloriaba tanto de poder vivir de la pintura, algo tan inusual en los pintores de su entorno. La tramitación de su pensión la emprendió a instancias de su doctor y amigo personal Ángel Facio y se debió exclusivamente a un agravamiento de su enfermedad pulmonar que le hizo temer una futura y certera incapacidad para seguir pintando, lo que le dejaría sin ingresos⁶.


5. Talleres imprenta del Servicio de Publicaciones de la Armada Ferrol 2006. Ferrol y las defensas del puerto de guerra del rey la Edad Moderna 1500-1800 Vigo Trasancos, Mera Aliza Autoridad Portuaria de Ferrol San Cibrao 2008.

6. El asunto de la negativa del pintor mientras vivió el Caudillo a cobrar su pensión de mutilado de guerra es uno de los argumentos de más peso que desvinculan al artista de ser un “pintor del régimen” como se ha escrito en algún trabajo.

DESCRIPCIÓN Y ANÁLISIS DE LAS ESCENAS

Este conjunto de obras destacan por un intenso cromatismo, la modernidad conceptual y sobre todo se vislumbra su estilo inconfundible, aún en estas peculiares vistas militares, tan ajenas a la sensibilidad del pintor. Constituyen toda una lección postimpresionistas que se acerca sin ambages a la sensibilidad del naif.

Para Abelardo Miguel, el plantearse temas desacostumbrados, como estos edificios militares, le servían ante todo como reto para el desarrollo de sus posibilidades expresivas, y se esforzaba en conseguir un resultado representativo y de calidad. Era un objetivo que lograba con creces, gracias a su rigor de oficio, sin jamás perder un ápice de su intensa personalidad.



Garita de Fontelonga. Foto Piño Vidal

Abelardo era un pintor de *plain air*, practicó desde su infancia este tipo de pintura y siguió ejerciéndola hasta el fin de sus días, y para pintar el cuartel se trasladó allí con sus bártulos durante semanas y tomó apuntes del natural... pero no por ello la lectura de lo representado la realizó directamente sobre el objeto de la representación, sino como todos sus lienzos, la hizo a través de sus propios ojos.

El pintor no consideraba arte la mera transcripción fiel y objetiva de lo representado, que las comparaba con descripciones fotográficas. Por ello, en estos lienzos como en tantos otros de los suyos, alteró la exactitud topográfica sin detrimento del carácter reproductivo, en aras de la expresión y su personal creación artística.

Abelardo Miguel, se muestra en estos lienzos totalmente impresionista, en el sentido que consideraba certeramente el reputado crítico Santiago Amón “*El paisaje impresionista existe tan sólo en la retina del contemplador... Si el hombre no fija su mirada en las cosas dijérase que ellas no existen*”⁷. Dos de los óleos, los de mayor enjundia y de ejecución más elaborada, corresponden al muelle de Fontelonga y otro de pequeño tamaño, plasma la fachada principal del cuartel.

7. AMON, Santiago, “El impresionismo y las bucólicas” Suplemento cultural ABC 5 de Julio de 1981.



El Cuartel constaba de una edificación de planta cuadrada organizado entorno a un patio de armas central, y el muelle de Fontelonga, única Puerta de Mar que se conserva de las tres que tenía Ferrol. El muelle de Fontelonga había sido diseñado por Petit de la Croix y Sánchez Bort y finalizado en Octubre de 1771. De estilo ilustración,

hoy goza de la consideración de Bien de Interés Cultural. Constaba de tres partes: un muelle que se adentraba en la ría, que en época de Fidalgo se hallaba enterrado, una puerta que se abría a la línea de fortificación con estructura de arco adintelado de sillería con una protuberante y elegante garita coronada por una grácil cúpula con pináculo y un singularísi-

mo espacio de acceso que comunicaba el embarcadero con el Cuadro de Esteiro, donde inicialmente se ubicaban las oficinas importantes del Departamento, Capitanía General y Parroquia Castrense. Existía un considerable desnivel del terreno que se interponía entre ambos, para lo que los ingenieros neoclásicos idearon unas rampas escalonadas con unos arcos de descarga a modo de arbotantes entre el muro defensivo y el muro de contención.



Rampa de Fontelonga. Foto Piño Vidal

Abelardo para plasmar el recinto de Fontelonga elige la puerta principal y una vista lateral que sitúa el ángulo de enfoque de tal manera que el Cuartel aparece dominando la composición.

En el primero de ellos en primer término, recortándose ante un cielo azul salpicado de nubes, muy habitual en sus cuadros de exterior y dominan-

do la composición con gran presencia volumétrica, aparece la puerta de Fontelonga. Una gran puerta adintelada formada por sillares pétreos en hilera, cuyo empaque casi megalítico recuerda la Puerta de los Leones micénica. El estatismo de la representación y la solidez del dintel es contrarrestada ópticamente por el juego reticular de las horizontales y verticales de los sillares que le confieren un gran dinamismo. La luz abelardesca de atardecer confiere a la composición un halo romántico que homogeneiza el colorido de todos los elementos representados. El dibujo queda diluido en un empaste cromático de gran presencia donde la huella de la espátula es más que evidente y se utiliza como recurso plástico para dar más presencia al pavimento.

El gran logro de la composición es el recurso perspectivo a la manera veneciana de la presencia de arquitecturas como fondo. En este caso la llamada fachada telón es la propia puerta, y las arquitecturas son los demás elementos de Fontelonga, en concreto el cuartel y el ingenioso recurso neoclásico de salvar el desnivel mediante los arbotantes pétreos, que se ve más claramente en el segundo de sus lienzos.

También en el segundo óleo, un gran cielo con gran desarrollo nuboso comparte la parte superior de la composición con la presencia rotunda del cuartel de N^a S^a de los Dolores. Diferentes elementos conviven en el lienzo: cielo, arquitecturas, zonas terrosas,

el desnivel y el mar. Abelardo irá marcando los ritmos compositivos, ejecutados a base de la alternancia de estas masas de distinta altura y empaque dinamizando la composición, originando tensiones de gran interés, simplificará y yuxtapondrá formas, unificadas por la presencia plástica de una espátula vigorosa. Sorprende que pese al gran componente personal y al gran lirismo de la representación, la fidelidad al natural es muy rigurosa, tal y como puede observarse comparándola con la fotografía actual del mismo lugar. Posiblemente extremó esta fidelidad para complacer a Fidalgo.



Fachada del Cuartel

Abelardo pintó parte central de la fachada del Cuartel, base del Tercio Norte de Infantería de Marina, que había sido diseñado por Sánchez Bort. En la fachada principal está la entrada con adornos de orden dórico, columnas pareadas y aisladas de una sola pieza, con cuatro pilastras. Sobre la cornisa se ve un balcón de hierro con un escudo en piedra en su parte superior que ostenta las armas reales. La bandera rojigualda se recorta airosa sobre el cielo.

Se ha catalogado un lienzo más que el artista regaló personalmente al Coronel y que podría considerarse pareja del anterior. Hoy permanece en poder de la familia Fidalgo. Corresponde a una vista de conjunto del edificio principal desde la Residencia de Batallones. Ambos son lienzos mucho más ingenuos y se aproximan a la sensibilidad del naif. Son de calidad muy inferior a los dos anteriores, pero aún así tienen el encanto especial de este tipo de pintura.

Aparecen enmarcando el cuartel los azules y luminosos cielos que tanto caracterizan sus paisajes marinos y que tanto le distinguen de pintores de su generación obsecados en plasmar una Galicia brumosa y gris. La espátula vigorosa se convierte de nuevo en protagonista de la expresividad, confiriendo al lienzo una textura singular. Como detalle anecdótico, aparecen figuras humanas en ambos, en uno un soldado haciendo guardia y en el otro media decena de soldados aparecen en el ángulo inferior izquierdo, en claro movimiento, apenas esbozados.

Abelardo solía complementar sus composiciones frecuentemente con figuración. Integraba las figuras en el espacio, normalmente marinos y labriegos captados en movimientos cotidianos, buscando siempre la captación ambiental impresionista.

Otro rasgo interesantemente naif del óleo es la aparición de vehículos. Será la primera y última vez que esto suceda en su trayectoria. Aunque Abelardo, en algunos de sus lienzos de ferias agroganaderas ya había incluido autobuses de línea llenos de labriegos portando animales y productos de labranza... -curioso detalle de gran interés etnográfico- como pintor de oficio que era estaba sometido a la clientela y solía añadir o eliminar elementos a gusto del cliente, algo que hacía sin problema alguno y sin considerarlo cortapisa alguna para su creación... Pero todas las veces que incluyó estos vehículos se vio obligado a eliminarlos porque los clientes preferían vistas más románticas e idílicas de las ferias y estos vehículos con su nota de modernidad desvirtuaban algo esta concepción... Aquí la libertad de la que goza para el encargo le hace poder incluirlos...

Los lienzos del pintor han languidecido durante décadas olvidados en una pared menor de las instalaciones del cuartel... como tantas obras del artista que quedaron sepultadas por el paso de los años y el peso del olvido más absoluto⁸.

Abelardo, "*el pintor de mariñeiros*" fue relegado injustamente en aras del estudio de otros artistas, de inferior valía técnica y estilística, pero que apostaron por lenguajes menos convencionales.

8. Caso sangrante es el de los Murales de la Cooperativa de Castro, quizás una de las obras más importantes de la pintura gallega de la época, perdidas durante medio siglo y localizadas en 2005 que a fecha de hoy, alertadas las autoridades políticas y culturales de la zona, siguen en el mismo estado. La Revista Cátedra dedicó uno de sus números a este valioso hallazgo.



Vista del Cuartel de Dolores. Colección particular

Afortunadamente en los últimos años se ha despertado un notable interés por Abelardo Miguel en la cultura gallega, y hay un movimiento de reconocimiento y reparación histórica de su figura. En la actualidad el gobierno municipal del alcalde Gabriel Torrente ha aprobado por unanimidad la merecida concesión al artista del rango de Hijo Predilecto de la villa y existe un proyecto municipal de dotar a la villa de Pontedeume de un Museo que albergue las obras del pintor....

A día de hoy, nada recuerda en el regio Cuartel de Nuestra Señora de los Dolores al Coronel Fidalgo que tanto luchó por su recuperación, sin embargo los lienzos de Abelardo Miguel permanecerán durante generaciones para su recuerdo en el Tercio Norte de Ferrol.

BIBLIOGRAFIA

TESIS DOCTORAL: ABELARDO MIGUEL, Vida y obra. Universidad de Sevilla. María Fidalgo Casares

IX PREMIO DE INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA “Análisis etnográfico y antropológico de la obra de Abelardo Miguel” 2008 María Fidalgo Casares
 PREMIO DE CONTRIBUCIÓN A LA CULTURA FERROLANA “Abelardo Miguel un eumés en los círculos artísticos ferrolanos” 2008 María Fidalgo Casares

Publicaciones:

- FIDALGO CASARES M.: “Abelardo Miguel” Gran Enciclopedia Gallega 2006
 FIDALGO CASARES M.: *El programa iconográfico de Abelardo Miguel en la Cooperativa de Santa María de Castro*. “Revista Cátedra” num 14 2006.
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, pintor esquencido*. “Revista Nazón” num. 8 2007.
 FIDALGO CASARES M.: *Las Naturalezas muertas en la obra de Abelardo Miguel*. “Revista Cátedra” num. 15 2007.
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, A plástica como expresión da identidade*. “Revista Galega de Historia, Murguía” num. 15-16 2007.
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, pintor de marineros*. “Revista Raigame” 2008.
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, pintor dos homes e mulleres do mar*. “Revista Ardentía” 2008.
 FIDALGO CASARES M.: Análisis etnográfico y antropológico de la obra de Abelardo Miguel, “Revista Cátedra” num. 16 2008.
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, mucho más que un gran pintor*. “Revista das Peras” 2009.
 FIDALGO CASARES M.: *Aspectos mercantiles de la obra de Abelardo Miguel*. “Revista Cátedra” 2010
 FIDALGO CASARES M.: *Abelardo Miguel, el pintor olvidado*. “Revista de la Real Academia Gallega, Abrente” 2010
 FIDALGO CASARES M.: *Estudio técnico de la obra de Abelardo Miguel*. “Revista Cátedra” 2012
 FIDALGO CASARES M.: *La pintura de ferias y mercados: Abelardo Miguel*. “Revista folklore” 2012.
 FIDALGO CASARES M.: *El valor etnográfico del arte: Abelardo Miguel*. “SAGA, Revista da Sociedade de Antropoloxía Galega” 2012.
Historia Gráfica del Cuartel de Nuestra Señora de los Dolores (1771-2005)
 LEYRA DOMINGUEZ J.: *Pintura Ferrolana*. SAF 1987
 VIGO TRASANCOS, MERA ALIZA Ferrol y las defensas del puerto de guerra del rey la Edad Moderna 1500-1800 Autoridad Portuaria de Ferrol San Cibrao 2008.

Felipe II: “Avisado de Ferrol, que hay falta de calafates”. O CAPITÁN ALONSO DE OROZCO, UN LOBO DE MAR EN MANIÑOS

Lucía Costas, Carola Macedo e Henrique Sanfiz

Entre xullo de 1588 e maio de 1589 acaeceron feitos que mudaron a política naval da época. O fracaso do intento de invasión de Inglaterra e o inmediato ataque de Drake á Coruña, fan que Felipe II decida converter a Ferrol nunha das principais bases da costa Norde e Oeste da península, lugar de refuxio, reparación e construción de barcos. Nesa decisión é razoable pensar que tiveron influencia dous homes: Por unha banda, Martín de Bertendona, o único almirante -dun total de 8- que sobrevive ao intento de invasión de Inglaterra -o episodio coñecido como a Armada Invencible en xullo de 1588-. Tamén o capitán Alonso de Orozco, xentilhome do duque de Medina Sidonia, quen mandaba a Gran Armada que en 1588 intenta invadir Inglaterra. O capitán Orozco estableceráse logo no Pazo da Ribeira, en Maniños onde residirá nos 30 últimos anos da súa vida.

A última década do reinado de Felipe II será unha época dunha profunda crise económica e demográfica no conxunto da Corona, pero Ferrol convírtese nunha excepción e beneficiaráselle das decisións gubernamentais de localizar na ría a base naval. Comezan a construción dos castelos de San Felipe e da Palma e a instalación da fábrica de bizcocho ou fornos reais en Neda. O carácter de base naval veráselle reforzado pola escola de artille-
ría que funciona na cidade en 1590. As series de impostos recollidas polo historiador Juan Granados, reflexan nesa década unha vizosidade económica insólita en toda a península.

Segundo o historiador Manuel Gracia Rivas, o ataque inglés á Coruña en maio de 1589 provocou:

“unha gran conmoción ao poñer de manifesto, unha vez máis, a capacidade do enemigo para operar nas propias costas peninsulares e aínda que a acción fracasara, non podía ocultarse a realidade dun desembarco da infantería inglesa en chan español e a evidencia de que varias cidades se sentiran seriamente amenazadas durante os días de asedio. (...) Tomouse a decisión de trasladar a toda a armada ao porto de Ferrol, o cal reunía,

polo seu emprazamento xeográfico, as mellores condicións para o cumprimento destas misións”¹.



A Armada na Xornada de Inglaterra, no primeiro plano o "San Martín"

A comezos de 1590, atopábanse fondeadas en Ferrol un total de 47 unidades, entre galeóns, galeazas, pataches, zabras e faluas.

Unha expedición cara Bretaña parte o 7 de setembro de 1590 do porto de Ferrol. Para o envío de tropas de reforzo se utilizaron naves de maior porte pertencentes á Armada que baixo o mando de Don Alonso de Bazán permanecían no peirao ferrolán. Así en outubro de 1592, o Almirante Martín de Bertendona manda unha escuadra de 17 navíos e 2.000 soldados.

Destacaba o galeón "San Bernabé", que era "quién tomó la almiranta inglesa el año pasado".

BERTENDONA CHEGA A FERROL COA "RAGAZZONA"

Martín de Bertendona participa da denominada "Armada Invencible" ao mando da escuadra do Levante, integrada por 10 grandes buques mercantes requisados en portos italianos. Volve do episodio da Gran Armada á fronte da "Ragazzona", un buque construído en Venecia, de 1294 toneladas, 30 canóns, 80 mariñeiros e 333 soldados. Fondea na ría de Muros despois dunha travesía de moitas millas, de Lisboa ata o canle da Mancha, bordeando Inglaterra por Escocia e o Mar do Norde e retornando á península polo Océano Atlántico. Sen arboladura, achégase á Coruña e opta finalmente por refuxiarse no porto de Ferrol. Encalla na punta Fornelos, na entrada da ría de Ferrol. Toda a tripulación pode chegar a terra e incluso salvan artillería e canóns do buque. Coñece polo tanto nas propias carnes, as posibilidades de refuxio e de abrigo que ofrece a ría ferrolá. Bertendona será o único almirante dos oito da Gran Armada, que mantén o seu posto en decembro de 1588. Felipe II reclama os seus consellos e orientacións para o deseño da política naval. En Ferrol permanece e aquí sairá en novas expedicións da Armada nos anos 1590 e 1591. Comunícalle ao rei a falta de calafates na zona e Felipe II respóndelle do seguinte xeito:

"Martín de Vertandona mi capitan general de una escuadra de naos de mi armada habiendoseme avisado de Ferrol que hay falta de calafates para el

1. GRACIA RIVAS, M. *La campaña de Bretaña (1590-1598) Una amenaza para Inglaterra*, en "Cuadernos monográficos del instituto H/Lrtorzkt y Cultura Naval" 20 (1993).

apresto de las naos de mi Armada por que no se allan ningunos en aquella tierra ni alrededor muchas leguas ni tampoco en portugal y por ser tan necesario que la dicha armada salga a navegar con toda la brevedad pudiere y considerando que estando tan adelante (adelantada) la fabrica de los galeones no serán ahí menester tantos calafates como hasta aquí envió a mandar al capitan Ojeda que saque de ellos los más que se pudieren y que procurando juntar de otros también los que se pudieren los embie a la dicha Ferrol los unos y los otros con toda la mas brevedad posible en navios pequeños y muy lijeros y para que esto se pueda hazer con la que se desea le embio dos mil ducados y por que para ello habrá menester vuestro favor y ayuda os mando que se lo hagais dar asistiendole a todo, y ayudando por una parte lo que se pudiere pues veis de la importancia que es el llegar alla con mucha brevedad, que en que assi lo hagais me servireis mucho”².



Soldados s. XVI

ALONSO DE OROZCO: UNHA VIDA MILITAR E FAMILIAR

Alonso de Orozco pertenceu a unha familia fidalga cuxos membros exerceran a carreira militar desde tempo inmemorial. O seu pai, Francisco de Orozco, e seu avó Antonio de Orozco foron militares; o seu irmán Gaspar Olarte de Orozco, xenro e segundo de a bordo de Martín de Bertendona, chegaría a ser Almirante da Armada de Biscaia e outro, o capitán de artillaría Antonio de Orozco, provedor da xente de guerra do Miño ao Douro, segundo o mesmo sinala nun expediente da Real Audiencia de Galicia³.

Coñecemos a vida militar do Capitán Orozco, grazas a diversas cartas que el mesmo envía ao Rei, e a varios despachos con nomeamentos, que localizamos no Arquivo de Simancas. Dita documentación pertence ás décadas dos anos oitenta e noventa do século XVI e ocupa uns catorce anos da vida deste militar. Se temos en conta a data do seu falecemento en 1643, as datas dos citados expedientes e a súa participación, segundo os mesmos, na xornada das Illas Terceiras de 1582, podemos situar o seu nacemento c.a.

2. UI. BERTENDONA PAPERS.

3. ARG. Fondo de la Real Audiencia. Sig. 17/98.

1560 e o seu ingreso na Armada en 1578. Os fitos principais da súa carreira foron os seguintes:

Xornada das Illas Terceiras de 1582

En xullo de 1582 tivo lugar un enfrontamento, no cal a flota española baixo o mando de Álvaro de Bazán derrotou en San Miguel de Azores (Illa Terceira) á flota francesa que apoiaba ao pretendiente á coroa portuguesa Don Antonio, Prior de Crato; dese modo Felipe II asegurábase a coroa do país veciño. Mortos o rei portugués Sebastián I e o seu sucesor o Cardeal Infante Don Enrique, Felipe II reclama o trono portugués, como primo do defunto rei; para iso envía ao Duque de Alba e a Álvaro de Bazán a Lisboa, con tropas por terra e mar. En 1582 Felipe II controlaba xa Portugal e o pretendiente refúxiase en Azores onde recibe axuda do reino de Francia e das tropas do florentino Filippo Strozzi. Desde Lisboa partirán 36 barcos capitaneados por Álvaro de Bazán, entre eles, o galeón “*San Martín*”: buque portugués de 48 canóns e mil toneladas, a bordo do cal atopábase Alonso de Orozco. Esta flota enfrontárase a unha escuadra francesa, superior en número, o 26 de xullo de 1582. Logo dunha soada vitoria as tropas españolas regresan a Lisboa. Volverá Álvaro de Bazán novamente ao arquipélago en xullo de 1583, facéndose en dúas semanas co control das illas e obrigando ao aspirante ao trono portugués a fuxir a Francia.

Nomeamento de Xentilhome de Artillería

En Lisboa, o 1 de Xaneiro de 1588, Juan de Acuña, capitán xeral de artillería, en nome do Rei, entrégalle o despacho de Xentilhome de Artillería. Nesas datas estábanse preparando as tropas para a Xornada de Inglaterra ou Gran Armada. Alonso ascende na súa carreira militar, será o seu xefe inmediato o Capitán Alonso de Céspedes:



Expedición a Illa Terceira. Monasterio do Escorial

“tendo eu boa relación da calidade e partes de vos Alonso de Horozco e en consideración do que haveis servido ao Rei o noso señor e confío lle servi-

reis adiante hei ter por ben de elixiros e nomearvos como por virtude da presente vos elixo e nomeo por un dos devanditos vinte gentiles homes da dita Artilleria para que ides servindo nela como tal en todo o que se ofrecer á dita orde e disposición do devandito capitán Alonso de Céspedes"⁴.

polo novo posto recibirá de soldo doce escudos da dez reais cada un ao mes e chegando a terra unha ración ao día para o seu cabalo. A mediados do século XVI o grado de Xentilhome de artillería era equiparable a ou que hoxe en día é un oficial da armada. Había un Xentilhome cada tres pezas de artillería.

A Xornada de Inglaterra ou Gran Armada

A Gran Armada saíu de Lisboa o 30 de Maio de 1588, baixo o mando de Alonso Pérez de Guzmán el Bueno, sétimo duque de Medina Sidonia, compoñiana 130 barcos, entre os que se atopaba a capitana "*San Martín*", que portaba a insignia ducal -Alonso forma parte da súa dotación como xentilhome do duque-. Chegaron á Coruña e de alí partiron cara á Canle da Mancha o 22 de Xullo. O 31 de xullo, o "*San Martín*", enfróntase por primeira vez co buque insignia "*Ark*" capitaneado por Howard, e co "*Revenge*" de Drake, rescatando o 2 de Agosto ao galeón "*San Juan*", a piques de ser apresado; tras unha serie de escaramuzas o "*San Martín*" chega a Gravelinas, onde é rodeado e atacado. Logo dun longo periplo polas costas de Escocia e Irlanda, sufrindo moitas penalidades, a capitá regresa a Santander o 21 de Setembro de 1588, onde a dotación padecerá un grave brote epidémico, posiblemente de tifus:

*"que por el mes de septiembre del año pasado de 1588, vino al puerto de esta villa de Santander, el armada real de que fue general el duque de Medina Sidonia y desembarcó entre muy gran cantidad de gente de mar y guerra, la mayor parte de ellos destrozados y fatigados y se repararon en esta dicha villa y sus barrios y los vecinos de esta dicha villa y sus barrios los acogieron (...) y de esto se causó enfermedad grande en esta villa y murieron gran parte de los vecinos y ha oído decir que fue en cantidad de mas de seiscientas personas con pequeños y grandes"*⁵.

A dotación do "*San Martín*", de 300 homes de guerra e 177 de mar, tivo 151 baixas e numerosos feridos, entre eles o propio Alonso que perde un brazo dun balazo, quizais en Gravelinas. Un médico certificaría este acontecemento:

4. AGS. Guerra Antigua. Leg. 510.

5. GRACIA RIVAS, M., *La sanidad en la jornada de Inglaterra (1587-1588)*, Editorial Naval, Madrid (1988), 360-361.

“la capitana donde en la postrera escaramuza que se tubo con el enemigo perdió el brazo derecho de un balazo de artillería donde gasto en la cura la poca hacienda que tenía”⁶.

“Al capitán Alonso de Orozco contenido en este memorial he visto y tiene cortado totalmente el brazo derecho junto a la coyuntura del codo, que según parece ha sido de valazo y esta sin genero de esperanza de poder aprovechar del y es de manera que forçosamente ha menester un criado que le vista y assi es muy justo que su Magestad le haga merced y porque es verdad lo firme en 18 de Junio de 1596”⁷.

O contador da Armada Coco de Calderón narra o feito no seu memorial da Xornada de Inglaterra *“y otro balazo á Alonso de Orozco, gentil hombre de la artillería, que fue el derecho”⁸.*

Segundo lle declara o Duque de Medina Sidonia ao rei nunha relación posterior á xornada, *“de toda la gente de mi servicio que eran como 60, se me an muerto y enfermado, de manera que con sólo dos me e hallado”⁹.* Un deles é Orozco, segundo se reflexa na súa folia de servizos.

Nomeamento de Capitán do “León Negro”

En 1589, tralo ataque da flota inglesa á Coruña, decídese o traslado da Armada a Ferrol, o 8 de outubro de 1589 chegan á citada cidade os buques procedentes de Lisboa. Entre a súa tripulación atopábase Alonso de Orozco. En 1590 o rei Felipe II pregunta ao Consello de Guerra que facer coa Armada, e o Consello responde:

“se escojan 15 ó 20 naves gruesas y juntándole otros 12 ó 15 filibotes, poniendo en ellas la gente de guerra más escogida que pudieren llevar de los Tercios que están dedicados para ella... corran las costas de estos reinos y limpien y aseguren estos mares de corsarios y aguarden y recojan las flotas de Indias y que las demás naves se despidan y la infantería que sobrase se meta en los presidios y de esta manera se ahorrará de mucha costa y podrá V.M. entretenerse y aguardar a mejor tiempo y coyuntura para hacer la empresa principal”¹⁰.

6. AGS. Guerra Antigua. Leg. 394-312.

7. AGS. Guerra Antigua. Leg. 472-249.

8. Relación de lo sucedido á la real armada del Re/ nuestro Señor, de ques capitán general el Duque de Medina Sidonia, desde que salió de la Coruña, adonde se recojió después que salió de Lisboa con el temporal que le dio, escrita por el contador Pedro Coco de Calderón.

9. UI. BERTENDONA PAPERS.

10. GRACIA RIVAS, M. *La campaña de Bretaña...O.c.*, 41-56.

Como consecuencia desta orde, o 20 de xuño de 1590, Alonso de Orozco recibe o nomeamento, polo capitán xeral Alonso de Bazán, de capitán do “*León Negro*”, un filibote¹¹ holandés pertencente á Armada, co que realizaría dúas viaxes a Bretaña:

*“por quanto alguno de los siete filibotes holandeses que sirven en esta armada están sin capitanes, uno de los cuales es el nombrado León Negro y conviniendo al servicio de su Majestad nombrar persona de suficiencia práctica y experiencia de las cosas de la mar que sea capitán del sabiendo que estas y otras buenas partes concurren en la de vos Alonso de Orozco.....por tenor de la presente os nombro por capitán de dicho filibote nombrado León Negro”*¹².

*“hizo dos viajes a Bretaña en compañía de Sancho Pardo y Pedro de Cúbiauri”*¹³ *en los que les tomaron cinco navios ingleses”*¹⁴.

Estes filibotes atracaban no porto de Ferrol de forma periódica e estaban dispostos para a protección da costa dos ataques de corsarios, e formando parte con outros vinte e cinco navíos da armada dunha escuadra baixo o mando de Sancho Pardo Osorio, colaboraban na defensa das tropas católicas bretoas, ao mando do duque de Morcoeur, que loitaban contra Enrique IV no cerco de Brest¹⁵.

Navío “*San Andrés*”. A xornada das Azores de 1591

En 1591, por orde de Alonso de Bazán, traspásase toda a dotación que tiña o “*León Negro*” ao “*San Andrés*”, para participar ese mesmo ano na “*Xornada das Azores*”.

*“y el año de noventa y uno por orden del general don Alonso Vaçan se emvarco con la gente de artillería que tenia en el dicho león negro en el galeón Santandres por estar el dicho galeón falto de artillería y marineros y se allo en la toma de lalmiranta inglesa”*¹⁶ *“assi mismo fue sirviendo en la jornada que hizo la dicha armada el año 1591 a las islas de las flores y tercera”*¹⁷.

11. O filibote era un tipo de barco orixinario dos Países Baixos, adaptado a súas augas pouco profundas, de fondo moito mais plano que as naos e de gran lixereza; tiña unha capacidade de unhas 200 o 300 toneladas e acabou sendo o barco por excelencia dos rebeldes holandeses. PAZZIS PI CORRALES, M. DE. *La Armada de los Austrias*, “Real Sociedad de Amigos del País y Dpto. de Historia Moderna de la Universitat de Valencia”, Valencia 2001, 148.

12. AGS. Guerra Antigua. Leg. 510.

13. Sancho Pardo era realmente o xeneral Sancho Pardo Osorio e Pedro de Zubiaur un recoñecido mariño vasco da segunda metade do século XVI. Logrou vitorias de sona contra os ingleses. Felipe II nomeouno cabo dunha escuadra de filibotes e capitán xeral dunha escuadra de navíos da Armada.

14. AGS. Guerra Antigua. Leg.472-249/ Leg. 510/135

15. VV.AA. *Historia de Ferrol*, Coruña, Vía Láctea Editorial, 1999, 140-145.

16. AGS. Guerra Antigua. Leg. 505-128.

17. AGS. Guerra Antigua. Leg. 510 / Leg. 394-312.

No verán de 1591, Felipe II ordena que unha flota cruce o Atlántico en dirección a Novo Mundo, os ingleses tiveron noticia desta navegación e decidiron apostarse, cunha gran escuadra de galeones e mercantes corsarios ao mando de Howard, nas inmediaciones das Azores. En agosto partiron da Península 52 naves de Alonso de Bazán e 6 filibotes portugueses, ao chegar ás Azores foron avisados da localización dos buques ingleses e estes igualmente dos españois; Alonso de Bazán dividiu as súas tropas para atacar á flota inglesa por dúas fronteas. O día 11 de Setembro comezou o ataque, que finalizou coa fuxida dos ingleses e o apresamiento do antigo barco de Drake o “*Revenge*” comandado polo vice-almirante Richard Grenville; no abordaxe a este barco sufriron grandes desperfectos o “*Ascensión*” e a urca¹⁸ de Luís Coytiño, o “*San Andrés*”, onde se atopaba Alonso de Orozco. O “*Ascensión*” afúndese o mesmo día do abordaxe, o “*San Andrés*” ao día seguinte logo de ser rescatada o seu tripulación; a flota inglesa que fuxira chegou maltreita ao seu país, non sen antes sufrir as súas naves corsarias o ataque de Francisco Coloma que lles fixo varias presas.

Ataque ao *Revenge*

Nomeamento de Capitán do navío chamado “A nosa Señora de Ajuda”

En Madrid, o 1 de Xuño de 1592, Alonso de Bazán nomea a Alonso de Orozco, capitán da zabra¹⁹ “*Nosa Señora de Ajuda*”:

“cierto que estas y otras buenas partes concurren en la de vos el Capitan Alonso de Orozco que de doce años a esta parte haveis servido a su Majestad en las ocasiones que se han ofrecido en el dicho tiempo y particularmente en la jornada de Inglaterra siendo uno de los Xentilhomies del Artilleria y al presente estais continuando de Capitan del filibote nombrado Leon Negro desde el año pasado de 1590 que os eleji por tal y que yo

18. A urca era un tipo de embarcación similar a unha fragata, moi ancho no centro e duns 40 m de eslora, podía ser de carga para o transporte de mercancías ou de guerra, foi utilizada ata o século XVIII.

19. Aínda que a este barco se lle cita tamén como una nao era realmente unha zabra. A zabra era un buque de dous paos, orixinario do País Vasco. Facían a travesía entre España e América nuns 30 días, era rápido e con gran capacidade de carga, levaban tamén armamento, substituíu a Flota de Indias no caso dalgún perigo. O seu tonelaxe era dunhas 150 o 170 toneladas, aínda que algunhas alcanzaron as 600. PAZZIS PI CORRALES, M., de. *O.c.*, 147.

*os he visto servir a sido a satisfacción mia, he tenido por bien de elegiros y nombraros por Capitan del dicho navio nombrado Nuestra Señora de Ajuda, con las preeminencias, honras, gracias, mercedes, exenciones y libertades que por la dicha raçon os tocan y las que han tenido, tienen y goçan los demás quean sido y son Capitanes de navios de la dicha Armada real" "y el demás tiempo de Capitán de la çabra nombrada la Ajuda"*²⁰.

*"el dicho general le nombro por capitán de la nao Nuestra Señora de Ajuda habiendo otros capitanes que lo pretendían (...) a los demás capitanes que llegaron aquí antes que el dicho dio Vuestra Majestad a 29 escudos de entretenimiento y al dicho no se le an dado hasta agora"*²¹.

O Capitán Orozco atópase ao mando desta nave ata mediados de 1593 cando, por orde do Rei, devolve o barco xunto a outros cinco galeones á coroa de Portugal. Despois mantense á espera de destino ou entretido. Os memoriais da súa actividade na Armada terminan a finais do S. XVI, e en 1596 solicita a concesión dunha praza morta -praza vacante- en Lisboa ou en Galicia, pide que teñan en conta a súa historial e a súa circunstancia de mutilado de guerra:

*"en conssideracion de lo susodicho ya que peleando de los enemigos le llevaron el brazo derecho, Le haga meced de una plaza muerta en Portugal o Galicia conforme a la calidad de su persona y servicios"*²².

En 1598 morre Felipe II e sucederalle o seu fillo Felipe III. En 1603 morre Isabel I de Inglaterra. O seu sucesor Jacobo I era partidario dunha política menos belicosa, e ambos países asinan a paz de 1609 que durará ata 1624. Os ingleses absteríanse de axudar aos rebeldes holandeses, comprometíanse a tolerar aos católicos ingleses e a abandonar a piratería atlántica; os españois, pola súa banda, renunciarían a nomear un rei católico para Inglaterra e permitirían o comercio inglés nas colonias españolas. Coa paz os requerimientos da Armada son menores, o Capitán Orozco conseguiría a súa praza vacante posiblemente en Ferrol, tendo en conta que en 1607 estaba xa establecido e moi integrado na vida da cidade, pois era rexedor e xa comezara a dedicarse ao comercio. É posible que este novo destino fose na escola de artillería que se formou en devandita cidade en 1590, segundo testemuña o veedor xeral da Armada Pedro López de Soto²³, para instruír aos artilleros de campaña, algo necesario dados os malos resultados deste corpo na

20. AGS. Guerra Antigua. Leg. 510.

21. AGS. Guerra Antigua. Leg. 505-128.

22. AGS. Guerra Antigua. Leg. 472- 249.

23. VICENTE MAROTO, I. *Las escuelas de Artillería en los siglos XVI y XVII*, en "Quaderns d'Història de l'Enginyeria" V (2002-2003).

Xornada de Inglaterra fronte aos ingleses, auténticos mestres nesta arte²⁴. Uns anos despois atopamos un expediente da Real Audiencia de Coruña de 1629 que nos fala dun destino militar que ocuparía ao redor de 1623:

“En nombre del Capitan Alonso de Orozco entretenido por su majestad en el presidio²⁵ de esta ciudad” “hes Hijodalgo notorio de solar conocido y descendiente de tales (...) y principal capitán entretenido por su majestad en Coruña y rico haçendado”²⁶.

O pazo da Ribeira de Maniños

Tras o seu paso pola Armada atopámonos ao capitán Orozco en 1607 exercendo como rexedor da vila de Ferrol. Compaxina o cargo con ocupacións mercantís como a venda de viño, Ferrol transformouse nun centro de aprovisionamento das tropas e un reclamo por tanto para mercaderes e homes de negocios. Cóstanos así unha obriga duns veciños de Ares:

“...cada uno de ellos dara y pagara deuda buena leal y berdadera y conocida al capitan Alonso Orozco regidor de la villa de Ferrol o a la persona que para ello su poder uviere es a saber ciento treinta y tres reales y treinta y un maravedis los quales confesaron deberle por razon de ciento quarenta y cinco açumbres de vino tinto...”²⁷.

O capitán remata vivindo na beira sur da ría de Ferrol, na súa casa da Ribeiroa en San Salvador de Maniños.

O 18 de xaneiro de 1643, un ancián e enfermo Alonso de Orozco, testa “*verbo ad verbum*” ante o cura reitor de Maniños, don Francisco Fernández Barral. O testamento será protocolizado por Pedro de Abelleira, escribano de Ferrol, o 1 de xullo dese ano²⁸. Alonso morre o 28 de xullo de 1643 na súa casa de Ribeira en Maniños.

No que respecta ao seu o seu funeral dispuña ser enterrado dentro da igrexa parroquial de Maniños na capela maior deixando:

24. VV.AA. *Historia...*, O.c., 141.

25. O concepto de presidio non é o actual. Refírese a un acuartelamento, a súa presenza no posto posiblemente non tivese que ser permanente, o que facilitaría a súa residencia en Maniños.

26. ARG. Fondo de la Real Audiencia. Sig. 17/98.

27. ARG. Real Audiencia 21246/76.

28. ARG. Real Audiencia 25536/26, o testamento consultado e un traslado que se atopa dentro de este pleito.



Pazo da Ribeira en Maniños

“...por via de dotacion y limosna perpetua a la fabrica de dha iglesia para mi y mis dezendientes perpetuamente una leyra mia propia que fue de Teresa Viziosa...”.

O capitán Alonso deixou como descendencia catro fillas naturais. No seu testamento manifestáao:

“...declaro y digo que y siendo soltero ube a anxela de orozco muxer de Pedro de Luazes scrivano vezino del Ferrol, de una muxer soltera y a doña maria de orozco muxer de don Alonso Crespo y Francisca de Orozco muxer Pedro Lopez vezino de Santiago de Francia, las ube asimesmo siendo soltero de otra muxer soltera=y ansimesmo siendo soltero uve a Ana de Orozco muxer de Pedro Pineyro da Veyga escrivano vezino de la villa de Neda de una muxer cassada llamada Ana Diaz, natural de un lugar llamado Lesa, tierra de la Rioxa...”

As súas catro fillas son:

- Ángela de Orozco. da súa nai non temos ningunha referencia documental. Ángela contraeu matrimonio con Pedro de Luaces, escribano. Foron veciños de Ferrol.
- Ana Díaz de Orozco²⁹. Foi a súa nai outra Ana Díaz, unha muller casada, oriún-

29. O capitán Orozco defenderá o honor familiar interpoñendo un pleito contra o fidalgo de Franza Martín Vidal a quen acusa de prometer matrimonio á súa filla Ana de Orozco, “y debajo de este prometimiento tuvo con ella trato carnal” para despois casar con outra muller. Reclámalle 2.000 ducados en concepto de “indemnización”, algo común na época xa que en 1577, por exemplo, un alcalde arrestou ao duque de Feria por terse casado coa filla dun aristócrata, cando lle dera a súa promesa á irman doutro. ARG. Fondo de la Real Audiencia. Sig. 17/98.

da da Rioxa. Ana Díaz de Orozco contraeu matrimonio co escribano Pedro Piñeiro da Veiga, veciños da vila de Neda.

- Francisca de Orozco. Bautizada en Maniños o 14 de novembro de 1607. É filla, do mesmo xeito que a súa irmá María, de María Juárez, sendo solteira. Francisca de Orozco contrae matrimonio, o 19 de novembro de 1637, en Maniños, con Pedro López de Leiro, veciño de Santiago de Franza.
- María Orozco contrae matrimonio en San Salvador de Maniños, o 28 de abril de 1640, con don Alonso Lozano, fillo do sarxento Alonso Crespo Lozano e Orosia de Porras. Lozano era natural da parroquia de Sta. María da Coruña onde nacera o 11 de novembro de 1623³⁰.

É este matrimonio quen herda a casa da Ribeira, así se fai constar no citado testamento:

“...iten digo que yo prometi a Don Alonso Crespo en dote y casamiento con mi yxa Ana de Orozco la cassa en que bibo con la mas azienda qu constara de la scritura de dote..”.

A propiedade pasará logo a mans da neta do capitán, Pascua de Orozco (San Salvador de Maniños 1646-1711) quen casa en 1669 en Maniños con Alonso de Leiro³¹.

A propiedade da facenda familiar acabaría orixinando un preito entre os herdeiros, descendentes de Pascua de Orozco. Na executoria do citado preito, en 1783, ao falar da casa principal descríbese a propiedade:

“...la cual se compone de cocina, casa de horno, salas, corredores, caballerizas de ganados, bodegas corral huerta y palomar circundado sobresi con algunos arboles frutales e infructiferos a la parte del



Escudo da familia Bermúdez de Castro pertencente ao Pazo


30. AHDS. Coruña, Sta. María do Campo.

31. AP. SAN SALVADOR DE MANIÑOS. Libros Sacramentales (B.- M.- D.) I.

vendabal y poniente de dicha casa e inmendiato a esta, solo camino en medio, a la parte de entre levante y norte dos bodegas para la recolección de vino junta y pegado a ellas por la parte del poniente una capilla en que se celebra misa y tiene su altar y retablo bastante usado y lo propio las efigies de algunas imagenes que subsisten en el y pegado a todo ello por dicha de entre levante y norte una granga o cerradura circundada de sobresi la mayor parte de parral y rivero (sic.) y dentro de ella algunos arboles frutales y no frutales, una porción de viña otra de prado y otra de (...) y el fonal de todo sito un molino mas reducido que solo contempla piedra moler cuatro meses del año..."³².

A capela do pazo, demolida a mediados do século XX, estaba adicada a *"Os Desposorios da Nosa Señora"*³³ Foi edificada e custeada por María Ventura de Orozco e Lozano e o seu marido, Melchor Bermúdez Sanjurjo que contraeron matrimonio en Maniños o 6 de agosto de 1693³⁴. Consérvase unha labra heráldica dos Bermúdez.

A casa grande ou pazo da Ribeira de Maniños, tamén é coñecida como pazo dos Montenegro ou dos Bermudez. Aínda hoxe evócanos un pasado fidalgo, a lembranza do capitán Alonso de Orozco, curtido en mil batallas e que viviu nesta parróquia máis de 30 anos, a comezos do século XVII.



32. ARChV. Executorias 3518.0038.

33. AP. SAN SALVADOR DE MANIÑOS. Libro de Fábrica II.

34. AP. SAN SALVADOR DE MANIÑOS. Libros Sacramentales (B.- M.- D.) I.

BIBLIOGRAFIA

- Combate de isla Flores (Azores). Apresamiento del Revenge y muerte de Richard Grenville (1591)*, en “Revista de Historia Naval” 51 (1995).
- FERNÁNDEZ DURO, C., *Armada Española desde la unión de los reinos de Castilla y Aragón*, Vol.III, Madrid, 1897
- GONZÁLEZ, M. *Las aventuras del galeón San Martín, un símbolo de la Armada Invencible*, en “Historia de Iberia Vieja” 89 (2012).
- GRACIA RIVAS, M. *La sanidad en la jornada de Inglaterra (1587-1588)*, Editorial Naval, Madrid, 1988.
- GRACIA RIVAS, M. *La campaña de Bretaña (1590-1598) Una amenaza para Inglaterra*, en “Cuadernos monográficos del instituto H/Lrtorckt y Cultura Naval” 20 (1993).
- MARTIN C. e PARKER, G. *La Gran Armada*, Editorial Planeta, Barcelona, 2011.
- PARKER, G. *Felipe II. La biografía definitiva*, Editorial Planeta, Barcelona, 2010.
- PAZZIS PI CORRALES, M.de. *La Armada de los Austrias*, Real Sociedad de Amigos del País y Dpto. de Historia Moderna de la Universitat de Valencia, Valencia, 2001.
- SALAS, R. de. *Memoria histórica de la artillería española*, Madrid, 1931.
- VICENTE MAROTO, I. *Las escuelas de Artillería en los siglos XVI y XVII*, en “Quaderns d’Història de l’Enginyeria” V (2002-2003).
- VV.AA. *Historia de Ferrol*, Coruña, Vía Láctea Editorial, 1999.

FONTES

- AGS. Guerra Antigua. Leg. 394-312
- AGS. Guerra Antigua. Leg. 472-249
- AGS. Guerra Antigua. Leg. 505-128
- AGS. Guerra Antigua. Leg. 510
- AGS. Guerra Antigua. Leg. 510/135
- AHDS. Coruña, Parroquia de Sta. M^a do Campo.
- AP. San Salvador de Maniños. Libros Sacramentales. Bautismos, Matrimonios y Defunciones I
- AP. San Salvador de Maniños. Libro de Fábrica II
- ARG. Real Audiencia. Sig. 17/98
- ARG. Real Audiencia 21246/76
- UI. Bertendona Papers.
- AGS Archivo General de Simancas.
- AHDS Arquivo Historico Diocesano de Santiago.
- AP Arquivo Parroquial.
- ARG Arquivo do Reino de Galicia.
- UI. Universidade de Indiana

O CASTELO DOS ANDRADE: UNHA PROPOSTA DE INTERVENCIÓN. OS EXEMPLOS DE MOECHE E NARAÍO¹

Emilio Ramil González²
Juan A. Carneiro Rey³

1. RESEÑA HISTÓRICA

A estrutura feudal da sociedade, rixidamente dividida en estamentos, vai sufrir algúns cambios ao longo dos séculos centrais da Idade Media. O poder relixioso vai ter cada vez máis protagonismo. Son os mosteiros quen de exercer o poder político: cobran as rendas, impoñen tributos, etc. O seu poder vai vir dado como resultado da acumulación de terras doadas por campesiños, por nobres ou polo mesmo monarca. Tamén realizarán unha sistemática política de compras de terreos.

Pero axiña xorde a figura do “*cabaleiro*”, un tipo de nobre que vai substituír en parte á antiga alta nobreza. O cabaleiro cumpre unha función de intermediario ou encomendeiro entre o poder relixioso e o campesiñado. En épocas de debilidade do poder real, estes nobres apodéranse pola forza das encomendas dos mosteiros e co tempo pretenderán facer legal a usurpación.

Esta nobreza dos cabaleiros será a causante dos abusos e rapinas de todo tipo que exercerán sobre a poboación campesiña nos séculos finais da Idade Media. Así, por exemplo, temos noticias de que contra o ano 1270 unha representación de veciños de varias parroquias de Bezoucos e Pruzos se queixan ante o rei Afonso X dos abusos que sofren por parte dos cabaleiros, escudeiros e outros “*omes malfechores*”, que non deixaban de roubar nas súas terras.

Neste século comezan a facerse contratos que ligan o labrego á terra. Os terreos van ser aforados para que os traballen. Este tipo de contrato é produto do crecemento

1. Co agradecemento ao historiador Guillermo Llorca e ao bibliotecario e arquivista Alexandre Caínzos.

2. Arqueólogo. Socio da empresa AXA-Arqueoloxía, adicada ao estudo e conservación do Patrimonio.

3. Arqueólogo. Licenciado en Humanidades (Especialidade de Xestión do Patrimonio).

demográfico e da extensión das terras de labor, e vai facilitar o acceso do campesiño e dos seus herdeiros á terra; pero tamén fará que a terra non sexa propiedade do labrego que a traballa.

2. OS ENCOMENDEIROS

Os encomendeiros eran os homes pertencentes á nobreza de segunda fila que administraban os bens dos mosteiros e outros propietarios a cambio de protexelos. Caaveiro encomenda as súas propiedades a Xoán Pérez de Andrade: “(...) *e esta comenda vos damos porque sabemos e he verdade que o dito couto e os moradores del non poderían ser defesas sen comendeiro (...)*”⁴. Na maioría das veces esta nobreza dos cabaleiros usurpaba eses territorios que administraba, pretendendo posteriormente que quedaran no seu poder para sempre. Estas usurpacións foron frecuentes, e contamos con documentos nos que os habitantes de moitos coutos protestan ante o rei contra a abusiva actitude dos cabaleiros que tiñan terras en encomenda: “*les llevaban e les forzaban las sus mugeres e le tomaban quanto avían e los tenían presos en casas fuertes hasta que les daban quanto tenían*”.

Nas terras de Trasancos, Bezoucos ou Labacengos, o cabaleiro que pretendía apoderarse dos territorios que posuía en encomenda era o señor de Andrade. Este esixía maiores cargas de impostos aos campesiños para apropiarse destas ganancias e non revertelas na súa totalidade aos mosteiros, que eran os lexítimos propietarios das terras.

As protestas dos campesiños chegaban ao monarca, que emitía unhas cédulas obrigando os cabaleiros a devolver as encomendas usurpadas. Pero estas ordes reais eran incumplidas frecuentemente, xa que o rei non tiña medios para poder executalas.



Castelos de Moeche, Narahío e Andrade

Xoán I vai ser un gran protector dos mosteiros. Nas Cortes de Soria de setembro de 1380 suprimense as encomendas. Nese mesmo ano, nunha real cédula apremia aos cabaleiros a devolver as posesións que reteñen ilegalmente. Entre estes está Fernán Pérez de Andrade, chamado *o Bóo*. O rei tiña noticia de que “*algunos ricos omes, e Caballeros e Escuderos, atrevidamente sin razón, e sin derecho (...) ocupaban, e tomaban os lugares,*

4. FDEZ DE VIANA, J.I. ET AL: *Tumbo de Caaveiro*. “Cátedra”, nº 4. Pontedeume, 1997.

*Aldeas, e Omes Vasallos de los dhos Monasterios e Iglesias, en nombre de Encomienda, llebando dellos dineros, e pan, e otras cosas, e faziendoles servir por sus corpos, asi en labores de sus heredades (...)*⁵.

Naturalmente ao roubarlle aos campeciños as súas colleitas e non reverter esas ganancias nos mosteiros, estes *“heran benidos en grand pobreza”*. Ás veces as encomendas renovábanse nos herdeiros, xa que os conventos non podían defender as súas extensas posesións. Estas renovacións non eran ben vistas pola monarquía, que vía nelas unha perpetuación do poder señorial que usurpaba rendas e beneficios que non lles correspondían.

En particular, Fernán Pérez de Andrade tiña numerosos coutos e lugares usurpados aos mosteiros de Sobrado, Pedroso, Caaveiro, etc. Ao rei cónstalle que o Andrade lle impoñía numerosos impostos aos labregos e obrigábaos a traballar nas súas terras. Ademais non consentía que os administradores enviados polos mosteiros cumpriran co seu traballo. Até tal punto era forte a intromisión feudal que co paso do tempo os campeciños *“mas conocían a vos por Señor (Andrade), que al dho Abad e Conbento”*. Era tanta a rapina do Andrade para apropiarse das posesións dos conventos, que as denuncias contra os seus actos incluían que *“demandabades coghetas (colleitas) a las dhas grañas, (granxas) de pan, e viño, e carne, que las dhas grañas heran en ello destruydas”*.

A maior parte das ordes reais de devolución de encomendas aos mosteiros non se cumprían. As circunstancias extremas polas que pasaban os reinos nos séculos XIV e XV: revoltas internas, loitas nobiliarias... facían que o poder monárquico non tivera a forza suficiente para obrigar á devolución dos territorios usurpados.

3. OS ANDRADE

Esta liñaxe, que toma o nome do seu lugar de orixe, foi sempre unha nobreza de poucos recursos, vasalos dos condes de Lemos a quen axudaban coas súas mesnadas cando eran requiridos. Fernán Pérez de Andrade destaca na súa defensa da causa do rei Pedro I fronte ao pretendente Trastámara nos primeiros momentos da contenda. En pagamento pola súa fidelidade o rei dóalle as vilas de Ferrol, Pontedeume e a freguesía de Naraío, nun documento expedido o 1 de maio de 1364 en Murviedro:

“(...) como yo don Pedro por la gracia de Dios, rey de Castiella, de Toledo, de Leon, de Gallicia (...) Por faser bien e merçed a vos, FerrantPeres de Andrade, mio vasallo, por muchos buenos et leales servi-


5. F. VAAMONDE LORES, C.: *Colección de documentos históricos*. B.R.A.G. T.I. A Coruña, 1915.

cios que me auedes fecho et façedes de cada dia, douos en donación, por juro de heredat, para siempre jamás, las feligrasias de Villalba, Puente deume, et Santa Maria de Narayo, que es en Gallisia, en la jurisdicción de Puentes dume, con todos sus términos et vasallos et montes, et prados, et justicias, et señorío, et pechos, et fueros, e derechos foreros de la dicha feligrasias et de sus términos, segunt la pertenescen, que lo auedes por mayordago (...)”⁶.

Tras uns momentos de indecisión sobre o bando polo que tomar partido, os Andrade decidense polo do bastardo Henrique de Trastámara, unha vez que ven de que lado se ía inclinar a vitoria na guerra civil. Posteriormente o vencedor da guerra civil, Henrique II, confirmaralle os privilexios outorgados anteriormente. Este será o principio do engrandecemento da casa de Andrade.

O 19 de decembro de 1371 o novo rei Henrique II premia os servizos de Fernán Pérez de Andrade, terceiro dese nome, chamado *o Bóo*. Confírmalle a doazón das vilas de Ferrol e Pontedeume cos seus vasallos, advertíndolle que pode actuar neses territorios como se fosen a súa casa, exceptuando nas pertenzas relixiosas e as de reguengo sen a autorización real. Tamén obriga a Fernán Pérez a acudir ao chamamento do rei en caso de necesitalo para a guerra:

“(...) Nos Don Enrique, por la gracia de Dios Rey de Castilla, de Leon, de Toledo, de Galicia (...) por conocer a vos Fernan Peres de Andrade, nuestro vasallo, quanta lealtad n vos fallamos de fianza que en vos fezimos (...) e por vos dar gallardon dello



Restos do castelo de Andrade

6. Tomado de C. DE CASTRO: *Una nueva interpretación del Privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como “O Bo”*. “Cátedra”, nº 12. Pontedeume, 2005.

*e por vos fazer bien, e merçed por muchos, e buenos, e leales, e muy grandes servicios, que nos fazedes e fezistes de cada dia, porque vos e los de vuestro linaje valgades mas e seades mas honrados (...) damosvos por juro de heredad para agora, e para siempre jamás, para vos e para vuestros herederos e para los que de vos vinieren los lugares de Puente d'Ume e Ferrol, que son en Gallicia, con sus términos e al-deas e jurediciones e con montes e prados e pastos (...) e para que los podades vender, trocar (...) e todo lo que vos quisierdes como de vuestra cosa propia. Pero que los non podades fazer con hombre de orden, nin de reliçión, nin de fuera de nuestro señorío sin nuestra lizencia, é sin nuestro mandado (...) e que nos acojades en los dichos lugares e que fagades guerra por nuestro mandado (...)”*⁷.

Posteriormente dóalle Vilalba, que fora posesión do lexitimista Fernando de Castro. A partir de agora as posesións dos Andrade non deixarán de estenderse, xa por novas doazóns reais, xa por usurpación de encomendas. Contra finais do século Fernán Pérez construírá mosteiros e dotaraos abundantemente; moitas destas dotacións serán terras usurpadas con anterioridade.

4. OS IRMANDIÑOS

A primeira revolta irmandiña tivo lugar nas terras dos Andrade en 1431. Esta rebelión, chamada “*fusquenlla*”, foi dirixida contra Nuño Freire de Andrade, por sobrenome *o Mao*. As Irmandades eran corporacións defensoras do poder real que se rebelan contra os abusos a que eran sometidos os vasallos polo poder señorial. Tiñan como fin reinstaurar o poder da monarquía e a súa xustiza. Estaban dirixidos por fidalgos; formaban parte destas Irmandades tanto campesiños como xentes das vilas.

“(...) porque todo onbre es obligado morir por tres cosas: la primera por su ley; la segunda por su Rey; la tercera por su grey e por la cosa publica de su çibdad e libertad della (...) Nos los caualleros que nos aliamos confeseramos e hermandamos e nos queremos ayuntar e ayuntamos (...) a la hermandad quel dicho moy virtuoso Rey don enrique mando faser e se fiso por su mandado en la çibdad de la cruña e villa de betanços (...) Que gardaremos servicio del señor Rey e por todo (...) e faremos guerra e paz por su mandado (...) e non consyntiremos usurpar sus Rentas (...) Otrossy trabajaremos porque los caminos sean seguros asi alos naturales como alos estrangeros (...) y en nombre de los dichos conçejos e por virtud de los

7. En J. GARCÍA ORO: *Don Fernando de Andrade. Conde de Villalba (1477-1540)*. Xunta de Galicia. Santiago, 1994.

*poderes que dellos tenemos fasemos otro tal juramento como vos los dichos caualleros y gardaremos e compraremos e faremos gardar e comprar alos conçejos delas dichas cibdades e vilas e visinnos dellas (...)*⁸.

Pero a gran revolución tivo lugar en toda Galicia en 1467. Na terra dos Andrade gobernaba outro Fernán Pérez. A revolta continúa cando este morre e o sucede o seu fillo Diego. Os Irmandiños destrúen a maioría das fortalezas dos Andrade, que foron ergueitas de novo polos campeesíños unha vez derrotados.

5. ANDRADE, MOECHE E NARAÍO

Os tres castelos sitúanse nunha liña orientada de NE-SW (Moeche, Naraío e Nogueirosa) no cadrante noroccidental da provincia da Coruña, sendo a distancia máxima entre eles de 16 km. O primeiro castelo localízase na freguesía de San Xurxo, o segundo na de Santa María e o terceiro na de San Cosme. Os Andrade emparentarán cos Lemos no último terzo do século XVI. Segundo o Catastro de Ensenada (1752) os castelos aínda pertencían á condesa de Lemos nesta data, mais, axiña esta casa nobiliaria enlazaría coa de Alba, propietaria actual das tres fortalezas⁹.

O castelo de Nogueirosa, máis coñecido popularmente na comarca como o *Castelo de Andrade*, vai ser obxecto de estudo neste artigo, xunto cos de Moeche e Naraío. As tres fortificacións sufriron, en maior ou menor medida, os dramáticos acontecementos que se deron en Galicia nos séculos finais da Idade Media e con especial virulencia nas terras dos Andrade, a quen pertencían as citadas fortalezas.



As tres fortificacións presentan analoxías e diferenzas, salientando o carácter defensivo de Nogueirosa e Naraío, cuha localización na que prima o control visual de vías de acceso e de dominio da contorna. Moeche, en cambio, presenta unha localización máis en consoancia co control do territorio inmediato que se estende ao redor do castelo. Tamén

8. En Colección Diplomática de Galicia Histórica. Año I. Tipografía Galaica. Santiago de Compostela, 1901.

9. *Catastro del Marqués de la Ensenada* (1752): Parroquias de San Jorge de Moeche, Santa María de Naraío, San Cosme de Nogueirosa. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

son de destacar nesta fortificación espazos de habitabilidade que non se dan nos outros dous conxuntos, onde está máis presente o aspecto militar.

6. O CASTELO DE MOECHE

As primeiras mencións a Moeche na documentación medieval lévannos ao século X. En efecto, nunha doazón por parte de Visclávava Vistrarit ao mosteiro de San Martiño de Xubia datada o 15 de maio de 977, cítase xa a freguesía de San Xurxo: (...) *“Do etiam ecclesiam sancti Georgii de Moest integram (...) Sic sedeat ingenua post pars domini et minoribus suis. Villam Modesti habeat illam frater meus (...)”*¹⁰.

En séculos posteriores proseguen as doazóns ou vendas a distintos mosteiros por parte de propietarios dos diversos estamentos sociais. Así, o 29 de novembro de 1323, dátanse unhas doazóns de propiedades en Moeche ao mosteiro de Pedroso e a Mondoñedo: *“(...) Et mando a Sta Maria de Mondonedo o meu quinon da casa de Moesche, con toda-llas outras cousas (...)”*¹¹.

En canto á cronoloxía da erección do castelo, existen autores que coinciden nas súas hipóteses. Así, tanto Sarthou como Ángel del Castillo describen o castelo de Moeche como unha obra gótica, de finais do século XIV con reformas no século seguinte. Engade o primeiro autor que o conxunto de patio interior mais o recinto defendido á súa entrada por unha torre foi *“modesta residencia señorial de Fernán Pérez”*¹². A. López Ferreiro afirma que Enrique de Trastámara doa as freguesías de Moeche e Santa Cruz a García Rodríguez de Valcárcel en 1367, mentres que premia a Fernán Pérez con Naraño, para pouco máis tarde, no ano 1373, facelo señor de Vilalba¹³.

No obstante, autores como R. Usero, Urgorri ou Pardo de Guevara, afirman que o castelo de Moeche non pertenceu nunca a Fernán Pérez o Bóo. Salientan que unha filla deste, Constanza, herdou o couto de Moeche. Constanza casa con Pedro Álvarez Osorio e teñen un fillo: Rodrigo Álvarez Osorio. Un fillo de Rodrigo, Pedro, vai ser quen de herdar Moeche. Pedro casa en 1433 con Beatriz Enríquez de Castro e hipoteca Moeche coa súa terra. Ao enviuar de Beatriz no ano 1455 converterase no primeiro conde de Lemos. Pedro Álvarez Osorio falecerá no ano 1483¹⁴.

10. MONTERO DÍAZ, S.: *La colección diplomática de San Martín de Juvia*. Eco Franciscano. Santiago, 1935.

11. CAL PARDO, E.: *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. A Coruña, 1984.

12. DEL CASTILLO, A.: *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. A Coruña, 1972.


13. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela*. T. II-III-IV. Compostela, 1899.

14. URGORRI, F.: *Nuevos datos sobre el primitivo concejo de As Pontes y sobre el señorío de los García Rodríguez*, “Untia”, nº3. Betanzos, 1987. Pardo de Guevara, E.: *Los señores de Galicia*. Santiago, 2000. R. USERO: artigos no suplemento “Nordesía” de Diario de Ferrol. 28/03/2010 e 4/04/2010.

No que respecta ás Guerras Irmandiñas, segundo Comerma, o castelo de Moeche foi atacado cando se atopaba nel Nuño Freire de Andrade. Este consegue escapar e vai refuxiarse a Pontedeume de onde tivo que fuxir novamente. Os Irmandiños incendian e arruinan en parte o castelo, que é o mellor conservado dos tres¹⁵. Para outros autores (Usero, op. cit.) a fortaleza vai ser destruída case totalmente, pero unha vez aplacada a revolta no ano 1469, os veciños son obrigados a reconstruíla. No preito Tabera-Fonseca (1525), varias testemuñas afirman que os Irmandiños “*derrocaron la fortaleza de Moheche*” e que os vasalos tiveron que levantala¹⁶.

En diversa documentación de principios da Idade Moderna aparece a expresión “*estado de Moeche*”, refiríndose a un señorío xurisdiccional que exercía a súa autoridade como meiriño e tiña a súa sede no castelo. Nunha provisión, citada por Usero, a condessa de Lemos diríxese ao seu meiriño nomeando “*la fortaleza de Moeche, donde acostumbraís de hacer audiencia*”. No século XVI o castelo tamén se utilizaba como prisión. Estes datos dannos idea do abano temporal de habitabilidade do castelo. A finais do século XIX estivo a punto de ser totalmente desmantelado, pois a casa de Alba púxoo á venda como pedra. Evitouse este desmando grazas aos oficios e influencia de varios persoeiros e, sobre todo, pola activa oposición de Federico Maciñeira.

O castelo de Moeche localízase nunha elevación rochosa moi preto da igrexa parroquial de San Xurxo, inda que a súa situación non é a dos clásicos castelos rocheiros. Atópase no centro xeográfico dos estados dos Andrade. O edificio que se coñecía até o remate das escavacións arqueolóxicas desenvoltas ao longo de varias intervencións nos anos 1991, 1995, 2002, 2004, 2005 e 2006, é o castelo visíbel en superficie, levantado sobre as ruínas da primeira fortaleza medieval arrasada durante a revolta Irmandiña.



15. COMERMA Y BATALLA, A. A.: *Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade*. El Correo Gallego, Ferrol, 1903.

16. EN RGUEZ, GZLEZ, A.: *Las fortalezas de la mitra compostelana y los Irmandiños*. Santiago, 1984.

Este segundo edificio presenta planta poligonal que se adapta ao contraforte onde se sitúa, cunha clara inclinación leste-oeste, ocupando unha superficie de 1.350 m². Deféndese da contorna mediante un foso escavado na rocha de 5 m de ancho e 9 m de altura, que vai diminuindo cara ao oeste. Polo que sabemos, este foso tiña unha meirande lonxitude en orixe, xa que hai máis dunha vintena de anos reencheuse no seu sector NO. Rodearía, pois, todo o perímetro da construción, agás o fronte da porta principal, no oeste. Entre o foso e os muros exteriores discorre un paseo de circunvalación dende o que se accede ao baluarte a través de dúas poternas. Dende este baluarte, de planta irregular, que define a súa capacidade defensiva e o seu control da contorna, accédese ao interior da edificación pola Torre de Homenaxe, de planta cadrada e porta con rastrillo. Arredor do Patio de Armas central artículanse as catro dependencias que conforman a dita edificación; nunha delas, situada no oeste, vemos unha escaleira helicoidal en cantería que sobe até o Paseo de Ronda, que discorre polas ameas superiores. As diferentes habitacións repartíanse en dúas prantas en alzado, sendo tres no caso da Torre, que gaña en altura. Ás superiores habería que facerlles corresponder unha función nobre, como o denuncia nunha delas a presenza dunha chiminea de cantería imbuída no muro.

Hai que sinalar o papel desempeñado polo Ministerio de Traballo a través da Dirección Provincial do INEM da Coruña, a Consellería de Cultura a través da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, e o Concello de Moeche a través da Escola-Obradoiro, respecto ás diferentes intervencións arqueolóxicas desenvoltas no marco xeográfico de Moeche. O traballo realizado, baixo a premisa fundamental de potenciar a defensa e protección do Patrimonio Histórico, Etnográfico e Arqueolóxico, abrangueu aspectos relacionados co inventario, intervencións arqueolóxicas de urxencia, e escavación estratigráfica e en área do Castelo Medieval de Moeche.

O Concello de Moeche constituíuse na Entidade Promotora da citada escola-obradoiro, que comezou a funcionar o 1 de decembro de 1990, cun proxecto enfocado á restauración do elemento pétreo (cantería e cachotaría) do Castelo Medieval, Monumento Nacional do século XIV, según datos subministrados pola bibliografía existente ao respecto. En canto ao patrimonio histórico (debemos engadir o etnográfico) realizouse un Inventario para a súa protección e acometeuse unha primeira fase de restauración do castelo, intervención dirixida aos traballos de cachotaría de muros interiores e paseo de ronda, ademais de traballos de cantería de portas, ventás e esquinais en peor estado de conservación. Respecto ao patrimonio arqueolóxico propúxose un programa completo de intervención no municipio que contemplou, entre outras tarefas, a escavación arqueolóxica do castelo, a cal levou a cabo a empresa Axa Arqueoloxía S.C. en diversas campañas de actuación ao longo dos últimos quince anos e ao compás do proxecto técnico de rehabilitación proposto para o edificio.

Nas diversas campañas de escavación recuperáronse elementos estruturais pertencentes á segunda fortaleza como o pozo do castelo, canles de desaugue, o empedrado do Patio de Armas, cimentación das diferentes habitacións, así como a existencia dun primeiro asentamento defensivo que respondería á tipoloxía de torreón altomedieval reforzado con defensas perimetrais, que semellarían circulares, consistentes en muralla e foso. Coñécese un asentamento da mesma tipoloxía e cronoloxía altomedieval no concello de Ortigueira: O Castelo do Casón.

A exhumación dos restos estruturais mencionados, relacionados estratigraficamente cun nivel de incendio moi potente, indicaría unha destrución violenta da construción.

Considérase, como hipótese de traballo, o levantamento da fortaleza no século final da etapa altomedieval, mais descoñécese polo momento a familia responsábel da súa construción. É posíbel que Henrique II, dentro da súa política de *mercedes enriqueñas*, cedera a Pérez de Andrade esta primeira fortaleza de Moeche, no ano 1369. En 1431, durante a primeira *Guerra Irmandiña*, a fortaleza sería asaltada polos Irmandiños dirixidos por Roi Xordo, sendo arrasada. Permanecería abandonada até o ano 1469, finais da *Revolución Irmandiña*, momento no que os Andrade xa unidos aos Lemos obrigarían os seus vasalos a levantar unha nova fortaleza. Non se realizaría a reconstrución do antigo torreón amurallado, que realmente tería máis unha función defensiva e de control dun territorio que dun lugar de residencia; construíriase unha nova fortaleza, de maiores dimensións, unha complexa estrutura que serviría de residencia, se non permanente, si para pasar longas tempadas.

A estrutura do foso confirmase ao rematar as tres campañas de escavación en área realizadas: un foso en V, que na zona escavada afonda até 6 metros, e que sumados aos 3,40 metros dende o actual solo colmatado do foso até a parte superior do parapeto interno, confirma un total de 9,40 metros. A rocha é xisto cortado en plano inclinado aproximándose as dúas paredes do foso até a súa unión, dando a forma de V antedita.

Entre o material ergolóxico máis significativo destacaremos a cerámica, vidros, madeira, metais, ósos e cunchas. Extraéronse unha cantidade superior a 4.000 fragmentos cerámicos, nos que predominaban as vasillas globulares e as xerras, sobre outras formas como cuncas ou fontes, vasillas de colos curtos e bordos con espesamento externo semi-circular; vasillas con colos exvasados e bordos rectos ou lixeiramente apuntados, bordos en bisel, pestanados por unha moldura, e bordos rectangulares con moldura cóncava na cara superior. Predominan os fondos rectos, planos, cóncavos, ou de pé realzado. As asas eran de cinta, decoradas con incisións profundas ou incisións estreitas e alongadas; así mesmo había decoracións brunidas, impresas por dixitación ou estriadas. Atopáronse frag-

mentos vidrados por toda a superficie da peza ou ben soamente no interior. Á súa vez, as pastas variaban de moi finas a groseiras, mesmo os desgraxantes, fundamentalmente micáceos e de seixo, variando a cor das pezas entre negro, marrón, castaño, laranxa, vermellas e ocre, pero sobre todo grises. En canto á fabricación, variaba dende as pezas feitas a man, que presentaban numerosas irregularidades no grosor das paredes, a torno lento con estrías irregulares sinuosas, e a torno rápido con estrías regulares e paralelas circundando o contorno da peza. O tipo de cocción tamén variaba, sendo fundamentalmente reductora pero variando durante a postcocción a atmosfera, dende a saturada de fume á apertura do forno durante a mesma ou ben soamente ao rematar a postcocción, provocando as variacións de cor.

Os anacos de vidro foron escasos, predominando algún bordo e a decoración de liñas incisas. De madeira recuperouse un peite cunhas dimensións de 6,6 x 8,3 x 0,9 cm

Entre os restos metálicos destacaremos materiais en cobre, bronce e ferro; numismas de cobre, marabedís dos Reis Católicos, Felipe IV e Carlos II. Tamén alfinetes de bronce, variada tipoloxía de cravos, chatolas, bisagras, ferraduras, picarañas, aixadas, destacando unha pequena chave de baúl, moi ben conservada.

Mención especial merece o achado no fondo do pozo do castelo, sobre a propia rocha, mesturado con cerámica e terra enfangada, dun puñal de ferro; fáltalle a empuñadura, conservando somentes o espigo de ferro, soporte da mesma. A garda, feita en ouro, moi ben conservada, ten inserido na inflexión que hai no extremo da folla, oposto á punta, un óvalo decorativo en bronce. Nos extremos do eixe maior ten soldados sendos botóns de sección semicircular, conformando a gornición; a folla é de sección triangular, semellando atoparse bastante alterado o metal de ferro, aínda que posibelmente se conserve o núcleo, sendo recuperábel. As súas dimensións son: 291 mm (lonxitude dende o espigo até a punta), 236 mm (lonxitude da folla), e 13x8 mm (anchura da folla na súa parte media).

O puñal atópase depositado no Museo Arqueolóxico Castelo de San Antón da Coruña, xunto co resto do material procedente da escavación arqueolóxica. Hai que dicir, que está plenamente contextualizado con cerámica de cronoloxía entre os séculos XIII-XV: cerámicas grises, onde predominan os bordos exvasados, apestañados por unha moldura, ou rectos, con panzas globulares, fondos rectos, cóncavos ou de pé realzado, e asas de cinta con incisións; as decoracións son incisas, brunidas, impresas por dixitación, ou estriadas.


Hai unha grande variedade e cantidade de fragmentos óseos, cráneos, queixadas, cairos, costelas, etc, pertencentes a xabarín, cocho, mula, cabalo, ovella, vaca. No obstante en canto a restos malacolóxicos, soamente se recuperaron cunchas de ostras.

Respecto ao material ergolóxico, fundamentalmente a cerámica, confirmase unha cronoloxía entre os séculos XIII e XVII, é dicir, o inicio dunha ocupación altomedieval final ou Plena Idade Media, con pervivencia habitacional ao longo da Baixa Idade Media, prolongándose até o século XVII.

A Revolución Irmandiña é un episodio singular e moi importante dentro da historia de Galicia. Moeche conserva un conxunto arquitectónico e arqueolóxico único en Galicia: a superposición de dous castelos medievais. O de cronoloxía máis antiga, exhumado como consecuencia dun proxecto de apoio ao proxecto arquitectónico de rehabilitación do castelo actual, levantado ao rematar a revolta Irmandiña en Galicia. Un castelo con todos os elementos que caracterizan unha fortaleza medieval: un ancho e profundo foso, parapeto, paseo exterior, baluarte, murallas e Torre de Homenaxe. A investigación arqueolóxica e histórica iniciase nunha primeira fase coa exhumación de parte da muralla da primeira fortaleza altomedieval completando a súa excavación fundamentalmente no Baluarte e Habitación da Servidume do actual castelo. A escavación en área dos espazos do castelo non afectados polas obras de rehabilitación, e a exhumación completa dos restos estruturais defensivos, parte do perímetro da muralla do castelo arrasado polos Irmandiños, a súa consolidación e posta en valor, así como o debuxo no Patio de Armas do antigo torreón altomedieval, posibilita a visión dos edificios históricos superpostos, é dicir, o actual castelo levantado a finais do século XV e inicios do século XVI, finalizada a revolta Irmandiña coa vitoria da nobreza, e as ruínas arqueolóxicas do castelo asaltado durante a revolución, construído ao final da Alta Idade Media.

A posta en valor da fortaleza que se restaurou, así como os restos arqueolóxicos soterrados do primitivo castelo, é fundamental tanto dende o punto de vista patrimonial como de investigación. O obxectivo final debe ser acadar un Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña en Galicia, interesante tanto dende o punto de vista didáctico, polas súas posibilidades educativas para os centros de ensino da Comunidade, como polo seu valor turístico e socio-cultural.

Documentación Gráfica



Plano dos dous castelos superpostos (o antigo sinalado con liña discontinua)



Castelo de Moeche durante os traballos de restauración e arqueolóxicos



Vista xeral da Muralla do primeiro castelo na Habitación da Servidume. Consérvase baixo a porta de acceso ao Patio de Armas enlazando co Torreón



Vista xeral do Torreón do Castelo derrubado durante a Revolta Irmandiña





Patio de Armas co debuxo do Torreón no actual enlousado de chapacuña e Habitación da Servidume coa Muralla da primeira fortaleza consolidada



Baluarte rematada a intervención, apreciándose baixo as paredes do actual castelo a Muralla do Castelo asaltado durante a Revolta Irmandiña



Castelo de Moeche. Vista xeral da Muralla e Foso da primeira fortaleza localizada

7. O CASTELO DE NARAÍO

O Castelo de Naraío sitúase nun outeiro rochoso na parroquia de Santa María, concello de San Sadurniño. O lugar escarpado no que está asentado fai que adopte unha forma irregular e con acusados desniveis.

O nome de Naraío aparece citado en documentos de finais da Alta Idade Media, como un regato afluente do Xubia. Así, Montero Díaz (op. cit.) publica unha carta de venda por parte de Ero e Gontrode Ruderigiz datada o 18 de outubro de 1096: “(...) *flumes Narayo (...) subtus monte de Lobeira (...)*”. Ademais doutros documentos que falan da freguesía en canto que algúns habitantes doan herdades ao mosteiro de San Martiño de Xubia, ao longo do século XII¹⁷.

Fernández de Viana (op. cit.) presenta varios documentos do século XII nos que se menciona “*Narayo*” e mesmo aparece nun deles como testemuña Suarius Menendi, “*clericus de Narayo*”, na venda duns terreos sitos en Naraío ao mosteiro de Caaveiro.

17. RECUEIRO, M. et al.: *Documentos medievales del Reino de Galicia (1116-1157)*. Santiago, 1998.



Castelo de Naraíso

Respecto á orixe da fortaleza, para Murguía, Naraíso pertencía ao conde Fernando de Castro, pero unha vez vencido na guerra fratricida entre Pedro I e Henrique II, o bastardo outorgoulla a un Piñeiro¹⁸.

Para Comerma (op. cit) Henrique II dooulla a Fernán Pérez de Andrade o Bóo en 1377, xa que até daquela o castelo pertencía a Gonzalo Piñeiro, partidario de Pedro I. Desta mesma opinión é Carré Aldao, que engade ademais que no ano 1527 os Piñeiro eran outra vez donos do castelo¹⁹.

Antes do comezo da guerra civil en Castela entre os dous irmáns, Fernán Pérez de Andrade acompañou o rei Pedro I nunha expedición contra Aragón. A destacada actuación

18. MURGUÍA, M.: *Galicia*. Barcelona, 1888.


19. CARRÉ, E.: "Narahío. Provincia de La Coruña". In *Gografía General del Reino de Galicia*. Carreras Candí (Dir.) Barcelona, 1929.

do Andrade fai que en recoñecemento o rei lle outorgue a freguesía de Naraío, nun documento expedido en Murviedro o 1 de maio de 1369²⁰:

“(...) Por facer bien et mrd a vos Fernant Peres de Andrade mio vasallo por muchos buenos et leales servicios que hauedes fecho et facedes de cada dia dovos en donación por juro de heredad para siempre jamás la feligresía de Sta Maria de Narayo, quees en Gallicia, en la juron de Puentes Dume con todos sus términos et vasallos et montes et pastos et prados et justicia et Señorío et pschos et fueros et dros foreros de la dha feligresía et sus términos segunt la pertenecen que lo ayades por maioradgo (...)”.

Un Privilexio Real expedido en Burgos o 19 de decembro de 1371 polo rei Henrique de Trastámara confirmaralle a Fernán Pérez todos os privilexios concedidos polo anterior monarca²¹.

No castelo de Naraío tiña Fernán Pérez unha pequena corte e tamén servía de prisión. A fortaleza estaba localizada no sitio do Batán e tiña un alcaide que a rexía en nome do Andrade e que era o encargado de impartir xustiza. Fernán Pérez abusaba da súa condición de *“gran caballero, poderoso en el Reino de Galicia”*. Na documentación do mosteiro de Pedroso (Cal, op.cit.) existen protestas dos vasalos pedindo protección ao rei (9 de novembro de 1376). Unha sentenza do 3 de febreiro de 1377 declara o mosteiro de Pedroso exento de tributos, contra as pretensións do Andrade.



20. DE CASTRO (Op. cit).

21. Vid. GARCÍA ORO, J.: *Don Fernando de Andrade. Conde de Villalba (1477-1540)*. Compostela, 1994.

A finais do século XV figura Xoán Piñeiro como señor de Naraío, polo que Comerma aventura que cando os Irmandiños atacan os Andrade, os Piñeiro únense á revolta e apodéranse do castelo dos seus devanceiros polo que non foi destruído totalmente, xa que non ten noticias de que a fortaleza fora reconstruída posteriormente. Comerma descoñecía o preito Tabera-Fonseca, no que se toma declaración ao conde D. Fernando de Andrade, quen afirma que os Irmandiños derrocaron a fortaleza de Naraío e que o seu avó e seu pai a *“tornaron a mandar hazer a los labradores y personas que las abian derrocado”*. Outra testemuña afirma que foi servir coa súa persoa *“e con sus bueis y carro a la fortaleza de Nario”*²².

Segundo Comerma i Batalla a fortaleza foi construída por Gonzalo Piñeiro, pasando a ser propiedade sucesivamente dos Andrade, Castro, Lemos, e finalmente á Casa de Alba. A cronoloxía ocupacional da fortaleza abrangue polo tanto dende o século XIII até o século XVII²³.

A descrición tradicional do castelo menciona unha planta poligonal irregular con dous recintos: un superior coa Torre de Homenaxe de planta cadrada, cunha altura de 15 metros e un acceso elevado a través dunha porta situada a 9 metros de altura na fachada sur, accedéndose a este recinto dende unha entrada abovedada, e cunha poterna situada ao oeste-suroeste; o recinto inferior está reforzado por dous contrafortes e presenta unha nova porta orientada nordés-suroeste.

A partir do ano 2007, tras séculos de abandono, polo tanto en estado de ruína, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia inicia un plan de recuperación da fortaleza medieval: limpeza, toma de datos, e consolidación do castelo, cunha actuación arqueolóxica vinculada ao citado plan.

O director do proxecto básico e de execución é o arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez, e o director do proxecto arqueolóxico é Manuel Anxo López-Felpeto Gómez, a quen agradecemos os datos novedosos achegados polas diferentes campañas de intervención arqueolóxica que dirixiu, e que permiten unha visión moi diferente da fortaleza medieval moito máis complexa estruturalmente, con novos recintos amurallados, recuperando coiraza, barbacá, machinais, repisas, seteiras, alxibe, e camino de acceso.

Os traballos arqueolóxicos na Torre de Homenaxe permitiron documentar, segundo información de Anxo Felpeto, a imbricación dos arcos de apoio da bóveda do alxibe, da boqueira de entrada de auga no depósito, a estrutura da cambota e cheminea, e o

22. En RGUEZ, GLEZ., A.: Op. cit.

23. O Licenciado Bartolomé S. de Molina na súa *Descripción del Reino de Galicia* (1550) cita, sen máis, as fortalezas de Moeche e Naraío.

baleirado do alxibe achega elementos correspondentes á cuberta abovedada da Torre de Homenaxe, como doelas da nervadura da bóveda.

As sondaxes e decapado permitiron recuperar parte do camiño orixinal de acceso á fortaleza dende a base do outeiro, soterrado baixo dous metros de derruba das murallas e posterior colmatación a través do paso dos séculos; unha estrutura viaria que acada unha anchura de entre 2-4 m., ademais do muro perimetral que actúa no último tramo, o máis elevado, como elemento de contención das capas pavimentáreas.

Finalmente queremos facer referencia á constatación da presenza do foso defensivo perimetral, absolutamente descoñecido até a intervención arqueolóxica.

O variado e abundante material arqueolóxico recuperado, entre o que debemos destacar os abondosos elementos arquitectónicos, así como a cerámica común e louza, xunto a obxectos metálicos como os numismas, contextualizan as etapas habitacionais xa mencionadas da fortaleza medieval.



Castelo de Naraío antes da intervención patrimonial



Castelo de Naraío durante a execución do proxecto de recuperación

8. O CASTELO DE ANDRADE

É o único dos tres castelos estudados declarado monumento histórico-artístico (R.O. 13/09/1924). Reúne as características de castelo rochedo. A súa principal defensa é a privilexiada localización na que está situado. Trátase dunha fortaleza pequena e de escasa capacidade de aloxamento, polo que se pode dicir que non era lugar de residencia habitual pola incomodidade da súa situación. Comerma (op. cit.) calcula que dada a superficie do castelo non poderían moverse máis de 50 homes. Describe tamén a Torre da Homenaxe, de planta cadrada de 10 m de lado e 20 m de altura, con muros de sillaría de 2 m de espesor. Tres pisos, o máis alto cerrado por bóveda de sillaría *“que forma la plataforma rodeada de almenas y matacanes. El piso intermedio: habitación del Señor y al fondo depósito de agua. Su configuración es más regular que la de Moeche y Narahío”*. As súas defensas naturais posibilitan que unicamente sexa necesario o foso polos costados leste e sur. Como atalaia e baluarte é un monumento *“impagable”*²⁴.

Segundo Murguía, o rei Henrique II fuxindo do seu irmán Pedro durante a guerra civil, refúxiase na torre de Andrade, e dende alí, e por mar, pasa a Francia. Este monarca concede a Fernán Pérez todo o territorio que se pode ver dende a fortaleza²⁵.

Nun manuscrito do ano 1798 faise mención da doazón a Fernán Pérez de Andrade das vilas de Ferrol e Pontedeume por parte de Henrique II e faise unha pequena descrición do castelo: *“donación de toda la tierra que se ve desde el Castillo y Torre de Andrade, qe havia fabricado dho Dn Fernan Perez de Andrada con su plaza de armas qe le rodea desde oriente, a poniente, además de un foso muy profundo, cuyo castillo esta*



1918

24. Así opinan diversos eruditos: Ángel del Castillo, en diversos artigos de *Ecos del Eume* (7/09/1913; 15/07/1914); MTNEZ. BARBEITO, C: *Torres, Pazos y Linajes da la provincia de La Coruña*. A Coruña, 1978. (Este autor afirma que o castelo foi *“no ha mucho restaurado para detener su total ruina”*); ou GZLEZ. GARCÉS, M: *La torre de los Andrade*, “Puentedeume en fiestas”, 1975; e FARÍÑA JAMARDO, J.: *Os concellos galegos*. A Coruña, 1993.

25. M. MURGUÍA: Op. cit.

dominando esta Villa, y su Jurisdiccion, y se halla en términos de dha Parroquia de S. Cosme de Nogueirosa principal de la de S. Martin de Andrade, su anexo, qe presenta dha Casa de Andrade”²⁶.

No século XIX a fortaleza vai ser descrita por distintos historiadores como un “*peñasco aislado, con torre cuadrada y orientada a los cuatro puntos cardinales (...) era la entrada por la parte de Levante y Mediodía, con una gran puerta, rastrillo, plaza de armas y fuerte muralla en derredor; había que pasar un puente levadizo para la torre, la cual tenía tres pisos y un sótano profundo, labrado gran parte en el peñasco y rodeado del foso que rodeaba todo lo demás á la par de la muralla (...)*”²⁷.

O castelo de Andrade é a primeira obra militar de Fernán Pérez o Bóo cando non era máis que un escudeiro. Antes existía outro castelo, na parroquia de San Martiño, propiedade dos ascendentes do Andrade. Na documentación do mosteiro de Caaveiro cítase a esta familia como “*os do castelo*”, cando aínda non estaba construída a actual fortaleza²⁸.

A granxa de Nogueirosa foi fundada coas doazóns que Bermudo Pérez de Traba e a súa muller Dña. Urraca concederon ao mosteiro de Sobrado a mediados do século XII. No último terzo do século seguinte Fernán Pérez de Andrade ao igual que moitos encomendeiros da época apropiouse de diversos bens pertencentes a distintos mosteiros. Neste caso tamén se apodera da granxa de Nogueirosa, co fin de construír a súa fortaleza, debido á situación estratéxica na zona. A principios de 1369 comezou as obras na pena de Leboreiro, polo que foi requerido polos monxes de Sobrado para que desistise do seu propósito.

*“(...) Disso que a el e ao dho conuento era do que Fernan Peres dandrade escudeiro querria facer un Castelo et torres ena pena que chaman do lebo-reiro que he eno couto de Nugeyrosa acerca de ponte deume aqual pena e couto e lugares e herdade e señorío eran do dho mosteiro de Sobrado. Et que dho Fernan Perez dandrade non temendo a deus e em gran daño e peri-gro da sua alma por forza e contra voontade do convento e homes boos do dho Moesteiro (...) Et que o Prior e convento auyam medo e gran pabor de Fernan Perez e de seus homes (...)”*²⁹.

26. *Descripción de la Villa de Puente de Heume. Año de 1798*. Pontedeume, 1984. Introd. e notas de J.R. SORALUCE BLOND. Publicada posteriormente en “Cátedra”, nº 10. Pontedeume, 2003.

27. FULGOSIO, F.: *Crónica de la provincia de La Coruña*. Madrid, 1866. Este autor repite os datos incluídos na *Historia y descripción de la Ciudad y Departamento naval del Ferrol*, de J. MONTERO ARÓSTEGUI. Madrid, 1859. Desta mesma obra tomará datos cando fala dos Andrade Benito VICETTO: *Historia de Galicia*. T. VI. Ferrol, 1871.

28. FDEZ. DE VIANA, J.: Op. cit.; G^a. Oro, J.: Op. cit.

29. Vid. COMERMA Y BATALLA, A. A.: Op. cit.



Castelo de Andrade

Este incidente rematou cun acordo, despois dun preito, mediante o cal, o mosteiro permitiu a construción da fortaleza a cambio dunha cantidade simbólica de 10 marabedís anuais. Pero este pago fíxose só en vida de Fernán Pérez, pois os seus descendentes xa o deixaron de pagar a Sobrado. Nun documento de 1733, os monxes de Sobrado efectúan unas reclamacións sobre propiedades nas que consta mención sobre o foro de Nogueirosa³⁰.

Pero a rapina do Andrade continuou e pouco a pouco foi apoderándose doutras propiedades. En efecto, nunha real cédula dada no ano 1380 no reinado de Juan I, conmíñase os encomendeiros a que devolvan as terras que teñen usurpadas aos mosteiros (neste caso o de Sobrado) e que polo tanto non lles pertencen. Entre outros cabaleiros citados neste documento aparecen os Andrade e tamén García Rodríguez:

“(...) e a vos Fernan Perez de Andrade, e Lopo Perez de Moscoso e Garcia Rodriguez de Valcarze, e Pedro Fernandez de Andrade nuestros vasaallos salud e gracia (...) nos fue pedido porlos Prelados, en nombre de los Abades, e Prioros, e Abadesas e Prioras, e otras personas Ecclesiasticas de

30. LÓPEZ SANGIL, J. L.: *Nogueirosa: Su monasterio y su castillo*. “Cátedra”, nº 10. Pontevedra, 2003.

los Monasterios, e Iglesias, que son en los nuestros Reynos (...) que algunos ricos omes, e Caballeros, e Escuderos, atrevidamente sin razón, e sin derecho, no catando el seruicio de Dios ni el peligro de sus almas, que ocupaban, e tomauan los logares, Aldeas, e Omes Vasallos de los dhos Monasterios, e Iglesias, en nombre de Encomienda, llevando dellos dineros. E pan, E otras cosas e faziendolos servir por sus corpos, asi en labores de sus heredades, como de Castiellos, e fortalezas, que fazian en todo servidumbre como si fuesen sus vassallos (...) Et otrosi que vos el dho Fernan Perez de Andrade, que teniades en Encomienda Contra voluntad del dho abad (...) la parte que el dho Monasterio ha en el cotto de Noguerosa. Et que teniades por Encomienda la Graña de Noguerosa e otras Grañas, e Logares, que e dho Monasterio ha en estos dhos cottos (...) Ett otrosi, que bos el dho Garzi Rodriguez que tenedes asimismo en Encomienda contra su voluntad la Graña de Brion, con sus casares, omes vasallos. Et otrosi que bos el dho Pedro Fernandez de Andrade, que tenedes en encomienda contra su voluntad la Graña de Reparada, con sus omes vasallos (...) porque vos mandamos que dejedes, e desembarguedes luego al dho Abad et combento del dho Manasterio, todos los dhos Cottos, e Logares, e Grañas, e Casares, e Feligresias, e homes vasallos sobredhos, que lles asi tomastedes e habedes tenido contra derecho. Ett otrosi que les tornedes e pagedes efagades dar e pagar al dho Monasterio, e a los dos sus lugares e vasallos, todos los mrs. e pan e otras cosas qualesquier, que les hayades tomado e llevado (...)”³¹.

Fernán Pérez cumpre parcialmente a orde real³². Os preitos seguen con el e cos seus sucesores. O mosteiro de Sobrado foi aforando pouco a pouco as terras por non poder sostelas a causa dos continuos preitos cos señores.

Menos dun século despois deste feito os Andrade veranse envoltos en máis graves acontecementos: as revoltas Irmandiñas. No preito Tabera-Fonseca, xa citado anteriormente, o conde D. Fernando de Andrade afirma que os Irmandiños derrocaron as fortalezas de “*Andrade e Nario*”, varias testemuñas confirman este feito. Pero hai outra que que di que o Castelo non tivo que ser reconstruído pois defendeuse e resistiu: “*(...) oyo decir (o veciño) que derrocaran todas las fortalezas que allavan ecepto la fortaleza de Pambre e el castillo de Andrade que se defendiera e resistieran a la dicha hermandad (...) y que la dicha hermandad y todo lo susodicho se fiziera por mandado del Rey que al dicho*

31. En VAAMONDE LORES, C.: (Op. cit.). Tamén aparece parcialmente este documento na publicación do mesmo autor: *Ferrol y Puente de Ume*. Coruña, 1909. Documentos relativos a esta época intercambiábanse entre Vaamonde e A. Martínez Salazar.

32. Próxima a súa morte, Fernán Pérez realiza doazóns de propiedades que non lle pertencían. É o caso de Mugardos e Montefaro, que orixinará un preito que non se resolverá até principios do século XIX. Vid. CARNEIRO REY, J.A. e RIGUEZ, VÁZQUEZ, M.A.: *Historia de Mugardos*. Mugardos, 2004.

tiempo reinaba". Outro veciño, paxe de Diego de Andrade, afirma neste preito que a irmandade derrocou só parte da fortaleza, non toda. Esta declaración coincide con outras que afirman que os vasalos axudaban con serventías e que o Andrade "*hizo muy bien adereçar*" os seus castelos e "*sino lo hazian les tomaban los bois e los echaban presos en los suetanos de las fortalezas hasta que lo fazian*"³³.

9. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN NO CASTELO DOS ANDRADE DE PONTEDEUME

Os resultados acadados polas intervencións de carácter patrimonial desenvolvidas no castelo de Moeche e no castelo de Naraño deben servir de exemplo e motivación para recuperar o aspecto orixinal da fortaleza medieval dos Andrade en Pontedeume. A visión do castelo de Andrade ou Nogueirosa, aunando un proxecto arquitectónico de restauración e un proxecto de excavación arqueolóxica, cambiaría radicalmente, recuperándose ademais da estrutura visíbel actualmente todos aqueles elementos que permanecen soterrados que formarían parte orixinalmente do edificio medieval, ademais da estrutura defensiva do foso.

A intervención arqueolóxica permitiría acadar os seguintes obxectivos:

1. Subministrar os datos e coñecementos necesarios para definir a actuación arquitectónica do proxecto de restauración.
2. Completar o recoñecemento de particularidades construtivas do edificio, mediante a exhumación dos posíbeis niveis de derruba e pavimentado, para definir materiais utilizados e a súa disposición.
3. Descubrir os niveis de destrución que confirmarían episodios históricos contemplados en fontes documentais ou remodelacións do edificio, o asalto Irmandiño.
4. Contextualizar estratigraficamente as etapas do castelo, base de apreciación das súas diferentes fases de utilización.
5. Caracterizar ergoloxicamente o proceso histórico presente no castelo, en relación co punto 4.
6. A través do estudo dos restos materiais, obter cronoloxías pausíbeis que achegaran datos á historia da edificación e ao seu ámbito de influencia, como achega a estudos máis xerais sobre a Alta e Baixa Idade Media na zona. Achegarse á realidade do amplo dominio da Casa dos Andrade na zona centro-occidental da comunidade galega.
7. Contribuír a un mellor coñecemento da realidade desta fase histórica en Galicia, mediante o estudo detallado das súas testemuñas.

33. In RGUEZ, GLEZ.: Op. cit.

NOVAS DE PONTEDEUME E A SÚA COMARCA PUBLICADAS EN *ECOS DEL EUME* E EN *LA VOZ DE GALICIA* EN 1913

Xavier Brisset Martín

Tanto o xornal capitalino como o semanario eumés acolleron interesantes novas que seleccionamos. Entre todas elas sorprendéronme varios artigos publicados en “Ecos” valorando a unificación dos concellos de Cabanas e Pontedeume.

A proposta non foi adiante e sigue debatíndose, 100 anos despois, como única solución á viabilidade económica da xestión local no Baixo Eume.



Nese ano quedou aberta para o público a vía ferroviaria Betanzos – Ferrol e a estrada Cabanas – As Pontes. Na cidade da Coruña comezou a funcionar o tranvía eléctrico.

Na vila celebrouse a II Festa da árbore e o I Concurso gandeiro, mentres o duque de Alba subastaba algunha das súas posesións na comarca.

Varios eumeses fundaron a sociedade “La Protectora” que tivo protagonismo nos seguintes anos celebrando as Festas do peixe, por primeira vez en Galicia, ceibando salmóns no río Eume.

No rural vanse introducindo, moi a modo, as modernas máquinas trilladoras mentres as aldeas van quedando sen mozos. No fenómeno emigratorio, en pleno vigor, participaron numerosísimos adolescentes varóns que, prematuramente, se embarcaron para non ir mobilizados a Marrocos. Declarados prófugos, periódicamente se lles ofrecía o indulto sempre que pagaran a redención a metálico.

As poderosas asociacións de emigrantes continuaron asumindo responsabilidades na construción e dotación de escolas, delatando o imperdonable absentismo do Estado nesta materia.

Mentres, no Arsenal de Ferrol, segue o programa de rearme naval que ofrece traballo a case 4.000 obreiros. O 7 de maio botouse o acoirazado “Alfonso XIII”. Entre os festexos programados actuou o piloto mugardés José Piñeiro que tras numerosas pasadas a poucos metros por riba dos espectadores, caeu ó mar resultando ileso.



Pintura do acoirazado Alfonso XIII

Os traballadores do naval ferrolán protagonizaron un conflictivo fin de ano. Dende o 25 de novembro ata pasado o Nadal mantiveron parado o estaleiro esixindo a renuncia do contraestre Casado, acusado de malos tratos sistemáticos. O interlocutor da empresa, o inxeñeiro inglés Mr. Spiers, negouse a acceder á petición alegando o principio de autoridade.

A folga estendeuse á cidade, contando co apoio das asociacións agrarias da bisbarra. Personal da Mariña fíxose cargo do funcionamento da fábrica de luz e dos fornos que fornecían de pan á cidade, mentres a Garda civil protexía os envíos de leite para os hospitais.

Concentraronse forzas de Asturias, León e Palencia e dous escuadróns do Regimiento Galicia, que durante varios días foron acollidos en casas particulares de Pontedeume. Este servizo de aloxamento deu motivo a protestas pois nalgúns casos mandaron acoller a dous soldados, mentres outros veciños da mesma rúa quedaban liberados.

Cando o conflito ía para dúas semanas, os traballadores da Coruña, solidarizándose cos compañeiros forroláns, decretando a folga xeral na capital. Durante nove días, do 8 ata o 16 de decembro, parou a cidade, véndose a persoal da Armada e do Exército descargando nos peiraos.

O contraмаestre Casado firmou a renuncia, pero chegou contraorden de Londres. Se filtra nos xornais que antes de ceder, a empresa pechaba o estaleiro.

Os últimos 15 días a folga resiste gracias ó reparto de alimentos e cartos enviados dende outras cidades.

En votación secreta celebrada o 28 de decembro unha maioría dos obreiros decide regresar ó traballo. Son ceibados os detidos e non haberá represalias. Parece que Casado retirou a súa renuncia.

A folga xeral realizada na Coruña con motivo deste conflito no Arsenal, foi a terceira e última do ano. A fins de abril convocouse a primeira, en protesta da visita á cidade de Juan de la Cierva. Avogado, acudía citado pola Audiencia para defender dous casos particulares, pero seu protagonismo como ministro de Gobernación na represión da “Semana trágica” catalana, catro anos antes, aínda non se esquecera. Maurista convencido, como os máis dos conservadores coruñeses, foi, durante tres días, arroupado polos seus correligionarios tan intensamente como asubiado polos obreiros e republicáns.

Eses mesmos días comezou a folga dos metalúrxicos esixindo a xornada de oito horas. Un mes despois recibiron a solidariedade das demais sociedades obreiras que convocaron outra folga xeral na cidade durante os días 2, 3 e 4 de xuño. A mediación do alcalde e do gobernador civil foron achegando posicións polo que mandaron buscar a un dos empresarios que debía asinar o acordo e se desplazara a Carballo. Alí dixeron que marchara a Ponteceso, polo que enviaron por él o automóbil do alcalde. Pero ao parecer xa saíra para Camelle, distante varias leguas e onde se chegaba por un camiño de ferradura, polo que tiveron que arreglar sen él.

A preocupación das organizacións obreiras que desexaban manter a paz entre as nacións europeas se expresaba na II Internacional, que, coa adhesión das asociacións dos traballadores galegos, celebrou congresos en Basilea e Londres. Ante a treboada bélica que se albiscaba no horizonte, denunciar a escalada armamentística era o compromiso que unía ós traballadores de todos os países que de ningunha maneira querían enfrontarse entre si. Fracasaron, pero deso toca falar o ano que ven.

DE PUENTEDEUME

FIESTA DEL ARBOL EN ARES.—FALLECIMIENTO SENTIDO.—PAGO DE EXPROPIACIONES.—AUMENTO DE FUERZA DE LA GUARDIA CIVIL.

Debido á las exclusivas gestiones de nuestro estimado amigo D. Federico García López, profesor del Colegio que, la "Alianza Aresana de Instrucción" de la Habana, sostiene en la inmediata villa de Ares, se celebrará por primera vez en aquel hermoso pueblo, la "Fiesta del Arbol", que promete revestir gran solemnidad.

La Corporación municipal y todo aquel vecindario, prestan á la Fiesta franco y decidido apoyo, así como los residentes en las Américas, que cual D. Diego Montero Grenet envió 100 pesetas para los gastos que ocasione tan simpática Fiesta, conducta que proyectan seguir otros muchos aresanos.

De la Coruña asistirá una numerosa Comisión de la Sociedad "Amigos de los Arboles", así como otras muchas personas de Mugaros, Redes, Puente de Ume y otros pueblos.

Plácemes merece el iniciador de la Fiesta.

—En las últimas horas de la tarde de hoy, ha fallecido en este pueblo la virtuosa y caritativa señora doña Pilar López Rodríguez, esposa del comerciante de esta plaza D. Domingo Álvarez Freire.

Su muerte ha sido muy sentida en toda esta comarca, donde gozaba la finada de generales simpatías.

A su atribulado esposo y más distinguida familia enviamos la expresión de nuestro muy sentido pésame.

—A las diez de la mañana del 29 del actual, se procederá en la Casa Consistorial de Villarmayor, y por el contratista D. Rodrigo Pardo González, al pago de los terrenos que habrán de ocuparse en dicho término en la construcción de la carretera provincial de Campolongo á Areas.

Esta villa ha sido designada como cabecera de línea de la Guardia civil, y por lo tanto dentro de unos días fijarán aquí su residencia un teniente, un corneta y otro número más, que reforzarán la fuerza con que hoy contamos.

FENA.

10-1-1913

Dos médicos procesados

En la hermosa villa de Ares, falleció repentinamente el 2 del actual, la vecina de aquella villa Luisa Mourenza Rodríguez.

Desconociéndose las causas de su muerte, el Juzgado de Instrucción de Puente deume, ordenó á los médicos de Ares D. Emilio Tenreiro y D. Angel Saavedra, practicasen la autopsia. Para cumplir el mandato, personáronse los citados médicos en el Cementerio, donde estaba depositado el cadáver.

Resultó que carecían ó no llevaban el instrumental preciso para efectuarla. Solicitaron entonces del representante de aquel Juzgado municipal, que asistía como delegado, se les facilitase los repetidos utensilios.

Tampoco los había, naturalmente, y se les entregó sólo una mala sierra, con la que no podían llevar á cabo la operación, haciéndolo constar así, con la advertencia de que estaban dispuestos á obedecer lo ordenado, siempre que se les facilitase el instrumental indispensable.

El Juzgado municipal dió inmediata cuenta de lo que acontecía al de Instrucción, el que, á su vez, lo transmitió á la Audiencia territorial.

Poco tardó en recibirse, según me dicen, la orden de que se procediese contra ambos médicos. Estos son rumores, que claro está, no pueden confirmarse fácilmente; pero lo que parece que está fuera de duda, es que fueron procesados los médicos señores Tenreiro y Saavedra, por desobediencia. El digno y celoso juez de Instrucción Sr. Baquero, con el actuario Sr. Pena, el alguacil y los médicos de Puente deume señores Goyanes y Amado, trasladáronse á Ares ayer, y practicaron la autopsia con instrumental que llevaba el último.

El asunto despierta vivo interés.—Pena.

ANUNCIO

A las doce de la mañana del día 30 de Marzo de 1913, tendrá lugar en Betanzos, en la oficina del procurador D. Valentin Puente Pérez, apoderado del Excmo. señor duque de Berwick y Alba, conde de Lemos la subasta de la finca siguiente:

Una dehesa llamada del Eume, sita en la parroquia de Santa María de Hombre, Ayuntamiento y partido de Puente de Eume, situada á la margen izquierda del río Eume, poblada de robles y castaños, cabida más de 1.300 Terrados, medida antigua de Puente de Eume; linda, Norte, río Eume y herederos de Francisco Arnoso; Sur, con el término de la loma de donde recibe las aguas vertientes; Este, con el soto de Escalo, que poseen Juan Brage, Padro Fernández y otros, y Oeste, herederos del mismo Arnoso y otros. Propia.

La adjudicación se verificará bajo el tipo y condiciones á que habrá de sujetarse la venta.

20 de febreiro

DE PUENTES

Hace unos días que se han terminado las obras de la carretera de Cabañas á Puentes, poniéndose á disposición del público para toda clase de vehículos. Dicha carretera pone en comunicación á las villas de Pontedeume y Puentes por medio de un recorrido de 28 kilómetros cruzando todo el Ayuntamiento de Capela, el de Cabañas y parte del de Puentes.

Como arranca de Pontedeume débese á la protección del excelentísimo señor marqués de Figueroa, á instancias del amigo D. Andrés F. Corral y Pico, que puso empeño muy grande para llevar á cabo tal mejora, teniendo que tomarse la pesada carga de contratación, por no haber postor, y luego la construcción, luchando con los inconvenientes del año 1911 para lograr servir al pueblo donde ha nacido. Facilita el acceso á las ferias de la villa de Puentes las mejores de la comarca, que se celebran los días 1 y 15 de cada mes, y á la de las Nieves, en Capela, y á orillas de la citada ría. Los 53 kilómetros que había que recorrer de Puentes á Pontedeume, se hacen hoy en 28 menos que dista del ferrocarril próximo á inaugurarse, y que pone á esta comarca en comunicación rápida con la capital de la provincia.

También pudieron admirar una vaca del país de la variedad blanca, presentada por un expositor de la parroquia de Andrade, uno de los pocos ejemplares de este antiguo tipo que existen en la actualidad, y como puede ser que haya algún otro ejemplar ignorado por las parroquias del partido, sería muy conveniente que sus dueños no lo vendiesen, para poderlo presentar en el concurso del año próximo.

Al regresar el Jurado de La Coruña el día del concurso, tuvo necesidad de detenerse en la parroquia de Andrade a causa de un pequeño percance sufrido al automóvil, para recomendar que si la nueva cría de esta variedad casi extinguida resultaba de igual pelo que la madre, lo comunicasen al inspector le Higienec pecuaria, de La Coruña, Sr. Rof y Codina, pues sería digno de estudio y de conservarlo.

Si este concurso se hubiera celebrado el mes anterior, se hubiera conocido el hermoso ganado de pura raza gallega que

encierra este partido, y cuando el doctor Savailmanky, catedrático de Zootecnia de la Escuela Superior de Agricultura de Viena (Austria) ha estado visitando Coruña, Cambre, Lugo, Curtis, Santiago y Noya para medir, fotografiar y adquirir cabezas de raza pura gallega para el Museo de dicha Escuela en la capital de Austria, de haberlo sabido habría recorrido el partido de Puentedeume y fácilmente conseguiría lo que con tanto interés ha estado buscando en todas esas comarcas.

Nuestros labradores quedaron altamente satisfechos de la calificación hecha por el Jurado y fué de lamentar que la cantidad de dinero reunida no hubiera sido mayor para que los premios fueran más importantes; pero el Gobierno ha invertido todo el presupuesto de concursos en el de Madrid, y no ha concedido ni una peseta para los de la provincia de La Coruña.

Por la tarde visitó el concurso nuestro entusiasta diputado á Cortes, Sr. Wais, quedando muy satisfecho del éxito del mismo, y presidió el reparto de premios que, obligados por la pertinaz lluvia que caía, no pudo celebrarse en el campo del concurso, y se verificó en el vestíbulo de la Casa Consistorial.

Acompañando al Sr. Wais San Martín estuvieron el diputado provincial señor **García Nova, el alcalde Sr. Prego Pu-** min, el parroco Sr. Montes, el representante del Ayuntamiento en el Jurado don Pedro María Rios, el presidente de la progresiva Sociedad de ganaderos de San Juan de Piñeiro, D. Epifanio Díaz Rodríguez, los representantes de la Cámara agrícola de La Coruña y otras prestigiosas personalidades de la capital y del distrito.

El dinero fué entregado á cada expositor por el diputado á Cortes por este distrito, quien saludó afectuosamente á los concursantes, ofreciendo sus gestiones para años sucesivos, pues consideraba gran utilidad para el fomento de la ganadería el que se repitan anualmente estos certámenes con premios de la mayor importancia posible.

Tan sólo cuatro ejemplares se presentaron en ganado de cerda y todos mestizos, lo que demuestra que nuestros labradores, dejándose alucinar por la novedad han abandonado la raza del país.

Dos verracos pertenecían á la parroquia de Andrade y el otro fué presentado por D. Jacobo González Balado, de Ares, y la única cerda presentada era de la próxima parroquia de Centroña.

GANADO VACUNO.—RAZA MESTIZA

Sección 8.—*Becerras de uno á dos años de edad (sin dientes permanentes).*—A Pedro Ares, de Andrade, por un becerro, segundo premio, 35 pesetas; á José Vila Varela, de Hombre, por idem, tercer premio, 20 pesetas.

Sección 9.—*Toros de dos años en adelante con dos ó más dientes permanentes.*—A la Sociedad de San Juan de Piñeiro, por un toro, primer premio, 40 pesetas; á Antonio Amado, de Benantes, por idem, primer premio, 40 pesetas.

Sección 10.—*Becerras de uno á dos años (sin dientes permanentes).*—A Jesús Filgueiras, de Puentedeume, por una becerro, tercer premio, 10 pesetas; á Manuel Allegue, de idem, por idem, tercer premio, 10 idem; á Manuel Pasdín, de idem, por idem tercer premio, 10 idem.

Sección 11.—*Vacas de dos á tres años de edad (con dos dientes permanentes).*—A Marcial Rodríguez, de Redes, por una vaca, segundo premio, 15 pesetas; á Emilio Fernández, de Dorroña, por idem, segundo premio, 15 pesetas; á Rosendo Paz, de Andrade, por idem, tercer premio, 10 idem; á Celestino Porriño, de Carantofía, por idem, 10 idem.

Sección 12.—*Vacas de tres á ocho años de edad (con más de dos dientes permanentes y sin rasamiento de los segundos medianos).*—A Ramón Martiñez, de Villar, por una vaca, primer premio, 20 pesetas; á José Paz, de Andrade, por idem, 15; á José Barcia, de Cabañas, por idem, 15; á José Filgueiros, de Centroña, por idem, 15; á Antonio Ameneiro, de Andrade, por idem, 10; á José Filgueiras, de Centroña, por idem, 10.

GANADO DE CERDA.—RAZA DEL PAIS

Sección 13.—*Verracos de más de ocho meses de edad.*—Desierto.

Sección 14.—*Cerdas de más de doce meses de edad.*—Desierto.

GANADO DE CERDA. — RAZA EXTRANJERA

Sección 15.—*Verracos de más de ocho meses de edad.*—Desierto.

Sección 16.—*Cerdas de más de doce meses.*—Desierto.

GANADO DE CERDA.—RAZA MESTIZA

Sección 17.—*Verracos de ocho meses de edad.*—A José Paz Espiñeira, de Andrade, por un verraco, primer premio, 20 pesetas; á Rosendo Paz Espiñeira, de

ECOS DEL EUME

idem, por idem, segundo premio, 10 pesetas; á Jacobo González, de Redes, por idem, segundo premio, 10 pesetas.

Sección 18.—Cerdas de más de doce meses.—A Andrés Fraga Leira, de Cetroña, por una cerda, tercer premio, 10 pesetas.

El número de reses presentadas al concurso fué de 99.

Resulta que la Sociedad protectora de ganadería y agricultura, de San Juan de Piñeiro, ha obtenido seis premios de ganado presentado por sus asociados, ó sean: al toro *Bonito*, de la Sociedad, 40 pesetas; D. José Otero García, 30 pesetas; D. Esteban Graña, 20 pesetas; D. José Pazos, 25 pesetas; D. Marcial Rodríguez, 15 pesetas, y D. José Barcia, 15 pesetas.

Después de escritas las anteriores líneas, llega á nosotros una protesta respecto á la adjudicación de un premio otorgado á una vaca presentada por un vecino de Andrade, que tenía más de quince años de edad, circunstancia que parece se hizo observar á algún miembro del Jurado, ya que según las bases del concurso, no podía optar á premio, por ser la edad máxima permitida la de ocho años. Sentimos, en verdad, esos lamentos, que indudablemente debieron partir del caciquismo local, sin duda para premiar servicios políticos, y muy fundadamente creemos que los dignos vocales que de La Coruña vinieron á presidirlo, no se dieron cuenta de ese gachazo, que de haberlo observado, harían retirar la vaca de entre las que figuraban en el concurso.

ECOS DEL EUME

En el día de ayer dió principio el servicio de la conducción del correo de esta villa á Puentes de García Rodríguez, por la carretera de Cabañas á Puentes, en carruaje de cuatro ruedas, facilitando á aquella extensísima comarca la comunicación rápida con la capital de provincia, por medio del ferrocarril.

El coche correo saldrá de la villa de Puentes á las 3 de la madrugada, para enlazar en Puentedeume con el tren de las 8, núm. 51, de Betanzos á Ferrol, y con el núm. 2 de las 8'30, de Ferrol á Betanzos, como regular. Arrancará de Puentedeume á las 17'05 tarde, después de recoger el correo del tren núm. 3, de las 4'03, y los viajeros de Ferrol del núm. 4, de las 14'03, para llegar á Puentes á las 10.

Este itinerario durará interin no se apruebe el que propone la división de ferrocarriles á la Dirección, á instancias de los Ayuntamientos de la comarca, iniciadas por un artículo que hace tiempo hemos insertado en nuestras columnas.


2 de novembro

Los Ayuntamientos de Fene y Monfero, se compondrán desde el 1.º de Enero próximo, de 14 concejales, pues según el último Censo de población, exceden de seis mil habitantes.

En cuatro municipios del partido judicial, podrá, por tanto, hacerse el nombramiento de Alcalde de Real orden, Puentedeume, Mugardos, Monfero y Fene.

23 de novembro

ECOS DEL EUME



21 de diciembre

CÁTEDRA

Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2012

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do XV Premio de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos, composto por **D. Xosé Manuel González Reboredo**, doutor en Filosofía e Letras (Historia) e coordinador do Instituto de Estudos das Identidades no Museo do Pobo Galego, **D. José Alfeirán Rodríguez**, historiador, **D. José María Fonte Sardiña**, filólogo e tradutor e actuando como presidenta, **Dona Ascensión de Vicente Olarte**, Concelleira de Cultura de Pontedeume; e como secretario do xurado **D. Alexandre Caínzos**, bibliotecario municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado ***Pontedeume, Onde o mar era vida. Primeira metade do século XX*** do que é autor Manuel Bouza Faraldo.

En Pontedeume, a 29 de agosto de 2012

PONTEDEUME, ONDE O MAR ERA VIDA

Primeira metade do século XX

Manuel Bouza Faraldo



ÍNDICE

Limiar

Capítulo I: O Porto

Capítulo II: O Pósito

A Confraría Virxe do Carme

Capítulo III: Aparellos: Beta, Tramallos, Xeito, Sarandas, Nasas, Troles, Pioneiras
Mediomundo, Bou de man, Pesca coa liña, Racú e tarrafa, Boliche e xávega

Capítulo IV: As peixeiras

Capítulo V: O varadoiro

Capítulo VI: Unha aventura cara ao descoñecido

Capítulo VII: O marisqueo

Capítulo VIII: Outras actividades complementarias no mar

Capítulo IX: Vida social dos mariñeiros

Bibliografía utilizada

“Biliografía humana”

LIMIAR

Cantas historias, canto traballo pasado. A vida do mar, a dos mariñeiros. Homes e mulleres que contan historias de cando eran nenos/as ou mozos/as.

As maneiras de traballar dos homes do mar sempre chamaron a miña atención. Os seus costumes e crenzas. Cantos misterios e mitos que sempre tiveron vixencia no mundo do mar e que hoxe van esmorecendo debido aos cambios culturais que se van sucedendo co paso do tempo.

Á xente nova quizais non lles diga nada a historia aquí recollida; un modo de traballo tradicional da pesca e o seu medio natural que, no seu tempo, tivo unha importancia suprema na vida dos nosos veciños e familiares. Quizais pensen que é un conto dos avós.

Unha vida da que todo desaparecería de non ser polos recordos que as xeracións pasadas nos van deixando. Así era a vida mariñeira dentro da primeira metade do século XX.



Este era o meu pobo nos anos 20. Pontedeume era así

Bebo da fonte humana, testemuños da xente que viviu eses traballos.

Engurras, mans cheas de calos, pensamentos, vivencias, marcas na vida dos nosos mariñeiros.

Aquí aparecen aparellos, postas, alcumes, costumes...

Tradicións que pasaron de pais a fillos e de fillos... quizais non poidan pasar por falta de recursos que nun tempo si había.

Maneira de vivir, ou mellor de sobrevivir, de convivir, de sufrir, de buscar recursos. Eles son os auténticos protagonistas dunha travesía que comeza e remata cun obxectivo único: Unha homenaxe ao mundo do mar e ás persoas que viviron del nuns tempos non sobrados pero si “escravos”.

Hoxe en Pontedeume, por desgraza, o mar non é vida, aínda que nalgún tempo si o foi.

CAPÍTULO I

O PORTO

Nun percorrido polo que era a beira do mar en Pontedeume atopabamos:

O palacio dos Andrade que lindaba co mar pola parte do Torreón e horta. Cara a alí existiu o porto primitivo que, debido ao seu mal estado, comezou a ser reedificado o 17 de novembro de 1602 “a expensas de pescadores e mariñeiros”.

Un tempo máis adiante dise que foi o Arcebispo Raxoi quen o reconstruíu á súa costa.

Máis tarde, o deputado en Cortes D. Frutos Saavedra Meneses consegue unha ampliación do dito porto agora con dúas ramplas e unhas escaleiras dende o comezo da ponte até a traseira do cárcere.

A superficie que abranguía o porto chegaba até os almacéns de Raxoi. Das “Lonxas de Raxoi” aparece outorgado contrato o 28 de setembro de 1763. “Habían de ser 10 lonxas de 18 varas en oco y 8 de ancho para nelas fabricar sardiña salgada e outras cousas”. Por toda a obra Raxoi pagou 112.000 reais.

A partir dos almacéns, atopábase a fábrica de curtido de pel que data de 1864 e que substituíu a outra máis antiga.


Na zona da fábrica hai un lugar que é A Casqueira, chamado así porque era alí onde se descargaba a casca que viña das Pontes ou de Monfero e que chegaba en carros. Esta casca empregábase para tinguir a pel.

Grupo de traballadoras da fábrica de curtidos



Fíxose despois unha rúa que atravesaba a fábrica pero nun seguinte proceso, e tras un acordo da familia Tenreiro co Concello, creouse un paso por fóra da fábrica.

No 1911, sendo deputado a Cortes D. José Lombardero, ampliase o porto até a segunda das ramplas nomeadas.



O porto. Antigamente, só chegaba á fábrica de curtidos (Foto Ríos)

No 1917 a Deputación Provincial custeou a construción dunha rampla ao lado leste da ponte para o servizo das barcas que subían até o río Eume.

Durante a ditadura do xeneral Primo de Rivera (1923) ampliáase o porto desde a fábrica de curtidos até a ponte do tren cuxo trazado fora inaugurado oficialmente o 5 de maio de 1913; aínda que xa pasara un convoi procedente de Madrid cos invitados para a botadura do acorazado *Hispania* en Ferrol.

Nas primeiras épocas de actividade portuaria predominaba o transporte de madeira dos piñeiros. Todo o porto estaba cheo dela. Cargábanse lanchas que a levaban para estibar nos barcos que se encontraban ancorados preto de Redes xa que non podían entrar ao porto ben pola altura dos seus paus ou ben polo seu calado. “Madeira maioritariamente cara ás minas asturianas” (Paco Allegue).

As lanchas que carrexaban a madeira de piñeiro logo derivarían nas areiras (as lanchas areiras de Mosquera de Centroña, o Salorio ou as de Moncho o *Rujo*) que primeiro ocuparían unha superficie na que hoxe se localiza o instituto (e que foi de recheo).

O traballo nas lanchas da area era moi duro como comenta a filla de Juan Freire o *Conde*: “A zona de traballo era dende A Pía río arriba. Non había tanta xunqueira nin lama



Carga da madeira dos piñeiros (Foto Ríos)

como agora. O aumento das xunqueiras e dos depósitos de lama prodúcese a partir da construción do encoro do Eume. Metíanse no río e padexaban a area para a lancha. Anos máis adiante chegaría o uso dun cazo con varal. Unha vez cargada a lancha, xa no peirao, padexaban a area dende a lancha para as pías que quedaban feitas no porto agardando polos camiós que a carrexarían para ser empregadas na construción”.

O mar, pola parte de Esteiro, chegaba até o asilo. Nesta zona, a Gumersindo Pérez aprobáranlle unha solicitude para a concesión dun recheo coa finalidade de poñer a andar unha carpintaría participada con José Fraga que era o primeiro dono. Era a zona das Gabarras onde “un día 8 ou 10 de setembro era botado o barco co nome de *José*. Con anterioridade, nos anos 30, xa había outro barco de igual nome propiedade de Angelito o *Petapouco*. (Paco Allegue). Anos máis tarde Gumersindo tentará conseguir toda a titularidade.

Na actualidade a familia de Gumersindo Pérez continúa en litixios polas expropiacións levadas ao cabo arredor da concesión que tivera o seu pai.



Vista do porto

CAPÍTULO II

O PÓSITO

”O pósito de pescadores son asociacións para cooperar. Creados por Real orde de 5 de xaneiro de 1918. Nos séculos X e XI eran Confrarías, Gremios de Mareantes ou de Irmandades de Socorro Mutuo” (Paco Allegue). As Confrarías de Mareantes: mariñeiros, pescadores e outras actividades relacionadas co mar, aparecen supostas por algúns historiadores xa no século X.

Nas referencias recollidas dalgún historiador, aparece Afonso VII como o emperador máis xeneroso coas Confrarías de Mareantes, culminando coa “Grande Irmandade das Marismas” (1296) que defenderá os foros e os bos usos instituídos polo emperador.

As Confrarías estendéronse ao longo de toda a costa cantábrica e galega, quedando limitadas en cada porto ao réxime interno, á orde e á administración das operacións de pesca, carga e descarga e auxilio de impedidos e necesitados.

As Confrarías ditan leis que aparecen reflectidas nos estatutos, funcionamento interno e réxime económico das mesmas. Os estatutos eran moi detallados, regulando ademais todas as faenas de pesca así como os postulados ou as regras para casos de perigo.

Levábase un farol ou sinal en cada barco, sempre para avisar os compañeiros da chegada de mal tempo ou calquera outro perigo. Este sinal chamábano “talaia”. Á súa vista, todas as embarcacións aproaban cara ao porto.

A Confraría de Pescadores de Pontedeume pode reclamar o seu dereito a ser considerada unha das máis antigas de España. Esta afirmación consta nos arquivos da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

No ano 1908, co apoio do Centro Solidario da Coruña, créase a primeira Asociación de Mellora e Socorro Mutuo, tendo entrada unha acta ao Goberno Civil da Coruña co obxecto de crear A Irmandade Marítima. Esta acta aparece datada o 15 de xaneiro sendo Constantino Varela presidente e secretario José Antonio Freire. O domicilio social quedaría establecido na rúa Real número 4.



Directivos do Pósito dende 1922 ata 1929: Andrés Fermin Bugla, José Cabezal, Lorenzo Cabezal Placer, Juan Carpenle, Angel Cortizas, Manuel Fernández Doldán, Constantino Fonte, José Fonte Martínez, Vicente Freire Leira, Evaristo García, Elías García Anca, Manuel Iglesias Calvo, Jesús Iglesias Rodríguez, Cipriano Leira, Manuel Leira Varela, Juan A. Martínez Vázquez, Ramón e Miguel Montero Leira, José Navarro, Andrés Pena Calvete, Dimas Pérez Muñiz, Jesús Pérez Nabal, Angel e Juan Placer Pico, José Placer Pérez, Manuel Placer Villar, Jesús Piñeiro, Enrique e José Piñeiro Otero, José A. Piñeiro Pérez, Manuel Piñeiro Rodríguez, Angel Prieto, Antonio Rico, Francisco Rodríguez Cabana, Pedro Salgado Silver, José Mª Vázquez Cabana, Jesús e Victoriano Vázquez Otero, Constantino e Manuel Vázquez Rodríguez, Ramón Vázquez Salido, Nicolás Villar, Angel Villar Allegue e Gonzalo Villar Martínez.

Directivos do Pósito entre 1922 até 1929

Segundo consta no Regulamento xeral aprobado o 5 de xaneiro de 1908, constitúese dentro da Irmandade unha Caixa de Aforros para os seus socios. Aforros de socios que, se chegaran a pasar de 2.000 pts., depositaríanse no Banco de España. A Caixa de Aforros levaría outro libro para anotar todas as imposicións a entregar dos socios.

Noutro escrito ao Goberno da provincia, dáse entrada á Sociedade de Mariñeiros Pescadores (nova asociación) con data 1 de novembro de 1914 e domicilio en rúa Real número 8, baixo.

En Pontedeume, naqueles tempos, había seis vapores que largaban os seus aparellos fóra de Poriño Chico, deixando a ría para aparellos como xeitos e xábregas.

A Comisión Organizadora está formada por: Pedro Salgado, Jesús López, Jacinto Piñeiro, José Torrente e Andrés Leira.

Con data 3 de febreiro de 1919 solicítase rexistro dunha nova Sociedade: Unión de Pescadores de Pontedeume. O seu presidente era Raimundo Martínez Fernández, o secretario Ángel Placer e o domicilio en rúa Virtudes.

O 4 de outubro de 1920 con domicilio social en rúa San Agustín, número 29, rexístrase o Gremio de Armadores de Tarrafas e demais. Asociación solidaria creada polos propietarios de vapores xunto con outros armadores. A súa directiva compoñíana como presidente Miguel Montero Leira, vicepresidente Ramón Varela González, tesoureiro Miguel García Fernández, secretario Ramón Montero Leira e vogais Manuel Andrade Monzo e Francisco Tie Gestal.

Na solicitude tramitada diante do Goberno da provincia solicítase rexistro do Pósito de Pescadores con sede social na rúa Santiago, número 40. Con data 24 de febreiro de 1921, remítese o seu reglamento xeral sendo presidente Manuel Fernández Doldán e secretario Enrique Piñeiro Otero.

Durante décadas, os irmáns Montero lideran os armadores locais.

No regulamento aparece tamén a disposición do local social que debía dispoñer de: cantina, xogo de billar, biblioteca, escritorio, salón de lectura e salón para representacións e proxeccións de cine.

Tamén aparece reflectido no artigo 2 da Sección de Venda dos Produtos de Pesca que: “Las embarcaciones del Pósito venderán su pescado en la pescadería de la asociación y se les descontará un 2% del valor de la venta de los productos de su pesca”.

En 1925 créase a sección Cooperativa de consumo do Pósito de Pescadores de Pontedeume. O seu funcionamento comeza con 5.000 pts. O seu domicilio social localízase no baixo da casa número 30 da rúa Real. No local efectuaranse as vendas dos artigos correspondentes. No equipo de organización aparecen Manuel Fernández Doldán, Manuel Vázquez e Dimas Pérez.

A partir de 1929, e maioritariamente debido a investimentos mal planificados, disólvese o pósito e del, só sobrevive a escola de D. Frutos Fernández Martínez. Máis tarde, o Pósito será refundado.

En maio de 1930 fómase o Pósito Infantil de Pontedeume adscrito á Escola Nacional do Pósito de pescadores da dita localidade, con domicilio social na rúa Real, 30-1º”.

Os nenos asisten á Escola Nacional do Pósito de Pontedeume que ten como principal obxectivo difundir nos nenos o amor á institución dos Pósitos Marítimos, capacitándooos para que puideran dirixilos no día de mañá a través do coñecemento práctico e teórico do seu mecanismo e estrutura.

No equipo de organización aparecen Frutos Fernández e Nicolás Villar.

CONFRARÍA VIRXE DO CARME



Edificio actual do que foi a Confraría

É unha herdeira do Pósito da postguerra. Aínda sendo anterior, toma pulo aló polo 1956 coa aparición da Casa do Pescador.

No primeiro piso estaba a escola de D. Álvaro Vázquez Penedo, compartida despois con D. Pablo Díaz Novo, cando no pobo tamén existía o Grupo Escolar Agustín Tenreiro onde podíamos atopar a D. Apolinar.



Grupo Escolar Agustín Tenreiro

Os ditos centros educativos desapareceron trala construción no solar (que antigamente ocupaba a fábrica de curtidos), do Grupo Escolar Couceiro Freijomil que foi asinada no 1971 a pesar “de que a familia Tenreiro tentara impedi-lo para a construción de vivendas; pero, a resposta dende Madrid foi que xa estaba asinado” (Paco Allegue). No pobo tamén existían os centros educativos privados da Atocha (Escola Fogar San Xosé), fundada por D. Baltasar Pardo na sede de Pontedeume o 15 de setembro de 1940, pasando ao lugar que ocupa na actualidade no 1974; e Luís Vives fundado por D. Robustiano de Castro que primeiro merca o edificio da Cátedra, que ía pechar no 1950, e con posterioridade, no 1952, funda o Luís Vives.

Tamén era coñecida, entre outras, a “Escola das Ginesas”.

Nese primeiro piso do edificio da Confraría, despois da escola, chegou a clínica do Instituto Social da Mariña; até a construción do Centro de Saúde fronte ao Asilo.

No baixo localizábanse a lonxa e o bar, O Pescador que comeza traballando Bernardo O Martiño e onde tamén traballaba o seu fillo Paco e xa máis tarde Manolo. Deixarían o bar, que ocupaba toda a planta baixa do edificio, aló polos anos 90.

Xa despois, vería reducida a súa extensión para seguir a súa actividade en mans doutros propietarios.

Nun longo período de tempo e debido á falta de libros de actas e actas de contabilidade da confraría, non se ten información até chegar aos nosos tempos.

CAPÍTULO III

APARELLOS

Para armar os aparellos de pesca mércase o pano, as cortizas, os chumbos e os cabos; todo sen armar, por separado.

Cada armador, cada mariñeiro, armaba o seu aparello segundo os seus criterios e as súas necesidades para a pesca que vai levar a cabo.

As maneiras de armar o aparello, as medidas, a malla axei-tada para cada peixe, as maneiras de faceren os lances, etc., chegaban dadas polas xeracións pasadas. Non seguían ningún tratado de pesca. Eran as “leccións” recibidas dos seus pais, dos seus avós...

As reparacións dos aparellos facíanas os propios mariñeiros, ás veces despois de pasar a noite sen durmir.

Algúns dos aparellos recollidos de seguido xa están fóra de uso ou desaparecidos. A mosan algunha variante na denominación ao longo da costa galega, malia ter una función semellante.

Os aquí recollidos aparecen na vida mariñeira de Pontedeume.

Mariñeiros traballando nos aparellos (Foto Ríos)



O máis difícil era cando había unha avaría nun racú ou nunha tarrafá, xa que eran tempos nos que os armadores tiñan un só aparello e á tarde había que saír ao mar. Hoxe hai máis tempo, máis dun aparello e sempre hai alguén, aínda que xubilado, que bota unha man para arranxar a “desfeita”. O compañeirismo é unha lei.

Nalgún caso, en Pontedeume, tense recurrido ás redeiras para reparar algunha avaría de alto calibre. Foi o caso de Juan o do *Río Bao* que trouxera un grupo de mulleres da vila costeira de Caión. Durmían e comían na casa do armador e ademais dáballes algo de cartos (Juan non recorda as cantidades).



Antón o Solla axudando nos aparellos

OS APARELLOS DE PESCA MÁIS USADOS EN PONTEDEUME

Do amplo abano de aparellos na pesca artesanal de comezos do século XX, os que realmente pertencen á etnografía eumesa son:

Beta

Con este aparello traballábase largando en zona de pedra, preferentemente á fane-ca. No limpo largábase á pescada pequena, sobre todo no inverno.

Era un aparello co que se traballaba ao pouso. Permanecía largo no mar durante 4 ou 5 horas e logo recollíase. Algunhas veces deixábase largo até a volta da venda do peixe collido no lance anterior.

Normalmente andábase en lanchas cun home ou dous. O aparello compoñíano entre seis e oito pezas dun só pano, cunha tralla superior de cortizas e outra inferior de chumbos (pedreira). Nos cabeceiros unhas boías que situaban o aparello no mar. Cada peza abrangía 30 brazas. Tiña un calado de 2 brazas.

En canto ao tamaño da malla, podía ir dende os 30 até os 70 mm. Tanto coa beta como co tramallo tamén se traballaba ao “embalo”: Largábase o aparello entre dous saín-

tes da costa e, por dentro do peche, comezábase a embalar (choupando cos remos, lanzando pedras, petos na barca, etc.); o peixe turraba no aparello, quedando alí mallado.

Tramallos

Como as betas, era un aparello co que se traballaba ao pouso. O peixe que máis se collía eran maragotas, vellos, merlóns, etc. Largábase maioritariamente na zona de pedras.

O tramallo é un aparello armado con tres panos de rede, dous de malla máis grande por fóra e un pano de malla máis ficheira (máis pequena) entre os dous anteriores. O seu calado era de braza e media.

As embarcacións traballaban con 6 pezas de aparello. As mallas ían deNde os 30 até os 100 mm para peixe grande.

Eran bos lugares para a pesca con estes dous aparellos, tanto coa beta como co tramallo: A Macuca, Centroña, As Cabritas, A Carboeira, Chamoso, Punta Dagra, O Mourón, San Vitorio. Todos estes lugares tiñan as súas marcas particulares, ben coñecidas polos mariñeiros: Un saínte da costa, o tellado dunha casa, unhas árbores, o campanario dalgunha igrexa,...

O xeito

É un aparello de malla para a pesca da sardiña. Largábase sempre no limpo.

Saíase á tarde. Se se pescaba ao asexo (atardecer) non se largaba ao amanexo (medianoite). Se non había pesca dabondo, tamén se largaba coas primeiras luces do día (á branca).

Adoitábase destinar a sardiña á venda fresca ou á salgadurra. Nos primeiros tempos, os aparellos eran de algodón. Era costume poñelos a secar cada dous días nas cabrias.


Chegada de sardiña do xeito



Era un aparello cun só pano de rede; na parte superior, unha tralla de cortizas e na parte inferior unha de chumbos. Intercaladas, unhas boías de altura regulábel.

As barcas que traballaban ao xeito eran bucetas a remos ou a vela e outras barcas con motor. Como conta Juan o *Bocachica* cando chegaran até a praia de Palleiro (Doniños) á pesca co xeito a remos. Unha boa tirada!

Na pesca do xeito tamén se utilizaban as traíñas cun aparello de 50 brazas de longo e 8 na súa parte máis ancha. Nela ían 10 homes.



Esquema do aparello do xeito

Cabrias onde se colgaban a secar os xeitos (Foto Ríos)



Sarandas

Aparello de forma circular, unha bolsa de rede moi fideira rematada cun chumbo e ao ancho do círculo, unhas cordas que marcaban cuartos de círculo.

Unha saranda



No medio, onde se xuntan as cordas, colocábase unha bolsa de engado a base de cabeza e recho de sardiña que se cambiaba todos os días. Nos primeiros tempos, como conta Jesús Piñeiro o *Ñei*: “Cando eu comecei para as sarandas usábanse os aros metálicos das rodas das bicicletas”. Máis tarde chegarían as sarandas de ferro. Cada unha das sarandas traballaba de maneira individual cunha boia cada unha para que o mariñeiro a puidera ter localizada.

É un aparello que se larga nas puntonadas das pedras. Cando traballaba moito o mar, 3 ou 4 días despois, largábanse no limpo, no lugar onde o andazo do mar fixera os depósitos de golfos e demais algas a onde o camarón ía comer. Logo vólvese á pedra.

Durante os malos tempos, con este aparello pescábase a anguía, na ribeira, ao carón do peirao.

Cada mariñeiro podía traballar con varias sarandas na súa barca, chegando a traballar cun máximo de 27 como nos conta Carlos o *Carrera*, dos que máis levaban xunto con Benito o *Picos*.

As nasas

Este aparello, como nos contan os vellos mariñeiros de Pontedeume, “é un aparello que non é autóctono de aquí; é venidero de Ares, de onde chega da man dos mariñeiros que arriban a Pontedeume”.

Por esta razón non miraremos detidamente esta arte de pesca.

Os troles

É un aparello semellante ao mediomundo. Só diferentes na forma, xa que o trole é rectangular e o mediomundo circular.

No trole traballaban con dúas barcas: nunha un extremo do aparello suxeito cunha vara a proa e outra a popa para abrilo. Nesta barca estaba un home preparado para avisar se había que engadar máis ou se había que halar o aparello, xa que vira peixe dabondo.

Na outra barca o outro cabeceiro do aparello do que, nos extremos, penduran dúas pedras para que o aparello colla fondo. Nesta segunda barca están as dúas calas para que cando se vira peixe se comezase a halar o aparello.

As dúas barcas están fondeadas.

As pioneiras

É un aparello armado de maneira semellante ás betas; coa variante da malla, moito máis ficheiriña nas pioneiras, para a pesca do pión.

Durante a Coresma (antes da primavera) facíase uso dos troles (pesca de pións, panchos, xurelos, fanecas...) ou das pioneiras, aparello moi asemellado ao xeito, aínda que de malla máis ficheiriña para a pesca dos pións. As pioneiras, normalmente, largábanse nas golfeiras.

O mediomundo

É un aparello conformado por un aro grande circular do que colga unha gran bolsa de rede. Bótase ao mar. Unha cala á proa e outra á popa da barca, no medio un amarre para podelo izar.

Unha vez o aparello no fondo, engadábase na tona da auga. Cando se vía peixe dabondo a flote, erguíase o aparello, quedando o peixe dentro do mediomundo.




Maqueta dunha barca
da pesca do mediomun-
do (Lolo o Placer)

O bou de man

Tamén coñecido como o bou “da brava”.

Fondeábase un rizón cunha boia. Tendo en conta este sinal, largábase o aparello deixando dúas calas para que chegaran a terra e dende alí halar o aparello que tiña forma de saco.



Aparello do bou de man

Normalmente manobrábase vogando con catro remos e o patrón era o que facía a largada.

Dúas persoas eran as que se dedicaban a escoller o peixe.

“O bou sempre foi unha arte prohibida, sempre vixiado. Era pobre, miserábel e moi escravo. Só se pescaba un 5% do peixe que había ao comezo da manobra” (Lolo o *Placer*).

Traballábase fundamentalmente polas praias.

Sempre se armaba o bou tendo en conta de deixar 20 brazas máis de cabo dun lado que do outro.

“Ao comezar o ventre ou espalda do aparello, deixábase máis anchura de pano na parte de arriba que na parte de abaixo, o efecto era o dunha viseira. O peixe que tocaba pola pedreira, parte baixa, ao tentar fuxir, chocaba contra o pano da boca de riba onde ía a tralla das cortizas. Deixábase sobre tres brazas de pano arriba e dúas abaixo.” (Benigno Pérez).

Cando o traballo co bou se facía halando o aparello para a buceta onde tiñan unha cala á proa e outra á popa, no canto de halar para a praia, chamábase trabuquete.

Barca usada co bou de man no 1940 (Lolo o Placer)



A pesca con liña

“En Pontedeume, a pesca coa liña era unha afección, non era unha profesión como o podería ser en Mugardos” (Lolo o *Placer*)



Maqueta dunha buceta de 1930 (Lolo o *Placer*)

Racú e tarrafa

Falamos de dous aparellos de cerco que necesitaban de máis xente para a súa manobra de largado e virada. As súas medidas podían variar segundo o armador, barco e mares nos que se ía traballar. Así falamos que o racú pode ter unhas 220 brazas de longo e un calado de entre 16 e 22 brazas.

A tarrafa, aparello máis grande, pode ter entre 290 e 312 brazas de longo e un calado de entre 70 e 90 brazas.

Para medir o aparello o mariñeiro usaba unha vara de medir feita en madeira. Os mariñeiros falan dunha medida establecida nun metro e setenta e dous centímetros.

Nuns tempos onde as medidas de control non eran tan “milimetradas”, estimábase que unha cuarta abranguía 10 mallas de aparello.

Os aparellos tiñan un armado moi sinxelo. Unha tralla de cortizas, o cope (rede) e outra tralla de chumbos onde ían cosidas as argolas separadas entre si unhas catro brazas. Polo medio das argolas ía un cabo máis grosso (chave ou xareta) que se vai enrolando no andarivel e que ao ser halado pecharía o aparello pola parte baixa.



Maqueta dun barco de cerco de 1945 (Lolo o Placer)

Cando se empezaba a ver o peixe ían halando o aparello na tona da auga e, dentro do saco ao que ía quedando reducido o cerco, dependendo do peixe que fora, así se comportaría o aparello.

Se vén sardiña, o aparello “enfola” moito máis (forma como unha grande panza) indo dun lado a outro segundo queira ir o peixe.

Para ver un pouco máis destes aparellos, recollemos dúas visións de dous mariñeiros: Juan o do *Río Bao* chegado dende Sada e Juan o *da Macana* tamén coñecido como Juan o *Bocachica* de Pontedeume como di el, “de pura cepa”.

JUAN O DO RÍO BAO. Juan Fuentes Sánchez (80 anos), o seu alcume natural é Juan *de Mallou* polo seu avó que mallaba a man en terras de Sada.

De moi rapaz, xa comeza o seu traballo no mar no seu pobo natal de Sada. É dende alí dende onde marcha cara a Venezuela para seguir traballando no que a el máis lle gustaba: o mar. Dende alí, hai 60 anos, chega a Pontedeume. Só tiña un aparello para poder traballar.

Nos primeiros tempos Juan “fondea” nunha pensión para comezar a dar os seus primeiros pasos na vila. O seu primeiro barco encargáíao no varadoiro de Bedoya co nome de *Juan*.



Embarcacións e barcos de pesca

Un home que agora pasa o tempo axudando a reparar aparellos de pesca e, alí, no peirao, é onde o atopamos facendo o que el mellor sabe facer, axudando nos aparellos.

Conta que foi o terceiro home que andou “en sonda” do noroeste español. Era unha sonda francesa utilizada na Segunda Guerra Mundial para localizar e afundir os submarinos.

Aos 17 anos armaba a súa primeira rede. Nos primeiros tempos as redes eran de algodón ao que se lle engadía casca e alcatrán para a súa mellor conservación. Despois virían materiais como o perlán e o nylon. Todo o material necesario mercábase no Palangre da Coruña e nunha fábrica de Ferrol.

Conta como nos primeiros tempos os barcos levaban unhas lanchas de remolque até que chegaron os haladores. Algunhas destas barcas auxiliares ían cara á posta de pesca, navegando a vela. A súa función era que o aparello traballara mellor e o barco non entrara no cerco.

Polo norte, Juan chegou até Lastres (Asturias) e polo sur até Muros e A Pobra, con motores que tiñan unha potencia de 18 cabalos.

Non había xeo para conservar o peixe cando se largaba ao asexo. O que se facía era traballar “á talla” para vender na Coruña. Mantíñase o peixe vivo pola borda en lugares tranquilos como Doniños e A Frouxeira. Non se recollía de todo o aparello e deixábase formando como unha bolsa xa que non había venda ata as 7 da mañá. Máis recentemente, a venda facíase pola noite en Sada onde se vendía a sardiña e o mocarte para as fábricas, así como en Ares.

Os mariñeiros que embarcaban con el eran todos de Pontedeume. Con eles, nas tarrafas, traballábase ao 60% do gañado para o barco e o 40% para a xente da tripulación. En barcos máis pequenos, íase ao 50% e uns premios dun cuarto.

Como curiosidade recorda que a primeira tarrafa que houbo en Sada, a *Elisa* era do fillo de Román o *Marta*, chegado dende Pontedeume.

JUAN PIÑEIRO. Juan o *Bocachica* ou tamén coñecido como Juan da *Macana*. 80 anos.

Recorda a súa época de escola cunha risa pícara nos seus beizos: “A miña nai levábanos á escola da *Xorobada* (ao carón das Freixeiras) e á do Sr. Lorenzo que eran de pago. Tamén fomos á de D. Álvaro que era pública (xunto a Noche). Chegaba canda nós até a porta pero, á media volta, escapabamos para xogar na ribeira”.

Juan comeza, como a maioría dos mariñeiros, co seu pai. Tiña 14 anos e enrólase nunha tarrafa a vapor, o *General Prim* por mares da costa: Sabón, Campelo, chegando até Cariño.

Co paso dos anos, chegaría a patronear *O Chiquituga* na pesca do mocarte.

A hora de saída ao mar no verán era cedo, ás seis da tarde, hora que quedaba marcada o día anterior cando chegaban ao peirao. Non había descanso, o descanso dábo o mal tempo.

No inverno podían saír á medianoite ou de madrugada. Había un rapaz de barco e outro de lancha sendo este o encargado de ir chamando á xente polas casas para saír ao mar. “Ía chamando á xente polas casas para saír ao mar a calquera hora da noite cando eu tiña 13 anos e andaba con Lameiro” (Lolo o *Placer*).

Juan comenta o sistema que el coñecía e despois empregou cando era el o patrón: 60% para o barco e 40% para a tripulación. Ademais media parte era para o rapaz da lancha, media parte para o patrón de costa, cuarta parte para o fogueiro e unha parte para o maquinista que, a maiores, tiña un soldo pequeno ao mes.

“A medida” repartíase entre a xente. Do peixe collido e vendido, unha medida (aproximadamente 90 quilogramos, dous caixóns) era só para repartir entre os mariñeiros.

Manobras de largado

Juan coméntame como eran as manobras de largado do aparello.

Ante a falta de aparellos como hai hoxe para buscar o peixe, buscaban “ao ardor” (polo fósforo das augas, estas “ardían”), miraban aos araos e aos mascatos (os araos cantaban chamando á bandada e os mascatos lanzábanse ao peixe).

No inverno como as augas arden pouco, ás veces facíanse algúns lances “ao chou” (a probar sorte).

Coas primeiras luces do día, parábase o motor e traballábase “á escoita” do salto da sardiña.

Outras veces contábase coa axuda dalgunha embarcación “á escoita”, sen redes no medio do mar que chamaba aos barcos para dicirlles onde habían largar. Como “pago” levaban un ou dous “salabardos” de peixe, era o que se chamaba “á cazola”, “a arrimar”.

O patrón de costa ía na ponte do barco e o patrón de pesca na proa levando unha boia cunha luz de lanterna ben illada para que non lle entrara a auga. Cando a luz era arreada ao mar comezaba a manobra de largado, facendo o cerco coa rede arredor da dita luz.

Na proa, acompañando ao patrón de pesca ían o mestre e os largadores.

Ao asexo (últimas luces do día) ou á branca (primeiras luces do día) tamén se ía atento ao salto do peixe, levando, ás veces, algunhas pedras para tentar levar o peixe cara ao mar desexado.

O barco levaba unha lancha de remolque con sete ou oito homes. Unha vez que se decidía largar arreábase o remolque da lancha. Tanto a lancha como o barco levaban cadansúas gazas grandes. Facíase firme na cornamusa do barco onde a gaza da lancha se trincaba coa macana (peza forte de madeira) que se arreaba á hora de largar.

Unha vez largado o aparello, o patrón da lancha ía halando o remolque para poñer-se a pique da bragada (cabeceiro do aparello) e entregarllo á xente do barco que o pasaba ao molete. A partir de aquí o traballo estaba no barco. A lancha miraba de que o aparello non fora enriba do barco.

Toda a manobra seguinte de recollida do aparello facíase á man até chegar ao punto no que máis ou menos faltaran 20 copes de rede. A lancha amarraba a tralla das cortizas e o barco ía metendo a rede. No punto final da recollida do peixe, o patrón da lancha metía o salabardo no mar e os do barco tiraban del para apoiálo no cairel e botar o peixe na cuberta.



Antón “O Garnacho” na cuberta dunha tarrafa

Ao mar saíase co rumbo predisposto polo mestre. Dependendo do éxito habería máis ou menos percorrido polas distintas postas.

En Pontedeume conta Juan que había racús pequenos con motor como eran: *O Cupido*, *Bernardo O Pecocho* ou *Luis O Cura*.

Tarrafas a vapor como *O Pepe*, *Bayona*, *Parrala*, o devandito *General Prim* e o *Lameiro*. Nestes barcos traballaban entre 20 e 25 homes, chegando a 30 cando andaban con lancha.

Tamén había 3 vacas arrastreiras a vapor: *O Alegre* propiedade do avó de Juan, *Abisinio do Piruleiro* e do *Modias* e *Nueva Carmen* que mercara Tiano Feal cos poucos cartos que lle tocan nunha lotaría.

Unha manobra moi importante era “o alcatranado” do aparello. Nun principio os aparellos eran de algodón. Aplicábaselle unha mestura de casca con alcatrán para facelos máis resistentes.

Había unhas pías nos almacéns onde se botaba a mestura. Virábase o aparello nun virador para ir poñendo o aparello en copes para despois levalo a secar ao río, a Redes, ao apeadoiro de Cabanas (nos campeiros pegados á vía do tren). Carrexábase en carros de bois (Andrés o *Faroleiro*) e incluso en camións (Arturo Cortizas).

Dependendo do traballo do aparello, tería que ser novamente alcatranado aos dous ou tres meses.

O armado do aparello faise no almacén. Había un almacenista encargado. Ás veces, tiñanse que axudar no armado do aparello ou se había algunha avaría gorda, quedábanse dous ou tres homes en terra.



Zorra de bois de Andrés o Faroleiro

As vendas do peixe facíanse en Ares (arenque e mariquita), Ferrol, Coruña e tamén en Pontedeume.

Dependendo do barco ou do tempo, os mares que máis frecuentaban eran os de Lorbé, Coitelada, A Acenta (Mera), Prior e Prioriño, Caión, Mar do Monte (Illas Sisargas).

Bocachica. Venlle o alcume do seu avó. Cando chegaba do mar no *General Prim*, que mercara en Avilés, sempre dicía a xente: “aí vén o *Bocachica*”.

É norma xeral que todos os mariñeiros comecen da man dos seus pais e en barcos familiares. Uns seguirán a tradición

en barcos grandes como os mencionados anteriormente e outros de maneira individual, caso de Lolo o *Placer*.

Lolo o *Placer* comezou con 10 anos da man do seu pai nun bote de remos traballando co bou de man. Andivo tamén en barcos grandes como *Pilarita* (de Lameiro), *Modesta*, *Xeno* (da familia dos *Donatos*) ao racú con compañeiros como *Pepe Gallo*, *Juan o Toco* e o *Chepes*.

Co seu pai, que remaba con dous remos, ían tres irmáns que vogaban cun remo cada un.

Alternaba, como case a totalidade dos mariñeiros, coa actividade de marisqueo. “Por aqueles anos, había 10 barcas traballando a flote e un total de entre 200 ou 300 persoas no marisco. Hoxe hai 10 barcas e entre 20 ou 25 persoas”.

“Cando tocaba quentarse na casa, había que ir por leña até os montes de “Breamo” e traer, dunha viaxe, toda a que se puidera.

Os últimos 15 anos da súa actividade mariñeira, pasounos traballando en solitario coas betas dende que mercara en Ares o seu barco *O Tiburón*. Algunhas veces, levando de remolque o seu caiuco, para traballar ao embalo co tramallo.

El pescaba e a súa muller xa vendía, o peixe que traía, dende a casa. Tiñan dúas emisoras polas que falaban en clave para avisala do resultado da pesca do día.

O boliche e a xávega

Para falar destes aparellos arranco de Pontedeume para chegar á “cátedra” do boliche e da xávega: Centroña. En Centroña é obrigado buscar a casa de José Fachal Bouza (o *Bocho*) de 75 anos. Chámanlle o *Bocho* pola moita barriga que tiña de tanto comer o bo caldo. Tamén é coñecido en Ares polo *Antucho*, barco que tivo, con posterioridade, xa nos últimos anos da súa travesía polos mares.

O primeiro que fai é diferenciarme o boliche que era un aparello máis usado no verán a partir de maio e xuño e máis pequeno, necesitando como pouco 5 homes para traballalo. A xávega trabállase máis no inverno, aparello máis grande que o boliche e que tamén necesita de máis homes para o traballo.

O esquema básico do aparello é moi semellante ao bou. Traballaban nas praias.

Na xávega dende o calón até o fondo do saco, a perna ocuparía 30 brazas (a doce-na onde a rede ten a malla máis clara e o claro, malla moito máis clara), o casarete con 40 brazas e malla grande.

Despois do casarete temos a entrada onde a rede é de malla de tarrafa, aquí a anchura do aparello é de 15 brazas, o corpo e a coroa que é o remate do saco.

Na parte inferior, tamén chamada freno, unha tralla de chumbos e na parte superior unha tralla de cortizas con boias. No medio da boca do aparello vai colocado o pichón que é guiado por un home, “o calimero”, que guía a virada do aparello. Se non se contaba cun “calimero”, marcábase o aparello con marcas que se ían cantando. En todo o aparello poñíanse 8 ou 9 marcas. De marca a marca ían entre 70 ou 80 brazas, o que se coñecía co nome de “malleta”. Tamén se podía armar o aparello a 40 brazas entre marca e marca.

Do grande que era o aparello dá idea que, cando “largabamos” na Campa (preto de Ares), tapábase a punta do reloxo de Ares e descubríase a Miranda, que xa era mar! Traballabamos dúas ou tres horas tirando do aparello.

Segundo a marea, o tempo que fixera e outras circunstancias, así se largaba o aparello nun sentido ou noutro; unha lonxitude de aparello ou outra. As mareas debíanse contrarrestar xa que o aparello podería ser arrastrado.

Traballábase con dúas embarcacións: unha buceta e unha lancha.

A lancha era a que tendía o aparello e nela estaba o primeiro calón e levaba a terra unha cala.

A buceta que estaba á altura do segundo calón, levaba outra cala a terra.

Dende terra íase virando o aparello que logo se acomodaba na lancha e quedaba xa preparado.

Cada home poñía un cinto para tirar do aparello, feito de corda ou de rede. Amarrábanse pola cintura e tiraban cara a atrás, dándolle a cara ao mar.



Cinto de rede usado para tirar do boliche

Nestes aparellos collíase de todo: xurelo, parrocha, mocarte, calamar (recorda o *Bocho* un verano no que colleran darredor de 40 palanganas de calamar que cada unha pesaba 12 quilogramos), pescada pequena, faneca, trancha, sardiña, panchos, tamén pan-churros (peixe máis pequeno que o pancho e que se destinaba para fertilizar as terras ou para fariña) escachos, xardas, corcito (peixe moi duro e con “sabor de cans”).

Había uns lugares “legalizados” para largar estes aparellos, aparecían rexistrados na Comandancia de Mariña: Sartaxés, O Raso, Sabadelle, A Campa, Ber, Almieiras, Chamoso, A Magdalena, Ría da Campa, O Lombo (praia de Ares) e Coído.

Lugares descubertos depois polos mariñeiros co seu traballo son: Centroña, A Penela, O Loureiro e unha praiña entre A Macuca e A Romana.

Ían sempre a remos “incluso até A Coruña vender o peixe”.

As xávegas que había eran: no 1957 o pai do *Bocho* cun barco a motor que se chamaba *Marabilla*. O Pisto tiña a xávega que se chamaba *Consuelito* e o sogro de Toñito Lameiro tiña o *Pilar*.

Maqueta dunha barca do boliche (Lolo o Placer)



O soldo era á parte, aínda así había casos doutros cobros: “o engalador”, persoa que cando chegaba o cope da rede, entraba no mar, pechaba, amarraba e ademais largaba o aparello e os rapaces que limpaban as bucatas levaban unha porcentaxe a maiores dun 5%.

Do que quedaba, a terceira parte era para o dono.

Despois partíase media parte, unha parte ou tres cuartas partes dependendo da idade, da vontade do patrón e, por suposto, da súa decisión.

Coa xávega, no inverno, saían ás 5 ou 6 da mañá para largar con sol ou media hora antes da súa saída até a tarde, segundo o peixe e tamén as mareas. “Algúns chegaban até dúas horas antes para coller a posta e sinalaban a chegada cuns bucinazos que daban cunha buguina ou cun corno. Cando a xente dos lugares próximos escoitaba estes sons, achegábase á praia e algo de peixe sempre levaban, chamábase ir “á cazola” (Estevo Piñeiro).

Co boliche largábase á noite (sonroibo), ao lusco-fusco ou á branca. Facíanse os lances que se consideraran oportunos dependendo “se cubría ou non”.

A marca do horario de traballo era sempre a da venda nas prazas.

En Pontedeume sempre se vendía ás 6 da mañá para que as peixeiras puidesen coller “o obrero” (tren) ou ás 3 da tarde para levar o seu peixe cara a Betanzos.

Se as peixeiras mercaban o peixe na venda da noite, deixábano nos paxes ou nas patelas preparado para marcharen ás seis da mañá. A venda en Ares era para fresco ou para almacén (Manterolas, Saavedra, América, Chelo, Socorro e a *Forneira*). Aquí tamén se traballaba para salgadura e para conserva.

En Pontedeume non había píos para traballar o salgado, aínda así, había mulleres que salgaban peixe pola súa conta: a *Zoqueira* e a señora Mercedes a *Pecocha*, nai de Juanciño o *Pecocho*, as *Rocas* e a *Coira*; salgaban nas súas casas ou en bodegas.

En Cabanas houbo un intento, por parte da comercial María Ares, que solicita permiso á Mariña para salgadura. O mar chegaba até o muro da súa propiedade e iso quería aproveitar. Fixo uns píos pero o seu intento nunca chegou a nada.

Naquela época, o responsable dos almacéns de Raxoi era Carlos Pardo.

O pai de o *Bocho* mailo seu tío colleran un almacén para a xávega ao *Corrosocos* que tiña o barco *A Parrala* por 13.000 reais de traspaso, loxicamente, sempre co permiso de Carlos Pardo.

O sogro de o *Bocho* pagaba 20 pesos ao ano por un almacén da familia de D. Paco o *Paxaro* que tiveran unha traíña mentres que o seu pai, 20 pesos ao mes polo aluguer do almacén.

Despois de andar ao boliche o *Bocho* marchou á mercante para anos despois voltar á casa.

Viviou en Pontedeume e cando xa se queda en Centroña, pide a conta na mercante para dedicarse ás tarefas de labrador, presentándose a oportunidade de entrar en Astano despois de traballar nunha empresa auxiliar.

Despois do desastre do petroleiro *Urquiola* (12 de maio de 1978) merca un caiuco xunto co seu curmán e montan unhas nasas de madeira (50 nasas).

Un tempo máis tarde merca o *Antucho* por 550.000 pts para dedicarse á pesca con nasas, betas e tramallos.

Como a maioría dos mariñeiros en Pontedeume, alternan actividades. O *Bocho* alternaba o agro co boliche. Considera que a xávega era “unha auténtica industria”.

O *Bocho* con 11 anos xa ía ao mar, pagando con 14 anos o Montepío.

Con 6 anos ía á escola das “Ginesas” a Pontedeume. Xa en Centroña, ao vir do mar vai pouco tempo á pasantía -escola privada de D. Pedro Portela-. Xa despois, na rectoral do crego, houbo escola pública.

Como curiosidade do compañeirismo que se vivía no mundo dos mariñeiros e o afán de sempre axudar conta que na xávega teñen levado xente de Pontedeume cos sacos das pinas que ían vender a Ares. A xente, despois da venda das pinas, voltaba a pé polo trazado da vía do tren.

CAPÍTULO IV

AS PEIXEIRAS

“Sardiiiiiiñas freeescas!”

No peirao aparece, sempre atenta, a figura da “Peixeira”. Mulleres que dende moi novas veñen desempeñando traballos de distinto tipo até asentarse, darredor dos 10-12 anos, no oficio da venda do peixe.



Peixeira agardando a chegada dalgún barco

A maioría delas xa non están connosco; outras, despois de moito traballar, seguen abraiándonos coa súa historia como o caso que deseguido presento:

Milagros Rodríguez Pérez

Lucha a *Rascalda* 96 anos e 7 fillos.

Acompaña a súa filla Olga (72 anos) tamén peixeira.

Lucha comeza a traballar aos 9 anos servindo, traballando nun forno e no Hotel Eumesa (antigamente ao carón dos xardíns de Lombardero).

Aos 12 anos comeza o traballo como “parrocheira”.

O peixe ás veces subhastábase nos barcos ou en terra; en ámbos os dous casos, presentábase en cestos ou en caixóns. Usábanse as ramplas como centro de reunión para as subhastas. Os que descargaban eran os mariñeiros dos barcos máis pequenos: bous, beteiros, etc. Algún raparigo como o caso de Jesús Piñeiro o *Pies*, que con só nove anos, xa era o encargado de avisar para que as mulleres foran cara á rampla. Avisaba dende o alto da curva do Torreón facendo soar a súa buguina. Facíao coas primeiras luces do día e tamén pola tarde, cando chegaban os boliches, cargados até os topes de bocarte, e as xávegas.



Poxa de peixe

Cando se “miaba” o peixe (na subasta, se lles interesaba o lote de peixe, berraban “mío” e o que o dixerá antes era o que levaba o lote), pagábase á vendedora ou deixábase a deber. A vendedora era a que apuntaba quen “miara” o lote.

Nun día calquera, chegaba ás 6 da mañá á lonxa para voltar á casa darredor das seis da tarde “cos cartiños para dar de comer na casa“. Cando algunha vez levaba a algún dos seus fillos canda ela, se lle pedía “teta”, ela, por medo a caer co paxe ou coa patela, rexeitábao.

Cando se desprazaban para a venda de peixe levaban a patela polas rúas do pobo e o paxe cando o seu desprazamento era máis lonxe, polo rural ou polos concellos veciños.

A venda tíñana repartida por zonas.

Cando ían polo rural, practicaban o “trueque”: No lugar de cobrar polo peixe en efectivo, ao cambio, traían patacas, repolos, etc. As vendas polos concellos veciños si que era cobrada en efectivo, con cartos.



Peixeiras agardando na lonxa

Os seus percorridos eran:

- Ombre, Cabría, O Castelo.
- Perlío, Neda (O Puntal), Maniños e Barallobre.
- Rúas de Pontedeume onde dicían de Lucha a *Rascalda* que era a que mellor cantaba o peixe: “Sardiiiiiiiiiiñas freeeeeeeeescas”.

Para desprazarse collían *O Obreiro* (tren) tanto na estación de Pontedeume como no apeadoiro de Cabanas, cando non facían o percorrido a pé.

As Peixeiras comezan o seu percorrido (Foto Ríos)



Recorda un día cando ía coa súa irmá maior Pepita cara a terras de Centroña e Boebre, descalzas, coas zapatillas na man para non rompelas.

A súa compañeira Dolores a *Reeira* era a peixeira que chegaba até terras de Monfero dúas ou tres veces á semana, dependendo do tempo que fixera. Compraba o peixe e logo preparábao ben para ir co seu paxe camiño arriba.

Recorda Lucha que cando chegaban polas casas dicíanlles “As Parrocheiras”, nalgúns casos de maneira despectiva, quizais polo cheiro ou polas roupas. Non había nin tempo, nin cartos para cambiar a vestimenta a diario.

Recordan que elas non pagaban cotización algunha, nin tiñan seguro algún. Lucha retirouse do mundo da venda do peixe no seu posto na praza de Pontedeume.

Facendo un exercicio de memoria aos seus 96 anos, recorda a compañeiras como María Villar, Manuela do *As*, Pepita a *Ginesa*, Lola a *de Cariño*, as *Rocas* e de vendedoras a Balbina a *Toura*, Mercedes a *Pecocho* e Carmen a *Zoqueira*.

Para relatar a dureza daquel traballo, conta como “un día indo cara á lonxa, púxenme para parir e quixen aguantar toda a xornada”.



Carmen a *Vieira*
vendendo polas rúas de
Pontedeume

Juanciño o *Pecocho* (76 anos) fillo da vendedora Mercedes Feal Sarmiento (Mercedes a *Pecocho*).

Xuntábanse a Sra. Mercedes e a Sra. Carmen a *Zoqueira* nun almacén que tiña a súa compañeira. Salgaban e vendían na praza.

Algunhas das vendedoras ían polas aldeas, chegando o grupo de Mercedes até O Tres e A Viña.

No inverno chegaban dende Cariño uns camións cargados en lastre de xurela fresca ou ás veces tamén salgada ou lañada.

Nas aldeas non se vendía todo o que se levaba nos camións. A Sra. Mercedes ten mercado, a bo prezo, o que sobraba para salgalo, no caso da mercadoría fresca.

Como traballaban o peixe?: Abriano, o xurelo con coitelo e a sardiña só cos dedos (a esta manobra chamábanlle “apostar”). Sacábanlle a tripa e a cabeza. Ían á ribeira co

peixe en paxes para pasalo moi ben pasado pola auga do mar. De volta ao almacén, procedían a salgalo.

Traballaban dependendo da hora da chegada dos barcos. Podía ser á unha da mañá, máis de madrugada, etc.

O sal chegaba a Pontedeume en barcos, estibado en grandes “petaches”. Os barcos ancoraban fóra da Macuca (á altura de Centroña). Dende alí traíase para o porto en lanchas de remos para descargalo na rampla con cestos. Dende aquí, repartíase ao almacén que había en Pontedeume (un irmán do *Cubetas*), para un de Campolongo e outro de Limodre. Nos almacéns, as peixeiras mercábano por ferrados.

Algunha peixeira saía, para a súa venda, con 40 ou 50 quilogramos de peixe preparado. A xurela vendíase por centos.

A Sra.Mercedes era vendedora nas poxas da lonxa de Pontedeume. Apuntaba, nunha libreta, as vendas que facía xa que case ninguén pagaba ao momento. Ela adiantaba os cartos aos camións, aos patróns, etc. e logo encargábase de cobrar, cando cobraba.

Ela quedaba co 5% do importe da venda.

Algunha vez teñen ido a Ares mercar arenque e mariquita.

Usaban os tabais, recipientes redondos de madeira (as táboas colocadas ao xeito dos bocois do viño). Tanto era o diámetro enriba como na parte baixa. Un tabal levaba, aproximadamente, 40 quilogramos de arenque; de mariquita, eran menos quilogramos.

Tamén se vendía o peixe por ducias, o quilo case que non se usaba como medida para as vendas.

O peixe salgábano en caixas de madeira (aproximadamente metro e medio de alto) nas que chegaba o tabaco para a súa venda nos estancos.

“Nos almacéns de Raxoi, no do *Cho* que primeiro fora de Lameiro, había uns píos para o salgado do peixe pero nunca se chegaron a usar para a salgadura” (Juan o *Bocachica*).

CAPÍTULO V

O VARADOIRO

MONCHO BEDOYA VÁZQUEZ

75 anos. Nace no 1935

O seu pai comeza no río de Bañobre (Miño) traballando co *Chupetas* (Francisco Martínez Varela) propietario dun varadoiro en Río Baxoi, en fronte do varadoiro que tiña Constantino.

Perbes era terra de carpinteiros de ribeira. O seu pai comezou facendo embarcacións de entre 8 e 10 metros para a recollida do patexo. O seu avó xa fixera embarcacións pulpeiras para Mugardos.

O seu pai desprázase a Pontedeume (cando Moncho tiña 4 anos) trala encarga que lle fixeran dun barco. Foi no río Covés onde construíu *O Pepe*, unha tarrafa, do que eran os armadores os *Cortizos*.

A Orixe

Cando Víctor Garabana traballaba como ebanista na estrada cara a Esteiro, o pai de Moncho, convidao a montar un serradoiro. Solicitan unha concesión para un solar na rúa da estación. Serraban madeira e construían embarcacións pequenas que se levaban en carro de bois para a rampla do peirao.

En 1945 conseguen a concesión con carácter indefinido dun solar, no peirao, preto da ponte do tren, onde comezan a construción de barcos pequenos, tarrafas e algún de até 200 toneladas (*Ciudad de Sada, Mourón, Nigrofe, Breamo*). Estes barcos eran costeiros que transportaban material: cemento, táboas, carbón, puntal (estes últimos cara a *Xixón*). Tamén se teñen feito cargas de madeira dos serradoiros de Mendaña e Cabana cara ao exterior como por exemplo Barcelona.

Moncho aséntase en Pontedeume con 22 anos, cumprido da mili; alí, na Comandancia de Mariña, “fai boas migas” con Daniel o *Picos* mariñeiro de Pontedeume.

De rapaz, ía á escola que D. Robustiano creara onde hoxe é a biblioteca municipal (A Cátedra), chegando a pé dende Perbes.

A construción de barcos para Pontedeume foi escasa. Pequenas embarcacións de entre sete e oito metros para o xeito. Cerqueiros para Redes, Sada, Cedeira ou Viveiro.

A madeira para a construción dos barcos chegaba dende Monfero ou A Capela. Sempre madeira de carballo. A partir de que o carballo pasara a estar considerada como árbore protexida, a madeira chegáballes dende Guítiriz (Lugo).

Un armador chegáballes ao varadoiro cunhas medidas e un modelo. Preparábase un proxecto que tería que ser validado pola Inspección de Mariña ao través da Comandancia de Mariña.



O Mandeo

O proxecto, na súa literatura, estaba supervisado por un delineante.

Eles preparaban o modelo, as plantillas, segundo as dimensións pedidas.

Estas eran as partes que ían compoñendo a construción do barco:

- Quilla
- Codastes (parte da popa abrigo da hélice)
- Roda (proa) e contrarroda
- Cadernas enriba da quilla
- Obra morta (enriba da auga)
- Trancanil (entre obra morta e viva)
- Forro ou bances (peche cravado nas cadernas)

Usábanse cravos galvanizados. Na sobrequilla usábanse pasadores galvanizados.

A estrutura do casco estaba formada por cadernas que ían unidas pola súa parte inferior a unha peza lonxitudinal, a quilla, que se prolongaba de proa a popa con dúas pezas que formaban os peches do barco: roda e codaste. Sobre o fondo das cadernas dispoñíase a sobrequilla, peza lonxitudinal que corre de proa a popa e reforza, xunto coa quilla, a unión das cadernas. As cadernas uníanse entre si polos dormentes.

As pezas uníanse unhas ás outras mediante empalmes como a unión a tope, a pico de frauta, agargalada...



Estrutura dun barco no varadoiro de Bedoya

Impiden o movemento relativo das pezas nunha ou varias direccións polo que, en xeral, era necesario fixar estas unións nas direccións nas que non estaban trabadas mediante a axuda de cravos e parafusos.

Unha vez finalizada a disposición dos elementos estruturais, comezábase a colocar as pezas do forro exterior, tracas e “hiladas”. As pezas do forro chámanse bancas ou bordos.

Para acadar a curvatura que se requería nunha peza, procedíase a quentar a madeira sen que lle chegue o lume, regándoa logo con auga de maneira continua, fixándoa nunha beira e noutra poñéndolle un peso, segundo a curvatura que se quixera.

O calafateado da zona do casco baixo a auga e da cuberta sometida ao embarque da auga, era o proceso polo que se estanquizaban as unións a tope das pezas que forman o forro e a cuberta mediante a introdución dun material de recheo na xunta e posterior cubrimento cunha substancia impermeabilizante.

O calafateado facíase con cordóns de estopa e brea de calafatear. A estopa son fíos de cânabo que antes había que fiar segundo o groso axeitado ao tipo de xunta e despois engadirlle alcatrán. Todo este material mercábase no establecemento de O Palangre na cidade da Coruña.

Despois de todo este calafateado, dábanlle unha imprimación de minio. Para rematar pintábase o barco das cores que o armador desexaba. Entregábase o barco totalmente listo, en canto ao casco se refire.

Ramón Bedoya e o seu pai son os propietarios do varadoiro que comeza a actividade en 1943 cunha sociedade formada por varias persoas entre as que estaban Victor Garabana.

Votadura no varadoiro Bedoya



Ao fin só quedou Constantino Bedoya cunha concesión de Obras Públicas con permiso para construír barcos de até 200 toneladas de rexistro bruto.

Pesqueiros como *Villacampa* (Sada) ou *General Prim* (Pontedeume) saíron do varadoiro Bedoya.

O declive e peche do varadoiro comeza sendo José M. Carpente Castro o *Carrancho* patrón maior da Confraría.

Despois de moito pelexar, Moncho Bedoya viuse na obriga de pechar, liquidando a catro traballadores e quedando el sen tempo cotizado para poder retirarse polo que tivo que seguir cotizando algún tempo máis para o seu retiro.



Botadura dun barco xa rematado

No 1992 prodúcese o peche xa que era moito e incontrolado o desprazamento de area introducido polo cambio das correntes ao comezar as obras do peirao de Pontedeume e o espigón da praia da Madalena en Cabanas e que inundaba as ramplas do varadoiro.

A derradeira construción foi un barco de 10 toneladas de rexistro bruto para un armador de Cedeira.

CAPÍTULO VI

UNHA AVENTURA CARA AO DESCOÑECIDO

Algúns mariñeiros de Pontedeume decidiron, na procura de “facer algo máis”, embarcarse nunha singradura arriscada e descoñecida para todos eles.

O que había no pobo daba só para ir tirando e tentaron aumentar os seus ingresos con esta aventura.

Nun principio todos embarcaron nos barcos da PYSBE (Pesquerías y Secaderos de Bacalao de España S.A.) cuxas orixes están en Pasajes de San Juan, instalándose unha fábrica en Ferrol no ano 1945 sendo o primeiro presidente D. Manuel Iñarra. Unha vez pechada Pysbe no ano 1974, botaron as súas maletas na PEBSA ou en empresas que traballaban no caladoiro africano como PESCANOVA.



Peirao de Pysbe en Pasajes de San Juan anos 30

Os mariñeiros de PYSBE embarcaban segundo as ordes da empresa ou ben en Ferrol ou en Pasajes, en barcos que nos primeiros tempos navegaban a vapor: *Galerina*, *Euskal Herría*, *Alfonso XIII* (máis tarde *Hispania*), *Vendaval*, *Tramontana* e *Mistral*. Estes barcos tiñan unha autonomía duns 30 días. Saían preparados para un ou dous meses de navegación sen ter que entrar en porto.



Bacallaeiros de Pysbe cargando sal no peirao de Ferrol

Entraban en porto para reparar, repoñer víveres e descanso do persoal pero nunca máis de 5 días. Os portos máis frecuentados eran: St. John's, St. Pierre de Mickelon ou Halifax.

Até o porto, dende o que se facían ao mar, os mariñeiros desprazábanse cos compañeiros da nosa comarca (Ares e Mugardos) cara a terras vascas en taxis (os menos) ou en furgonetas cando o grupo era maior. Viaxes que duraban arredor de 15 horas.

Nombre	Ano de construción	Ano de baja	Tonelaxe (TRB)
<i>Alfonso XIII</i> (luego llamado <i>Hispania</i> y en la Guerra Civil <i>Araba</i>)	1927	1965	1.197
<i>Euskal Herria</i> (Vizcaya)	1927	1965	1.190
<i>Galerna</i>	1928	1965	1.204
<i>Vendaval</i> (Navarra)	1929	1937 (hundido)	1.204
<i>Mistral</i> (Gipuzkoa)	1929	1966	1.250
<i>Tramontana</i>	1929	1966	1.250
<i>Tifón</i>	1944	1975	1.350
<i>Cierzo</i>	1936	1069	1.240
<i>Vendaval</i>	1044	1970	1.350
<i>Aquilón</i>	1044	1973	1.350
<i>Tornado</i>	1944	1973	1.350
<i>Mareiro</i>	1944	1074	1.350
<i>Alisio</i>	1945	1970	1.350
<i>Brisa</i>	1954	1973	1.278
<i>Bochorno</i>	1954	1974	
<i>Solano</i>	1954	1974	1.358
<i>Regañón</i>	1954	1976	1.358
<i>Huracán</i>	1958	1983	1.417
<i>Virazón</i>	1958	1985	1.418
<i>Céfiro</i>	1959	1978	1.418
<i>Ciclón</i>	1965	1973 (vendido) 1985 (despezado)	999
<i>Ráfaga</i>	1966	1973 (vendido) 1976 (hundido)	999

Frota da empresa pesqueira PYSBE

Gráfico tomado de: "La pesca del bacalao en el s.XX de la Compañía PYSBE"

Aos bancos de pesca chegaban despois de 15 ou 20 días de navegación cunha velocidade media entre 7 e 8 millas á hora, sendo un caso especial, debido a algunha empopada, cando se chegaba a unha velocidade de 9 ou 10 millas á hora.



Barco de Pysbe en alta mar (arriba).

Barco da Pysbe bloqueado nos xeos (abaixo)

A zona de pesca localizábase no Atlántico noroeste, mares de Terranova (no inverno temperaturas de entre 35 e 40 graos baixo cero), máis ou menos próximos á costa dependendo da estación do ano ou de factores climatolóxicos. Cara ao verán, é cando pasan aos caladoiros de Noruega para voltar a Terranova arredor do mes de outubro. Era na época do verán cando se producían “as cubertadas”: a cuberta do barco chea de peixe. Moito do peixe que chegaba a cuberta estragábase porque non o daban amañado.

No período primavera-verán ían directamente á zona que eles chaman “Cantil Norte”.

Durante as xornadas de dura travesía até as zonas de pesca, no barco ponse todo en orde; desde materiais e aparellos de pesca ata víveres, roupas e obxectos persoais para que unha vez chegados ao lugar de pesca, non perder tempo e comezar coas largas e duras faenas, ás veces desexando que chegara un temporal para ter algún descanso.



Instalacións de Pysbe no peirao de Ferrol 1945

As quendas de traballo eran, nos primeiros tempos, de entre 16-18 horas de traballo e 8-6 horas de descanso. Na ponte, as 24 horas repartíanas entre o capitán e o primeiro oficial. No 1959 xa se chega a acordos para que as xornadas sexan de entre 6 e 8 horas

de traballo. Despois de establecidas as quendas, só quedaba ir na procura do peixe e agardar o aviso de “arte á auga” que se daba cunha campaiña dende a ventá da ponte do barco, do mesmo xeito que se avisaba a virada do aparello (fin do arrastre) despois dunha ou tres horas de arrastre.

Estes barcos traballaban ao arrastre con portas, nos primeiros tempos, polo costado e anos máis tarde pola popa.

Do porto de orixe os barcos saían con tres aparellos completamente armados ademais de entre 15 ou 20 pezas de rede que se ían montando segundo o desgaste ou os cambios necesarios. Aparellos que se armaban nas naves da empresa polas redeiras nos primeiros tempos con fío de abacá, logo de cánabo para acabar usando o *nylon* de máis duración e resistencia.

Mercedes Fernández é unha daquelas redeiras que nos conta como “entra en PYSBE en 1956 formando parte da plantilla cobrando 80 pts. Ademais dábanlle un quilo de bacallau á semana e a gratificación polo traballo. As pezas que facía eran: flotador de corda (cobraba 80 pts), unha peza exterior (100 pts) e o casarete (190 pts). Para completar o aparello facíanse as orellas. Unha vez lista a peza, pesábana e o capataz revisábana”.



Mercedes cun grupo de redeiras compañeiras, derás o *Mistral*

Unha vez virado o aparello e o peixe na cuberta, comézase a traballar o peixe nas mesas de descabezar (4 mesas e 1 descabezador por mesa). Para este traballo tíñanse uns coitelos: o máis longo para descabezar ao tronche, o máis pequeno e aguzado para abrir o bacallau.

O bacallau primeiro descabezábase, logo abríase para, ao fin sacarlle a espiña e limpalo. Os cesteiros tiñan que marcar o bacallau e botalo nuns cestos para a bodega, onde había xente para amorealo e salgalo; o salgador. O xefe salgador é o que, a través do contramestre, informa ao capitán da cantidade e da calidade do peixe.



Colección de coitelos e agullas que utilizou Daniel o Picos nas súas campañas



Traballando o peixe na cuberta



Manobra de izado do bacallau

Pasados 3 meses, volvíase pesar para ver o que minguara (peso perdido). Minguaba moito máis no verán e nunhas zonas de pesca máis que noutras.

Ao principio só se traballaba o bacallau salgado pero xa anos máis tarde traballouse o conxelado, acomodándoo en caixas e levándoo a outras adegas distintas.

As condicións nos barcos eran moi precarias: quendas de traballo, falta de calefacción para os mariñeiros; só sacaban as botas para durmir no inverno, estadias fóra da casa de até 10 meses, episodios de grandes temporais e ver como desaparecían homes e barcos sen poder facer nada.

“Cando había moito peixe e había que reenganchar para animar aos mariñeiros? Moi doado, música, moito café e “matarratas” (augardente do país)” (Capitán Jesús Esnaola-Bermeo).

No inverno, debido ás baixísimas temperaturas, tiñan que seguir as rutas abertas polos crebaxeos e non sempre lles daba tempo a seguir o dito camiño. Incluso cando desencasaban escoitaban como os bloques de xeo batían contra o casco do barco.



Trafego en cuberta unha vez virado o aparello

Da saúde dos mariñeiros ocupábase un médico ao que, recorda Jesús Piñeiro o *Pies*, lle chamaban *el Sandalio* porque fora o tempo que fora sempre andaba en sandalias. Para pasalo de barco a barco, usaban botes.

Un mariñeiro, como recorda Paco Ameneiro o *Mincha* (Mugardos), na súa primeira campaña en barco de carbón (Euskal Herría), cobraba 300 pts para mandar á casa ademais das primas de pesca e primas por fabricación de aceite. Nas súas últimas campañas cobraba 10.000 pts. para mandar.

Unha vez rematada a campaña (8-10 meses) os barcos poñían rumbo ao porto que a Compañía lles comunicaba, ou Ferrol ou Pasajes. Alí agardaban as

Izado do saco do bacallau





Folla de cobro de Paco o Mincha



Personal na fábrica de Pysbe preparando os filetes de bacallau

fábricas preparadas para a elaboración dos produtos: filetes, folla de bacallau salgado, linguas de bacallau e o que traían os barcos en depósito, aceite de fígado de bacallau.

Para a elaboración do aceite de fígado de bacallau, “recollíanse en cestos os figados e logo cocíanse nun depósito aplicándose-lles vapor de auga. Unha vez cocidos, pasaban a outro depósito situado na popa e alí quedaba até chegar a porto na fin da campaña” (o *Pies*). Tamén recorda o *Pies* como nunha campaña probara un culín de aceite. Esa proba levouno a engordar varios quilos. A solución foi poñerse a réxime, “co que me gustaba a min comer”.

Homes de Pontedeume que marcharon á aventura foron entre outros:

Os irmáns Picos: Moncho 1938 (Mistral), Daniel (1944 *Mistral*), Benito e Quique.

Os irmáns Carrera: Carlos (1959 *Regañón*), José, Juan e Nito.

Toñito o *Malallo* (1957 *Cierzo*) mailo seu irmán José M^a.

Jesús Piñeiro o *Pies* (1967 *Céfiro*). Antes embarcara o seu tío Manuel Iglesias.

Sindo o *Cuca*, o *Poló*, Julio o *Garcho*, Antonio Freire Feal o *Feal*, o fillo de Ramón o *Calexo*, Suso o *Espía*, Suso o *Caco*, Lolo o irmán do *Pulgueira*, o *Cheño*, o *Corbalán*, o *Rumba*, o *Manoplas*.

Conta Carlos o *Carrera* que viaxaban nun microbús de 20 prazas conducido por Pena, o condutor da orquestra ferrolá *Lamas Lapiña*. Nunha destas viaxes, xa de volta para a casa, chegando a Pedrafita, un irmán de Carlos, que sempre se poñía “lixeiro de

tripa” cando voltaba pediulle a Pena se podería aparcar porque xa non aguantaba. Buscando un bo sitio, pararon e o irmán de Carlos correu cara ao monte mentres os demais aproveitaban para asearse un pouco nun regato que caía do monte. Nun momento, un dos compañeiros que se aseaba notou un lixeiro cheiro na auga que chegaba. Mirando cara ao monte deuse conta do que sucedía: restos da evacuación do irmán de Carlos estaban caendo polo regato.

Dentro das curiosidades, Jesús Esnaola (76 anos. Bermeo), capitán de PYSBE, comenta como un día “un contraestre, vendo que o saco de peixe viña a reventar e corría risco de romper, botouse a camiñar por riba do saco e, coa agulla chea de fio na man, púxose a coser nel”.

Paco o *Mincha* de Mugar dos conta como un golpe de mar levou a un home da cuberta do barco e outro devolveuno san e salvo, un auténtico milagre.

Dentro dos episodios tristes, contaba Daniel o *Picos* como nunha campaña tentaran axudar un barco portugués pero, polo temporal, nada puideron facer, só ver como o tragaba o mar.



Afundimento do Tifón (1955) tras chocar cun barco portugués



Jesús Piñeiro o *Pies* na ponte do *Céfiro*

Os mariñeiros de Pontedeume recordan as pésimas condicións de traballo dos mariñeiros portugueses. A algúns mariñeiros deixábaos o seu barco pescando en botes (doris) durante horas até que o barco voltaba a recollelos, ás veces, a algún xa o tragara o mar.

Jesús Piñeiro o *Pies* cando navegaba no *Céfiro* conta: “Sorprendeunos un forte temporal que durou varios días e que nos impediu poder comunicarnos coa casa. Algún telegrafista pechouse no seu rancho e non saíu xa que a situación o sobrepasaba. Foi durante ese temporal cando tres golpes de mar entraron por babor e deron paso a unha auténtica situación de pánico. O mar levou o parque enteiro do barco. Provocou unha escora que pare-

cía insalvável. Na ponte do barco estaba Antonio Freire o *Feal* levando o temón. O capitán Jesús Esnaola atopábase descansando, rapidamente o espertaron e, xunto co *Feal*, loitaron até poñer o barco ao xeito e endereitalo (cando o *Pies* o conta dá grazas á Virxe do Carme e se emociona). Despois de consultaren ao maquinista, a decisión foi a toda máquina!, buscando aproar o barco cara ao tempo”.

O *Pies*, cando desempeñaba o cargo de mozo, era o que lles preparaba as cabezas e algo máis aos irmáns Picos, Daniel e Benito que cando remataba a campaña podían traer para a casa. El tiña máis tempo libre que os dous irmáns.

Os mariñeiros, cando tiñan algún momento libre, aproveitaban para recubrir con corda, que ían entrelazando con nós mariñeiros, as garrafas de vidro que levaban coa augardente ou facendo bolsas para a compra totalmente de corda.

Un personaxe moi coñecido entre os mariñeiros de PYSBE en Pontedeume era Tinito o *de Telegrafos* coa súa vespa.

“Tinito” era o encargado de repartir os telegramas de aviso de embarco ou algunha comunicación que chegaba ás casas dende os bancos de pesca. Telegramas en papel azul e sobre eles unhas tiras brancas onde viña escrito o texto. Texto que algunhas veces, como comenta Jesús Esnaola, ten traído máis dunha mala interpretación: “Cando un mariñeiro enviou un telegrama á súa casa para comunicar que finalizara a campaña pero en clave para os seus familiares. Escribira: “home á auga”. Este texto montou un gran balbordo na súa familia que, austada, marcha cara a Ferrol, ás oficinas da empresa para informarse do sucedido crendo que houbera algunha desgraza. Ao final todo quedou nun susto e fora un problema provocado pola utilización da linguaxe en clave”.



Bolsa de corda feita por Daniel “O Picos” nunha campaña



A decisión de embarcarse nesta aventura descoñecida era a solución que tomaran algúns mariñei-

Colección de tarteiras e fontes que Daniel levaba a Terranova. Nos primeiros tempos a comida era de escasa calidade e os mariñeiros xuntábanse para facer eles mesmos as comidas

ros eumeses na procura dun futuro mellor sen saber o que se ían atopar. No seu pobo eran tempos moi difíciles de fame, compras “ao fiado” (tenda de Conchita Cabana na Calzada), duros traballos e quizais pouco rendemento.

CAPÍTULO VII

O MARISQUEO

Outro dos recursos que axudaba nas economías de Pontedeume eran os bancos de marisco tan importantes e con tan boa calidade dos que se dispoñía naqueles tempos.

Había varias formas de traballar:

Co legón á ameixa; as mulleres sobre todo, en seco, en zonas como: as dúas croas (zonas de ampla extensión de arenisco que quedaban ao aire de baixamar), o Fabal (zona entre a ponte de pedra e a do tren) e as beiradas nas zonas de lama. Traballaban como facendo regos na area con coidado de non romper as ameixas.

Co legón tamén traballaban os homes metidos na auga polo xeonllo. Facían igualmente os regos e cando tiñan feitos dous ou tres agardaban a que clareara a auga e poder recoller as ameixas. Ás veces axudábanse dun espello (forma de caixa aberta pola parte de arriba e, pola parte de abaixo, tiña un cristal para poder ver as ameixas que saíran despois de traballar o terreo) e como non, coa zabala amarrada á cintura.

Á ameixa tamén se traballaba sobre todo, en días solleiros e de nordés, “ao ollo”. Dous buratiños que facían as ameixas, ben visíbeis na tona da area. Neses buratos metíase o dedo, unha culler ou cun legón que se cravaba un pouquiño para recoller a ameixa.

Sobre todo as mulleres, no seco, traballaban coas culleres recollendo o berberecho, marisco que estaba máis na tona da auga que a ameixa.

Cara á faena do marisqueo a pé



Xa a flote, traballábase en caiucos ou bucetas de maneira individual ou con algún familiar a bordo na procura do berberecho e da ameixa.

Ao berberecho que “aparecía espaxado por todos os lados incluso tense ido a Miño a traballar nel” (Lolo o *Placer*). Até Miño chegaban os irmáns Benito e Daniel



Na faena do marisqueo (Foto Ríos)

os *Picos* que contaban como un día que chegaron até alí nun pequeno motor, colleran tanta cantidade de berberecho que, cando chegou o resto da flota marisqueira, eles xa estaban listos para voltar á casa. Para a venda tiñan uns topes pero eles “regalábanlles” aos vixilantes o valor dun tope e así podían vender moitos máis quilos.

Traballábase co rastro, aparello semellante á rañeira agás os seus dentes máis pequechos e cun saco de rede máis amplo a onde ía parar o berberecho mesturado con cascallo, moito ou pouco dependendo das zonas. Ao rastro ou á rañeira armábase un va-ral de aproximadamente 5 ou 6 metros de longo dependendo das zonas onde se fora traballar.

Mariscadores agardando a venda do marisco (Foto Ríos)



Unha vez en terra, procedíase á escolla do berberecho, faena na que axudaban as mulle- res ou algún familiar, para enchelo en sacos e poñerse á ringleira agardando pola chegada do fresqueiro para a venda.

Á ameixa traballábase coa rañeira. Sobre todo era moi prezada a ameixa da Tasca e a do Día Oito.

Cando chegaban á posta, largaban un rizón pola proa e outro pola popa con cabo dabondo. Ían halando ou arreando cabo segundo ían collendo ou non e segundo crían que o terreo xa estaba ben traballado. Sempre traballaban coa barca atravesada amarrando os cabos a babor e estribor nos toletes, peza de madeira que ía metida na chumaceira (unha peza que vai cravada no cairel da barca) e servía de apoio para o remo ao que se abrazaba co estrobo -aro de corda-. Así traballaban co rastro ou coa rañeira polo costado. Raros eran os casos nos que traballaban pola popa.




Rañeira




Chegada a porto cunha zabala de ameixas (Foto Ríos)

Elementos dun caiuco



Recollían tamén o mexillón que se collía con rasquetas ou coas mans, maioritariamente, para a súa venda por caixas ao fresco. A Pontedeume chegaban camións para cargalos e incluso lanchas.



Tarefas de recollida do mexillón (Foto Ríos)

Tamén se cocía o mexillón para levar á venda sobre todo a Betanzos.

Para ver de afondar un pouco máis no cocido do mexillón imos na procura da viúva de Suso o *Espía*, María Piñeiro Salgado a *Cholina* da que nos pon na pista Manolo o *Magito*. Ela vainos contar como era aquel “traballo durísimo”.

Recollían elas o mexillón nas paleiras das “beas” (bases de apoio na construción da ponte) coas mans. Ao lugar de recollida chegaban nos caiucos de familiares ou ben a pé dende a rampla. Unha vez no peirao, escollíanos para ir botando nos cestos e levando ao lugar de cocido que se atopaba detrás dos almacéns de Raxoi. Anos máis tarde tamén se cocería nos baixos do “esqueleto” (estrutura dun edificio que, na rampla de arriba da ponte estivera moitos anos sen rematar e que hoxe ocupa o hotel Eumesa). Preparaban o lume coa madeira dos piñeiros que se cargaban no peirao e que ía quedando por alí espallada, tan abundante naquela época. Xa unha vez rematado o escollido, botábanos nun bidón que estaba apoiado en dúas pedras e no que xa tiñan auga salgada a quentar. Só quedaba agardar que fora abrindo a cuncha, sinal de que o mexillón xa estaba ben cocido. Todo o que sobra: cascallo e mexillón pequeno que antes escolleran, ía para os terreiros, facendo un bo abono natural para as leiras.

Ben limpiños, descascados e sacándolle uns peliños que teñen, metíanse en cestas “limpos como os chorros do ouro” listos para ir con eles para a praza de Betanzos. Até alí chegaban no tren que ía cheo até os topes. Para carrexar os paxes e as patelas até a estación, botaban man das “mandadeiras” (mulleres que lles axudaban no carrexo tanto en Pontedeume como en Betanzos e tamén dende a lonxa á praza). Unha muller que desempeñaba este traballo era Lola Iglesias aínda que ela di que “cando morra todo o mundo dirá que morreu Lola a *Putaina*. Lola, hoxe con 80 anos, conta como carrexaba dende o porto á praza e tamén á estación, facendo “os mandados”. Cobraba por mandado feito un peso.

Unha vez chegaban a Betanzos, vendían por centos. Un prezo que a *Cholina* recorda é o de 10 pts. o cento de mexillóns. Se non daban vendido todo, tentaban vendelos polas rúas aínda que non estivera moi ben visto polos veciños de Betanzos. a *Cholina* conta como “unha vez tivera que ir ao Concello pois reclamáranla alí polas queixas recibidas da xente das rúas polas que pasaba vendendo. Unha vez no Concello díxolle, á persoa que a requirira, “prefíre que venda pola rúa ou ao día seguinte os venda podres?”.

Tamén levaban a vender fanecas, lirpas, etc.

Mulleres que ían con ela eran a súa tía Marina a *do Tulita* e Lola a *Peneiras*. Tamén ao mexillón pero non con ela andaban Gelina a Magita e a súa filla Fina sobre todo cara a Ferrol.

Outro marisco moi traballado era a ostra.

A produción de ostra foi abundantísima até hai poucos anos. No século XVII xa se teñen noticias das exportacións a Castela en barricas de escabeche. Jácome de Puga, veciño de Pontedeume, o 9 de febreiro de 1657 vende cinco cargas de barrís de escabeche de ostra de 12 arrobas e media de peso a carga, pagadas cada unha a sete ducados.

Traballaban “á tira” cun aparello, o endeño, incluso polas noites, axudados de candeas e focos. Fon-

Endeño para traballar “á tira”



deaban, arreaban cabo e largaban o endeño, halaban un pouco de cabo e tiraban pola corda, ben grosa, que enganchaba o endeño, arrastrando ata recollelo.

Os lugares máis axeitados para o traballo eran debaixo da ponte do tren (Lolo o *Placer* comenta como en dúas horas collera 80 centos dela que lle vendera a Beba a *Seixa* que mercaba para outros fresqueiros), A Pía en Ombre e Redes.

En Redes traballábase con endeño máis estreito e de dentes máis longos en arrastre xa con lancha a motor como comenta Quique o *Picos* con dous ou tres endeños pola popa.



Endeño usado para o arrastre con motor

Na recollida da vieira traballaban en Almieiras, A Campa e O Raso; cun endeño de dentes de 6 cm. maioritariamente a motor, en moi poucos casos “á tira”, sempre de marea baixa.

O vello David ten chegado para traballar á vieira até Ferrol onde estaba prohibido traballar co motor. Até alí, algúns desprazábanse a remos, outros a vela e, os poucos, a motor.

Íase tamén por mares de Redes e os Muíños na procura da zamburiña.

A apertura da veda do mexillón era un acontecemento no Baixo Eume.

Ostras, berberechos, mexillóns, ameixas, vieiras... daban para ir tirando os meses de inverno.

A falta de rigoroso respecto das vedas e a inconsiderada destrución da cría levou a unha mínima expresión a importante produción de marisco.

En 1953 téntase levar a cabo un Plan de marisqueo.

Os traballos de estudos dentro do Plan serían pioneiros e despois estendéronse a todas as rías galegas, implicando ás Confrarías.

A execución e os resultados non foron os previstos nin nos seus supostos mínimos.

A todo o exposto hai que engadir os focos de contaminación chegados ao mar dende río arriba (Endesa, As Pontes), redes de sumidoiros que desaugaban os refugallos na ría sen depurar, catástrofes como as dos barcos *Erkowit*, *Urquiola* e *Mar Egeo*.

“Co marisco acabou a xente inexperta, era unha grandísima riqueza”, é unha frase moi escoitada nos curros dos vellos mariñeiros recordando os seus anos de traballo no marisco que tantos cartos lles dera.

“Noutros anos había 100 barcos a flote e entre 200 e 300 persoas traballando no marisco. Hoxe 10 barcos e entre 20 e 30 persoas” (Lolo o *Placer*).

As subastas de marisco na lonxa de Pontedeume eran auténticos acontecementos aos que acodían xentes marisqueiras e fresqueiros de toda Galicia na procura do prezado marisco da vila. As poxas eran semanais. Os nomes de fresqueiros máis recordados na vila son: Pernas, Joaquín, Aurora a *Mareas*; xente das Rías Baixas, da Coruña, Mugardos; e Beba a *Seixa* que mercaba para outros fresqueiros.

CAPÍTULO VIII

OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NO MAR

En moitos dos casos as familias dos mariñeiros, e eles mesmos, tiñan outras actividades paralelas ao mar, que lles axudaban a levar un nivel de vida no que a economía de subsistencia era a que mandaba en tempos nos que a miseria, fame e condicións pouco

máis que inhumanas eran os sinais de identidade. Estamos a falar de tempos de entreguerras (Guerra Civil e II Guerra Mundial).

Estoutras actividades eran as desenvolvidas na agricultura, non só nas aldeas limítrofes senón no mesmo Pontedeume, podéndose ver terreos nas abas do monte Breame, Vilar, Esteiro e Centroña completamente cultivados.

Outra das actividades estendidas entre os mariñeiros era o “comercio” das pinas. Recollíanas sobre todo polos montes de Ombre e Taboada baixándoas dos piñeiros co gallo (un varal longo que remata nun gancho en forma de U) ou algúns gabeando polos piñeiros. Baixábanas ao lombo até a beira do río onde agardaban as barcas para levalas, maioritariamente, cara a Ares.

Así o facían os irmáns *Picos* na súa barca a remos *Os sete irmáns*. Máis tarde Daniel o *Picos* seguiría con esta actividade coa súa dona Josefa.

Cando saían de Pontedeume xa levaban a maioría da súa carga vendida.

CAPÍTULO IX

VIDA SOCIAL DOS MARIÑEIROS

Na vida dos mariñeiros existían verdadeiras “cátedras” que eran as tascas onde contaban, ás veces, “algunhas mentiriñas piadosas”, discutían de temas non só mariñeiros...

Nunha palabra, “amañaban o país” como acostumaban dicir. Alí sabíase o que collera no mar un barco, outro e outro; se rompera aparello, os quilos de berberecho que collera Benito o *Picos*, os de ameixa que collera o *Manoplas*... Sabíase, algunhas veces a metade do que fora ou o dobre, dependendo de quen falara ou de cal fora a intención. Había moita xente que traballaba “á sonada” (ir ao día seguinte traballar á posta onde dixeran que se collera moito peixe ou marisco).

Isolina a *Curisca* á entrada da súa tasca



Formábanse auténticas pandillas que ían dunha taberna a outra cal marea viva facendo “a ronda”.

Foron tabernas típicas mariñeiras en Pontedeume a de Paco Gundín (onde hoxe está a tenda de Pepe Camino), *A Curisca*, Pepe *O Antero*, José *O Cañón* e xa anos máis tarde *Chacho*.

Eran os auténticos recunchos do mar.



Fotografía á entrada da *Curisca*

Outro momento de festa era o día da Virxe do Carme.

Neste día era tradición que cando se celebraba o día da Virxe en Pontedeume, até preto de aquí, chegaban os barcos de Sada para acompañala na súa viaxe pola ría. Cando se celebraba a festa en Sada, ían os barcos de Pontedeume até alí. Foi unha destas datas a que quedou na memoria dos mariñeiros de Pontedeume e de Sada. Un día negro, un 18 de agosto de 1940. Ía o barco *Alegre* camiño de Sada cargado até os topes de xente cando tocou cos baixos da *Pulgueira* escorando de maneira moi perigosa.

O barco era do avó de Juan o *Bocachica* pero xa fora vendido a un armador de Ferrol e, no momento do accidente, ía patroneado por José o *Piruleiro* gobernando o barco e que ese día levaba ao seu filo no colo. No momento do choque, no medio de todo o bal-



Barco semellante ao “Alegre”



Sada: Monumento en recordo do accidente

bordo, perdeu o seu neno que logo afogaría. Afogaron tamén unha nena do *Relleno* e unha rapaza de *Pasiego* do Barro.

A poboación de Sada participou de maneira intensa nos labores de salvamento e como testemuña un monumento erguido en agosto de 1984 no peirao desta poboación onde unha placa reza: “Héroes da nosa vila que con grave risco das súas vidas, salvaron de perecer afogados a case un cento de persoas”.

Outro accidente de triste recordo tivo lugar no barco *O Liraña*, un vapor que quedara fondeado na barra, á altura da *Macuca* (preto de Centroña) e que coa marea chea traeríano para o peirao.

Un 7 de setembro de 1935, primeiro día das festas patronais: Festas das Peras, Victorio Fonte García foi el só buscar o barco con tan mala sorte que, ao pasar o cabo da áncora ao molinete, esta destrozouno.

Os días de máis festa eran os das Festas das Peras destacando os días de San Nicolás, da Virxe das Virtudes e, como non, o día da cucaña e o concurso de froitas. E como non podía ser doutra maneira, a xira ao río, o último día das festas.

O comezo e remate das festas en Pontedeume e bisbarra que supuña a visita ao “San Migueliño” cara a onde tocaba unha boa subida polo monte. Polo camiño “aconsellábase” unha boa “hidratación” na que predominaba o “tinto” de Nistal ou de Pepe Vinos.



O Pedrasanta nunha procesión da Virxe do Carme

Na cucaña, que se celebraba na Festa das Peras, destacaban nomes como o *Lepempe* que sempre lles “papa-ba” o premio aínda non estando nas súas “mellores condicións físicas”. Hoxe tería máis de 100 anos así como o *Tirulí*.

Outro nome que quedará para sempre na historia da cucaña será o de Ramiro o *Chacalachá*, hoxe tería arredor dos 77 anos. Conta un irmán seu:

“un ano, cando eu tiña 18 anos, fora co meu irmán Ramiro e colleu tal arrancada que correu todo o pau e deixou atrás a bandeira. Ía bo!”.



Celabración da cucaña nas Festas das Peras

Poñíase na popa dunha lancha da area un poste de madeira tumbado e cheo de sebo. Tiñíase que ir polo pau e coller unha bandeira que estaba na punteira do poste.

Tradicións nas que tamén participaban os mariñeiros eran o Entroido nas que participaban en comparsas como a dun ano en que saíran disfrazados de “Somos jorobados de nacemento”.

Tradición de fonda raizame na xente do mar era a danza dos arcos hoxe practicamente desaparecida no noso pobo e que no seu tempo, xa de vello, tentou recuperar Manolo o *Caravillo* baixo o paraugas da Asociación Orballo. Nun mundo no que non sobra nada, había tempo para todo, sobre todo no mundo mariñeiro que vivía do seu durísimo traballo en longuísimas xornadas.

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA

Traballo de investigación feito por BRIZ, Xabier.
Depósito na Confraría Virxe do Carme. Pontedeume.

DE JUAN GARCÍA AGUADO, José M^a: *La carpintería de ribera en Galicia 1940-2000*.
Universidade de A Coruña

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Historia de Pontedeume y su comarca*.

FARIÑA CASTRO, Miguel: *Artes e aparellos de pesca empregados en Galicia*.

GARCÍA MARTÍNEZ, Luis Antonio: *Cofradía de pescadores: un futuro incierto*. “La Nueva España”.

“BIBLIOGRAFÍA HUMANA”

Antonio Martínez Losada (1937) Toñito o *Malallo* 75 anos

Benigno Pérez (1949) 63 anos

Carlos o *Carrera* (1933) 79 anos

Francisco Allegue Fernández (1930) 82 anos

